Coordinación
Manuel Cartea
Alberto Piñeiro

Revisión Lingüística
Manuel Cartea

Consello directivo
Antón Riveiro
Isabel Santos
Carlos Mosteiro
X. Ricardo Losada
Xoán Pastor Rodríguez
Manuel Cartea
Lola Arxóns
Francisco Xosé Bugallo
Milagros Torrado
Adolfo Muíños

Administración
Alberto Piñeiro

Deseño e maquetación

Edita
A.C. Barbantia
Rúa Poeta Manuel María, s/n
Centro Social
15930 Boiro (A Coruña)
Tlfno.: 981 84 26 35 Fax: 981 84 27 25
http: www.barbantia.org
correo electrónico: barbantia@barbantia.org

Imprime
Gráficas Garabal, S.L.

ISSN
1889-0946

Depósito Legal
C-2792-05

ÍNDICE

LIMIAR
X. Ricardo Losada

HISTORIA

GUERRA E REPRESALIA: O INCENDIO DE MUROS NO 1809. CONFLITO E RESISTENCIA POPULAR NA INVASIÓN NAPOLEÓNICA NA GALIZA
Alfonso González Asenjo

ROMÁN MARTÍNEZ DE MONTAOS: A POBRA DO DEÁN E A VILA DO CARAMIÑAL
Clodio González Pérez

DE PADRÓN A MUROS. A REPRESIÓN EDUCATIVA E CULTURAL (1936-1950)
Xesús Costa Rodil e Xesús Santos Suárez

A TENENCIA DE BOIRO
Carmen Vázquez Dieste

SIMBOLOXÍA DOS ELEMENTOS ORNAMENTAIS DOS HÓRREOS DA PENÍNSULA DO BARBANZA
Manuel Mariño del Río

CONSIDERACIÓNS PRELIMINARES SOBRE O PASTOREO TRADICIONAL NA SERRA DO BARBANZA: EVIDENCIAS E ESTRUTURAS ETNOGRÁFICAS
Vítor Barbeito Pose e Xaquín España Fernández

LITERATURA

OS SOÑOS E AS RAZÓNS. REFLEXIÓNS EN BASE AOS LIBROS DE NOVONEYRA PARA A INFANCIA
Pilar Sampedro

ANXO A. REI BALLESTEROS. INTERVENCIÓN ORAL NA POBRA, O 20 DE NOVEMBRO DE 2009
Manolo Castelao

ECONOMÍA

A NOVA ECONOMÍA VERDE… XA ESTÁ AQUÍ
Gonzalo Trasbach

MÚSICA

A *SUITE RIANJEIRA* DE ISABEL REI SANMARTIM
José Luís do Pico

A ACTIVIDADE CORAL EN BOIRO
María Dieste Silva

AIRES DE FÓRA

WILLIAM BOTRELL E AS SÚAS HISTORIAS DO LESTE DE CORNUALLES
Milagros Torrado

UNHA ESTADÍA NO INFERNO
Eme Cartea

BARBANTIA, ANO VI

"ACHEGÁDEVOS A ESTA PRAIA"!
Alberto Piñeiro

PUBLICACIÓNS NO BARBANZA
Román Arén e X. Pastor Rodríguez

Relación de socios/as

Limiar

X. Ricardo Losada

BARBANTIOS E ATENIENSES

O Ateneo do Ullán nace en Catoira en 1961 con dous presidentes, o crego e poeta de Isorna Faustino Rey Romero e o procurador e poeta de Catoira, con residencia en Madrid, Baldomero Isorna. A sede social é a cantina da estación da Renfe. O pintor Carlos Bóveda deseña o emblema. Como ten dificultades para conseguir papel de calidade, píntao nun papel de saco de cemento tras limpalo e pasarlle o ferro. Mide oitenta por corenta centímetros. As Torres do Oeste, baixo o nome da asociación, é o motivo principal. Póñenlle como marco unhas follas de loureiro e colócano na cantina da Estación de Catoira, onde estivo moitos anos. Un dos membros fundadores reflicte ben o espírito do Ateneo: *É unha creación eutrapélica dos poetas do Ullán. (Eutrapélico* significa, e non casualmente, *virtude de quen modera o exceso de diversións e entretemento)*. Faustino Rey Romero define o obxectivo do Ateneo dun xeito máis formal: *Pretende ser unha entidade literaria, un vínculo coordinador de cantas inquietudes xurdan nunha comarca de ilustres resonancias poéticas.* As charlas de ingreso son en Casa Emilio. Sardiñadas, albariño e versos.

Nunhas condicións moi precarias, percorren toda a comarca buscando restos de cultura material e inmaterial; recollen refráns, alcumes, coplas, ditos, lendas; organizan ciclos de conferencias de temática moi ampla (*A saudade; A crise actual dos nosos balnearios; O deporte literario*) nun salón cedido polo taberneiro Emilio Rodríguez; crean unha biblioteca dirixida por Varela Jácome, cun consello de redacción (virtual) no que están, entre outros, Carballo Calero, Rafael Dieste, Alonso Montero e Camilo José Cela. Teñen en capela varias obras pero só publican unha, *Poema das materias sagras,* de Faustino Rey Romero. Que ninguén pense mal. A pesar de ser o presidente, ten que pagala do seu peto.

O Ateneo ten unha curta existencia pero aínda hoxe persiste un resto importante do seu labor. A Romaría Viquinga de Catoira, auténtico éxito internacional na actualidade, a nivel turístico e económico. Máis de dez mil romeiros acoden ás ribeiras do Ulla. A idea xorde no Ateneo do Ullán co obxectivo de reivindicar a historia e a tradición propias de Galicia, neste caso as invasións viquingas e normandas da Idade Media, e fomentar celebracións laicas que devolvan a dimensión social que as festas tiñan na súa orixe.

Esa é a historia do Ateneo. A moitos estudosos parécelles irrelevante. Un grupo de amigos que disimulan as ansias de esmorga cun disfraz intelectual e galeguista. Tiveron o seu aquel, si, pero ningunha transcendencia. Nin destacaron pola oposición ao franquismo, nin polo seu rigor intelectual. Mediocridade, esa é a palabra que mellor os define. O grupo Galaxia. Brais Pinto. Eses si merecen unha tese doutoral. O único substancioso do Ateneo son as anécdotas.

Non estou de acordo. Esas críticas non parecen decatarse de que as anécdotas do Ateneo son substanciosas porque poden converterse en categoría. En categoría huma-

na, non intelectual ou política. Acepto que grupos como Galaxia ou Brais Pinto tiveron maior transcendencia para a historia de Galicia que o Ateneo. Acepto tamén que os seus membros tiveron maior mérito intelectual e político. Pero non acepto que aqueles que vivimos a pé de obra da Cultura despachemos con condescendencia paternalista unha asociación cuxo espírito, mutatis mutandis, está máis próximo ao noso que o de Galaxia ou Brais Pinto. Galaxia e Brais Pinto nacen nunhas condicións excepcionais e responden dunha forma excepcional (elitista: non había outra alternativa) a esas circunstancias. Galaxia convertendo a cultura nun proxecto interclasista de reforma. Brais Pinto, nun proxecto político de ruptura. Non poden ser, por conseguinte, o referente dunha asociación como Barbantia. Barbantia nace, como o Ateneo, por xeración espontánea, da máis pura vida cotiá. Non é filla dun Momento Histórico. É moi fácil identificarse agora con Galaxia ou Brais Pinto, e imaxinar que se estivésemos naquelas circunstancias tamén nos xogariamos a reputación (caso de Galaxia), ou a liberdade persoal (caso de Brais Pinto). Craso erro, só rendible para quen quere construírse un currículo á súa medida. Eu non sei como reaccionaría se vivise naqueles anos de ditadura. Se me limitaría a ser un cidadán anónimo ou se pertencería a algún dos tres grupos culturais que estou mencionando. E como non o sei, obrígome a pensar que actuaría como actuou a maioría. Homenaxeo os heroes da resistencia cultural ou política pero véxome reflectido no común dos mortais. A falta de mellores argumentos, invoco a estatística.

O ano que vén o Ateneo do Ullán cumpriría cincuenta anos. Barbantia cumprirá sete. Así como a anatomía comparada foi clave para coñecer a evolución da vida no planeta, quizais tamén o sexa para coñecer a evolución da cultura na bisbarra (e para decatarnos do que temos, e da necesidade de apuntalar o que temos) comparar dúas asociacións culturais que se moven nun ámbito xeográfico similar, pero nun medio social, político e económico moi diferente:

O Ateneo é creado por un crego e un procurador; Barbantia, por un funcionario. O Ateneo, que só traballa no verán, ten a sede nunha cantina privada; Barbantia, que só descansa no verán, nun Centro Social público. O obxectivo do Ateneo é literario; o de Barbantia, multidisciplinar. O emblema do Ateneo (as Torres do Oeste) baséase, nunha época de escaseza, nun feito histórico; o de Barbantia (un *sireno*), nunha época de fartura, nun feito mitolóxico. O símbolo do Ateneo obxectívase nun papel de saco de cemento; o de Barbantia, en bronce. O escudo do Ateneo preside partidas de brisca e tute dominadas por persoas marxinais, como o Tiru Liru e Pedro o Montañés; o de Barbantia, solemnes cerimonias presididas por alcaldes, conselleiros e presidentes de Deputación, nas que se premian persoas relevantes. As actividades do Ateneo celébranse nun salón de vodas, pero non teñen seguimento mediático; as de Barbantia en funcionais auditorios municipais, pero incluso teñen crónica rosa. Os *atenienses* escriben privada e caoticamente na prensa de toda Galicia; os *barbantios* de forma colectiva e organizada nun suplemento cultural dunha edición comarcal do periódico máis importante da Comunidade. O Ateneo entende por comarca a ría de Arousa e as Terras de Iria e do Ulla; Barbantia, o Barbanza e as rías de Muros e Noia. Ao Ateneo

apaixóalle o loureiro; a Barbantia as flores. Os premios do Ateneo decídense por decreto; os de Barbantia, democraticamente. Os *atenienses* son capaces de facer un chiste da palabra *eutrapélico;* os *barbantios* non saberíamos usar esa palabra sen darlle un aceno doutoral. Os socios do Ateneo poñen cartos do seu peto; os de Barbantia pagamos cota. Para ingresar no Ateneo hai que saber recitar uns versos ao tempo que tomas albariño e sardiñas; para ingresar en Barbantia, dar o número de conta bancaria e o correo electrónico. As conferencias do Ateneo son vivas, extensas e, nunha época de paz romana, polémicas; as de Barbantia, rituais, medidas e, nunha época de enorme polarización política, planas. Os *atenienses* crean unha biblioteca platónica cunha única obra real e centos de copias imaxinarias; Barbantia, unha biblioteca aristotélica: obra proxectada (mesmo con música), obra publicada. A edición dos libros do Ateneo, incluso os imaxinarios, é pobre de solemnidade; os libros de Barbantia, sobre todo os imaxinarios, teñen unha alta calidade de edición e deseño. O Ateneo non consegue que ningún concello publique os costumistas poemas de Brea Segade, un autor local; Barbantia consegue axuda de concellos, Xunta, Deputación, e dunha empresa privada, para publicar a obra dun escritor foráneo e antisistema: Anxo Rei Ballesteros. O Ateneo, para romper a endogamia, crea, con lóxica coherencia, a Romaría Viquinga; Barbantia, para romper a endogamia, crea, con lóxica paradoxal, o Encontro de Creadoras. Os actos do Ateneo rematan en ceas a escote; os de Barbantia, en petiscos. Ás conferencias do Ateneo van, en barca e tren, dez persoas; ás de Barbantia, en coche particular, máis de cen. O Ateneo só ten *atenienses*; Barbantia, *barbantios* e *barbantias*. O Ateneo considera as ceas e comidas parte da actividade cultural da entidade; Barbantia, parte da actividade social. Os *atenienses* fomentan fama de bohemios; os *barbantios*, de persoas formais. O maior logro do Ateneo, a base de improvisación e retranca, é a Romaría Viquinga; o maior logro de Barbantia, a base de planificación e academicismo, o Anuario. O Ateneo durou tres anos, o tempo medio que, aínda hoxe, sobrevive unha asociación cultural desas características; Barbantia xa dobrou esas expectativas de vida.

Este é o sexto anuario. Repasemos o índice. *Guerra e represalia. O incendio de Muros no 1809; Román Martínez de Montaos: A Pobra do Deán e a vila do Caramiñal; De Padrón a Muros. A represión educativa e cultural (1936-1950); A Tenencia de Boiro; Consideracións sobre o pastoreo tradicional na Serra do Barbanza; Simboloxía dos elementos ornamentais dos hórreos da península do Barbanza; A suite rianjeira; A actividade coral en Boiro; A nova economía verde; Anxo Rei Ballesteros na Pobra; Os soños e as razóns. reflexións en base aos libros de Novoneyra para a infancia; O avogado enfeitizado; Unha estadía no inferno; Publicacións no Barbanza e Achegádevos a esta praia!* Canto gozarían os membros do Ateneo cun libro así. Podo imaxinar o orgullo de Faustino Rey Romero comprobando nun libro como este as similitudes entre a súa asociación e a nosa. Defensa do idioma e a cultura galega. Pluralismo. Interclasismo. Transversalidade profesional. Reivindicación do próximo. Compromiso co progreso da bisbarra. Coordinación de inquietudes culturais. Visión do global desde o local. Busca

do que une máis que do que separa. Potenciación do traballo creativo. Galaxia e Brais Pinto.

Superadas as circunstancias excepcionais, os heroes non deben converterse en deuses senón en simples mortais.

Historia

Guerra e represalia: o incendio de Muros no 1809. Conflito e resistencia popular na invasión napoleónica na Galiza

Alfonso González Asenjo

INTRODUCIÓN

A orixe deste traballo está nunha charla que ofrecín, conmemorando o douscentos aniversario do acontecemento, no IES Fontexería de Muros, no curso 2008-2009, no marco da súa Semana Cultural.

A chamada Guerra da Independencia española foi un conflito armado que tivo lugar sobre a península ibérica entre 1808 e 1814, e enfrontou, nun bando, as tropas francesas, os seus aliados europeos e os españois, partidarios do rei francés Xosé I, imposto á monarquía española polo seu irmán Napoleón; e do outro bando, os patriotas españois, antifranceses, e os seus aliados británicos, apoiados tamén por Portugal.

Esta guerra foi o axente disparador de varias e profundas modificacións, especialmente de xeito político e económico, na vella península. E tamén marcou no inconsciente colectivo imaxes da nova violencia da guerra, do valor das persoas e dos colectivos fronte ao perigo, e do novo xeito de combater: unha guerra popular (debido á importantísima participación, mesmo decisiva, do pobo), o nacemento da guerrilla e da loita irregular vitoriosa contra exércitos regulares moi experimentados; e tamén unha guerra extremadamente cruel, tal e como deixou explicitamente representado Goya na serie dos *Desastres de la guerra,* e mesmo nos emblemáticos lenzos do *2 de maio,* e da execución de patriotas o día seguinte na Montaña do Príncipe Pío.

No transcorrer deste conflito, a presenza dos transpirenaicos na nosa terra foi relativamente breve, comparado coa extensión total do período de permanencia dos franceses na península.

Entrados a comezos (xaneiro) do ano 1809 na persecución das tropas británicas de sir John Moore, acompañados por algunhas tropas españolas, abandonarán Galiza só uns meses máis tarde (xuño dese mesmo ano).

Neses seis meses, e practicamente dende o primeiro momento, Galiza tivo que soportar no seu territorio a presenza das tropas francesas de ocupación complementadas por certos individuos españois de relevancia, galegos neste caso, que asumiron o papel de desempeñar cargos politicoadministrativos ao servizo dos franceses; foron os denominados *afrancesados*, sendo Pedro Bazán de Mendoza un dos máis destacados na súa responsabilidade, no caso que tratamos.

Goya foi o artista plástico que mellor plasmou as escenas da *Guerra de Independencia*

A carón do poder francés, pero separado por quilómetros de odio, vai xurdir decontado un contrapoder patriota que busca a destrución e expulsión dos primeiros, xerando, como non podía ser menos, unha conflitividade crecente. Fronte

ás escasísimas batallas ou enfrontamentos de envergadura entre os dous grupos combatentes, houbo unha extraordinaria actividade irregular de pequenos choques, escaramuzas, emboscadas, asaltos, etc., complementados con numerosos actos de terror protagonizados por individuos e destacamentos do exército francés.

E, curiosamente, ningún destes actos citados deixou unha pegada profunda na memoria colectiva; e, non obstante, moitas foron as vilas, especialmente as vilas, pero tamén as aldeas, as que pagaron maioritariamente as consecuencias deste conflito. Vilas roubadas, arrasadas, queimadas; veciños asasinados, mulleres vexadas... desgrazas sen conto. E non queda memoria nin lembranza desas calamidades; non tanto para gardar odio, canto para celebrar como as colectividades son capaces de triunfar nas peores circunstancias, e sobrevivir con dignidade. Que eu lembre, de feito, só a cidade de Vigo celebra a reconquista de mans do poder francés, e pouco máis. Certamente que a cidade da Coruña conmemora, dende hai moi pouco tempo, a batalla de Elviña, pero realmente este foi un enfrontamento entre forzas non españolas.

Neste caso, pretendemos rescatar do esquecemento a destrución da vila de Muros unha mañá de marzo de 1809, e facer unha análise do que supón este acto no contexto histórico, así como analizarmos ese acontecemento como categoría, porque, por desgraza, o incendio e devastación de Muros é un caso máis dos que W.G. Sebald denominaría como *historia natural da destrución* humana. Pero neste caso, a situación afectou directamente ás persoas que nos precederon na existencia na terra que pisamos hoxe, aquí mesmo.

1. A CATEGORÍA DO ACTO: A REPRESALIA COMO FENÓMENO

Como dixemos, ao longo da primeira metade do ano 1809 Galiza tivo que soportar no seu territorio a presenza das tropas francesas de ocupación, que pretendían someter os seus habitantes á obediencia, querida ou non, dunha autoridade nova e intrusa.

Como en toda ocupación, os protagonistas dela foron soldados, franceses basicamente, anque hai testemuñas da existencia de continxentes procedentes doutros países; o motivo da súa presenza debeuse á persecución á que someteron a tropas británicas enviadas á península dende finais do ano 1808, e á posterior derrota e neutralización deste grupo inimigo, manobra que tivo a súa culminación na batalla de Elviña (15-16 de xaneiro, 1809), e o posterior reembarque das forzas vencidas rumbo á súa orixe, Gran Bretaña.

As novas autoridades intrusas e os colaboracionistas españois e galegos instaláronse en Compostela e nas principais cidades galegas. Dende alí, iniciaron unha campaña de recadación forzosa de diñeiro para sosteren as tropas e alimentaren os caudais da nova monarquía española e do imperio francés, moi necesitadas sempre de fondos.

A pesar deste poder, chegado a Galiza coma un raio da guerra e todopoderoso a ollos vista, os galegos rapidamente decidiron desafialo por motivacións ben diversas, entre as que destacaban, de xeito moi importante, a defensa dos principios sinalados nuns versos da época:

"...Los ultrages hechos
Al templo Dios
Al Rey, a la Patria
Y a la Religión..."

Esas máximas, complementadas posteriormente por outras máis laicas e progresistas, movían moitísimas vontades, e de xeito moi profundo. Así, pois, desafiar, derrotar e botar do País a quen pretendía destruír os considerados fundamentos sociais da comunidade, converteuse nun obxectivo de primeira magnitude. Pero a oposición non foi doada, e como todos os actos que manifestan resistencia a calquera tipo de poder, e máis se é imposto tiranicamente, foi contemplada como unha cuestión que debía ser erradicada dende o primeiro momento. Calquera acto de desconformidade, de oposición, ou de desobediencia debía ser castigado e reprimido instantaneamente e con tal dureza que desanimara a futuros activistas a levar a cabo máis actos desta natureza.

En principio, a represalia é un acto que **contesta a unha agresión sufrida previamente** e que se considera un acto de desafío; fronte á provocación, contéstase coa represalia, que pode ser definida tamén como unha vinganza en toda regra. Sería algo así como a translación aos actos humanos violentos da relación acción-reacción, e que pode desencadear o que se deu en chamar a *espiral de violencia*, posto que a represalia soe xerar máis tarde ou máis cedo unha nova agresión, que remata nun conflito xeneralizado.

Pero tamén a represalia pode realizarse **de xeito previo á comisión do acto**; é dicir, entendida como unha acción preventiva e disuasoria, exemplarizante, anterior á existencia da propia desafección. Isto é, lanzaríase un ataque diante dunha futura e potencial agresión, como xeito de impedila e rematar con ela dende antes de que puidese artellarse, antes de que puidese ser concibida e planeada.

En calquera caso, a represalia ten e pretende ter un forte carácter "instrutivo" ou disuasorio sobre as persoas, e a brutalidade desenvolvida persegue así ter unha natureza de "mal menor". Como exemplo diso temos os bombardeos masivos sobre as cidades realizados durante a última guerra mundial, e que pretendían render o adversario e limitar así a duración da guerra, nunha especie de ecuación infernal de que, canto máis brutalidade puntual, menos tempo durarían os padecementos xerais, igualando inicuamente a vítimas cos seus vitimarios.

No caso que analizamos, o carácter da represalia ten que ver, ao noso parecer, máis coa segunda que coa primeira das variantes. Como veremos máis adiante, o ataque francés sobre Muros **non obedeceu a ningunha agresión** realizada polos seus habitantes, ou por outros grupos radicados nesa localidade, a tropas, soldados illados, ou nin sequera autoridades, senón ao desexo de **escarmentar** a poboación en xeral, baseado no feito obxectivo de haber na zona un grupo

patriótico disposto a causar dificultades. Sería, polo tanto, unha acción de carácter paradigmático.

Unha lei non escrita da represalia sinala de xeito obrigatorio que non debe haber equidade senón **absoluta desproporción**, unha desproporción enorme **entre a ofensa** (real ou tida por tal, ou prevista) **e a resposta** a favor, loxicamente (se é que se lle pode asignar este concepto) a esta segunda. A falta de proporción, ou a desproporción, é condición necesaria para que poidamos falar de represalia. Para esta circunstancia poderiamos citar numerosos exemplos: execución dun número elevado de reféns civís e inermes por cada soldado morto; pago de multas elevadísimas polo atraso na entrega de víveres, pertenzas ou animais, etc; castigos ás colectividades con destrución de calquera elemento de supervivencia, e un sinistro e longo etcétera; pero sempre a desproporción máis enorme a favor do castigo.

As forzas de ocupación, en calquera tempo e lugar, soen ser enormemente sensibles aos actos certos, aos considerados como tales, e aos potenciais que desafíen ou poidan manifestar, en calquera maneira, animosidade á súa autoridade. Certamente, non hai apenas poder ocupante que non se valla de formas terroristas para afirmarse fronte aos sometidos; os exemplos que ofrecen os tempos máis recentes están na memoria de toda persoa que teña un televisor. E isto ten que ser así porque é practicamente imposible que a totalidade dunha poboación acepte un poder alleo, imposto, e imposto amais pola violencia que exerce a presenza de tropas armadas; mais son os actos cometidos polos represaliados, pola poboación sometida, os que reciben o cualificativo de “terroristas” en canto se atreven a contestar os actos de violencia de que son obxecto.

A represalia sempre se exerce sobre a poboación, nunca sobre unha forza combatente regular. As ofensas, ataques ou desafíos á autoridade ou ao poder imposto nunca se entenden como cometidos por unha forza armada; ou dito doutra maneira, unha forza armada nunca comete actos de desafío a outra forza armada; os exércitos combátense, e se un ataca, o outro ha contraatacar, pero non se entende que o contraataque sexa unha represalia, non se lle outorga ese carácter. Pero unha forza armada irregular si pode ser considerada como autora dunha agresión e, polo tanto, obxecto de represalia, ela, a poboación que a acolle, ou de onde saíron os seus membros; isto último sucedeu, como triste exemplo, na localidade checa de Lidice, arrasada, os seus habitantes varóns executados, e as mulleres e poboación infantil deportados, como represalia pola morte do Reichprotektor de Chequia e Moravia, o xeneral das SS Reinhardt Heydrich, morto por un comando de checos no 1942, algún dos cales era natural da citada localidade. Este inicuo argumento serviulles ás autoridades de ocupación nazis para executar tan brutal represalia nesa pequena poboación.

Sen pretender profundar na historia natural da represalia, resulta evidente que este tipo de acción ten un percorrido moi longo na historia da Humanidade; é probable que sexa desgraciadamente consubstancial ao ser humano; enumerar

os actos de represalia entre persoas e comunidades encherían un espazo enorme, e non é este o asunto que nos ocupa.

Unha derradeira consideración sobre a represalia ponnos sobre a cuestión que presenta a loita entre os dous poderes (o poder ocupante e o contrapoder que organizan os invadidos) para gañarse a poboación e imporlle os seus criterios e ordes, a fin de seren obedecidos.

Se ben, en principio, semella que toda comunidade ocupada debe opoñerse aos designios dos dominadores, a realidade é que o temor, a necesidade, e mesmo a simpatía ou outros sentimentos fan que non exista, ou sexa moi difícil, obter a unanimidade. Por esas fendas vaise introducindo o novo poder para desgastar a oposición e, se é necesario, mediante actos de arbitrariedade, iniquidade e terror imponse, ou pretende imporse, á poboación inerme. Da outra banda, o poder alternativo necesita pechar esas fendas que sabe que existen porque só mediante unha acción unánime será posible garantir o éxito das accións de oposición aos invasores. Por iso, os castigos máis duros se reservan para os colaboracionistas. Para este contrapoder, é imprescindible gañarse a poboación, mesmo sendo os seus propios compatriotas; isto é un labor aínda máis difícil, porque eles si que teñen que medir extraordinariamente o alcance de todas as súas accións, xa que un erro de gravidade pode ser moi difícil de corrixir ou producir uns resultados contraproducentes, minguándolles os auxilios e apoios necesarios entre os compatriotas. Estas autoridades teñen un dobre obxectivo: combater decidida e eficazmente os adversarios (franceses e satélites) e adherir, estimular, organizar e vixiar os seus propios. Todo moi complexo e delicado, especialmente para as persoas e colectivos que dubidan no seu compromiso; encontraranse navegando entre dúas augas moi perigosas, e mesmo sufrirán a mans dos dous centros de decisión enfrontados; ambos consideraranos de pouco fiar. Os comprometidos, pola contra, tíñano todo máis definido, aínda que máis perigoso. Un xogo terriblemente cruel o que se desenvolveu en todas as comunidades sometidas e esta situación. E Muros sufriuno tamén, como veremos.

2. OS FEITOS

Para guiarnos na descrición dos feitos, empregaremos como fontes dous conxuntos documentais; é interesante observar que ambos responden a intereses patriotas, pero con certas diferenzas entre si. Dunha banda, temos a documentación recollida por Ramón de Artaza, na súa obra sobre Muros. A información aparece unhas veces como transcrición documental, e outras elaborada ou textualizada por el; en calquera caso é a información que ofrecen as autoridades municipais da localidade; extraída dos libros de actas do concello, mostra o punto de vista de quen exercía o poder local en Muros, e as súas xustificacións a respecto da súa actuación durante os días anteriores e posteriores ao 23 de marzo; así como tamén as relacións mantidas cos enviados das autoridades antifrancesas, e mais co poder francés radicado en Compostela.

Noutro lugar, temos a información subministrada polos patriotas, comunica-

da e elaborada polos redactores do *Semanario Político, Histórico y Literario de La Coruña*, concretamente os números 21 ao 23, coordinados por Manuel Pardo de Andrade, o seu principal inspirador. Esta perspectiva dos feitos complementa, e nalgúns extremos contradí, a información ofrecida polos munícipes. É unha fonte bastante crítica coa actitude das autoridades muradás e co seu comportamento, se ben tamén censura os dirixentes patriotas.

Por último, sinalar que empregamos algunhas fontes complementares de información para obtermos unha certa imaxe do Muros que puido ser, arredor dos primeiros anos do século XIX.

Como xa sinalamos, durante o tempo de permanencia na Galiza, o poder ocupante realizou unha serie de actos destinados a impoñer a súa presenza, a aproveitarse economicamente dos seus habitantes e, tamén, impedir o desenvolvemento de calquera acción que puidese poñer en perigo o seu predominio, ou desafiar o seu poder (condición necesaria para poder realizar o segundo dos seus obxectivos), deles ou dos seus delegados españois.

Unha das manifestacións máis claras da presenza dunha nova dominación, ou dun poder alleo nun territorio, é a imposición e cobranza de tributos, de impostos, de exaccións económicas á poboación. A imposición económica extraordinaria soluciona varias cuestións: enche as arcas propias, sempre necesitadas nunha guerra; permite manter as tropas sobre o terreo; enche os petos particulares dos recadadores, e demostra claramente aos que teñen que pagar quen é quen manda, entre outras cuestións.

Dende moi cedo, as autoridades francesas e afrancesadas radicadas en Compostela comezaron a esixir tributos ás localidades máis importantes que dependían da sé arcebispal. Esta información procede dun documento posterior aos feitos, concretamente de setembro de 1809. No documento en cuestión sinalábase dende a localidade destruída, da necesidade de relevar os habitantes da bisbarra da *"contribución de los seys mil reales que le cupo en el comparto de los dos Millones exigidos por el gobierno francés á esta Provincia y circulado en trece del pasado Febrero"*; a Corporación, autora da comunicación, ademais de solicitar a exención desta contribución que as autoridades patrióticas pretendían cobrar, quería tamén servir como xustificación, e mesmo aprobación, da súa *"conducta política en los tiempos de amargura y tiranía".*

Posterior tamén aos sucesos de marzo, novamente en setembro de 1809, o Concello debeu responder a unha orde na que se lle pedían contas dende Compostela, xa en mans leais, da súa actuación, probablemente debido ás serias dúbidas sobre o seu comportamento durante a estadía francesa, e diante das informacións denunciando a pasividade ou falla de colaboración coas partidas antifrancesas. Estas comunicacións, que representan o punto de vista das autoridades muradás, obedecían moi posiblemente a un proceso de depuración de responsabilidades respecto da actitude dos poderes locais no período de dominación estranxeira.

Loxicamente, a posteriori, era relativamente sinxelo xustificar, e máis dende unha vila destruída e carente de documentos públicos debido a súa aniquilación, o carácter axeitado e conveniente de todas as decisións tomadas nesa extraordinaria circunstancia. O carácter da resposta solicitada á indagación: "*...que le instruyamos circunstanciadamente de la Junta o Juntas que en nuestro Distrito se ayan establecido desde 1º de Enero de este año*"; trataba de pescudar, por manifestación dos investigados, a conduta do poder local. Segundo as autoridades municipais, a Corporación, coñecida a entrada francesa na capital compostelá, e a instauración do novo poder, "*se auxilió de los Hombres más hacendados, de más talento y probidad para que le ayudasen a sobrellevar las fatigas que ya empezaban a aparecer*"; suponse que co das fatigas estase a referir a como negociar coas novas autoridades, porque fatigas, hóuboas sempre. Ben, o obxecto desta "*Junta compuesta de Individuos de todas las clases del pueblo*", "*en forma de congreso*" foi o de "*eludir políticamente y por todos los medios las órdenes opresoras de aquella tiránica dominación*"; e para fortalecer máis a cohesión dos seus membros ("*que nadie pudiese negarse al cumplimiento de sus deberes*") todos eles fixeron un pacto xurado con data de caducidade; é dicir, até "*espeler los Franceses de Galicia en cuyo espelo quedaba ipso jure disipado...*". Mágoa que do documento non quedasen nin as cinsas, ardido no lume do "*general incendio*".

Aparentemente, as autoridades de Muros foron capeando as peticións a base de dilacións, protestas de pobreza, e incapacidade material para satisfacer as cantidades esixidas, ou como sinalan os documentos "*frustrar y hacer infrustíferos todos los medios de opresión con que se manejaba el Francés".* Segundo o documento remitido polos Rexedores da vila, esta actitude, en certa forma resistente e organizada, permitiu a Muros e á súa contorna evitar a presenza directa de tropas invasoras, ir evitando as ordes de recadación, e mesmo manter unha importante actividade de depósito e comercio marítimo con outros puntos do territorio español non ocupado (Sevilla, Indias).

Así é que, entre xaneiro e marzo de 1809, as cousas pintaban relativamente ben para Muros, sometida si, pero suficientemente distante e discreta como para non chamar a atención das temidas e rapaces autoridades de ocupación. Daquela, Muros era unha vila mariñeira e comercial que fora cualificada por Cornide a mediados do século XVIII como "*... una villa de las mejores del Reino, tiene quinientos vecinos muy acomodados: que hacen su comercio con Portugal, Andalucía y puertos del norte enriqueciéndola con sus producciones y haciendola cómoda y barata... sus vecinos son ricos todos traficantes o marineros."* Esta imaxe, tomada da "**Descripción circunstanciada de la costa de Galicia y raya por donde confina con el inmediato Reino de Portugal"**, foi máis ou menos continuada por Lucas Labrada, na súa coñecida obra **"Descripción económica del Reino de Galicia"**. Nela descríbese a vila de Muros así: *"El puerto de Muros tiene buen surgidero y admite todo género de buques, pero se hallan expuestos a los Estes y Sudestes... La pesca del puerto de Muros ascenderá en año común a cuarenta mil millares de sardina, de que*

extraen sus naturales una buena parte a varios puertos del reino".

Pero algo debeu de mudar co tempo, a peor; moi probablemente a comezos do século XIX. Pedro Antonio Sánchez ofrecía unha perspectiva máis negativa das condicións de vida das localidades costeiras:

"*Los que hayan recorrido la costa desde La Coruña hasta Bayona, habrán observado, que casi todos los pueblos que toca el mar están notablemente arruinados y denotan haber sido en lo antiguo mucho más poblados y ricos. También se advierte en general, que las más de aquellas feligresías contenían mayor número de vecinos, y rendían más diezmos... En la pesca, más bien que en otros ejercicios, las grandes ganancias alientan a exponerse a los riesgos. En ella la riqueza proporciona mayores lucros, porque se tienen mejores barcos, mejor aparejo, mejores almacenes, y en general, todo se hace mejor (...) toda la riqueza, que antes vivificaba a aquellos naturales y pueblos, es perdida para ellos, y va a sumergirse en el abismo de las grandes poblaciones, en donde el lujo la comunica por mil canales a los extranjeros. Por tanto, los pescadores de hoy son una gente miserable, que cuanto gana lo emplea en fumar, en beber y en ropas, las más de género ilícito, y casi todas fabricadas fuera de estos reinos".*

En calquera caso, Muros seguía a ser vila mariñeira, dedicada tanto á pesca como ao comercio por mar; mesmo as circunstancias bélicas tíñana beneficiado; sabemos polo mencionado Labrada que dous empresarios ingleses radicados en Pontevedra (os irmáns Lees) compraron para as súas fábricas "*... de las presas* (refírese ás embarcacións comerciais capturadas ben por embarcacións de guerra ou ben por corsarios) *conducidas a los puertos de Vigo y Muros mil quintales de carbón de piedra... También compraron de las dichas presas la cantidad de treinta y tres mil novecientas noventa y cuatro libras de algodón en rama...".* Isto foi a finais do século XVIII, no tempo dos conflitos co Reino Unido, momento en que as capturas de embarcacións mercantes británicas, e a venda dos produtos transportados, constituían un interesante negocio para os máis atrevidos, os corsarios. E tamén constituían as vilas de mar un lugar ideal para os comerciantes españois ou estranxeiros disporen de almacéns onde ter as mercadorías en depósito. Así que eran varias as posibilidades económicas, máis aló das tradicionais actividades ligadas á pesca.

Neste contexto, e a moitos quilómetros de Muros, comezan a fraguarse os acontecementos que de xeito paseniño rematarán o 26 de marzo coa súa devastación. Efectivamente; unha vez expulsados os británicos a comezos do ano, e despois da batalla de Elviña, foron os españois patriotas os encargados en exclusiva de defender o territorio e expulsar os invasores. Daquela, as forzas militares españolas, máis ou menos regulares, presentes en Galiza estaban baixo as ordes do Marqués de la Romana (Pedro Caro Sureda) formando o denominado Exército da Esquerda; un queixoso sir John Moore, días antes da súa morte, comunicaba

aos seus superiores a inactividade e incapacidade que observaba amargamente entre os seus aliados:

> *"(...) el pueblo de Galicia, aunque está armado, ni siquiera ha intentado detener el avance de los franceses por las montañas. Abandonaban sus alojamientos cuando nos acercábamos y se llevaban sus carros, bueyes, y todo aquello que hubiera podido resultar útil al ejército...".* E engadía noutra comunicación algo que, máis positivamente, sucedería no futuro: *"... Los soldados que han huído, tanto de éste ejército* (refírese ao do Marqués de La Romana) *como de los demás, están repartidos por todo el país, en general conservan sus armas y pueden dar que hacer a los franceses, además hay que esperar que haya continuas sublevaciones en diferentes partes de España, masacres, etc. Pero se necesita que cambie mucho el modo de actuar y el carácter del país, antes de que el pueblo pueda agruparse en verdaderos ejércitos y actuar siguiendo un método lógico."*

Era necesario reorganizar as forzas militares xuntando os soldados dispersos e dotar de recursos económicos os mandos civís e militares antifranceses; igualmente era preciso organizar a resistencia da poboación, e dificultar a acción do inimigo. Así é que a máxima autoridade militar, auxiliada por outros mandos subalternos, instalados nese momento no sueste da Galiza (Bernardo González "Cachamuiña", Colombo, etc.) deciden enviar unha persoa cunha breve escolta armada, a "alarmar", tal e como se dicía na linguaxe da época, "*los puertos de Noya, Muros y otros...recoger caudales y lo más que le prevenia S.E. en la comisión que le había encomendado"*. "Alarmar" referíase ao feito de organizar e dirixir as accións da resistencia armada e popular contra os invasores franceses e os seus aliados europeos e españois. Amais disto, recoller fondos con destino ás necesidades patrióticas significaba tanto como negarllos aos ocupantes. As persoas encargadas da misión acabarán sendo dúas, xa que o xuíz de Cotobade Manuel Taboada y Cotón "*no se atreve solo a arrostrar unos peligros demasiado inminentes por si solo..."*; así que foi auxiliado por un frade, frei Pedro Romero, que ao pouco resultará ser o verdadeiro líder do grupo, fronte á incapacidade do primeiro; de feito, o relixioso será coñecido como "Comandante"; é dicir, o xefe militar. Pola súa parte, Taboada pasará aos anais como unha persoa non competente para desenvolver o seu obxectivo e, en certa forma, responsable do desastre acaecido en Muros.

Parten os chamados "*comisionados"* o día 18 de marzo dende Ponte Ledesma, e chegan primeiramente a Noia, o día 21, co obxectivo de facerse co diñeiro que se gardaba para "*remitir al gobierno francés de Santiago"*. Obteren os caudais do administrador non foi doado pola resistencia que este, loxicamente, presentou: "*el temor de que los franceses y sus aliados Bazan y Fraguio, que estaban por momentos aguardando la remesa del existente caudal se irritarian, y tomarian horrendas providencias contra él, quando lo supiesen..."*; intervén expeditivamente o frade, que ameaza directamente o administrador cunha arma, quen entrega por fin o diñeiro a cambio dun documento

onde os patriotas eximen de responsabilidade a aquel; recollen así case 83.000 reais.

Marchan nunha embarcación cara a Muros, acompañados dalgúns individuos, algún dos cales resultaron ser espías das autoridades inimigas. Ese mesmo día, con moita probabilidade, a nova da acción era coñecida en Compostela.

Ben, dende o punto de vista da "lóxica" dos acontecementos e dos procedementos, debería ter sido a vila de Noia a castigada pola represalia francesa xa que a subtracción de fondos debérase á debilidade, e mesmo á falla de protección ofrecida nesa localidade, tanto aos depositarios da cantidade recadada como aos propios cartos. Tamén se sabía da colaboración de certos veciños (Andrés Caamaño, Diego de Bustos, *Boticario*, Marcos e Tomás Enríquez, entre os que se citan no *Semanario Político...*) nos acontecementos, e do apoio prestado á partida; ou sexa que haber, había argumentos bastantes para facer recaer a acción punitiva sobre a poboación noiesa, mais foi Muros a que acabou sufrindo a destrución.

Posiblemente o pequeno grupo de Taboada, Romero, a escolta, e os noieses que se lles uniron, arribaron a Muros o mesmo día 21 de marzo, e rapidamente entraron en contacto coas autoridades municipais; e tamén, e isto é moi importante, os xefes das milicias armadas da zona acudiron a eles a poñerse ás súas ordes unha vez sabida a súa chegada e o seu propósito e obxectivos.

Neste punto é interesante facer constar que na zona de Muros existía, polo menos dende o século XVIII, ao igual que ao longo da costa e fronteira con Portugal, unha infraestrutura militar que, probablemente, se remontaba a tempos anteriores (quizais ao século XVII), destinada a defender a costa de desembarcos hostís. Non se trataba dunha forza militar continua; é dicir, permanentemente sobre as armas, sendo unha especie de reserva armada e organizada en previsión dunha

Vestimenta e armas das tropas populares de resistencia

invasión procedente do mar no caso da costa. Esta estrutura militar, organizada en unidades menores denominadas "**trozos**" foi descrita por Cornide, na súa xa citada obra, como: *"...unas compañías en que se alistan los naturales desde la edad de diez y ocho años hasta cincuenta con obligación de tomar las armas en los rebatos e invasiones bajo las órdenes de dos o tres jefes hombres distinguidos del país, y dos o tres cabos, hombres*

llanos pero más robustos y expertos que los demás. Están armados unos a su costa con escopetas y municiones propias y otros con fusiles de S.M. Que se les suministran en la capital de la provincia. Tiene(n) obligación de presentarse armados siempre que se les avise por alguno de sus jefes si da tiempo la urgencia y si no acudir a las armadas que se hacen en las atalayas para libertar con más prontitud el país de cualesquier insulto. Sobre los jefes de cada trozo suele mandar algún oficial que ha servido en el ejército, que los alista, pasa las revistas, los arma y distribuye según las necesidades... Están armados con algunos fusiles del Rey, y con escopetas y chuzos propios de los paisanos alistados... Cada trozo está dividido según los lugares de más nota, y estos tienen la gente de las aldeas más vecinas. (...) Estos trozos son de gente robusta. Pudieran ser de mayor servicio si estuviesen bien armados, entregando fusiles de S.M. a los Jefes aun dados bajo los resguardos correspondientes para que teniéndolos en su poder pudieran en un instante armar su gente, que harían su obligación así sobre la costa como tierra adentro, donde hay menos que recelar por ser bastante montuosa y separada de los parajes que puedan ser objeto de las invasiones de cualesquiera enemigos de la Corona."

No caso de Muros, a denominación da unidade superior que agrupaba os "trozos" denominábase "**Sarxentía Maior**", fronte a de "**caudillato**", que era o nome que recibían estas agrupacións a partir do de Noia cara ao sur. A mediados do século XVIII, a Sarxentía Maior de Muros agrupaba vinte e un "trozos", e dous mil cincocentos homes *"...cuyo número denota la mucha población pues en la misma costa hay un número excesivo de matriculados, y las milicias del Regimiento Provincial de Santiago"*, apuntaba Cornide. A organización militar permanente do territorio muradán complementábase coa batería establecida no denominado "castelo", artillada con 11 canóns, e dotada de 46 homes, segundo cita Cornide; e, finalmente, cunha rede de "**fachos**" ou atalaias dispostos a sinalar de xeito inmediato unha alarma, con gardas de vinte e catro horas. Todo isto sabémolo polo testemuño de Cornide, e hai que supoñer que todo isto funcionaba a principios do século XIX, xa que os perigos procedentes do mar non desapareceran co tempo: había guerra co Reino Unido dende 1796 e no 22 de xullo de 1805 transcorrera o combate naval de Fisterra entre as armadas británica e franco-española. Así que, probablemente, dun xeito ou doutro, a organización militar, se ben pasiva, se mantiña efectiva.

Iso é o que explica que, en canto chegaron os patriotas, *"... al momento se les reunieron los gefes de los trozos del partido, con los de Serres, y se formó una guardia bastante á cubrilos y al caudal, de qualquier insulto".* Polo tanto, a antiga estrutura militar, ou estaba en activo, mais sen entrar en acción, ou foi activada instantaneamente; o que demostra unha capacidade organizativa moi viva entre a poboación. Os comisionados e os patriotas muradáns procuraron mellorar e ampliar os elementos defensivos de diversos xeitos, como que *"trataron con un buque portugues* (descoñecemos que tipo de buque era e que facía en Muros, pero, moi probablemente, unha embarcación mercante sorprendida na localidade polos

acontecementos) *, el que se acoderase al extremo de la ría, para cubrir la entrada del pueblo y defenderla, con la Artilleria que tenia..."* Igualmente sopesaron a posibilidade de armar unhas *"lanchas cañoneras, lo que se pedia a la recordada Junta...",* posto que había recursos materiais (a utilización de canóns do castelo para armar o barco portugués e as citadas lanchas, a recollida e distribución da pólvora e munición para a artillería, etc). Certamente que da disposición e actividade dos xefes dos grupos armados e da poboación que os apoiaba, de Muros e das localidades próximas, non se pode dubidar. Todo ía contra reloxo, xa que era de esperar que as autoridades francesas en Compostela soubesen da presenza da partida patriota na ría e dos seus actos en Noia, e decidisen contestar.

Nese punto, mentres os comisionados negocian coas autoridades municipais e organizan a resistencia cos xefes dos paisanos armados que van confluíndo en Muros, presumiblemente os franceses deciden a acción que van desenvolver, inmediatamente, sobre a vila de Muros. Entrementres; é dicir, entre os días 22 e 26, o comisionado máis capacitado, o frade Romero, marcha de Muros cara ao sur na procura dunha embarcación británica a quen solicitar axuda militar; esta decisión do máis capacitado dos dous enviados deixará a partida e mais os patriotas da bisbarra sen líder caracterizado. Pola súa banda, o xuíz Taboada tratará de espremer diñeiro da bolsa municipal muradá; non o conseguirá, nin unha contribución económica, nin, aparentemente, unha actitude de plena colaboración das autoridades no obxectivo de sublevarse contra os intrusos. Por outra banda, dende Compostela, coñecedores das andanzas da partida e dos seus actos (especialmente o terse feito co diñeiro da administración de Noia e pretender repetir a acción en Muros, e quen sabe onde no futuro) deciden actuar con prontitude.

Aparentemente, a orde emana do xa citado Bazán de Mendoza, xefe de policía en Compostela, instigado á súa vez por un antigo xuíz de Muros, a quen as autoridades municipais identifican cun tal Juan Antonio Navarro, quen tería sido expulsado da vila por estafas no alistamento militar; alguén con motivos para vingarse dos seus denunciadores *"... acriminando de rebelde al Pueblo".* Estes dous individuos cargarán coa responsabilidade de seren considerados como os verdugos dos seus habitantes. É posible imaxinar algún tipo de argumentación así na boca dun dos colaboradores de Bazán (como denunciaban máis tarde as autoridades muradás), baseada en rancores, en axustes de contas persoais, para que o castigo caíse exclusivamente sobre Muros, cando fora en Noia onde se producira o acto de desafío máis patente e doloroso: a colleita forzada dos 83.000 reais para as arcas patriotas.

Pero, con todo, o castigo non era potestade nin de Bazán nin do xuíz, senón da autoridade militar de ocupación; é dicir, do xeneral Marchand. Este enviou un destacamento a Muros para tratar de capturar os comisionados, destruír a alarma, e dar deste xeito un escarmento a calquera poboación disposta a acoller a adversarios ao poder establecido polos franceses. Descoñecemos se a forza enviada era de infantería ou de cabalería, nin o número dos seus compoñentes; o

máis probable era que se tratase dunha columna de soldados de a pé, máis que de tropas montadas; afeitos a longas marchas, non tardaron en caer sobre o seu obxectivo. E así chega o día 26 de marzo.

A pesar das disposicións defensivas tomadas por Taboada (xefe e principal responsable militar da situación en ausencia de Romero) e os seus auxiliares (os xefes das partidas de paisanos armados de San Mamede de Carnota, de Serres, e outros), estas resultaron ser débiles, fallas dun plan e dun liderado militar competente, e polo tanto incapaces de impedir o paso á columna na Pontenafonso.

O coñecemento da inminente chegada dos temidos franceses desata o medo e o caos entre as xentes do pobo e arredores, que se acrecentan ao velos aproximarse. As xentes comezan a fuxir como poden; uns lánzanse precipitadamente sobre as embarcacións que están na praia de Muros, e outros escapan ao monte. Nin o barco portugués, nin os canóns do castelo foron de utilidade algunha posto que non conseguiron impedir a chegada dos soldados inimigos. Os defensores, á vista da situación que se lles viraba en contra, comezaron a desbandarse e a escapar. E mentres, as tropas agresoras, despois de atropelar a cantos se lles puxeron por diante, en fuxida máis que en combate, comezaron a saquear e prender lume ás casas da vila e a todo canto ardese, entre o que se encontraban tamén as artes de pesca dos veciños. Con toda probabilidade, o incendio das edificacións foi o remate dun saqueo previo dos bens que os seus habitantes non puideron levar con eles, e un castigo tamén naqueles casos nos que as xoias, as roupas e outros obxectos de valor foran postos a salvo polos seus propietarios.

Amais do saqueo e o incendio, as testemuñas falan de varios cadáveres de homes e mulleres atopados tras da marcha das tropas. O seu número, curiosamente, non está tan definido como o de vivendas destruídas, extremo que non deixa de ser pouco comprensible. Aparentemente, foi máis fácil recontar as vivendas queimadas que as persoas falecidas. Con certa probabilidade, as vítimas non foron tanto asasinadas polas tropas francesas como mortas no medio da angustia e da fuxida precipitada, especialmente entre persoas anciás ou enfermas, o cal non elimina, evidentemente, que algunha persoa morrese a mans dos soldados.

O espectáculo que ofrecía a vila debeu de ser arrepiante, cunha nube negra que se alimentaba de numerosos lumes espallados ao longo da praia, nos que ardían casas, almacéns, artes de pesca, en fin, todo canto fose susceptible de arder. Unha poboación completamente destruída e arruinada. ¿Para canto tempo?

En calquera caso, a pouco de producirse o terrible acto de vinganza, as autoridades intrusas de Compostela, nun extraordinario exercicio de cinismo, decidían facer borrón e conta nova co acontecido, concedendo, o día 13 de abril, aos habitantes, un "*perdón y amnistía general"* e a determinación de remuneralos *"... de los graves perjuicios que han sufrido últimamente por efecto de una revolución insensata conducida allí por hombres perversos..."*

As medidas de orde práctica que decretou o Pedro Bazán de Mendoza, na súa calidade de *Director General de Policía de la Capital y Provincia de Santiago,* previo permiso do *Sr. General de División Marchand*, verdadeira e suprema autoridade, incluían a exención dos impostos sobre os produtos de consumo e a exoneración de contribucións de calquera tipo durante seis anos; tamén se lles axudaría na recuperación económica coa provisión de sal para a conserva da pesca, e a moi imprescindible subministración de madeira "*... para cubrir sus casas".*

Jovellanos, presente accidentalmente en Muros un ano máis tarde, comentaba:

"Galicia tuvo muchos insultos que sufrir y tiene muchas afrentas que vengar. Pero, ¿quién más que vosotros amados muradanos? Si alguno entrare con tibieza en el ilustre empeño de nuestra defensa, alce los ojos a los tristes objetos que nos rodean; alce los ojos a nuestras antiguas moradas, consumidas por el fuego con lo mejor de nuestra fortuna, y vea esas paredes ennegrecidas, esos techos desplomados, esos montones de ruinas y escombros, que poco ha regábamos con nuestras lágrimas, y ahora, a cada paso que damos, renuevan nuestro dolor y nuestra ira, y nos provocan a la venganza. Vuestra industria se apresura a reparar tantos estragos, y nuestra villa se levanta más firme y hermosa de entre sus ruinas. Pero si para reedificarla basta nuestra industria, para conservarla es necesario nuestro valor..."

Esta testemuña mostra que os labores de recuperación da poboación ían moi lentos e que os esforzos na volta á normalidade, situación previa ao 26 de marzo, non se correspondían cos desexos da poboación, sen vivendas ou vivindo nunha provisionalidade enorme.

A oración cívica de Jovellanos conmemorando a fatídica data non se volveu repetir, ao menos polo que se saiba; ningún acto, nos vindeiros anos, evocou, aparentemente, o centenario da destrución e da posterior recuperación da localidade. Ningunha placa, monólito, imaxe; nada quedou como memoria. Quixeramos supor que este esquecemento foi debido á intención de pasar rapidamente por riba dunha circunstancia triste, e non lembrar máis a desgraza, pero non podemos evitar pensar nalgunha outra motivación, Quizais cando os membros do Concello de Muros se refiren aos pormenores do incendio como a *"... una fatal incidencia de la que la Justicia por más que la prebió y trabajó por cortar en su raiz, no se pudo librar"* poida poñernos sobre a pista doutras consideracións. Concretamente, os poderes públicos non viron nunca con bos ollos a presenza das partidas patriotas no seu territorio, se ben argumentando que se trataba de non atraer a atención das autoridades de ocupación:

"Su merced y más Municipalidad conociendo que en este Pueblo se hacia una verdadera alarma contra los franceses que estaban en la Capital de Santiago... trataron con Taboada y Comandante manifestándoles la situación local del Pueblo que estaba avierto la carretera franca para Noya, Santiago y Coruña, y que si llegaba a saverse sus operaciones por los

Franceses, como era presumible, no solo ellos y mas alarmados estaban expuestos, sino que vendrían a quemar este Pueblo y matar sus havitantes como lo hicieran en otros; suplicandoles por lo mismo se trasladasen a otro lugar de los menos expuestos de la inmediata montaña, o Carnota en el que se les auxiliaria y enviaría todo lo que pudiesen y fuese posible. Cuyas razones y otras más sumisas no fueron bastantes para combencerlos, antes bien añadieron que los Franceses no vendrían a este Pueblo".

Non semellan razóns de valentía moral as que amosaron os Rexedores muradáns. Así que non había moitos motivos para celebrar a ocasión.

E ben, ¿que razóns obxectivas podería haber para queimar unha vila grande e de importancia coma Muros? Neste extremo, hai distintas razóns que quizais poidan explicar tan funesto resultado:

En primeiro lugar, as autoridades francesas de ocupación, residentes en Compostela, decidiron, como temos sinalado anteriormente, cargar a poboación ocupada cun imposto que fornecese o tesouro imperial, servise para financiar o exército de ocupación, e castigase a poboación para poñer de manifesto a propia ocupación, como unha sorte de humillación engadida á propia ocupación. Nese reparto, as autoridades municipais eran as encargadas da recadación e do seu posterior envío á capital. Normalmente esixíanse cantidades desorbitadas, que despois se negociaban á baixa, amosando así a "comprensión" das autoridades fronte á medida, despregando así as necesarias doses de "boa vontade", "flexibilidade", e todas esas mentiras que soen dicir pero que serven para crear na poboación sometida unha sorte de "síndrome de Estocolmo" do seu opresor "bo" e "comprensivo", co que a exacción inxusta é admitida máis doadamente polas xentes.

En segundo lugar, sabíase que os patriotas estaban a despregarse polo país para galvanizar as poboacións na súa resistencia fronte ao poder ocupante, organizar esa resistencia, encadrar os homes útiles en grupos armados, reagrupar os soldados dispersos, poñerse en contacto cos aliados británicos, probablemente facilitando un desembarco de armas, atacando os soldados franceses e os seus aliados, propagando ideas contrarias, buscando financiamento entre a poboación, e impoñendo, en último termo, un poder propio (non francés) oposto, e que buscaba a obediencia da poboación, tamén como o poder ocupante, só que neste caso con moitos argumentos, amais da violencia, que era un convincente pero limitado recurso para os franceses e aliados españois. Decontado souberon que Muros era un deses destinos.

En terceiro lugar, Muros era un porto, o que constituía unha circunstancia, negativamente valorada neste caso, para a localidade. Un porto representaba un risco estratéxico para os ocupantes franceses; privados dunha flota que controlase a costa do país ocupado, o litoral era un lugar ideal para que os seus inimigos (os británicos basicamente) desembarcasen tropas, ou, simplemente, armas e equipamento para os seus aliados españois,

como xa estaban a facer. Dábase a circunstancia, ademais, de que a costa galega, moi perigosa en si mesma, contaba en realidade só cuns poucos portos onde efectuar eses potenciais desembarcos; e un deles era o muradán, que reunía tamén a circunstancia de ser un porto relativamente achegado á propia capital, Compostela, e a vilas coma Noia, por onde se podían propagar males a maiores.

Por outra banda, coa destrución asegurábase a privación aos británicos dunha probable base de desembarco ou operacións. Os franceses e os seus aliados españois dominaban, daquela, os portos setentrionais galegos máis importantes, Ferrol e A Coruña, pero quedaban despois algúns pequenos, mais non por iso menos importantes, no caso dunha acción británica de apoio aos seus aliados; e Muros reunía, xunto con Cee, Fisterra e outras localidades menores, esa circunstancia que podería resultar problemática se así o valoraban os ocupantes. Os británicos dominaban o mar, polo que soamente dominando os lugares accesibles da costa era posible conxurar ese perigo, e os franceses sabían que os seus adversarios estaban perfectamente capacitados para realizar operacións de transporte e desembarco de grandes cantidades de homes e equipamento militar. Por esa situación era necesario buscar un pretexto para destruír a posibilidade de que os británicos contasen con esa baza. Muros probablemente tamén pagou por esa circunstancia.

Tamén hai que citar o factor de que, por tratarse dunha vila comercial e, en certa maneira, próspera, como sinalara Lucas Labrada na *"Descripción Económica del Reyno de Galicia",* xa citada por extenso, unha acción contundente contra a súa riqueza había de servir de advertencia dos custes de toda índole, especialmente o material, que para as comunidades suporía enfrontarse ao poder establecido polas forzas napoleónicas.

3. OS ACTORES DA TRAXEDIA

O incendio e destrución da vila de Muros pode verse tamén, en certa forma, como un exemplo da situación que experimentou a sociedade española en xeral, e galega en particular, coa chegada do conflito contra os franceses e os seus colaboradores españois. Efectivamente, a presenza máis ou menos violenta do exército invasor e dos afrancesados dividiu en certos casos a poboación respecto da actitude a adoptar fronte á ocupación.

A queima de Muros foi unha manifestación dese conflito, entre tres grandes grupos de actores: dunha banda, os invasores e os seus secuaces; doutra, os opositores españois á dominación francesa, os patriotas; e un terceiro grupo, quizais o máis amplo en canto ao número dos seus compoñentes, e o menos dinámico nese antagonismo: os que querían capear o temporal, os que non se querían enfrontar, e menos violentamente, co poder militar francés, que preferían evitar, sortear, enganar, ... calquera cousa menos opoñerse, desafiar abertamente a quen tiña o poder e podía facer moito mal.

Estes son os colectivos que interaccionaron brevemente a finais do inverno de 1809. Aparentemente, dous deses tres grupos militaban no mesmo campo, pero

a cuestión está en que a súa participación na pugna é moi diferente, basicamente porque uns non querían perder o que tiñan; conformábanse con ofrecer unha sorte de resistencia pasiva, alongar os prazos, presentar queixa tras queixa diante dos requirimentos das autoridades, e toda unha ampla galería de recursos aos que están acostumados a acudir cando o poder se pon impaciente; era a táctica de pasar desapercibido e non despertar receos para poder seguir vivindo. Así, dirán as autoridades muradás que eles preferiron entorpecer antes que atacar; que sabían que levaban as de perder; mesmo que preferiron correr o risco de ser conceptuados como pouco motivados pola causa da patria, pasivos, pero calquera cousa era preferible a recibir unha poutada do dragón francés, que durmía en Compostela, e que os podía poñer nun risco infinitamente maior. Eran patriotas, pero sen arriscar, sen provocar; no fondo, eles estaban cos patriotas; pero os patriotas, os que poden espertar o dragón, mellor lonxe; "¡*estamos con vós*!", parecen dicir, *"pero canto máis lonxe esteades máis vos apoiaremos, moralmente*".

Os patriotas eran un perigo superior e poñíaos nunha grave tesitura. As autoridades e poderes locais muradáns atopáronse nunha situación imposible. O seu soño de pasar desapercibidos, de suma discreción, de deixar pasar o tempo sen chamar a atención, viuse esnaquizado intempestivamente pola presenza, non grata nin solicitada, nin desexada, dos enviados do Marqués da Romana e de Cachamuíña. En que mala hora irían a parar a Muros, case se lles pode escoitar dicir. Pero aí estaban os dous enviados, que son os representantes do poder patriota ou patriótico; é dicir, aquel que se enfrontaba aos franceses e aos colaboracionistas, de xeito real e activo, como un verdadeiro contrapoder, que quería demostrarlle aos franceses que o país non os toleraba e os combatía. Non tiñan nada que perder, ao contrario das autoridades e forzas vivas de Muros, que si temían moito calquera alteración que chamase a atención, e atraer así o interese das autoridades ocupantes e colaboradoras.

A parella de líderes patriotas é certamente curiosa, e tamén representativa de quen eran os que, en xeral, conducían os adversarios dos franceses. Dunha banda, o xuíz Taboada, home revestido de non se sabe que galas (¿amizades, influencias, algún acto descoñecido?) quen compartía a responsabilidade de sublevar ("alarmar") os pobos da costa do arcebispado de Santiago con outro individuo, un crego franciscano, frei Pedro Romero, quen foi agregado a Taboada como xefe militar ("*a quien llamaban Comandante"*). Un xuíz e un crego, o primeiro talvez por ser alguén acostumado á autoridade por selo; alguén que ten autoridade, aínda que careza de experiencia para levar adiante a súa misión; e o segundo, un home de acción, estimulado pola defensa da relixión e dos costumes tradicionais, e quizais afeito a mandar, se ben, sendo frade, debería ter menos independencia, pola vida comunitaria e de obediencia propia dos conventos. Pero é indubidable o protagonismo que na resistencia contra dos franceses desempeñaron os homes de relixión en Galiza, e as posibilidades e capacidades insospeitadas que se ocultan nas persoas, até que se presenta a ocasión de manifestalas.

Neste momento, hai que lembrar que a alarma prendida en Muros se contaxiaría inmediatamente cara ao norte, concretamente á ría de Cee e Corcubión, onde os clérigos desenvolverían un papel fundamental, mais cun remate tan tráxico como o de Muros.

En calquera caso, Taboada tivera xa certos problemas antes de partir para a súa comisión, e desenvolverá máis adiante unha actitude impropia de quen ten que tomar decisións ponderadas e firmes. Os conflitos resolveraos Romero con modos prontos e resolutivos; e no momento no que este abandone a Taboada, a misión en Muros fracasará de xeito estrepitoso. Probablemente a sorte xa estaba decidida no momento en que os franceses resolveran enviar unha columna para dispersar e escarmentar os patriotas que andaban axexando pola costa. Carentes de medios eficaces para facer fronte aos soldados adversarios, moi prácticos nos feitos da guerra e no combate, non había nada que facer. En calquera caso, as decisións tomadas por Taboada nesas difíciles circunstancias non foron as máis atinadas, como recoñecerán todas as fontes, mesmo as máis partidarias. E foron igualmente determinacións e valoracións erróneas por parte dos patriotas, as que estarán parcialmente detrás da queima francesa das vilas de Cee e Corcubión, e a dispersión das partidas patriotas desa bisbarra.

Pero a determinación e as instrucións dos enviados do Marqués da Romana eran as de forzar os habitantes da costa a opoñerse de feito real contra os franceses, acendendo os ánimos, e causándolles problemas e dificultades ás autoridades ocupantes, distraendo o seu esforzo, minando a súa confianza, contactando cos aliados británicos; pelexando de xeito efectivo, finalmente. Non sabemos se os enviados contaban coa resistencia por parte das autoridades municipais ás súas instrucións; certamente que os motivos alegados por estes eran dos de ter en conta: a posible destrución da vila, a ruína económica, e a morte para os inocentes. Mais, ¿non eran eses riscos os que se supoñía que debían de correr os verdadeiros amantes do seu país? ¿Era posible soportar pacientemente a que escampase a chuvieira, sen saber a ciencia certa se ía escampar algunha vez? ¿Era admisible a pasividade cómplice que se podía deducir da actitude dos responsables municipais? Pero cada quen defendía a súa estratexia en función dos seus intereses, e semella que os intereses non eran concordantes e, polo tanto, as estratexias diverxían.

Por outra banda, a partida patriota contou dende o primeiro momento coa colaboración activa de numerosos habitantes da zona, organizados militarmente. Mais certamente, e a tenor do balance final, as partidas dos patriotas foron totalmente incapaces, por diversas razóns, de impedir ou disuadir os seus adversarios da destrución da vila de Muros. ¿Causas? Algunhas, e de entre elas destacarmos a falla de cohesión e mando (Taboada será acusado de absoluta ineptitude militar e, aparentemente, en Muros non había ningunha outra autoridade militar capacitada), o que xunto coa ausencia de medios defensivos suficientes, dunha estratexia, e da perda da moral de combate, deulle a vitoria ás aguerridas tropas francesas. Unha vez desbandadas as partidas pa-

triotas, foi moi simple rematar o cumprimento da misión de destrución e saqueo da vila, e así dar un escarmento a todos os que pensaran desafiar o poder residente en Compostela. Non houbo falla de colaboración popular, pero carecíase absolutamente da capacidade para derrotar os franceses.

O terceiro actor nesta traxedia limitada foi o representado polas autoridades militares francesas de ocupación e os seus aliados, os colaboracionistas afrancesados. Unha figura vai destacar entre todas elas, a de Pedro Bazán de Mendoza, universitario, afrancesado de primeira hora, e odiado xefe de Policía, interlocutor coas autoridades militares francesas, representadas polo xeneral Jean-Gabriel Marchand. En Bazán de Mendoza, particularmente, e nalgún dos seus colaboradores (un tal Fraguío, o xa citado xuíz Navarro) recaerán todas as culpas e a responsabilidade da destrución da vila. Esta aseveración non andaba moi desencamiñada, xa que o poder que reunía Bazán naqueles momentos era suficiente como para inspirar nas autoridades militares a decisión de executar unha acción punitiva sobre unha colectividade, rebelde ou colaboradora cos patriotas antifranceses. Con todo, Bazán de Mendoza carecía de capacidade, como xa sabemos, para ordenar a acción militar; ese extremo era, evidentemente, responsabilidade dos mandos franceses, probablemente de Marchand, ou dun lugartenente.

A situación das autoridades de ocupación e dos seus secuaces era bastante complicada. Debían gobernar un territorio difícil e montuoso, cunha ampla poboación ademais moi dispersa, organizada e estruturada pola presenza omnipresente da igrexa (clero secular e numerosas ordes relixiosas), inimiga do francés por diversos motivos, pero moi arraigados no seu pensamento, carente de grandes riquezas pero que debía soster economicamente o exército e administración ocupantes. E máis, había que recadar diñeiro para o mantemento da monarquía intrusa. E todos estes obxectivos tiñan que cumprirse contando coas dificultades inherentes á existencia, cada vez máis real, dun contrapoder patriota que, con todas as dificultades, buscaba expulsar os ocupantes do País, apoiándose nunha poboación remisa a soportar estranxeiros, e menos franceses, alcumados de ateos, destrutores da relixión e fillos do demo.

A todo isto hai que engadir o habitual comportamento das tropas, francesas neste caso, pero intercambiable co de calquera país en territorio ocupado: saqueos e roubos, violencias de todo tipo, vexacións ás mulleres e aos símbolos relixiosos, prepotencia, rapacidade, e un moi extenso etcétera. Así que, diante de calquera asomo de resistencia, o menos que se podería agardar do poder ocupante sería unha resposta violenta destinada a disuadir a comisión de novos actos de hostilidade. O sometemento ten que ir unido á pedagoxía do sangue, única forma que entenden os invasores.

CONCLUSIÓN

No día 26 de marzo de 1809 foise espallando unha nube negra dende Muros; cheiraba á madeira queimada e á brea coa que se preparaban as artes de pesca de moitos dos veciños; probablemente

cheiraría tamén a papel e a cantos obxectos combustibles tiveran os habitantes das máis de cento cincuenta casas ardidas. A vista, dende as lanchas e dende os montes próximos, das vivendas ardendo sen remisión, debeu ser unha visión dantesca; a vida e os bens arruinados nun instante. En cuestión de breves días, a vila pasou de ir capeando a afastada veciñanza francesa, establecida en Compostela, a sufrir os efectos destrutivos do seu poder, e todo pola presenza, pouco desexada por algúns, a verdade sexa dita, dunha partida de patriotas a quen ademais as autoridades francesas perseguían polo atrevemento de apropiarse en Noia dos cartos dunha contribución imposta por eles. Con estes precedentes preséntanse en Muros esixindo o mesmo e pretendendo sublevar a poboación contra os invasores estranxeiros, e organizar partidas armadas para defender a vila.

Demasiados obxectivos que ían chamar a atención, como así foi, de Compostela. Para as autoridades locais muradás, isto era un problema de alto risco, posto que desequilibraba a delicada situación da vila, a resgardo ata o momento de calquera problema cos franceses. De repente, o foco da atención destes quedaba fixado na localidade e no que estaba a suceder nela; iso só podía traer problemas, e problemas moi graves. Pero os patriotas non tiñan intención de abandonar, máis aínda, pretendían organizar a resistencia e gabábanse de seren capaces de defender Muros e os seus indefensos habitantes das iras francesas. Craso erro. Ao final, a lóxica bélica aniquilou as pretensións duns e outros, e, como remate, a vila resultou destruída, e os seus habitantes reducidos á miseria. A poboación recuperaríase co tempo, e na súa memoria non quixo que quedase rastro da fatalidade; de feito, no colectivo popular, o acontecemento foi esquecido, como algo que pasara nun soño, non na realidade. Ás veces, é mellor esquecer certas cousas e mirar para diante; aparentemente, iso foi o que fixo o pobo de Muros a partir daquela data. Semella, tamén, que os responsables do Concello (os autodenominados *Hombres mas hacendados, de más talento y probidad...*) tampouco tiñan demasiado motivo para exhibir orgullo polo sucedido e polo seu papel desempeñado na tráxica xornada; así é que, tendo a capacidade e o poder de novo, decidiron botar terra por riba. Ata hoxe.

As liñas finais serán para lembrar precisamente aqueles que formaban a *"paisanaje armada"* e os que os dirixiron, a pesar de saberen que no enfrontamento co exército francés era imposible vencer. No recoñecemento do seu papel na loita pola defensa da súa terra sería un acto de xustiza lembrarmos e non esquecermos os nomes propios de Tomás Fernández *"Gefe de Fachos de la inmediata feligresía de San Juan de Serres"*, Bonifacio Piñeiro e José Luis García *"que también lo son de la de San Mamed de Carnota",* e, na propia vila de Muros, Joaquín Tizón, o escribano público Domingo García Carantoña e, como sinalaba o *Semanario "... el pueblo de esta Villa, con D. Andrés Julián, Gil y otros muchos, manifestaba sus mas ardientes deseos de libertarse del dominio tiránico..."*. Así, pois, non foron os homes da partida patriota abandonados polos habitantes de Muros en tan comprometidos momentos; os seus nomes e a súa lembranza deberán vivir

con nós, como exemplo de compromiso coa liberdade desta terra, a pesar dos riscos inevitables que sempre se adquiren ao desafiar o poder.

Román Martínez de Montaos: A Pobra do Deán e a vila do Caramiñal

Clodio González Pérez

O ano 2012 cumprirase o segundo centenario das Cortes de Cádiz, que se establecen primeiro na cidade de San Fernando (a sesión inaugural tivo lugar o 24 de setembro de 1810), e logo na capital, en Cádiz. Así como foron pasando os anos, acadou máis consideración o labor destas cortes, principalmente pola Constitución que promulgan o 19 de marzo de 1812, a primeira de España e tamén unha das máis liberais do seu tempo, na que se establece o sufraxio universal, a separación de poderes, a liberdade de imprenta, a soberanía nacional, a monarquía constitucional...

Comezo con esta lembranza histórica debido a que o noso personaxe, Román Martínez de Montaos, foi un dos que tomaron parte na tarefa que se desenvolve na cidade gaditana, non como deputado, senón como funcionario e, en particular, polo escrito que presenta á Junta de Real Hacienda das devanditas Cortes, o 8 de xuño de 1813, baixo o título *Incompatibilidad de la Constitución española con el sistema de contribuciones indirectas que rige...,* considerado hoxe en día polos estudosos un dos fitos que sinalan a fin da facenda do Antigo Réxime.

As súas obras son poucas e non máis que folletos, pero, segundo os economistas actuais, de grande interese no desenvolvemento da facenda pública ao longo do século XIX, e, en xeral, do pensamento facendístico moderno. Hai constancia das seguintes, das que dúas ficaban ultimamente aínda inéditas:

- *Memoria sobre las minas de oro, plata, estaño, cobre y plomo* (1805, inédita, arquivo do Instituto Tecnológico y Geominero de España, Madrid).



INCOMPATIBILIDAD

DE LA CONSTITUCION ESPAÑOLA

CON EL SISTEMA

DE CONTRIBUCIONES INDIRECTAS QUE RIGE.

SUPRESION

DE TODAS LAS RENTAS

Y DE LOS EMPLEADOS EN SU RECAUDACION

BASES

PARA UNA CONTRIBUCION DIRECTA

SEGUN LA MISMA CONSTITUCION,

CAPAZ DE CUBRIR ANUALMENTE TODOS LOS GASTOS

DEL ESTADO, Y SEÑALAMIENTO DE FINCAS PARA PAGAR LA

DEUDA PUBLICA.

LO ESCRIBÍA D. R. M. de M.

CÁDIZ:

POR D. VICENTE LEMA, CALLE DE S. FRANCISCO, NUM. 47.

Año 1813.

Román Martínez de Montaos é o autor do texto *Incompatibilidad de la Constitución española con el sistema de contribuciones indirectas que rige...*

- *Extracto del Ensayo político acomodado á la actual situación de España* (1809, inédita, arquivo do Congreso dos Deputados, Madrid).

- *Incompatibilidad de la Constitución española con el sistema de contribuciones indirectas que rige. Supresión de todas las rentas y de los empleos en su recaudación. Bases para una contribución directa segun la misma Constitucion, capaz de cubrir anualmente todos los gastos del Estado y señalamiento de fincas para pagar la deuda pública* (Cádiz, 1813).

- *Tratado de la circulación artificial de la moneda por medio de un crédito público verdadero* (Madrid, 1820).

da súa dona Rosa Blanco. Naceu na vila do Porto do Son o 29 de febreiro de 1776, sendo bautizado na igrexa parroquial de Noal o día seguinte, primeiro de marzo[1].

Ata non hai moitos anos, en que se descobren os seus verdadeiros patronímicos, non se sabía de certo onde nacera, só que era galego, que residira en Vigo e que fora deputado pola provincia de Pontevedra en 1841.

Nesta época aínda se levaba o escoller os apelidos familiares máis relevantes socialmente. No caso do noso biografado non é de estrañar, pois xa fixera o mesmo antes o pai, que os reais eran Martínez Pérez, pero usa os do proxenitor, Martínez Varela. Serán tamén estes os que

Restos do convento de Santo Antón da Pobra do Deán

I. ESTUDANTE NA POBRA DO DEÁN E EN SANTIAGO DE COMPOSTELA

Román Rosendo Martínez Blanco, que son os seus nomes e apelidos, era fillo do escribán José Martínez Varela e escolla o fillo na primeira época, constando como Román Martínez Varela cando é estudante no convento de Santo Antón da Pobra do Deán e na Universidade de Santiago de Compostela.

1 Arquivo Histórico Diocesano, Santiago de Compostela (AHDS): *San Vicente de Noal*, bautizados, 1-III-1776.

Non se sabe se ingresa no convento franciscano coa idea de seguir a vida relixiosa ou, como outros moitos, non máis que para cursar estudos de Filosofía e Teoloxía e logo revalidalos na Universidade. Con exactitude non se coñece a data en que chega á Pobra do Deán, onde permanece ata os 22 anos, cursando neste tempo estudos de Lóxica, Metafísica, Ética e Física:

Certifico y Juro Yo Fr. Pablo Barbazán Letor de Artes en este Convento de San Antonio de la Puebla del Deán que don Román Martínez natural de la Villa del Son estudió en la Cáthedra de mi cargo Lógica Methafísica Ethica, y Fisica con toda aplicación, y aprovechamiento. Y para que Conste a donde convenga doy a favor del Señor dicho la presente que firmo en dicho Convento a quince de Octubre de mil siete cientos noventa y siete.

Fr. Pablo Barbazán
Letor de Artes (asinado)

Comprobación:

Los escribanos del Rey Nuestro Señor (Dios le guarde) vecinos y residentes en esta Villa de la Puebla del Deán, Certificamos y damos fe a donde convenga y sea nezesario que Fr. Pablo Barbazán, de quien al parecer ba firmado el documento de arriva es tal Letor de Artes, según se titula, fiel, y legal en todas sus cosas, que por lo mismo a sus escritos y demás papeles pertenecientes al Ministerio que exerce, siempre se le dió y dá entera fé y crédito judicial y extrajudicial. Y en comprobación de ello damos la presente a Veinte días del mes de octubre de mil sietecientos noventa y siete.

En testimonio de Verdad

(Dúas sinaturas, en parte ilexibles)[2]

Nesta data remata a estadía na Pobra do Deán, pois o certificado é para presentar xunto coa solicitude de ingreso na Universidade, a finais de outubro do devandito 1797:

Sr. Rector de la Real Universidad de Santiago.

Señor:

D. Román Martínez Varela, natural de la Villa del Son, de este Arzobispado de Santiago, hace presente a V.S. haver estudiado tres cursos de Filosofia, segun lo acredita la adjunta certificacion que presenta comprobada en lega forma; y siendo la voluntad del Suplicante pasar a Theologia

Rendidamente suplica a V.S. se sirba admitirle en esta Real Universidad, previo el examen por el Maestro que fuere del agrado de V.S.

Fabor que espera conseguir el Suplicante de la Justiticacion de V.S.

Román Martinez Varela[3]

O 26 de outubro do mesmo ano, o reitor ordénalle ao doutor José González Varela –case seguro que parente seu- que proceda a examinalo e a comprobar a

2 Arquivo Histórico Universitario, Santiago de Compostela (AHUS): Expedientes de alumnos, *Martínez Varela, Román*.
3 Ídem.

Expediente de Román Martínez Varela (Román Martínez de Montaos) (Arquivo Histórico Universitario, Santiago de Compostela)



Señor.

R.l Univ.d de Sant.o 30 Octr.e 19 de 1798.

Roman Martinez Varela manual de la Villa del Sin en este Arzobispado, hace presente a V. S. que por decreto de la anterior de 27. ha sido examinado, y aprobado en Filosofia por el Dr. Dn. Jph. Gonzalez Varela a continuac.n de las certificaciones q.e de dha facultad presentó del R. P. Fray Fr. Pablo Barbazan las que nuebam.te exive; en virtud de cuya aprobacion y del correspond.te permiso pasó a Sagrada Theologia Inmedi.te que ahora el suplicante quiere graduarse en la misma facultad de Filosofia.

Sup.ca a V. S. se digne mandar el.f nuebam.te sea examinado por los Catedraticos de dha facultad, y de echo conferirle el grado que solicita de Bachiller. En ello recibirá merced de la Justificac.n de V. S.

R.l Univ.d de Sant.o 30 Octr.e 1798

Román Martinez Varela

Expídase el expon.te al Grado de Bach.r en Filos.a q.e solicita y que vuelva a ser examinado el dia 26 a las 10 de la mañana

súa idoneidade en Gramática e Filosofía. O exercicio resultou satisfactorio, sendo admitido o día 30 como alumno na facultade de Teoloxía.

Examínase de novo o 26 de outubro do ano seguinte, para obter o grao de Bacheler en Filosofía:

> *Fue examinado y aprobado el contenido nemine discrepante, por los Doctores Don Alonso San Martin Decano y don Josef Gonzalez Varela y don Policarpo Rodriguez Correa, y le confirió el Grado dicho Doctor Gonzalez Varela a las doce del dia 26 de Octubre de 1798, de que yo el Secretario Certifico 0 Recibi los derechos de Arca y Cofradia*[4].

II. O FUNCIONARIO

Segundo a súa folla de servizos, Martínez de Montaos ingresa na administración pública o 11 de novembro de 1805, como "Oficial agregado de la Contaduría General de Consolidación" con destino en Madrid. Neste mesmo ano redacta a *Memoria sobre las minas de oro, plata, estaño, cobre y plomo,* e do 1809 data o manuscrito *Extracto del Ensayo político acomodado á la actual situación de España,* que se atopa actualmente no arquivo do Congreso dos Deputados.

O 24 de maio de 1810 pasa á "Oficina de Renovación de Vales Reales", e o seguinte 13 de setembro ascende a "oficial 2º" da devandita oficina. Non se coñece a súa actuación ante os invasores franceses, pero non debeu ser boa, a teor de que fuxiu para Cádiz, onde o 8 de xuño de 1813 presenta á Junta de Real Hacienda das Cortes a obra *Incompatibilidad de la Constitución española con el sistema de contribuciones indirectas que rige...,* que se publica o mesmo ano na cidade andaluza.

O 23 de abril de 1814 é nomeado "Contador del Crédito público" da provincia de Burgos, onde permanece ata o primeiro de outubro de 1823, en que é cesado ao recuperaren o poder os absolutistas. Nesta época, 1820, publica en Madrid o folleto *Tratado de la circulación artificial de la moneda por medio de un crédito público verdadero.* Anos máis tarde, o 28 de xullo de 1830, será readmitido como funcionario da "Comisión de Donaciones Reales y Diezmos exentos", pero baixando de categoría e cuns emolumentos moi inferiores. O último nomeamento que coñecemos data do 16 de outubro de 1830, e corresponde ao de xefe encargado da devandita "comisión"[5].

Non sabemos a que idade se xubilaría, pero en 1840 xa reside en Vigo, ano en que se presenta a deputado pola provincia de Pontevedra, pero non acada escano ata as eleccións seguintes. A súa permanencia na política foi curta: o 19 de marzo de 1841 é elixido Presidente do Congreso, como interino, por ser o maior dos asistentes; o 3 de marzo de 1842 noméano membro da comisión que se encargará de examinar a comunicación do goberno sobre da execución da lei de orzamentos do ano anterior, e, por último, o 10 de maio seguinte solicita licenza para

4 Ídem.

5 Archivo Histórico Nacional, Madrid: *Ministerio de Hacienda* e *Archivo de Rentas*: Román Martínez de Montaos.

REAL COMISION DE CLASIFICACION

DESTINOS QUE HA SERVIDO

DEDUCCIONES

SERVICIOS EXTRAORDINARIOS.

"Folla de servizos" de R. Martínez de Montaos (Archivo Histórico Nacional, Madrid)

San María a Antiga do Caramiñal. Nesta igrexa foi bautizada Justa Martínez

ausentarse por se atopar enferma en Vigo a súa muller, Justa Martínez González, que falecerá o primeiro de decembro de 1845.

O 22 de xullo de 1851 a raíña Isabel II concédelle a Cruz da Real Orde de Carlos III, polo seu labor como funcionario durante máis de 45 anos.

Román Martínez de Montaos fina en Vigo, o 23 de febreiro de 1856.

III. CONTRAE MATRIMONIO CUNHA VECIÑA DO CARAMIÑAL

A partir de 1797, como queda dito, deixa definitivamente de ter relación co convento franciscano de Santo Antonio, pero non así coa comarca, pois anos despois contrae matrimonio con Justa Paula Martínez González, natural da parroquia de Santa María a Antiga do Caramiñal, onde naceu o 5 de xaneiro de 1793:

En la parroquia de Santa María la Antigua de la villa del Caramiñal y su Feligresía a diez y seis días del mes de Enero año de mill setecientos nobenta y tres: Yo dn. Domingo Antonio Rodríguez Romero con licencia de dn. Antonio Carlos Azero, Rector y Cura propio de la fra. de Sta. María del Jobre, que al presente administra esta Parroquia del Caramiñal por ausencia del Sor. dn. Domingo Catoyra, su Rector y Cura propio, bautizé solemnemente, y puse los santos óleos a una Niña que nació el día antecedente, hija de legítimo Matrimonio de dn. Alonso Martínez, y de su

muger dª. Jacoba González. Púsele por nombre Justa Paula. Abuelos Paternos dn. Joseph Martínez, y dª. Rosa Blanco, vezinos del Puerto del Son. Maternos, dn. Miguel González, y dª. Justa Martínez, veziños de esta dicha Villa. Fue Padrino dn. Joseph Seranes de la misma vecindad a quien advertí el parentesco espiritual que contrajo con la bautizada y con sus Padres, e igualmente la obligación de instruirla en la doctrina Christiana, y para que conste lo firmo, con el sobre dicho Rector, o/y dicho día.

Antonio Carlos Azero Domingo Antonio Rodríguez Romero[6]

A esposa era 17 anos máis nova, polo que a relación entre ambos os dous non puido ser a causa de que deixase o convento, pois cando abandona a Pobra do Deán, en 1797, a futura muller non contaba máis de catro anos. Con todo, como era costume daquela, xa nesta época puido haber algún acordo entre as dúas familias que eran parentes: os avós paternos eran do Porto do Son.

Non coñecemos a data en que contraeron matrimonio, que non foi nin na parroquia dela, nin tampouco na del, polo que é de supoñer que debeu ser fóra, nalgunha das poboacións onde estivo destinado como funcionario: Madrid, entre os anos 1805 e 1814; Burgos, de 1814 a 1823, e outra vez Madrid, dende 1823 en adiante, pois o 25 de novembro de 1833, en que fan o testamento e derradeira vontade, consta que residen nesta capital.

6 AHDS: *Santa María a Antiga do Caramiñal*, bautizados, 1772-1806, f. 156.

Hai un pequeno lapso de tempo, en 1813, en que Román está en Cádiz, onde presenta á Junta de Real Hacienda das Cortes a obra *Incompatibilidad de la Constitución española con el sistema de contribuciones indirectas que rige...*, polo que tamén existe a posibilidade de que casasen en Cádiz, tendo en conta que nesta época era un dos destinos tradicionais de moitos emigrantes galegos e, en particular, da península da Barbanza e das terras lindeiras dos concellos de Rois, Brión, etc. A futura esposa puido ir en barco ata Cádiz.

Mentres non se dea coa partida de casamento ou dalgún documento onde consten a data e a poboación, todo canto se diga carece de fundamento.

IV. MADRID E VIGO

O primeiro domicilio documentado de Justa e Román é en Madrid, pero no testamento que dictan o 25 de novembro de 1833 ante o escribán José Varela non consta o enderezo:

[...] *Sepan por esta pública escritura de Testamento última y postrera voluntad como nosotros los Señores Don Román Martínez de Montaos del Consejo de S.M. su Secretario honorario de decretos Gefe encargado de la Comisión de Donaciones Reales y* [diezmos] *exentos en la Dirección General de Rentas y Doña Justa Martínez González lexítimos consortes vecinos de esta Villa y Corte naturales el primero de la Villa del Son Arzobispado de Santiago en Galicia hijo lexítimo de Don José*

Martínez Varela y de Doña Rosa Blanco de Montaos ya difuntos, y la segunda de la Villa del Caramiñal en dicho Arzobispado hija de Don Alonso y de Doña Jacova González esta ya difunta...

Non tiñan descendencia, polo que

[...] *Se elijen y nombran mutuamente por Testamentarios cumplidores y ejecutores de esta disposición para que el de los dos* [que] *sobreviva cumpla y ejecute cuanto ba dispuesto y dispusiese el premuriente en la memoria citada si la dejase inibiendo de toda interbención a cualquiera Autoridad civil, militar o pribilegiada pues la separan totalmente aunque sea apretesto de celo si otra causa cuyo encargo ha de durar al sobreviviente todo el tiempo que permita el derecho y el demás que se necesite pues a este fin lo prorroga...* [7]

De Madrid trasladan a residencia a Vigo, onde adquiren un casa no lugar do Romil (a da Graña, que fora priorado de monxes bernardos), pertencente daquela á parroquia de San Tomé de Freixeiro. Por mor de ser elixido deputado en 1841, pasa algún tempo na capital, ata o 10 de maio do ano seguinte, en que solicita licenza para trasladarse a Vigo, onde se atopa a muller enferma.

Nesta cidade falece o primeiro de decembro de 1845, recibindo sepultura no cemiterio parroquial de Freixeiro:

En dos de Diciembre de mil ochocientos cuarenta y cinco yo el infra escrito Abad de Santo Thomé de Freijeiro, y Santiago de Vigo su anejo, mandé dar sepultura eclesiástica en el Cementerio de Santo Thomé de Freijeiro al Cadaver de la Señora Doña Justa Martínez, esposa del Sr. D. Román Martínez de Montaos, vecinos de esta de Freijeiro, que falleció en el día primero anterior á la edad de cinquenta, y tres años, y al impulso de un vómito de Sangre que la ahogó; sin permitirle recivir los Santos Sacramentos. Hizo testamento en veinte, y cinco de Noviembre de mil ochocientos treinta, y tres, por ante D. José Varela, Escribano de Colegio, de Madrid; dejando su funeral a disposición del Señor su esposo. Asistieron á su entierro veinte, y tres Señores Sacerdotes, á las honrras veinte, y siete, e igual número al cavo de año: Todo por disposi-

San Tomé de Freixeiro (Vigo). No adro desta igrexa recibiu sepultura Justa Martínez

7 Archivo Histórico de Protocolos de Madrid: Protocolos de José Varela, 1833, fs. 138-139.

ción de de (sic) *dicho Señor. Y para que conste lo firmo.*

José Mª. de Castro y Sánchez[8]

Como non tiveron descendencia, o viúvo dispón o 6 de novembro de 1849 que queden como herdeiros varios sobriños, pola súa parte e tamén pola dela:

[...] *Mando que mi sobrina doña Javiera Martínez se le den durante su vida cuarenta reales mensuales, y a su hermano don Ildefonso y su muger, y cada uno de sus hijos un vestido negro hecho, acomodado a su uso.*

Lego a mi sobrino don José Blanco Martínez en toda propiedad la casa rentas bienes y derechos que tengo en el Son y parroquias inmediatas, y le ruego que me encomiende a Dios, y que mande decir después que yo muera en la Iglesia de Noal una misa por mi, mi esposa, y mis padres.

Mando que tan luego como fallezca se avise a mi sobrina doña Joaquina Martínez Louro, para que pase a vivir y morar en mi casa de la Graña, donde se le dará para ello una habitación, que pueda ser el cuarto a la esquina del Norte, entregándole desde luego una cama con dos mudas de sábanas para si, y otra de criado: media docena de cubiertos de plata, dos manteles, media docena de servilletas, cuatro tohallas, mesa, sillas, y útiles de cocina, y un mil reales anuales para ayuda de su subsistencia: cuydará la casa y posesión poniéndose de acuerdo en todo, y para disfrutar lo que necesite para si de la huerta, con mi amada heredera. La asignación que la hago de los mil reales anuales del producto de mis bienes no podrá disfrutar no viviendo precisamente en la Graña, y todos los días visitará la capilla, y orará por el ánima de su prima mi esposa y por [la] *mía, cuya obligación le impongo en retribución de esta gracia, que solo hago durante su vida, pues a su muerte todo recaerá en mi heredera...*

[...] *Después de cumplido y satisfecho cuanto ba dispuesto en este testamento y memoria póstuma que se hallase nombro e instituyo por única y universal heredera de todos mis bienes, rentas, derechos, sueldos atrasados y todo cuanto me pertenece ahora y en cualquier tiempo a doña Luisa Martínez Escalada para que los llebe disfrute y goce para siempre, con la obligación de que asista cuyde y auxilie a su hermana doña Olegaria mientras ecsista en el estado de accidentada en que se halla...*[9]

O ilustre fillo do Porto do Son faleceu seis anos máis tarde, o 23 de febreiro de 1856, recibindo sepultura no agora desaparecido cemiterio de San Francisco de Vigo, situado preto do barrio mariñeiro do Berbés:

En veinte y cuatro de Febrero de mil ochocientos cincuenta y seis se le dió sepultura en el Campo Santo de

8 Arquivo Histórico Diocesano, Tui-Vigo (AHDT-V): *San Tomé de Freixeiro,* defuntos, 1845.

9 Arquivo Notarial da Coruña: Protocolos de Manuel Lodeyro, 1849.

esta Ciudad de Vigo al cadaber del Sr. D. Roman Martinez de Montaos, Itendente (sic) *Jubilado de primera clase, Caballero de la Real y distinguida Orden de Carlos tercero, Secretario Onorario de Decretos de S.M. vecino de este pueblo, y natural de la Villa del Son, provincia de La Coruña, viudo de la Sª. Dª. Justa Martinez Gonzalez. Murió el día de ayer de enfermedad natural a los ochenta años de edad despues de recibir todos los ayudas espirituales. Era hijo de D. José y Dª. Rosa Blanco de Montaos...*[10]

V. CABO

Ata hai ben poucos anos, da biografía de Román Martínez de Montaos non se sabía nada, unicamente da importancia das súas obras, admiradas polos economistas actuais, e algunha ata reeditada polo seu valor para coñecer a evolución da facenda pública na primeira metade do século XIX, como *Incompatibilidad de la Constitución Española con el sistema de contribuciones indirectas que rige...* (1913)[11].

As ideas deste sonense, estudante no convento franciscano da Pobra do Deán e casado cunha veciña da vila do Caramiñal, resúmeas nas seguintes verbas o profesor da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da Universidade de Granada, Fernando López Castellano, esperto na historia da economía do século XIX:

Portada de *El pensamiento hacendístico liberal en las Cortes de Cádiz*, de Román Martínez de Montaos

Martínez de Montaos ten unha clara vinculación coas aspiracións da burguesía protagonista dun novo período histórico: apoloxía da ordenación capitalista da economía; defensa ilimitada da propiedade; crítica da intervención do Estado na vida económica e unha cega confianza no crecemento económico, sustentado na liberdade de producción e circulación; e, no ámbito político, destacan os seus alegatos na defensa dunha orde sustentada na "constitución liberal", como garante da propiedade. Tamén participa da minoritaria corrente de opinión que, a principios do século XIX, postula a

10 AHDT-V: *Santa María de Vigo,* defuntos, 1856.

11 MARTÍNEZ DE MONTAOS, R., et alii: *El pensamiento hacendístico liberal en las Cortes de Cádiz,* estudo preliminar de F. López Castellano, Madrid, 1999. Outras obras do mesmo autor relacionadas con Martínez de Montaos e coa época: *Liberalismo económico y reforma fiscal. La contribución directa de 1813* (1995), "Pensamiento económico y deuda pública en las Cortes de Cádiz" (1997) e "Román Martínez de Montaos. Un librecambista radical a principios del siglo XIX" (2003).

liberdade de comercio exterior, con planteamentos moi radicais. Non se limita a solicitar unha rebaixa dos aranceles nin unha máis suave lexislación de aduanas, senón que defende a súa total supresión...

Martínez de Montaos esgrime, nas súas intervencións e obras, amplos coñecementos do saber convencional en materia económica. Lector de Lázaro de Dou, Canga Argüelles e Flórez Estrada, entre a literatura económica española, e coñecedor dos autores máis relevantes da estranxeira. Polas súas páxinas desfilan os nomes, do "gran" Smith, o "idioloxista Desttut", o "sabio Hume", o "alabado Neker (sic)", e o "charlatán Lavv (sic)"[12].

BIBLIOGRAFÍA

a) Fontes documentais:

- Archivo Histórico de Protocolos, Madrid: *Protocolos de José Varela,* 1833.

- Archivo Histórico Nacional, Madrid: *Ministerio de Hacienda* e *Archivo de Rentas*.

- Arquivo Histórico Diocesano, Santiago de Compostela: *San Vicente de Noal,* bautizados, 1776; *Santa María a Antiga do Caramiñal,* bautizados, 1793.

- Arquivo Histórico Diocesano, Tui-Vigo: *San Tomé de Freixeiro,* defuntos, 1845; e *Santa María de Vigo,* defuntos, 1856.

- Arquivo Histórico Universitario, Santiago de Compostela: Expedientes de alumnos, *Martínez Varela, Román.*

- Arquivo Notarial da Coruña: *Protocolos de Manuel Lodeyro,* 1849.

b) Fontes impresas:

LÓPEZ CASTELLANO, F.: "Román Martínez de Montaos. Un librecambista radical a principios del XIX", *Revista de Economía Aplicada,* XI, 32, 2003.

LÓPEZ CASTELLANO, F. / GONZÁLEZ PÉREZ, C.: *Román Martínez de Montaos, un facendista galego do século XIX* (tamén hai ed. castelá), Ed. Toxosoutos, Noia, 2006.

MARTÍNEZ DE MONTAOS, R., ET ALII: *El pensamiento hacendístico liberal en las Cortes de Cádiz,* estudo preliminar de F. López Castellano, Madrid, 1999.

12 LÓPEZ CASTELLANO, F. / GONZÁLEZ PÉREZ, C.: *Román Martínez de Montaos, un facendista galego do século XIX* (tamén hai ed. Castelá), Ed. Toxosoutos, Noia, 2006, pp. 81, 82.

De Padrón a Muros. A represión educativa e cultural (1936-1950)

Xesús Costa Rodil e Xesús Santos Suárez

ÍNDICE

1. Causas da represión. As tráxicas mortes de mestres .. .. .55

2. Os concellos na represión dos mestres .. .. .58

3. A clasificación dos mestres. Modelo de informe da Comisión
Depuradora do Maxisterio da Coruña .. .. .69

4. De Padrón a Muros: os escolantes represaliados. .. .. .71

4.1. Mestres e mestras .. .. .71

5. Nomes. Datos persoais e sancións .. .. .73

5.1. Consideracións e análise .. .. .93

6. As consecuencias da depuración.. .. .. .94

7. Represión de publicacións, bibliotecas e libros escolares .. .. .95

8. Carta inédita do mestre fusilado Rafael Pardo Carmona.. .. .. .99

9. Bibliografía 100

1.- CAUSAS DA REPRESIÓN. AS TRÁXICAS MORTES DOS MESTRES

Estaba prevista unha feroz represión nas Bases Técnicas do golpe de Estado contra a República porque o xeneral Mola era consciente da súa necesidade para impoñerse á maioría da poboación española. Así o poñen de manifesto as súas ordes: *"Se tendrá en cuenta que la acción ha de ser en extremo violenta para reducir lo antes posible al enemigo que es fuerte y bien organizado"*; ou nesta frase máis cruenta : *"Esta guerra tiene que terminar con el exterminio de los enemigos de España"*[1]

Así chegan aos concellos de Galicia, a primeiros de Agosto, instrucións moi concretas para exercer esta represión: "*Oficio.- Octava División.- Comandancia Militar.-Delegación de Orden Público.- Negociado nº 104- Nº 1" "El General Jefe del Ejército del Norte, en radiograma cifrado el 27 de julio último me dice lo siguiente: Precisa desarme absoluto rápidamente pueblos elementos no afectos Movimiento imponiendo severísimas sanciones a los que no lo cumplan. Disponga separar de Ayuntamientos, telégrafos, teléfonos y correos a personal opuesto Movimiento. Active recluta de paisanos en los pueblos, instruyéndolos someramente por Oficiales Ejército retirados o Guardia Civil" La Coruña 3 de Agosto de 1936.- El Delegado de Orden Público.-*

Sr. Subdelegado de Orden Público de Lousame.[2]

Nestas normas xa están claramente sinaladas as bases para actuar contra todo empregado público leal ao goberno da República, e a formación de milicias. "recluta de paisanos" para eliminar a aquelas persoas que se considerasen desafectas. O sector do maxisterio máis

José Losada Castelao, Rogelio Pérez e Manuel Rodríguez Castelao

1 Internet: El terror fascista en la guera y después. Represura. Documentos 1936.

2 Correspondencia Militar, nº 468. 12 (1936).- Arquivo Municipal de Lousame.

preocupado pola innovación pedagóxica e comprometido coa finalidade de que a escola fose axente de cambio social era, sen lugar a dúbidas, republicano.[3]

José Mª Pemán, presidente da Comisión de Cultura e Ensinanza da Xunta Técnica do Estado, ao servizo de Franco, sinalaba que era necesario sancionar *"a los envenenadores del alma popular y mayores responsables"*[4]

¿É quen eran estes "envelenadores", estes "mayores responsables"? Observemos o seguinte texto, publicado no Boletín oficial da provincia de A Coruña, o mércores 26 de agosto de 1936, pola delegación Militar de Instrucción Pública, e asinado polo Gobernador Civil Florentino González Valles o día anterior: *"Las perniciosas doctrinas e ideas disolventes que han sido propaladas de una manera solapada o pública por los antipatriotas que conducían a nuestra querida España a su desaparición como Nación civilizada, tenían desgraciadamente un campo de experimentación señaladísimo en los centros docentes y muy especialmente en las Escuelas Nacionales de Primera Enseñanza, donde, deformando las tiernas inteligencias infantiles, creaban generaciones inspiradas únicamente en un espíritu de odio y carentes en absoluto de ideas de cristiandad y patriotismo. Una parte de nuestro Magisterio, unas veces inconsciente del gran daño que ocasionaba, y otras sabedora de su labor destructiva y anárquica, encontró especialmente como terreno abonado para propagar sus descabelladas doctrinas, aquellos lugares que por la poca ilustración hacía propicios para envenenar el corazón del pobre campesino"*[5]

Abertamente apúntase aos mestres comprometidos co proceso de reforma da República. Así pois, a finalidade era eliminar de raíz a educación republicana. A depuración xa comeza nos primeiros días do levantamento, proseguiu nos anos da guerra e continuou logo de rematar a mesma.

Esta depuración empezou por someter a información a todos os mestres e mestras, profesores e profesoras de Instituto e da Universidade das zonas dominadas desde o primeiro momento polos sublevados (ao ir ocupando novos territorios continuaban a represión total) E a culpabilidade dos docentes como causantes principais de corromper á nenez e á xuventude mantense permanentemente por parte dos alzados en armas contra o goberno lexítimo da República española: *"El carácter de la depuración que hoy se persigue no es sólo punitivo, sino también preventivo. Es necesario garantizar a los españoles, que con las armas en la mano y sin regateos de sacrificios y sangre salvan la causa de la civilización, que no se volverá a tolerar, ni menos a proteger y subvencionar a los envenenadores del alma popular, primeros y mayores responsables de todos los crímenes y destrucciones que sobrecogen el mundo y han sembrado de duelo la mayoría de los hogares honrados de España. No compete a las Comisiones Depuradoras el aplicar las penas que los Códigos*

3 Internet. Morente Valero, Francisco.- La muerte de una ilusión: el Magisterio español en la Guerra Civil y el franquismo.- Historia y comunicación social ISSN: 1137- 0734.
4 Ibidem.

5 B.O.P. La Coruña, nº 195, 26 agosto 1936, pág. 695. Biblioteca Provincial Deputación de A Coruña.

señalan a los autores por inducción, por estar reservada esta facultad a los tribunales de Justicia, pero sí proponer la separación inexorable de sus funciones magistrales de cuantos directa o indirectamente han contribuído a sostener y propagar a los partidos, ideario e instituciones del llamado "Frente Popular". Los individuos que integran esas hordas revolucionarias… son sencillamente los hijos espirituales de catedráticos y profesores que, a través de instituciones como la llamada "Libre Enseñanza", formaron generaciones incrédulas y anárquicas [6]

Serán moitos os ensinantes da provincia de A Coruña sancionados, como a propia Delegación Militar de Instrucción Pública recoñece, tanto no B.O.P. como en oficios aos Delegados Civís dos Concellos…*"Estando próxima la apertura de las Escuelas Públicas, y siendo grande el número de Maestros sancionados como resultado de la obligada labor depuradora enunciada…"*[7]

"Delegación Militar de Instrucción de la provincia de La Coruña.- En contestación a su oficio que me traslada el Sr. Rector de la Universidad de Santiago de 24 del pasado, manifiesto a V. que dado el gran número de sanciones que han tenido que imponer al magisterio de esta provincia, la provisión de Escuelas con carácter interino, ha quedada reservada a esta Delegación, en representación del Rectorado."

La Coruña, 5 de septiembre de 1936.- El Delegado Militar. Sr. Delegado Civil del Ayuntamiento de Ortigueira."[8]

A orde do 19 de agosto de 1936 (B.O. da Xunta da defensa Nacional do día 21) mandaba que os Alcaldes (Delegados Civís) debían informar os Reitores das Universidades –que tamén controlaban ao ensino medio e primario- antes do 30 de Agosto, no tocante ao comportamento político-social e profesional de todos os mestres dos seus Concellos. Os Reitores podían poñer sanción aos que, segundo os informes, tivesen desenvolvido un labor perturbador das conciencias infantís.[9]

Mais, como probaremos, xa dende principios de Agosto algúns Delegados Civís remitiron os informes ao Delegado Militar de Instrucción Pública, quen fixo as propostas de sancións ao Gobernador Civil no mes de agosto, antes de que esta facultade fose desempeñada polo Reitor da Universidade de Santiago en colaboración coa dita delegación Militar, a partir do mes de setembro de 1936.

Nesta información sobre os ensinantes, como temos comprobado, participaban, igualmente, a Garda Civil, os cregos, os falanxistas e mesmo veciños *"honrados, amantes del orden y del cumplimiento de las leyes".*

A atroz represión desencadeada contra os docentes, por militar, simpatizar ou orientar o seu ensino ou actuación per-

6 B.O.P. La Coruña, nº 288, 15-12-1936, pág. 959. Comisión de Cultura y Enseñanza. Circular a los Vocales de las Comisiones Depuradoras de Instrucción Pública. Biblioteca Provincial Deputación de A Coruña.

7 B.O.P. La Coruña , nº 195.- Opus cit. Pág. 695.

8 Oficio Delegación Militar de Instrucción Pública da provincia de A Coruña.- Ensino Primario. Caixa nº 178.- Comunicacións de asuntos de mestres da provincia de A Coruña: 1936- 1938.- Arquivo Histórico Universitario de Santiago.

9 Internet.- Morente Valero, Francisco.- Opus cit.

soal e profesional na liña dos partidos do "Frente Popular", partidos nacionalistas, ou sindicatos obreiros de esquerdas ou sociedades secretas como a masonería, irrelixiosidade, etc. non só ocasionará en Galicia a sanción dunha cuarta parte do Maxisterio (case 700 con destitución e cesamento) e porcentaxes tamén importantes nos demais sectores do profesorado, senón tamén a morte de forma tráxica de preto dun cento de mestres e mestras [10]

Na nosa zona de estudo padecerán o dramático final das súas vidas, por "paseo", fusilamento ou suicidio denantes dunha morte horrorosa, unha mestra e seis mestres. En Boiro, Rodrigo Álvarez Gantes, de Izquierda Republicana, fusilado en Santiago, e José Caballero Rubio , de Unión Republicana, preso en Santiago e trouxeron o seu cadáver ao Confurco (Lousame); en Muros, a mestra Carmen Libertad Alonso, "paseada" fóra do Concello; Jesús A. López Brenlla, "paseado" e abandonado o seu corpo á beira do camiño que sae do lugar de Louro cara ao monte, dirección Taxes; e fusilado en Asturias, o mestre Ramón Tajes Lagos, natural e veciño de Muros; nativos e veciños de Rianxo, os curmáns de Castelao, José Losada Castelao e Manuel Rodríguez Castelao, do Partido Galeguista , acabarán coas súas vidas, xunto a outras persoas, no bou "Eva", en Vigo, no abril de 1937 [11]

Rafael Pardo Carmona, mestre de Baño, en Muros, segundo o B.O. P. nº 212 do 15-09-1936 é destituído e cesado nesta data. O historiador Luis Lamela ("La cruzada en Compostela") inclúe a Rafael Pardo Carmona como fusilado o 3-12-1936. Veciño de Santiago de Compostela, solteiro, de 37 anos, pertencente a Izquierda Republicana.

"*Nomesevoces.com",* desta mesma persoa, engade que foi xulgado en Compostela por traizón co resultado de sentencia a pena de morte e executado en Santiago.

Tanto Lamela como "*nomesevoces"* non achegan o dato de onde era mestre. A nosa dúbida, en parte resolta, é se nos referimos á mesma persoa. ¿Poderían coincidir o nome, os apelidos, a profesión e ser persoas diferentes?

Máis ben nos inclinamos pola posibilidade de que se trate dun erro do Ministerio de Educación Nacional, cando publican no B.O. en 1940, que o separan do corpo como mestre de Rial.

2.- OS CONCELLOS NA REPRESIÓN DOS MESTRES

No concello de Boiro, xa ben antes de que se publicase a devandita orde do 19 de agosto de 1936 a Alcaldía-Delegado Civil, Guillermo Torrado Jáudenes, recibe un oficio, datado o 7 de agosto, do "Delegado Militar de Instrucción Pública da Provincia", solicitando os informes de todos os mestres, vinte e tres do termo municipal. De catro deles - unha mestra e tres mestres- o informe é duro, condenatorio. E foron os de Mª Inés San Antón

10 Internet.- Antón Costa Rico.
11 Antón Costa Rico, Andrés Santalla López, Francisco Abeijón, Marcelino Laruelo, Xesús Costa, Xosé Comoxo, Xesús Santos.

Escola da Confraría de Carreira. Ano 1930. Mestre Pedro Minchón Minchón

Beradona, José Martínez Virel, Rodrigo Álvarez Gantes e José Caballero Rubio [12]

"Dª Mª Inés San Antón Beradona. Aunque no se le conocen defectos que puedan hacerla desmerecer en el concepto público, no goza del mejor predicado entre sus convecinos por considerarla de ideas poco gratas. Regenta la Escuela Nacional de niñas de Cabo de Cruz, primera que obtuvo, desconociéndose la fecha de su nombramiento. Aunque se desconoce fijamente su filiación política, los vecinos del distrito escolar la juzgan socialista por dedicarse a enseñar a sus discípulos la Internacional. No desempeña ni desempeñó cargo político alguno ni sindical profesional. Su actuación ciudadana negativa y la realizada dentro de la escuela en su aspecto social poco edificante según rumores del vecindario"

D. José Martínez Virel. Goza de muy mal predicado en el concepto público, tanto en el aspecto social como en el profesional Regenta la Escuela Nacional de niños de Escarabote, ignorándose la fecha de su nombramiento y también su procedencia anterior. Políticamente figura en el partido de Izquierda Republicana y actuó siempre en íntima compenetración con los elementos marxistas. Desempeñó el cargo de concejal en el ayuntamiento del frente popular destituído y se hallaba en el momento de estallar el movimiento, al frente de la Alcaldía, habiendo huído con otros elementos en una motora con dirección a Portugal. Lo mismo en la Alcaldía que como Concejal su actuación ha sido funestísima. Se ignora si tiene cargo sindical o sindical profesional. Su actuación ciudadana lamentable y su labor dentro de la escuela en el aspecto social demagógica y disolvente"

D. Rodrigo Álvarez Gantes. Regenta la escuela del Pósito de Escarabote, ignorándose la fecha de su nombramiento y su procedencia anterior. Figura en el

12 Libro Registro salida documentos y comunicaciones: 8-05-1936 a 15-10-1936. nº 423.- 24-08-1936.- Sr. Delegado Militar de Instrucción Pública de la provincia.- Arquivo Municipal de Boiro.

partido de Izquierda Republicana y desempeñó el cargo de Concejal del Ayuntamiento hasta el momento de estallar el movimiento militar hallándose detenido en la actualidad. Tampoco goza del mejor predicado en el concepto público y su actuación en todos los aspectos, sino tan intensa es similar a la del anterior".

D. José Caballero Rubio. En el concepto público no goza del mejor predicado por sus ideas extremistas. Regenta la Escuela Nacional de Triñanes, ignorándose la fecha de su nombramiento y su procedencia anterior. Figura enrolado en Unión Republicana y actúa al unísono con los elementos marxistas. Desempeñó el cargo de Concejal en elAyuntamiento del frente popular hasta que este desapareció y se halla detenido en la actualidad. Su actuación en todos los aspectos igual a la de los precedentes".

En relación con estes escolantes de Boiro, remarcamos que José Martínes Virel, inda que fuxiu a Portugal e logo pasou á zona republicana, sufriu prisión, pois en maio de 1941, o Director da prisión Provincial de A Coruña, solicita informes ao Alcalde de Boiro, a efectos de concederlle a "liberdade condicional"; a Alcaldía contéstalle "*se estima conveniente que no fije su residencia en este localidad"* [13].

Rodrigo Álvarez Gantes, de 30 anos, será fusilado o día 23 de febreiro de 1937, en Santiago [14].

José Caballero Rubio, andaluz de 28 anos, foi sacado do cárcere de Raxoi, en Santiago, e "paseado" en outubro de 1936 [15].

De Mª Inés San Antón Beradona sabemos que foi sancionada con suspensión de emprego e soldo por un ano, con traslado a outra escola[16].

En Lousame, a comunicación sobre todos os mestres do término municipal ao dito Delegado Militar xa se efectúa o 11 de agosto de 1936: *"Informando repecto a la significación política, actuación ciudadana y dentro de la escuela e informe personal".* Informe que completa o 25 de agosto "*...ampliando informe acerca de la conducta de todos y cada uno de los maestros de este término"*[17]. E dous días máis tarde, o 27, o Alcalde informa ao Reitor da Universidade de Santiago (de quen dependían todos os docentes de Galicia) dos mestres –que conforme á orde do 19 de agosto xa citada- *"sin que hayan propagado ideario perturbador entre sus alumnos"* [18]

Só dous mestres, dos dezaseis, serán sancionados en Lousame, con suspensión de emprego e soldo.

A finais de 1936, o 31 de decembro, agora dirixíndose á xa constituída Comisión Depuradora do Maxisterio, a Alcaldía volve a informar de todos os mestres:

13 Libro Registro salida 2/3-04-1941 a 29 08-1941. nº 540.- 3-05-1941.- La Coruña. Director Prisión.
14 Lamela García, Luis.- 1936, "La Cruzada en Compostela". La Guerra Civil y la represión franquista en los documentos policiales y militares. O Castro, Sada. A Coruña, 2005. Serie Documentos.
15 Díaz Fernández, Xerardo.- Os que non morreron. O Castro, Sada. A Coruña, 1985.- Documentos para a Hª contemporánea de Galicia.
16 B.O.P. nº 212, 15-09-1936.- Biblioteca Provincial Deputación A Coruña.
17 Libro registro salida correspondencia.- Legajo 71. Documento 1706: 1-01-1936 a 31 - 12-1936; nº 277 e 299. Arquivo Municipal de Lousame (A.M.L.)
18 Ibidem, 302.- A.M. de L.

"Informando respecto a la conducta profesional, social, particular y actividades políticas y sociales de los dieciséis maestros de este Municipio" [19].

E nesta purga mantense a información do concello contestando á petición da Comisión Depuradora en novembro de 1939, mais nesta ocasión sobre a totalidade dos mestres e mestras das escolas nacionais, en todo o período republicano[20]

O dezaoito de agosto a Alcaldía de Muros oficia á Delegación Militar de Instrucción Pública da provincia de A Coruña, ampliando informe sobre a actuación de doce escolantes (homes e mulleres) do concello, o que significa que antes desta se enviaran os datos de todos os ensinantes. Os sancionados e as sancionadas con destitución e cese ou suspensión de emprego e soldo son notificados (algúns estaban ausentes) polo vinte e sete de agosto e un de setembro [21]

Igualmente, nos primeiros días de agosto, informa Noia. O presidente da Xunta Local de Primeira Ensinanza transmite os datos sobre mestres, que lle reclama a Delegación Militar[22]. O dezaoito de agosto, a información da Alcaldía da vila noiesa á devandita Delegación recolle os datos referentes aos profesores, administrador e persoal subalterno do Instituto de Ensino Medio, pedidos o catorce deste mes[23].

Contra finais de agosto, en Noia, xa están depurados varios mestres, e tamén o titular da cátedra de Xeografía e Historia, D. Álvaro de las Casas Blanco, galeguista, separado do ensino o 11 de agosto e confirmado o cese o día 18 :*"Tengo el honor de comunicar a V. S. para su superior conocimiento, que el Sr. Delegado de Orden Públco de esa zona de Santiago, por orden de esta fecha, se ha servido destituir del cargo de profesor de este Instituto a D. Álvaro de las Casas Blanco". Noya 11 de agosto de 1936. El Director accd. Ilmo. Sr. Rector de la Universidad de Santiago*[24].

E o Alcalde de Noia volve remitir informes sobre os mestres do concello ao presidente da Comisión Provincial Depuradora do Maxisterio 0 1 de xaneiro de 1937[25].

En Noia, ao igual ca en Ribeira, as sancións tamén recaen en mestres privados. No mes de xuño de 1937, a Alcaldía informa ao Reitor da Universidade de Santiago que Félix López Esquerro pertencía a "Izquierda republicana" e que, ao parecer, exercía sen título profesional, polo cal ordena que se lle peche a escola. A comezos de xullo confírmase e amplíase o informe anterior sinalando que Félix López simpatizaba coas dotri-

19 Ibidem, nº 504.- A.M. de L.

20 Libro registro salida comunicaciones y documentos.- Legajo 71. Documento 1710.- 2º tomo nº 2389, 12-08-1939 a 30-12-1939.- A. M. L.

21 Libro registro salida comunicaciones y documentos: 1935-1942, nº 282, 299, 319.- A. M. de Muros.

22 Libro registro salida comunicaciones y documentos, nº 567, 10-08-1936. Caixa 452- 457. Signatura 454, 1-01-1936 a 31-12-1936. A.M. de Noia.

23 Ibidem. Nº 583.- A.M. Noia.

24 Ensino Secundario.- Instituto nacional de 2ª Enseñanza de Noya (Coruña).- Oficio nº 1517.- Caixa nº 199. A. H. U. de Santiago.

25 Libro registro salida comunicaciones y documentos: 1-01-1937 a 31-12-1937. Presidente Comisión provincial Depuradora del Magisterio.- La Coruña.- Caixa nº 452-457. Signatura 455.- A.M. de Noia.

nas do "Frente Popular" e coa política de Azaña[26].

Exércese, así mesmo, o control sobre estudiantes do Maxisterio. A Comisión Depuradora solicita o seis de setembro de 1938, ao Alcalde, un informe sobre Mª Asunción Creo Rodríguez que cursaba o grao profesional na Escola Normal de Santiago o 18 de xullo de 1936:... *goza de intachable conducta tanto moral como política, relacionándose con elementos socialmente sanos"*[27].

Á municipalidade da Serra de Outes, data do sete de agosto de 1938, chega o oficio do "Delegado Militar de Instrucción pública de La Coruña" requirindo os informes sobre os mestres deste termo, que lle é enviado polo Delegado Civil da Serra o día 13[28].

O mesmo delegado Militar solicítalle ao Subdelegado Militar de Outes, o vinte e un de agosto, máis datos concretos sobre cinco escolantes: *"Por no existir en las relaciones antecedentes de Maestros de ese Ayuntamiento datos suficientes para enjuiciar la actuación profesional, social y política de los maestros que a continuación se reseñan:, ruego a V. S. amplíe información sobre los datos determinados en la circular de 7 del corriente, asesorándose para ello de los Señores Curas Párrocos y personas de absoluta solvencia moral de distintas ideologías, que garanticen la necesaria exactitud y equidad sobre los puntos que se interesan*[29].

As tres mestras e os dous mestres serán sancionados. Como en Padrón, aquí tamén se pide abertamente que se conte co párroco e as "persoas de orde". O de "distintas ideologías" é unha expresión, cando menos, hipócrita.

Encontramos en Outes, unha relación de 22 profesores, mestres e mestras grampada con papeis de 1952, da dita *"Junta Local de Enseñanza",* onde figuran cualificados por *"Filiación política", "Actuación Ciudadana"* e *"Actuación dentro de la Escuela".* Dos que foron castigados, unha mestra figura de *"Derechas",* e dúas mestras e tres mestres de *"Izquierdas"* e como *"Regular"* nos conceptos de actuación cidadá e dentro da escola. Todos os outros que non sufriron represión son de *"Derechas"*, agás un, caracterizado como *"Independiente" y elemento de orden y de buenos antecedentes".*

O vinte e un de agosto de 1936, o concello de Padrón remite ao Xefe da Sección Administrativa de Primeira Ensinanza de A Coruña o comprobante da notificación de destitución e cese do mestre de Extramundi D. José A. Varela Regueiro. E neste mesmo día, o Alcalde solicita, seguindo a circular da Delegación da Orde Pública da provincia, dos párrocos de Carcacía, Cruces, Herbón, Iria, e Padrón, que acudan ao día seguinte, vinte e dous, á Casa Consistorial, ás cinco da tarde, para informar dos mestres

26 Libro registro salida comunicaciones y documentos 1-02-1937 a 31-12-1937.- nº 636, 22-06 e 683, 1-07.- Caixa nº 452-457.- Signatura 455.- A.M. de Noia.

27 Libro registro salida comunicaciones y documentos.- nº 1858.- 10-09-1938.- Caixa 452- 457. signatura 456. A.M. de Noia.

28 Libro Reg. Salida comunicaciones y documentos: 16-05-1935 a 21-09-1936, nº 267, 13- 08-1936. A. M. de Outes.

29 Exped. Junta Local de Enseñanza: 1887-1942.- Caixa n º 413. A.M. de Outes.

e mestras das súas parroquias: nome e apelidos, escola que rexenta, data de nomeamento, procedencia anterior, filiación política, cargo político que ten ou tivera, cargo sindical, cargo sindical profesional, actuación cidadá, actuación dentro da escola na súa función social[30].

E non só dos cregos senón tamén dos veciños de "recoñecida solvencia moral" se recollen os seus informes dos docentes. Temos logo, unha información exhaustiva e rápida, xa que o 24 de agosto se lle remite ao "Delegado Militar de Instrucción Pública":*"Tengo el honor de remitir a V.S. los adjuntos informes de los Srs. Curas párrocos y vecinos de reconocida solvencia moral de las distintas parroquias de este término municipal referentes a la actuación política y social de los Maestros Nacionales"*[31].

No libro de rexistro de saída de comunicacións e documentos de A Pobra do Caramiñal, as primeiras referencias á depuración dos mestres atopámola a mediados de setembro de 1936 cando xa se lles comunican as sancións impostas pola "Delegación Militar de Instrución Pública". A diferenza doutros concellos, non figura neste libro a mención sobre os informes que se deberon mandar á dita Delegación por parte do Alcalde, Delegado Civil de A Pobra, de cada un dos ensinantes no mes de agosto[32].

A falta de documentación (¿casual ou intencionadamente?) impídenos coñecer máis datos concretos, pois ou non existen ou non atopamos os "Libros Registro de salida y entrada de comunicaciones y documentos" dende o 1-03- 1937 a 4-06-1940, os de saída faltan a ta o 1- 01- 1942..

Nos primeiros días de agosto de 1936, ao igual ca en toda Galicia as outras "Delegacións Militares de Instrucción Pública", a de A Coruña, reclama, con urxencia ao concello de Porto do Son o informe político-social e profesional sobre mestres e mestras deste municipio. O Delegado Civil Alcaldía envíallo o día 12 cando xa estaban presos en Santiago, cárcere de Raxoi dende o comezo do mes, o Mestre Nacional Antonio Conde Asperot e os mestres de Ensinanza Primaria Ignacio Martínez Lanza e Gerardo Díaz Fernández, (Gerardo traballaba como oficial particular no xulgado Municipal do Son)[33].

Contra finais de agosto xa están cesados e destituídos ou suspensos de emprego e soldo os mestres sancionados. O 29 de decembro, a Alcaldía do Son comunica ao Presidente da Comisión Depuradora do Maxisterio da provincia de A Coruña, a información sobre todos os seus mestres "Remitiendo informes respecto de cada uno de los Maestros de este término municipal solicitados por aquella Comisión[34].

En xaneiro de 1939, contestando a un oficio da "Sección Administrativa de 1ª Enseñanza" da provincia, sobre

30 Libro Reg. Salida comunicaciones y documentos : 1933-1937. nº saída de 506 a 510 e 513, de 21-08-1936.- caixa 702 .- A.M. de Padrón.

31 Ibidem, nº 517, de 24-08-1936 .- A. M. de Padrón.

32 Libro Reg. Salida comunicaciones y documentos, 1933- 1937. A.M. A Pobra.

33 Libro Reg. Salida comunicaciones y documentos : 10-05-1936 a 31-12-1936.- nº 1116, 12-08-1936. La Coruña .- Delegado Militar de Instrucción Pública.- Caixa 27. A. M. de O Son.

34 Libro Reg. Salida comunicaciones y documentos: 10-05-1935 a 31-12-1936. nº 1562; 29-12-1936. Presidente Comisión Depuradora Magisterio.- Caixa Nº 27.

un dos mestres penados, di a Alcaldía: "Informando que D. Cipriano Parada Maneiro no consta haya fallecido y si ha desaparecido"[35]. Un mestre sancionado, coma outros moitos, que abandonan o concello no que exercía e procura pasar desapercibido (se non era preso ou enviado á fronte de guerra)

A represión tamén se exerce sobre escolas privadas pois o concello do Son informa á Inspección provincial de Primeira Ensinanza en agosto de 1939, desta maneira: *"Comunicando que no existen escuelas evangélicas ni laicas".*

Como xa coñecemos por Lousame, da mesma maneira ao Son se lle piden informes de todos os mestres, no mesmo mes de novembro de 1939, por parte da Comisión Depuradora do Maxisterio, de todo o período republicano. *"Remitiendo relación de Maestros y Maestras desde 1931 a junio de 1936"*[36].

A depuración retrotráese aos empezos da II República.. Nas terras do Son, encontramos, nos primeiros meses de 1937, a un mestre catalán, Estanislao Boix Guitart, fuxido de Cataluña, acosado polos anarquistas por ser da C.E.D.A. Atravesa os Pirineos, entra en Francia e consegue pasar á zona franquista e chegar a Porto do Son, dende onde solicita escola na provincia de A Coruña[37].

O 1 de abril de 1937, Estanislao toma posesión, con carácter interino, da escola de Queiruga (o seu mestre fora depurado) por disposición do Xefe da Sección Administrativa de 1ª Ensinanza de A Coruña[38].

E cando o exército franquista conquista Lleida e xa ten moi consolidado o dominio destas terras, Estanislao será nomeado mestre nesa provincia catalana: *"En el Puerto del Son, a 28 de octubre de 1938.- tercer Año triunfal.- Ante el Sr. Alcalde Presidente del Consejo Local de Primera Enseñanza, D. Emilio Lojo Tato, comparece D. Estanislao Boix Guitart, Maestro Nacional que interinamente regenta la escuela de Queiruga, en este municipio, quien, con esta misma fecha, en virtud de oficio del Sr. Jefe de la Sección Administrativa, con fecha 24 del actual, cesa en el cargo de la escuela citada por haber sido nombrado para regentar la escuela de Algerri (Lérida). Diligencia.- En realdad cesó el 5 de noviembre de 1938"*[39].

O primeiro libro rexistro de saída de comunicacións e documentos que puidemos consultar no arquivo municipal de Ribeira empeza o 28 de outubro de 1936, e o de entrada en 1938. Por outra parte a correspondencia (oficios) relativos á represión de 1936-1950, case desapareceron do arquivo (¿casual ou intenciona-

35 Libro Reg. Salida comunicacions y documentos 1-01-1939 a 31-12-1940.- nº 49; 9-01-1939.- Coruña . Sección Administativa de 1ª Enseñanza.- Caixa 27. A.M. de O Son.
36 Libro Reg. Salida comunicaciones y documentos: 1-01-1939 a 31-12-1940; nº 1842, 10-11-1939.- Coruña.- Presidente Comisión Depuradora Magisterio.- Caixa 27.- A. M. de O Son.
37 Caixa 178. Ensino Primario provincial A Coruña, 1936-1938. A. H. U. de Santiago.
38 Libro de Actas Junta Local 1ª Enseñanza: 23-11-1935 a 4-01-1939. Caixa 35-2. A. M. de O Son.
39 Libro de Actas Junta Local 1ª Enseñanza: 23-11-1935 a 4-01-1939. Caixa 35-2 A.M. de O Son.

damente?). Así pois, ao non contar cos datos directos do mes de agosto e setembro, tivemos que buscar outras fontes de información deses dous meses[40].

Contra finais de agosto de 1936, o Presidente da Comisión Xestora, delegado Civil, Antonio Fernández Salcedo, solicita dos mestres e mestras información relativa á súa filiación política, actuación sindical e afinidades ideolóxicas. O 25 de agosto envía a Alcaldía un telegrama á Delegación Militar de Instrucción Pública da provincia: "*Correo esta noche salen informes maestros, siendo causa retraso ausencia mayoría de ellos en vacaciones*[41].

E nesta mesma data comunica á dita autoridade, os informes dos escolantes: *"Tengo el honor de enviarle 32 fichas correspondientes a otros tantos maestros de este municipio (…) muchos se hallan ausentes en vacaciones y por esta ausencia me fue muy difícil adquirir datos referidos a filiaciones políticas, cargos sindicales, etc.*[42] Neste mes quedarán destituídos e cesados dous mestres.

Cando xa estaba en funcionamento a Comisión Depuradora provincial do Maxisterio, a Alcaldía, no remate do mes de decembro, contestando á petición da dita comisión, informa: *"Tengo el honor de enviarle 33 informes correspondientes a otros tantos maestros que desempeñaban el cargo de tales en este distrito al iniciarse el Glorioso Movimiento Nacional Salvador de España"*[43].

Confirmamos, unha vez máis, como todos os mestres tiveron que informar sobre si mesmos e de todos se mandou información. E a través do concello ribeirense tamén se lle transmite, a mestres sancionados noutros municipios, que residían en Ribeira, os pregos de cargos, como lle ocurriu a Amparo Portas Loureiro, mestra de Arantón, en Santa Comba, a Fernando Arca Fernández, mestre de Herbón (Padrón) e a Manuel Martínez Fernández, en Dodro, vivindo, igualmente, na mesma Ribeira.

De febreiro a maio de 1937, a Alcaldía recibe os oficios que a Comisión Depuradora provincial envía a once mestres e tres mestras (dous mestres non exercían no distrito ribeirense) para realizar a dilixencia de entrega dos pregos de cargos[44].

En marzo de 1938, a Corporación municipal toma o acordo de solicitar ao Ministro de Educación do goberno de Franco, a volta ás súas escolas de Palmeira dun matrimonio de mestres, sancionados con traslados aos concellos de Cee e Corcubión. *"Se suplica sean reintegrados nuevamente a sus antiguos destinos los maestros de la parroquia de Palmeira, D. Domingo Lorenzo Mene Trabadell y Dª Carmen Estévez Pena, que fueron trasladados a los Ayuntamientos de Cee y Corcubión respectivamente, por virtud de expediente de la Comisión Depurado-*

40 Pérez Lustres, José M. (Chenel), Pérez Besada, Xesús.- A escola na memoria. Riveira, 1906-1956.- Concello de Riveira, 2007.
41 Libro Reg. Salida comunicaciones y documentos: 25-08-1936. A. M. de Ribeira.
42 Reg. Salida de documentos: 25 - 08-1936.- A. M. de Ribeira.
43 Registro salida documentos: 28-10-1936 a 31-12-1937. Caixa 1532.- A. M. de Ribeira.
44 Registro salida documentos: 288-10-1936 a 31-12-1937. Año 1937, nº 207, 208, 210, 230, 241, 403. Caixa 1532 . A. M. de Ribeira.

Escola de nenas de Castiñeiras. Ano 1935-1936. Mestra Lourdes Padín Anido

ra del Magisterio de esta provincia de La Coruña[45] O Ministro aceptou a petición e, no mes de abril, reincorpóranse ás súas escolas de Palmeira.

Outra constancia máis da grande influencia do clero sobre o contido dos informes dos mestres, encontrámola no ano 1941, pois a Comisión Provincial Depuradora do Maxisterio remite un sobre para a súa entrega ao cura de Castiñeiras e outro para o de Ribeira. Igualmente neste ano 1941, a Comisión Depuradora Central, con sede en Madrid, e a de Coruña, dirixen comunicacións a dúas mestras de Ribeira: Mª del Rosario Jaureguizar e Elena Velón Belaunde, mestra de Ribeira en 1936.

A Comisión Depuradora do Maxisterio actúa continuamente[46]**.** En xuño de 1940, a Alcaldía eleva informes de conducta de nove mestras e tres mestres[47]**.**

A represión educativa por motivos relixiosos ofrece un exemplo moi claro e ilustrativo en Ribeira, no lugar de Castiñeiras, tanto na persoa dun mestre privado, protestante, Francisco Mariño, como en dúas alumnas da Escola nacional de nenas do sobredito lugar do que era mestra titular María Lourdes Padín Anido, de quen a Comisión Depuradora provincial volve requirir informes de conduta en xuño de 1940.

45 Registro salida documentos: 30-01-1938 a 30 -09-1938, nº 368.- 17 -03-1938.- Ministro Educación Nacional. Vitoria.- Caixa 1532.- A. M. de Ribeira.

46 Registro salida … A alcaldía eleva informes de conduta de nove mestres e tres mestras, dos que non sabemos se foron sancionados, pois ningún deles está entre os que coñecemos que foron penados nos anos anteriores, e todos menos un, estaban, a finais de agosto de 1936, en Ribeira.

47 Pérez Lustres, José M. (Chenel), Pérez Besada, Xesús.- Opus cit.

O Delegado da Orde Pública de Santiago oficia, o 11 de outubro de 1936, ao Reitor da Universidade de Santiago, deste xeito: *"Teniendo conocimiento esta delegación de que en el lugar de Castiñeiras, Ayuntamiento de Riveira, existe un maestro que se dedica a dar clase particular llamado D. Francisco Marín, existiendo también en dicha villa una maestra nacional llamada Dª Mª Lourdes Padín Anido, a cuya escuela asisten dos niñas que también son protestantes y con objeto de cerciorarme de la veracidad de tales hechos, oficié al Comandante de aquel Puesto, el que con fecha de ayer me contesta que el referido maestro Don Francisco Marín era verdad que profesaba la religión protestante por haberlo visto varias veces en unión de sus hijos a los ejercicios que se realizaban en la Iglesia protestante que existe en el referido Castiñeiras.*

En cuanto a la referida Maestra Nacional, es verdad que asisten a su escuela dos niñas que son protestantes, las que no se atrevió a expulsar por temor a que fuera objeto de represalias por parte de los padres y demás vecinos, debido al estado caótico que estaba sufriendo el pueblo en general antes de advenir el Glorioso Movimiento Salvador de España"[48].

O Reitor da Universidade tiña coñecemento deste caso antes de recibir o oficio do Delegado da Orde Pública xa que a mestra Mª Lourdes Padín llo comunicara nun oficio do cinco de outubro que entrou no "Negociado de 1ª Enseñanza.- Universidad de Santiago" o día nove. A mestra víase obrigada porque fora declarada obrigatoria a ensinanza da relixión católica: *"… existiendo en la de mi cargo dos alumnas, que no profesan la religión católica y a la que se niegan a recibir tal enseñanza, me veo en la precisión de acudir a V.E. en respetuosa consulta… a fin de si puedo adoptar una determinación definitiva que obligue a las mencionadas alumnas a recibir la enseñanza en materia religiosa o la expulsión de este centro escolar…"*[49].

O Reitorado resolve enviar, o día 13 de outubro, ao Inspector de Zona, os dous escritos: o da mestra e o do delegado da Orde Pública. E o inspector V. Castro Silva eleva o seu ditame ao Reitor, o día dezanove, con entrada na Universidade o vinte e tres: *"Es de parecer que procede autorizar a la citada maestra para que pueda dar de baja en la clase a las dos niñas protestantes en el caso de que estas no se sometan a la enseñanza confesional de la escuela actual.*

En cuanto al maestro que dicen profesa la religión protestante, procede prohibirle el ejercicio de su profesión si no está legalmente autorizado para ello o si, aún estándolo, resultan sus enseñanzas nocivas a los niños"[50].

Non temos constancia documental de se as dúas alumnas se someteron ou foron expulsadas. Si parece seguro que o mestre D. Francisco Mariño foi privado de traballar na súa profesión.*".. de haber sido entregada la comunicación que le*

48 Ensino Primario.- Comunicacións sobre asuntos e mestres da provincia de A Coruña: 1936- 1938. Caixa 178.- A.H.U. de Santiago.

49 Ibidem.

50 Ibidem.

acompañaba a D. Francisco Mariño, maestro privado de una escuela en el lugar de Castiñeiras, de la parroquia de Ribeira, de este distrito, referente a prohibirle el ejercicio de la profesión"[51].

Moi axiña, o 2 de agosto de 1936 (se está ben a data rexistrada no libro de comunicacións e documentos), antes ca nos outros concellos, en Rois, o delegado Civil dirixe ao Delegado Militar de Instrucción Pública da provincia unha comunicación sobre os mestres: *"Enviando informes de los maestros del término que no se han metido en el movimiento actual o se han informado favorablemente"*[52] Este feito sinalaría como a persecución dos mestres comezou ao iniciarse a sublevación contra a República.

Os dous primeiros mestres sancionados xa non están vivindo no concello a finais de setembro de 1936 e tampouco en 1937. Outro mestre dos depurados si recibe, por medio da Alcaldía, os pregos de cargos da Comisión Depuradora en febreiro de 1937[53]. Así mesmo, unha mestra, será inhabilitada.

Os arquivos de Dodro e Rianxo, onde, igualmente, houbo mestres sancionados, non nos achegan documentación en torno da represión do maxisterio, por desaparición (¿casual ou intencionadamente?) xa que no primeiro faltan os libros de rexistro de saída e entrada de documentos e comunicacións de 1936 a 1950; e no tocante á correspondencia, só atopamos algún oficio a partir de 1940. No municipio rianxeiro non encontramos os ditos libros no período de abril de 1935 a maio de 1939, fundamentais para o coñecemento da represión deses anos, e non existen, prácticamente, oficios dende 1936 a 1950. Por outras fontes (Arquivo Histórico Universitario de Santiago e Boletín Oficial Provincial) sabemos dos mestres represaliados, dous en Dodro e seis en Rianxo.

En conclusión, a primeira disposición oficial que coñecemos, foi publicada no B.O.P. para a represión dos mestres, o 11 de agosto de 1936, pero aprobada o día 7 *"En el plazo de cuarenta y ocho horas, todos los Subdelegados Militares de Instrucción Pública de la provincia remitirán a la Delegación Militar de Instrucción Pública de la provincia (plaza de Galicia 22, La Coruña) informe sobre todos los maestros nacionales de 1ª Enseñanza de su demarcación, con arreglo a las instrucciones que recibirán de dicha Delegación. La Coruña 7 de agosto de 1936.- El Delegado Militar, Jesús Quiroga"*[54].

Os municipios que máis rápido remiten a primeira información son os de Rois, Lousame, Porto do Son, Outes e Muros: entre o 2 e o 13 de agosto. Contra finais de mes: Boiro, Padrón e Ribeira, nos días 24 e 25. As informacións iniciais a Comisión Depuradora do maxisterio provincial efectúanse cara ao remate de decembro de 1936 e comezos de 1937. Dos mestres dos que coñecemos os seus datos, en Boiro xa son sancionados tres, antes do

51 Reg. Salida documentos: 28 -10-1936 a 31 -12- 1937.- nº 1043.- Sr. Jefe sección administrativa 1ª Enseñanza provincia de La Coruña, 30-11-1936.

52 Reg. salida documentos: 1931-1936.- nº 99.- 2-08-1936. Caixa 221. Coruña.- Delegado Militar de Instrucción Pública.- A.M. de Rois.

53 Reg. Salida documentos, 1936, nº 149 e 189 ; e de 1937 a 1938, nº 172.- Caixa 221.- A.M. de Rois.

54 B.O.P. nº 182.- 11-08-1936.- pág. 660.- Administración provincial.- Delegación Militar de Instrucción Pública. Propuestas.

envío do informe do concello, con destitución e cese (B.O:P. do 20 de agosto); en Padrón, igualmente sobre o día vinte dese mes, outro con destitución e cese, e dous en Ribeira, outrosí cesados e destituídos. Estes feitos fannos crer que a Delegación Militar de Instrucción Pública tomara a decisión antes de recibir os mencionados informes. E é moi probable que dita Delegación xa contara con informes de finais de xullo sobre os mestre que se consideraban máis perigosos

Os Alcaldes, Delegados Civís, contan, especialmente para a elaboración dos informes, coa Garda Civil, curas párrocos, falanxistas, e "persoas de orde". *Srs. Curas Párrocos del término de Lousame: Que informe dentro de 24 horas lo que le conste respecto a la conducta en todos sus aspectos de los maestros de sus respectivas parroquias. En los mismos términos el Comandante del Puesto de la Guardia Civil de Noya*[55].

Polo visto ao longo deste capítulo, os municipios desenvolverán un labor fundamental, coa súa información, na represión dos mestres, ao igual ca na exercida en toda a realidade da vida local, a través do formación de milicias locais, xunta local de liberdade vixiada, delegación Local do Padroado para a Redención de Penas polo traballo, requisas, fiscalía de taxas, esixencias da prestación persoal, expedición ou negación de salvocondutos, imposición de grande número de multas, arrestos no depósito municipal, informes dos veciños, impostos de "guerra", racionamento, comisión de clasificación dos mozos dos reemprazos (un representante militar, un de falanxe, un da Garda Civil).

3.- A CLASIFICACIÓN DOS MESTRES. O MODELO DE INFORME DA COMISIÓN PROVINCIAL DEPURADORA DO MAXISTERIO DE A CORUÑA

Franco, xa como Xefe do Estado, por medio da Comisión de Cultura e Enseñanza presidida polo monárquico José Mª Pemán, aproba, en novembro de 1936, o Decreto da creación das Comisións provinciais de depuración do Maxisterio. No B.O. do Estado de 10- 12- 1936 publica unha circular dirixida ás Comisións Depuradoras na que establece a clasificación dos mestres en tres grupos. *"Tres propuestas pueden formular las comisiones depuradoras, conforme a la orden de 10 de noviembre:*

1º .-Libre absolución para aquellos que puestos en entredicho hayan desvanecido los cargos de haber cooperado directa o indirectamente a la formación del ambiente revolucionario.

2º.- Traslado para aquellos que, siendo profesional y moralmente intachables, hayan simpatizado con los titulados partidos nacionalistas y del frente popular sin cometer acción directa ni indirecta con la sublevación comunista-separatista, y 3º.- Separación definitiva del servicio para todos los que hayan militado en los partidos del "Frente Popular" o Sociedades secretas muy especialmente con posterioridad a la re-

55 Reg. Salida documentos .- 1 - 01-1936 a 31-12-1936.- nº 296.- 23 -08-1936. A.M. de Lousame.

volución de Octubre, y de un modo general, los que perteneciendo o no a esas agrupaciones hayan simpatizado con ellas u orientado su enseñanza o actuación profesional en el mismo sentido disolvente que las informa"[56].

Xa que logo, as condutas a sancionar eran múltiples: militar ou simpatizar con partidos e sindicatos afectos á república, igualmente partidos do nacionalismo (galego, vasco ou catalán , acusado de separatista), mostrarse oposto ao "Glorioso Movimiento Nacional", pertencer á Masonería, irrelixiosidade, comportamento privado inmoral, actuación pedagóxica rexeitable, neglixencia nos valores patrióticos e relixiosos,…

No seu funcionamento, as Comisións Depuradoras estaban facultadas para redactar pregos de cargos contra os mestres sen indicar os nomes dos acusadores. *" 2º.- En los pliegos de cargos se harán constar los que a juicio de todos o algunos de los vocales resulten, pero absteniéndose de manifestar la persona o personas que lo mantengan"*[57].

Isto significaba un elemento de indefensión e de inxustiza para os mestres. Máis aínda, reparemos no seguinte punto. "4º.- Las Comisiones y cada uno de sus vocales podrán proponer sanción siempre que en conciencia crean acreedor de ella al encartado, aún en los casos en que por circunstancias especiales no haya en el expediente prueba bastante por escrito"[58]. Ou sexa, que sen probas suficientes, os membros da Comisión podían sancionar segundo a súa conciencia. ¿Pero isto non supón autorizar as Comisións para actuar arbitrariamente? Francamente, a contestación é afirmativa. E así o asegura Antón Costa Rico nun dos seus traballos de investigación. "A discrecionalidade coa que a miúdo actuaron as distintas Comisións deu azo a que se cometeran notables irregularidades en atención ás propias normas existentes"[59]. Nós coidamos que os devanditos puntos 2º e 4º da dita circular eran suficientes para que, forzosamente, se producisen esas notables irregularidades".

As Comisións Depuradoras contaron con informes dos mestres remitidos por autoridades e particulares. "Las Comisiones Depuradoras al dirigirse a cualquier autoridad o particular en demanda de informes, deberán hacerles presente la gravísima responsabilidad en que incurren para con Dios y con la patria ocultando determinados extremos, cuando no, llegando a falsear los hechos, valiéndose de reprobables reservas mentales o sentimentalismos extemporáneos"[60]. Incitación clara a informar, sen ningún reparo sobre os mestres, de calquera aspecto da súa vida privada, política, social e profesional, dende o ano 1931, é dicir, durante a II República (o que supuña punir condutas que eran totalmente legais e honradas antes do golpe de estado), como así o demostra o modelo de informe enviado pola Comisión Provincial Depuradora do

56 B. O. P. de La Coruña.- nº 288.- 15-12-1936, pág. 959. Biblioteca provincial da Deputación de A Coruña.

57 Circular da Comisión de Cultura y Enseñanza ás Comisións Depuradoras.- B.O. do Estado de 3-02-1937; B. O. P., nº 34 de 6-02-1937.- Biblioteca Provincial da Deputación.

58 Ibidem.

59 Costa Rico, Antón.- Profesores galegos exiliados e represaliados.- Grial, nº 163.- 2004.

60 Circular xa citada, de 7-12-1936, B.O. E. de 10-12-1936.

Maxisterio de A Coruña. Coñezamos o seu contido xa que tamén nos permite ver, moi concretamente, as numerosas causas polas que podían ser penados os docentes[61].

Esta información tan ampla e tan pormenorizada solicitada de autoridades e de particulares (alcaldes, párrocos, Garda Civil, Falanxe local e outras milicias, xentes de "orden", outros escolantes,…) que, nas súas acusacións sabían que non tiñan que responder ante o mestre ou mestra depurada, ocasionou un grande número de sancións, como xa antes indicamos "…e é posible que puidese chegar a dous mil o número de mestres do ensino público que sufriron algún tipo de sanción explícita en Galicia, aos que hai que engadir o conxunto do profesorado represaliado nos demais sectores do sistema educativo"[62].

4.- DE PADRÓN A MUROS: OS ESCOLANTES REPRESALIADOS

4. 1.- Mestres e Mestras

A depuración e a represión a toda clase de funcionarios do estado, das provincias, dos municipios, e aos traballadores de empresas concesionarias de servizos públicos e de monopolios (tamén nas empresas privadas se realizou) que polo seu comportamento político, social e sindical colaboraban á ruína de España, segundo os sublevados, ou se opoñían ao trunfo do "Glorioso Movimento Nacional". Francisco Franco, xefe do Goberno e xeneralísimo do exército insurrecto, ratifica esta ineludible represión, asinando

61 Atopamos dous exemplares deste documento, un no arquivo de Boiro e outro no de Muros:" ¡VIVA ESPAÑA! Comisión Provincial Depuradora del Magisterio. Como Presidente de esta Comisión, creada por el Decreto número 66 y Orden de 10 de Noviembre último, ambas disposiciones insertas en el Boletín Oficial del Estado, del 11 del mismo mes, requiero a V. para que en el preciso término de ……días, se sirva informar a esta Comisión acerca de los siguientes extremos, relativos a los maestros que, en 18 de julio último, estaban al frente de las escuelas nacionales pertenecientes a ese……

1º Conducta profesional, es decir: si asiste puntualmente a la Escuela. Si desarrolla en ella la actividad exigible a un buen maestro. Si sus alumnos adelantan en instrucción y educación. Si las enseñanzas que dan se inspiran en los dictados de un fervoroso amor a España. Si inculcaba o inculca a sus alumnos el respeto a las Instituciones básicas de nuestra civilización, tales como la Patria, la familia, la propiedad, la jerarquía de las clases sociales, etc. Si se mostraba y se muestra hostil a ellas o indiferente. Si hacía labor antirreligiosa, etc.

2º Conducta social, esto es, fuera de la Escuela, en su vida de relación. Si daba buen ejemplo público o malo. Si asistía a centros o reuniones, cuya frecuentación podía desprestigiarle. Si se relacionaba o relaciona con elementos socialmente sanos, indiferentes o subversivos.

3º Conducta particular: Si ha vivido y vive con la dignidad, al menos externa, exigible a quien, no solamente es instructor de la niñez, sino su educador, y debe ser ejemplo del pueblo.

En el caso de ser jefe de familia, manifiéstese si cumple con sus deberes de padre, esposo, etc.

4º Actividades políticas y sociales. Si militó o milita en algún partido político: cual fué. Si intervino en propagandas políticas o sociales: cuales fueron. Si perteneció, o pertenece, a alguna organización societaria, profesional, o no. Concretamente, si estuvo afiliado al Frente Popular, o a la "Asociación de Trabajadores de la Enseñanza".

Este informe se solicita de V. como…

y es obligatorio emitirlo, a tenor de las disposiciones antes citadas. El tiempo a que debe referirse es a partir del año 1931, o de la fecha posterior en que haya empezado a desempeñar la Escuela.

El hecho de que las Autoridades Supremas del nuevo Estado Español hagan obligatoria para esta Comisión la demanda de estos informes, demuestra cuanta confianza merece la dignísima clase que V. representa, a los forjadores de la Nueva España.

Al reconocerlo así esta presidencia, no hace sino una obra de justicia y está persuadida de que el informe que V. emita estará inspirado en el espìritu de abnegación, imparcialidad, justicia e independencia con que todos hemos de colaborar en la obra común de engrandecimiento de nuestra amada patria.

Dios guarde a V. muchos años. La Coruña, 1936.- El Presidente de la Comisión.

62 Antón Costa Rico, opus cit.

Alumnas de Mercedes Romero Abella

en Salamanca, o cinco de decembro de 1936, un Decreto-Lei[63].

"El Movimiento Nacional requiere como medida indispensable que todos aquellos ciudadanos que, desempeñando funciones públicas hubieran contribuido con una actuación política y social significada a que España llegara al estado de anarquía y barbarie aún padecidos por algunas provincias, sean debidamente sancionados como garantía de justicia… Artículo 1º.-La Junta Técnica del Estado y demás organismos creados por la Ley 1 de octubre último, dispondrán la separación definitiva del servicio de toda clase de empleados que por su conducta anterior o posterior al Movimiento Nacional se consideren contrarios a este, cualquiera que sea la forma en que ingresaran y la función que desempeñan, lo mismo se trate de funcionarios del Estado que de la Provincia o Municipio.

Art. 2º.- las empresas concesionarias de servicios públicos o Monopolios, separarán de sus puestos, a indicación del presidente de la Junta Técnica del Estado, a todo empleado que se considere incompatible, opuesto o peligroso para el Movimiento Nacional y a aquellos que no sirvan con eficacia o lealtad al presente régimen…"

Este decreto viña a sistematizar todo o que xa se fixera desde o inicio da sublevación nas zonas dominadas e nas que ían sometendo os franquistas. E xa que logo, aos mestres e mestras de calquera nivel educativo. O noso estudo abrangue os doce municipios, de Padrón a Muros, que conforman a parte sur da provincia de A Coruña, vencellados todos eles, a actividades mariñeiras, agrarias e mineiras, industrias conserveiras, serrerías … con forte presenza de sindicalismo da C.N.T. e menos da U.X.T, e nos que, dende febreiro de 1936, dominaba nos seus gobernos a Fronte Popular. Non é pois de estrañar que houbese mestres sancionados en todos os concellos.

63 B.O.P. A Coruña, nº 287.- 14-12-1936, pág. 955.- Administración Central.- Gobierno del Estado.- Biblioteca Diputación Provincial.- A Coruña.

As fontes básicas manexadas para saber quen foron os profesores penados forman parte dos arquivos dos concellos, do Arquivo Histórico Universitario de Santiago, da Biblioteca provincial da Deputación de A Coruña, e un algo de bibliografía[64].

Para proceder ás consideracións e análise, exporemos, primeiramente, os cadros síntese da represión dos mestres e mestras, e coñeceremos os seus nomes concretos.

1º Cadro.- Resumo xeral. Número mínimo de mestres/as sancionados

Concello	Nº Parroquias	Tot. mestres/as	Mestres/as repres	%
Boiro	8	23	5	21´7
Dodro	5	5	2	40
Lousame	7	16	2	12´5
Muros	8	-	15	-
Noia	6	-	4	-
Outes	10	22	8	36´3
Padrón	5	-	4	-
Pobra	4	-	4	-
Porto do Son	10	20	8	40
Rianxo	6	18 (1935)	6	33´3
Ribeira	9	33	11	33´3
Rois	12	-	4	-

A estas cifras habería que engadir, como posibles sancionados, aqueles mestres e mestras que enfrontaron pregos de cargos dos que non temos constancia das súas consecuencias.

64 Dos arquivos dos concellos: os libros de "Registro de salida y entrada de documentos y comunicaciones". Do A. H. U. de Santiago, os fondos de "Ensino Primario e Secundario; da Biblioteca da Deputación, os Boletíns Oficiais (B.O.) de 1936, 1937, 1938, 1939 e 1940, anos nos que aparece o groso da represión.

2º Cadro.- A represión por sexo

Concello	Mestres/as	Mestres	% total	Mestras	%
Boiro	5	4	80	1	20
Dodro	2	2	100	-	-
Lousame	2	2	100	-	-
Muros	15	11	73´3	4	36´7
Noia	4	2	50	2	50
Outes	8	5	62´5	3	37´5
Padrón	4	4	100	-	-
Pobra	4	4	100	-	-
Porto do Son	8	8	100	-	-
Rianxo	6	6	100	-	-
Ribeira	11	8	72´7	3	27´3
Rois	4	3	75	1	25
Total	73	59	80´8	14	19´2

5.- NOMES. DATOS PERSOAIS E SANCIÓNS

BOIRO

ÁLVAREZ GANTES, Rodrigo.- Mestre Nacional do Pósito de Escarabote (Lampón). Natural de Santiago. Concelleiro en Boiro ata a sublevación militar. Estaba detido en Santiago en agosto de 1936. Pertencía ao partido de Izquierda Republicana, segundo o Alcalde. Destitución e cese o 21- 08- 1936. Fusilado en Santiago o 23 -02- 1937. Solteiro, 30 anos. Seu irmán Enrique (a quen Rodrigo lle escribiu unha carta, ás catro da madrugada, no cárcere de Santiago, xa en ¿capilla?) era mestre de Carballo. Foi destituido e cesado o 17- 08-1936. Súa irmá Clarisa, mestra de Landeira, en Negreira, suspendida de emprego e soldo por seis meses, nun principio.

CABALLERO RUBIO, José.- Mestre Nacional de Triñáns (Abanqueiro). Andaluz. Concelleiro en Boiro cando estala a rebelión militar. Do partido Unión Republicana, informe do Alcalde. Detido no cárcere de Santiago. Destituído e cesado o 21 -08- 1936. Sacado unha noite do mes de outubro de 1936, por "un oficial con dous compañeiros ben armados" (Díaz Fernández, Xerardo.- "Os que non morreron"). 24 anos. Oficialmente, desaparecido. A crencia popular é que foi "paseado".

MARTÍNEZ VIREL, José.- Mestre Nacional de Escarabote (Lampón) da escola nacional de nenos, natural de Badajoz, 34 anos. Concelleiro de Boiro, actuando como Alcalde nos días do Golpe de Estado contra a República. De Izquierda Republicana, sinalaba o Alcalde. Fuxiu neses días, nunha motora, con outros homes, a Portugal. En maio de 1941 foi posto en "liberdade condicional" na prisión de A Coruña. A Alcaldía de Boiro pediu que non fixase a súa residencia na localidade.

OTERO FERRO, Manuel.- Mestre Nacional de Mieites (Cures). A alcaldía de Boiro, comunicaba contra finais de agosto de 1936. "Desempeñó unos días el cargo de concejal en el Ayuntamiento del Frente Popular… pues no asistió más que a tres sesiones por haber observado que la actuación del Concejo se dirigía a fines de persecuciones y otros inconfesables, que el fue el primero en hacer públicos y censurar acremente…" Suspendido de emprego e soldo o 21- 10- 1936. En marzo de 1937, a Comisión Depuradora do Maxisterio remítelle prego de cargos.

SAN ANTÓN BERADONA, Inés.- Mestra nacional de Cabo de Cruz, nenas. "…los vecinos del destrito escolar la juzgan socialista por dedicarse a enseñar a sus discípulos la Internacional" (informe Alcaldía). O 15-09- 1936 é suspendida de emprego e soldo, por un ano, con traslado da súa escola.

A **Julia Costa Ramos,** mestra de Bealo, en outubro de 1937, a Comisión Depuradora provincial, remítelle prego de cargos, ignorando se lle ocasionou sanción.

DODRO

LANDEIRA SÁNCHEZ, Gabriel.- Mestre nacional de San Xián de Laíño (Dodro). Destitución e cese en 27- 08- 1936 suspenso de emprego e soldo. Confirmado en 15- 09- 1936, por un ano.

MARTÍNEZ FERNÁNDEZ, Manuel.- Mestre nacional de Dodro. Destitución e cese en 27- 08- 1936. En abril de 1937, a Comisión Depuradora expídelle comunicación para tramitar polo concello de Ribeira, onde vivía. En xullo de 1940, polo Ministerio de Educación Nacional, establécese como sanción: "suspensión de empleo y sueldo por dos años, con pérdida de los haberes dejados de percibir, traslado fuera de la provincia, con la prohibición de solicitar cargos vacantes durante un periodo de cinco años e inhabilitación para el ejercicio de cargos directivos y de confianza en instituciones culturales y de enseñanza"

LOUSAME

MORENO BUISÁN, Ignacio.- Mestre nacional da escola nº 1 de nenos de Lou-

same (Lousame). O 15-09-1936 élle imposta a suspensión de emprego e soldo por tres meses, con traslado. En febreiro de 1937, a Comisión Depuradora provincial envíalle ao concello o prego de cargos que non lle poden entregar por estar ausente, incorporado ao Exército. No mes de xullo de 1940, o ministerio de Educación Nacional, imponlle o traslado fóra da provincia e a privación do exercicio de cargos directivos en institucións culturais e de ensinanza.

RODRÍGUEZ AGRELO, José.- Mestre nacional de Béxares (Lesende). Ingresou no Partido Galeguista de Rianxo, sección da parroquia de Araño, desde 1934, con 28 anos.

Primeiramente, suspensión de emprego e soldo. En febreiro de 1937, o Reitor da Universidade de Santiago, ten intención de repoñelo, sen coincidir coa Comisión Depuradora, que propoñía seguir coa suspensión. En xullo de 1940, o ministerio de Educación Nacional, aplícalle a separación definitiva no servizo e baixa na escala. Mais, en 1942, a Sección Administrativa de 1ª Ensinanza de A Coruña, oficia ao Concello preguntando sobre a depuración deste mestre.

José Rodríguez Agrelo

Ao mestre de San Martiño de Lesende, en febreiro de 1937, remésalle prego de cargos á Comisión Depuradora e en decembro de 1938, esta Comisión mándalle, á mestra de Camboño, Cándida Villoch Aller, un sobre para que asine e o devolva.

MUROS

ALONSO ASOREY, Manuel.- Mestre Nacional de Esteiro, nenos. O 21- 08-1936, impónselle a suspensión e emprego e soldo. No día 5- 09 -1936, decrétase a súa destitución e cese. A Comisión depuradora, en xullo de 1937, esíxelle que sinale cal é o seu domicilio para expedirlle o prego de cargos.

ALONSO PUENTE, Carmen Libertad.- Mestra Nacional e Esteiro, nenas. Destitución e cese, o 24-08-1936. O 27-08-1936, aparece, no B.O. provincial 196, co nome de Libertad Alonso Puente, destitución e cese.

Poucas son as mestras “paseadas” ou fusiladas, pero temos dous casos estarrecedores. A **Mercedes Romero Abella.** Natural de Cee, Mestra Nacional no barrio coruñés de Monelos, casada con Francisco Mazariego Martínez, empregado do Banco Pastor, dirixente da U.X.T. polo sindicato de Banca e Bolsa na Co-

ruña, tamén fusilado, en agosto de 1936 (unha neta deste desafortunado matrimonio vive en Asados - Rianxo)[65].

Mercedes Romero Abella

E a devandita mestra de Esteiro, Muros, Carmen Libertad Alonso Puente "Se aumentó el nombre con Libertad" (Andrés López Santalla.- "A depuración do Maxisterio e a educación pública en Galicia: 1936-1961) A Comisión Depuradora, en xullo de 1937, require a esta mestra para que comunique o seu enderezo. Para Francisco Abeijón Núñez, de Esteiro, esta mestra tiña un irmán chamado Manuel e que eran da zona de Santiago ou de Ordes. O nome de Carmen Libertad Alonso Puente figura no monolito, levantado a iniciativa da "Asociación Terra de Outes", ao pé da estrada, lugar da Coviña, na estrema de Outes e Muros.

ALVÁREZ LÓPEZ, José.- Mestre Nacional de Louro, nenos. Primeiro, suspenso de emprego e soldo. E con data 5-09-1936 foi destituído e cesado.

65 Facemos mención á mestra Mercedes Romero Abella, aínda sen estar dentro da nosa área de estudo, por ser un caso execrable de exterminio familiar e, ademais, porque o seu fillo Enrique Mazariegos Romero, a finais dos anos 50, veu de mestre para a escola de nenos de Bealo (Boiro) e casou nesta parroquia con Hortensia Vázquez Gil. Logo deixou a ensinanza, para buscar aires de liberdade, emigrou a Francia. O matrimonio reside na actualidade no lugar de Ponte Beluso, municipio boirense. Precisamente a súa única filla, Guadalupe Mazariegos Vázquez, foi quen nos facilitou os datos, que reproducimos dunha maneira concisa: "Miña avoa Mercedes era mestra na Coruña. Tiña dous fillos moi pequenos, Marisa de catro aniños e Enrique (meu pai) de tres. Primeiro mataron a meu avó, disque por ser sindicalista do Banco Pastor. Foi unha inxustiza, pero aínda foi peor o que lle fixeron a miña avoa, ¡que culpa tiña a pobre! Foi un crime terrible, levárona e fixeron con ela un escarnio, antes de matala violárona, cortáronlle os peitos, acribilárona a balazos e, por último, tirárona dunha ponte abaixo, ao río Mandeo, en Aranga. Ela non merecía ese calvario. Era unha muller boa e moi relixiosa, pero algúns tíñanlle envidia porque era a directora do Colexio de Monelos. Eran tres irmás mestras. A unha delas quitáronlle a escola, a outra seguiu traballando A familia quedou desfeita.

O avó materno morreu de pena; os dous irmáns viviron separados, dende pequeniños, criándose sen o cariño dos pais, dunha casa para outra, sen sentirse queridos. A meu pai tronzáronlle a vida. Nunca quixo comentar nada da súa desgraciada infancia nin da xuventude. Se algo sei foi a través de miña tía Marisa. Ela contoume como don Pedro Barrié (a quen miña avoa paterna lle chamaba "Perico", porque axudou a crialo de neno, pois estivo moitos anos de serventa na casa deles) non fixo nada por salvar a meu avó da morte. Bastantes anos despois, xa co goberno democrático, a condesa de FENOSA acordouse deles e ofreceulle unha cantidade regular de diñeiro, para lavar a conciencia. Papá díxolle que non quería nada, pero o alcalde de Corcubión, que era socialista, e amigo del, convenceuno de que o collera, anque despois o destinara a unha obra benéfica. Por ese tempo tamén recibiron do Maxisterio unha compensación económica. Nos anos difíciles da dictadura, cando necesitaban axuda, nunca os tiveron en conta, non os consideraban "huérfanos", nin nada; senón que máis ben os miraban mal, coma con desprecio.

Aínda hoxe, papá cando se acerca o final de agosto, data de fusilamento de seu pai, anda moi raro e nervioso, non quere falar con ninguén. Outro tanto lle pasa cando polo mes de novembro revive a desaparición de súa nai. Non pode evitalo, ponse moi triste e temos que deixalo, non hai maneira de consolalo. Tivo unha infancia moi desgraciada e eso marcouno para sempre.

A nosa interlocutora remata a exposición cunha decidida sentencia: ""Cando veu a democracia, miña prima e máis eu, xuramos que nunca na vida, votariamos para as dereitas".

BALLESTA SERRANO, José.- Mestre nacional da Confraría Marítima de Louro. O 21-08-1936, suspensión de emprego e soldo. O 5 - 09-1936, decídese a súa destitución e cese.

FERNÁNDEZ CAMBEIRO, Joaquín.- Mestre nacional de Tal. O 21-08-1936 determínase a súa suspensión de emprego esoldo.

LÓPEZ BRENLLA, Jesús.- Mestre Nacional de Louro. O 21-08- 1936, decrétase a destitución e cese. O 27 de agosto de 1936, o concello de Muros, devolve a comunicación dirixida a Jesús López Brenlla.

Antón Costa Rico noméao como un dos mestres mortos pola represión (Vieiros da escola.- Memoria do 36). Francisco Abeijón Núñez declaranos que Brenlla foi paseado o 1º de setembro, no lugar que, dende aquela , foi chamada a "corredoira do mestre", cara a Taxes, en lembranza daquel mozo natural de Santa Comba. O Ministerio de Educación Nacional dispón en xullo de 1940, a separación definitiva e a baixa na escala.

MEMBIELA RODRÍGUEZ, María.- Mestra nacional de Baño. Determinada a súa suspensión de emprego e soldo o 21-08- 1936, pero, ampliada a sanción o 15-09-1936 a destitución e cese. O Ministerio de Educación Nacional dispón, en xullo de 1940, a separación definitiva e a baixa na escala. " … "María Membiela Rodríguez en, Baño, por ensinar a Internacional… (Santalla López, Andrés .- Opus cit.)

MESEJO VÁZQUEZ, Sofía.- Mestra Nacional de Serres. O 25-08-1936, suspensión de emprego e soldo. O 15-09-1936, destitución e cese. En decembro de 1936, coa cualificación de "urgente" encontramos unha nota (Arquivo Histórico Universitario de Santiago.- Ensino Primario: 1936-1938) cunhas follas grampadas, manuscritas, a lapis vermello: "URGENTE.- Oficios para que informen a D. Pablo Roura, Subdelegado Civil de Serres, sobre maestra Dª Sofía Mesero Vázquez. A D. Benito Corbacho, de Santiago, sobre Sofía Mesejo Vázquez.

NÚÑEZ ARENAS Paulino.- Mestre de Riomayor . Destitución e cese na data do 24-08-1936. En novembro de 1937, a Alcaldía de Muros dirixe un oficio ao Presidente da Comisión Depuradora provincial con este texto: "Devolviendo adjunto sobre por no haber sido posible hacer entrega del mismo a D. Paulino Núñez Arenas, maestro que fue de Riomayor en Esteiro, por resultar que dicho individuo se ausentó del referido lugar en el 36 ignorándose su paradero".

PARDO CARMONA, Rafael.- Mestre Nacional de Baño. O 15-09-1936 ordénase a súa destitución e cese. No mes de xullo de 1940, o Ministerio de Educación Nacional decreta a separación definitiva do servizo e a baixa na escala. Certos informes que recollemos ao informar da tráxica morte de mestres da nosa zona, sitúanos na incerteza de se este Rafael Pardo Carmona é o mestre do mesmo nome e profesión que foi fusilado. (Agora sabemos que era irmán de Elvira Pardo Carmona, Mestra Nacional de Entines -Serra de Outes.

RICO LAGO, María Agustina.- Mestra de Torea. O 25-08-1936, suspensión de emprego e soldo por seis meses. Destitución e cese o 1-09-1936. A Comisión Depuradora provincial expide ao Alcalde de Muros un oficio, coa data do 14-09 -1938, para que lle entregue o sobre adxunto e llo devolva, dilixenciado. En xullo de 1940, o Ministerio de Educación Nacional resolve a suspensión de emprego e soldo por seis meses e o traslado fóra da provincia.

RODRÍGUEZ SUÁREZ, Francisco.- Mestre Nacional de Serres. Destitución e cese o 21-08-1936. O 27 de agosto, a Alcaldía de Muros comunica ao Xefe da Sección Administrativa de 1ª Ensinanza da provincia "Participándole haber entregado a los maestros comunicaciones y a las esposas de Don Francisco Rodríguez Suárez y D. José Tubío Mayo por ausencia de estos; también escritos de la misma sección declarándoles (cesantes) destituídos y cesantes definitivamente en sus escuelas…"

O xulgado de 1ª Instancia e Instrucción de Muros, o 8-01 - 1937, oficia ao Alcalde desta vila : "Ruego remita informe a si … Francisco Rodríguez Suárez, vecino de Serres, puede considerarse lógicamente responsable, directo o subsidiariamente, por acción o inducción, de daños y perjuicios ocasionados directamente o como consecuencia de oposición al triunfo del Movimiento Nacional. Por instancia del Excmo Sr. Gobernador Militar de la provincia y providencia de la Junta de Defensa Nacional".

O historiador e animador cultural muradán, de Esteiro, xa nomeado, Francisco Abeijón Núñez en xullo de 2008, infórmanos que, nos primeiros tempos da sublevación militar, este mestre estivera agachado nun convento de Galicia, pois tiña unha irmá monxa. O mesmo historiador, publica en Internet, en xuño de 2009, un traballo biográfico sobre outro mestre de Esteiro, Muros, sancionado, José Tubío Mayo, no que cualifica a Francisco Rodríguez Suárez de socialista.

Na Ponte Nova, Abelleira (Muros), Antonio Mayo Mayo, nado en 1926, decláranos que "Don Paco era natural de Abelleira e mestre de Serres que deu un mitin na escola da Pontenova antes das eleccións de febreiro de 1936. Que tiña tres irmáns e dúas irmás. Un deles cura párroco e unha das irmás monxa nas Trinitarias de Noia. Permaneceu escondido ata a súa detención. Estivo preso en Santiago e ao pouco de acabar a guerra veu para a casa en liberdade. Logo meteuse a contratista de obras".

Certamente, foi sometido a expediente de responsabilidade civil pola Comisión provincial de Incautación de bens (B:O:P: nº 112, 14-05-1937) O Ministerio de Educación Nacional, en xullo de 1940, decreta a separación do servizo e a baixa na escala.

SÁNCHEZ TORO.- Andrés.- Mestre Nacional de Bornalle (Abelleira). Sanción e cese en 24-08-1936.

SILLERO SANVICENTE.- Mª Jesús.- Maestra nacional en Madrid capital, en 1936. Mestra con carácter interino, en Lira (Carnota), en decembro de 1936, muller do mestre represaliado de Esteiro (Muros) José Tobio Mayo. O certificado

de secretario do Concello de Muros de 16 de outubro de 1936, dinos: CERTIFICO: Que examinados los antecedentes en esta Secretaría resulta que Dª. Mª Sillero Sanvicente se ha presentado en esta Delegación Civil el día ocho y catorce del mes de septiembre últimos, en virtud de lo dispuesto en el Art. 3º del decreto nº 101 de la Junta de Defensa Nacional, en concepto de maestra Nacional del Grupo Escolar "Emilio Castelar" sito en la C/ Marqués de Leis, en Madrid, por haberle sorprendido el movimiento militar en la parroquia de Esteiro, de este Ayto. de Muros, en donde disfrutaba las vacaciones caniculares. Dicha Sra . es de 49 años, casada, con residencia accidental en la expresada parroquia de Esteiro". Vº. Bº.- El Delegado Civil.- Pablo Roura.

Nun oficio do Reitor da Universidade de Santiago, de decembro de 1936, nº de saída 767 do Negociado de 1ª Enseñanza, dirixido ao Inspector Xefe de Primeira Ensinanza da provincia de A Coruña, figura este texto: "Remito a V.S. las adjuntas denuncias contra el Maestro del Pósito Pescador de Esteiro en Muros, Don José Tobío, y contra Doña Mª Silleira Sanvicente de Carnota (Muros), esposa del anterior, a fin de que después del informe reglamentario, las remita a la Comisión Depuradora correspondiente".

En xaneiro de 1938, a Alcaldía de Muros informa á Comisión depuradora: "La expresada idividua es esposa del que fue Maestro nacional de la Escuela de Orientación Marítima de la referida Esteiro, en donde, como elemento de ideas extremadamente izquierdista … públicamente que la repetida señora participó de las ideas de su aludido marido".

Non sabemos se sufriu algún tipo de sanción, pero é moi probable que a padecese.

TAJES LAGOS, Ramón.- Mestre Nacional. Veciño de Serres. Tomamos os seus datos a través de Internet, de Asturias republicana. Com "La libertad es un bien muy preciado". Maestros sometidos a Consejo de Guerra en Gijón.-

"Condena. Pena de muerte. Fusilado el 6 - 05-1937, natural y vecino de Muros, La Coruña. Hijo de Jesús y Josefa, 27 años, soltero, maestro nacional. Se incorporó en La Coruña al batallón de zapadores nº 8 y se pasó a campo enemigo por el puente de Nora en unión de otro soldado, llevándose todo el equipo; se alistó en el ejército marxista, prestando sus servicios en el Batallón "Galicia" con el que actuó en diversos frentes".

TOBÍO MAYO, José.- "Conroa".- Mestre nacional da Confraría Marítima de de Esteiro (Escola de Orientación Marítima). Determinada a súa destitución e cese con data de 21-08-1936. Fuxiu con outros, civís e carabineiros, nos bous Santa Eulalia" e "Santa Rosa", nas primeiras horas do día 26 de xullo, dende o porto de Muros, con dirección a Bilbao. O Boletín Oficial provincial de A Coruña, de 2-07-1937, publicou unha requisitoria na que aparecen as persoas fuxidas, entre elas Tobío Mayo, acusados de "rebelión e incautación de los vapores de pesca" xa citadas.

O xulgado de 1ª Instancia e Instrucción de Muros, en xaneiro de 1937, remite un oficio á Alcaldía da vila, solicitando informes deste mestre sobre as

súas responsabilidades por opoñente ao Movemento Nacional. O Boletín Oficial provincial do 29-03-1937 difunde a requisitoria para que compareza perante o xuíz Instrutor da praza de Santiago, "como supuesto autor de un delito de rebelión militar". E no mesmo Boletín o 14-05-1937 publícase un edicto da Comisión Provincial de Incautacións "sobre declaración de responsabilidad civil contra José Tobío Mayo, vecino de Esteiro, Ayuntamiento de Muros".

En xaneiro de 1938, o alcalde de Muros remite un escrito á comisión Depuradora provincial do Maxisterio de A Coruña, caracterizando a Tobío Mayo "fue Maestro nacional de la Escuela de orientación marítima de Esteiro, en donde, como elemento de ideas extremadamente izquierdistas se significó como destacadísimo propagandista y defensor del malhadado Frente Popular…"

Acudindo, novamente a Francisco Abeijón, José Tobío parece que exerceu, durante a guerra, como profesor en Cabo Rosas. Rematada a guerra, pasará a Francia, a un campo de refuxiados das Landas (Costa Oeste) e agardou a poder coller un vapor que o traslade a Santo Domingo. Pasará logo a Venezuela en novembro de 1939. Mudarase a Panamá e Chile para asentarse en Bos Aires. Tamén nos achega Abeijón información como escritor en lengua galega: "O frade das dúas almas"(novela que estivera a piques de publicarse en 1936, e que, por fin veu a luz en xullo de 2010, por inicitiva do concello de Muros, e dunha neta súa, profesora de español en Italia) e o poemario "Espiñas", na editorial Celta en 1941. En 1948, amnistiado polo franquismo, retorna a Galicia. E en 1955 ten que pasar un humillante xuízo de revisión do seu caso, para reintegrarse como Mestre Nacional. Morre en 1971.

VIDAL CAAMAÑO, Humberto.- Mestre. A Alcaldía de Muros transmite, en outubro de 1937, por petición da Comisión Depuradora, a seguinte información: "Este individuo, con anterioridad a las elecciones generales de febrero de 1936, no se observó cosa alguna que llamase la atención como izquierdista, antes al contrario, se acompañó de elementos socialmente sanos. En dichas elecciones propagó y defendió la candidatura de izquierda, llegando a segurarse que fue apoderado del candidato Suárez Picallo. Posteriormente y con motivo de la evasión de elementos del Frente Popular en unos vapores que se hallaban surtos en la bahía de este puerto, hecho acaecido en la noche del 25 al 26 de julio del citado año, el sujeto en cuestión se fugó del domcilio vagando varios días por diferentes montes y aldeas hasta que, regresado al mismo fue llamado a filas en 10 de agosto de dicho año como perteneciente al reemplazo de 1933 por este ayuntamiento".

En xullo de 1940 o Ministerio de Educación Nacional dispón: "Inhabilitación perpetua para el desempeño de escuelas a D. Humberto Vidal Caamaño, Maestro de Luaña".

Con prego de cargos, sen saber a súa resolución, Severo de Bernardo Einey; con informe de conducta; Isolina Bazarra Sánchez, mestra de Bornalle despois de xullo do 36 e Joaquín Barreiros Paradela, mestre de Baño.

NOIA

BARROS SILVA, Mª Jesús Josefina.- Mestra Nacional. Oficio do "Rector da Universidade de Santiago". Negociado de 1ª enseñanza.- Salida nº 829.- Fecha: 10 XII- 1936".- Ao Director do Instituto Nacional de 2ª Ensinanza de Noia: "Remito a V.S. las adjuntas instancias de D. Manuel Loureiro González, maestro destituído y cesante de la escuela de Barro-Noya, y de Dª . Mª. Jesús Josefina Barros Silva, maestra trasladada por sanción a la escuela de Coiro, en Laracha, con el fin de unirlas a sus expedientes respectivos".

BOTANA LÓPEZ, Ángela.- Mestra nacional de Noia, nº 1, casada con Enrique Gippini. Escoda, Mestre Nacional sancionado, do Campo das Rodas, Noia, con residencia en Santiago, C/ Pilar, nº 7. Destitución e cese o 19-08 -1936. Confirmado no Boletín Oficial da "Junta de defensa Nacional" do 21-08- 1936.. A Comisión Depuradora provincial publica, no Boletín Oficial provincial, o 26 - -04-1937, o requerimento para que indique o seu domicilio nese momento co fin de remitirlle o prego de cargos que contra ela resulta.

DE LAS CASAS BLANCO, Álvaro.- Catedrático de Xeografía e Historia do Instituto Nacional de Segunda Ensinanza de Noia. Galeguista. O 11 de agosto de 1936, o director accidental do Instituto eleva un oficio, o nº 1517, ao Reitor da Universidade de Santiago, con este texto:"tengo el honor de comunicar a V.S.I. para su superior conocimiento que el Sr. Delegado de Orden Público de esa zona de Santiago, por orden de esta fecha, se ha servido destituir del cargo de profesor de este Instituto a D. Álvaro de las Casas Blanco".

Destitución e cese oficial, o 19-08-1936. Foxe a Portugal e, dende este país trasládase a Brasil e despois a Arxentina. Membro do Partido Galeguista dende a súa creación, en 1933, fundou a Vangarda Nacionalista Galega. En Noia creou e dirixiu, no ano 1932, a asociación galeguista "Ultreya". Novelista, autor teatral e poeta. O oito de marzo de 1950 morre en Barcelona, a onde chegara dende Bos Aires. Foi enterrado en Sabucedo de Montes (Ourense)

GIPPINI ESCODA, Enrique.- Mestre Nacional do Campo das Rodas, en Noia, marido da mestra sancionada, Angela Botana López. Destitución e cese, o 19-08-1936.

LÓPEZ EZQUERRO, Félix.- Dedicado ao ensino primario privado. Afiliado a Izquierda Republicana. En xuño de 1936, o delegado Civil- Alcalde de Noia, comunica ao Reitor da Universidade de Santiago que:" Félix López ha pertenecido con anterioridad al Movimiento Salvador al partido de Izquierda Republicana y que al parecer ejerce la enseñanza sin título profesional, por cuyo motivo se ha ordenado el cierre de la escuela".

A primeiros de xullo, a información ao Reitor é máis detallada: "Participándole que Félix López Esquerro se dedicaba a la enseñanza primaria de un modo clandestino sin permiso ni título alguno que le permitiese desempeñar esa actividad, simpatizando con las doctrinas del Frente Popular y la política de Azaña, como lo demuestra una convocatoria de fecha 30

de octubre de 1935 dimanente del Centro de Izquierda Republicana de Noya, anunciando una conferencia a cargo del dicho Félix López sobre su viaje a Madrid e impresiones recogidas del mitin de Azaña por aquella fecha".

LOUREIRO GONZÁLEZ, Manuel.- Mestre Nacional de Barro. Destitución e cese o 21-08-1936. Ratificado no Boletín Oficial da "Junta de Defensa Nacional". En setembro de 1936 " se halla incorporado a filas sin poder determinar el cuerpo" A primeiros de xullo de 1940, o Ministerio de Educación acorda suspendelo de emprego e soldo por dous anos, perda dos haberes non percibidos, traslado fóra da provincia, prohibición de solicitar cargos vacantes durante cinco anos e inhabilitación para cargos directivos e de confianza e institucións culturais e de ensinanza..

OUTES

BANDÍN FIGUEIRA, Angel.- Mestre nacional de Sabardes. Natural de Asados (Rianxo). O 1-09-1936, suspensión de emprego e soldo por seis meses. Ratificada a sanción o 15-09-1936. Continuada a suspensión provisional en abril de 1937 pola Comisión de Cultura e Enseñanza da "Junta Técnica del Estado", sin perjuicio de la resolución definitiva que en su día recaiga". Na relación de mestres do concello de Outes, grampados con papeis de 1952, sinálase deste escolante: "Filiación política. Izquierdas. "Actuación ciudadana: Regular". "Actuación dentro de la escuela: Regular".

BATALLA, Amalia.- Mestra Nacional de Entines. Con data 1-09-1936, suspensión de emprego e soldo por seis meses. Corroborada o 15 - -09-1936. Na dita relación anterior, é cualificada do mesmo xeito que Angel Bandín.

En febreiro de 1939, a Comisión Depuradora provincial prosegue a súa actuación sobre ela: "Remite el sobre para su entrega a la señora maestra de San Orente, Dª Amalia Mª Batalla, devolviendo a dicha Comisión el justificante de su entrega".

BLANCO GARCÍA, Víctor M.- Mestre de Entines (San Orente). No mes de febreiro de 1939, a Comisión Depuradora, a través do Concello, envíalle prego de cargos. No mes de xullo de 1940, o Ministerio de Educación Nacional determina o traslado de Víctor dentro da provincia, prohibición de solicitar cargos en cinco anos e inhabilitación para cargos directivos e de confianza en institucións culturais e de ensino, a este mestre de Cruceiros- Entines.

PARDO CARMONA, Elvira.- Maestra Nacional de Coiradas- Entines. Irmá de Rafael Pardo Carmona. O 1-09-1936 decrétase a suspensión de emprego e soldo por seis meses, ampliada o 15-09-1936 a un ano. A primeiros de decembro de 1936, o Reitor da Universidade de Santiago reclama informes ao alcalde: "si su conducta en esa localidad ha sido antipatriótica o inmoral encareciéndole desde luego la máxima urgencia en este informe". Cualificada da mesma maneira que Angel Bandín e Amalia Mª. Batalla.

PENA CASTRO, Filomena.- Mestra Nacional de Outeiro. Do partido "Izquierda Republicana". Suspensión de emprego e soldo por seis meses, o 1-09-1936.

RODRÍGUEZ PENA, José.- Mestre Nacional de Outeiro-Roo. En 15-09-1936, destitución e cese. No mes de novembro, o Reitor solicita ao delegado de Orde Pública da zona de Santiago, "informes detallados sobre la conducta moral, ciudadana y profesional del maestro sancionado de la escuela de niños de Outeiro-Roo en el ayuntamiento de Outes, D. José Rodríguez Pena". Cualificado como de esquerdas e de regular actuación cidadá. No B.O.P. xa moitas veces citado de 8-07-1940, o Ministerio de Educación Nacional decreta a suspensión de emprego e soldo por dous anos, perda dos haberes sen recibir, traslado fóra da provincia con prohibición de solicitar cargos vacantes en cinco anos e inhabilitación para exercer cargos directivos en institucións culturais e de ensinanza.

ROMERO SONEIRA, Eugenio.- Mestre. A Alcaldía de Outes comunica, por medio de oficio, a finais de febreiro de 1937, ao Reitor da Universidade de Santiago, este informe: "La maestra de Coiradas en este término, Dª Elvira Pardo Carmona, se ausentó a esa ciudad, para someterse a tratamiento, habiendo encargado de la enseñanza a D. Eugenio Romero Sonería, que fue separado de una escuela que regentaba, como perteneciente al extinguido frente popular…"

ZUBELDÍA OLIVÉ, Francisco.- Mestre nacional de Braño-Sabardes. Destitución e cese en 15-09-1936. En abril de 1937, a Comisión Depuradora provincial do Maxisterio acorda que quede suspenso de emprego e soldo, mentres que se resolve a sanción definitiva. Caracterizado como de esquerdas, de propaganda esquerdista e de actuación regular na escola.

PADRÓN

ARCA FERNÁNDEZ, Fernando.- Mestre nacional de Herbón. Suspensión de emprego e soldo o 5-09-1936, por seis meses. En febreiro de 1937, a Comisión Depuradora provincial acorda, de acordo co seu expediente, que continúe na situación determinada en setembro de 1936, sen prexuízo da resolución final.

PUENTE CASTRO, Antonio.- Mestre Nacional de Cruces. A comisión de Cultura e Ensinanza do Goberno de Franco, resolve, en Xaneiro de 1938 " por no haber estado suspensos provisionalmente de empleo y sueldo duranter tiempo suficiente para que pueda llevarse a efecto la sanción que les fue impuesta, y estudiados de nuevo los expedientes de depuración de que se hará mérito. Esta Comisión ha resuelto rectificar las sanciones impuestas y que queden de la siguiente forma:

1ª.- D. Antonio Puente Castro, Maestro de Cruces, en Padrón … que a todos ellos sea suficiente la sanción moral de la publicación del castigo anterior, sin otros efectos.

SANTISO CARREGAL, Jesús.- Mestre nacional de Padrón. En abril de 1937, a Comisión Depuradora provincial do Maxisterio require a este mestre para que indique o seu domicilio e poder así enviarlle o prego de cargos. A Comisión de Cultura e Ensinanza, en decembro de 1937, decide suspendelo de emprego e soldo por dous meses, a partir do dito mes.

VARELA REGUEIRO, José.- Mestre Nacional de Extamundi, nenos. Destitución e cese o 19-08-1936. En Novembro deste ano 1936, o negociado de 1ª Ensinanza da Universidade de Santiago oficia á Inspección de 1ª Ensinanza de A Coruña, manifestando que mentres se tramita o expediente incoado para levantar a sanción imposta polo Delegado Militar de Instrucción Pública da provincia ao mestre da escola Nacinal de nenos de Extamundi-Padrón, José Varela Regueiro, suspenda o expediente gobernativo incoado ao referido mestre.

A POBRA DO CARAMIÑAL

CONDE ASPEROT, José.- Mestre Nacional de A Ponte-Xobre. Suspensión de emprego e soldo por un ano, datado o 15 - 09-1936. O 2-12-1936, o Reitor da Universidade de Santiago, cursa un oficio ao "Presidente del Consejo Local de Puebla del Caramiñal" comunicando que " le ha sido levantada la sanción impuesta por el Delegado Militar de Instrucción pública, ratificándole en su escuela, de la que deberá posesionarse dentro del plazo reglamentario". José Conde Asperot é irmán de Antonio Conde Asperot, mestre Nacional de Porto do Son, casado, destituído e encarcerado en Santiago e A Coruña, por ser un elemento moi activo da Fronte Popular do Son.

A Comisión Depuradora provincial, en febreiro de 1937, remítelle un prego de cargos "para contestar sobre su actuación con el Frente Popular"

LÓPEZ SÁNCHEZ, Celestino.- Mestre Nacional da Confraría de pescadores. Suspenso de emprego e soldo por un ano, o 15-09-1936. O 2-12-1936, o Reitor determina que debe ser alzada a súa sanción e reposto na súa escola.

PEREIRO GONZÁLEZ, Luís.- Mestre Nacional de Pobra. Suspendido de emprego e soldo por un ano 0 15-09-1936. O concello de A Pobra non lle pode entregar a notificación por vivir en Santiago.

A Comisión Depuradora provincial comunica ao Reitorado, o 24-02-1937, que non debe ser reintegrado ao seu cargo inda que xa cumprira a sanción imposta pola Delegación Militar. Corroborada pola Comisión de Cultura e Enseñanza ao final de marzo. En febreiro de 1938, a Comisión Provincial de Primeira Ensinanza informa que Luís Pereiro é sancionado con traslado de escola para a Confraría de Malpica.

RODRÍGUEZ LÓPEZ, J. Bautista.- Mestre Nacional de San Lázaro. Publicada no Boletín Oficial Provincial a súa suspensión de emprego e soldo por un ano o 15-09 -1936. Levantada a sanción polo Reitor o 2-12-1936, e ratificado na súa escola.

PORTO DO SON

BRIÓN ROMERO, José Antonio.- Alumno de Maxisterio. En novembro de 1939 e en xullo de 1940, a Comisión Depuradora provincial solicita, do Concello de O Son, informes de conduta deste estudante.

CONDE ASPEROT, Antonio.- Mestre Nacional de nenos, nº 1, do Son. Secretario de Izquierda Republicana de

Porto do Son, amigo e asesor do médico Juan González, Presidente do mesmo partido na vila. Nos comezos de agosto de 1936 está preso no cárcere de Raxoi (Santiago), con outros do Son. Dirixente da Fronte Popular da vila e oposto ao Movemento Nacional. Suspenso de emprego e soldo o 28-08-1936 e destitución e cese o 5-09-1936. En maio de 1940, o xefe da Sección Administrativa de 1ª Ensinanza da provincia remítelle un oficio no que lle comunica a separación do servizo e a baixa na escala. No ano 1941 está en liberdade atenuada e en agosto deste ano concédeselle a liberdade condicional do cárcere provincial de A Coruña.

GARCÍA BARROS, Fernando.-Mestre. O 30-12-1937, a Sección Administrativa d e1ª Ensinanza comunica ao Concello a sanción imposta a este mestre.

MARTÍNEZ LANZA. Ignacio.- Mestre, 24 anos, natural da parroquia de Noal, lugar de Laranga. O 7-08-1936 está detido xunto a outros veciños e posto a disposición da Autoridade Militar. Pasa ao cárcere de Raxoi, en Santiago. En xaneiro de 1937, o xuiz municipal oficia ao Concello para que se certifique, con que cantidades figura nos repartimentos de contribución por todos os conceptos. Isto supón estar sometido a responsabilidade civil. En febreiro de 1943 estase a tramitar o seu expediente de responsabilidades políticas. A Comisión Depuradora tamén actuou contra el. O cárcere provincial de A Coruña concédelle a liberdade atenuada a finais de decembro de 1940, a condicional en agosto de 1941 e a definitiva no remate de febreiro de 1942.

PARADA MANEIRO, Cipriano.- Mestre Nacional de Caamaño. No mes de xuño de 1937, a Comisión Depuradora provincial remítelle un prego de cargos. No ano 1939, o Concello do Son comunica á Sección Administrativa d e1ª Ensinanza que non sabe del e non lle consta que falecese. En xullo de 1940, o Ministerio de Educación Macional decreta o seu traslado fóra da provincia, prohibición de solicitar cargos vacantes en cinco anos e inhabilitación para o exercicio de cargos directivos e de confianza.

REGO BRIÓN, José.- Mestre Nacional de Queiruga. O 2-09-1936, suspensión de emprego e soldo por seis meses. O 1-02-1937, o Reitorado acorda que se reintegre á súa escola, a reserva do que acorde a Comisión Depuradora do Maxisterio. Pero esta Comisión, o 22-02-1937 determina que siga en suspenso, medida reafirmada pola Comisión de Cultura e Ensinanza. A mediados de febreiro de 1937 a Comisión Depuradora provincial envíalle prego de cargos. No mes de xullo de 1940, o Ministerio de Educación ditamina a separación definitiva e baixa na escala.

RODRÍGUEZ PAZOS, Antonio.- Mestre Nacional de Nebra. A Comisión Depuradora provincial do Maxisterio, en febreiro de 1937, remésalle prego de cargos. E en decembro do devandito ano comunícalle a sanción que se lle impuxo.

ROURA MARTÍNEZ, José.- Mestre Nacional da Confraría de Portosín. O 19 - -08-1936, suspendido de emprego e soldo por tres meses. A Comisión Depuradora, no mes de febreiro de 1937, acorda que debe seguir suspendido, o que o

Rafael Dieste

Reitor da Universidade ratifica en abril. O concello do Son, recibe, en maio de 1940, do Xefe da Sección Administrativa provincial de 1ª Ensinanza, notificando a separación e baixa na escala.

SAMPEDRO VENTOSO, Manuel.- Mestre. No ano 1941, o Concello do Son, remite xustificante de entrega de ser inhabilitado por un ano na escola que desempeñaba.

Ademais Fernando Fariña Barros, recibe, en febreiro de 1937, un prego de cargos da Comisión Depuradora. En xaneiro de 1938 era mestre da escola de nenos nº 1 do Son. E Josefa Morales Graíño, mestra de Resúa, a comezos de marzo de 1937, recibe, da citada Comisión, o prego de cargos.

RIANXO

BANDIN FIGUEIRA, José.- Natural de Asados (Rianxo), onde traballou como Mestre particular de Ensino Primario e Medio, tamén foi profesor de música e exerceu de practicante. Foi tachado polo réxime de "indiferente", o que lle ocasionou algún que outro transtorno na vida profesional.

DIESTE GONZÁLEZ, Rafael.- (Rianxo, 1989-Santiago, 1981) Mestre de Ensino Primario. Exerceu a carreira pouco tempo nunha academia particular, en Ribeira, onde tamén estaba o seu compañeiro de exilio Otero Espasandín. Tivo unha presencia importante nesta zona durante a II República polas actividades das Misións Pedagóxicas, como director do Teatro Guiñol, alentando as veladas teatrais, e sobre todo, fomentando bibliotecas escolares, que logo serían desmanteladas pola intolerancia do réxime franquista. Rafael Dieste tivo que exiliarse, ao final da guerra civil, en América, despois de pasar, en compaña da súa esposa Carmen Muñoz, por campos de refuxiados republicanos, en Francia.

FIGUEIRA FIGUEIRA, Florencio.- Mestre Nacional de As Miráns-Araño, de onde era natural. Contaba con 43 anos cando foi suspendido de emprego e soldo o 28-08-1936 por tres meses. En 15-09-1936, destitución e cese. A Comisión Depuradora provincial, en febreiro de 1937, acorda que continúe suspenso, situación que reafirma o Reitorado de Santiago en abril.

GARCÍA TRABAZO.- José.- Mestre Nacional de Abuín, 28 anos. O 28-08-1936, suspenso de emprego e soldo, por seis meses. O 5-09-1936, auméntaselle a

O mestre Florencio Figueira Figueira

sanción a un ano. Afiliado ao Partido Galeguista, grupo de Rianxo, o 27-05-1935.

GÓMEZ RODRÍGUEZ, Martín.- Mestre nacional de Rianxo, escola nº 1, 28 anos. O 15-09-1936, suspensión de emprego e soldo por un ano. En maio de 1932, ocupou cargo directivo na sociedade "Liceo Artístico Cultural Recreativo de Rianxo", na que dos dezasete socios fundadores, oito tamén estarán na creación da "Agrupación Galeguista", e, ademais, tres membros da Xunta Directiva da asociación estarán, igualmente, nos cargos dirixentes do partido Galeguista de Rianxo. Esta relación cos galeguistas puido ser un motivo principal para a súa sanción. En xaneiro de 1938, a Comisión Provincial de Ensinanza, determinou nomealo para a escola nº 2, de Cariño, en Ortigueira "cumpliendo los requerimientos exigibles a los maestros trasladados".

Martín Gómez Rodríguez

LOSADA CASTELAO, José.- Mestre Nacional da escola nº 2, de Rianxo, curmán de Castelao, de 44 anos. Membro fundador do Partido Galeguista de Rianxo, no mes de outubro de 1935. Sancionado con destitución e cese o 28 -08-1936. En febreiro de 1937, a Comisión Depuradora publica no Boletín Oficial Provincial o requirimento para que indique o seu domicilio, pero José, xunto a seu irmán mestre, Manuel Rodríguez Castelao, vivían fuxidos e escondidos dende os empezos da Guerra Civil. Do seu bondadoso carácter ofrecemos estes testemuños "… José é un rapaz sumamente agradable, con quen se pode falar de moitas cousas. Ten, ademais, madeira de bo galego", dicía Manuel Antonio en 1922. E Eduardo Dieste, cando coñece a tráxica morte de José, en abril de 1937, en Vigo, comenta:

"…Por esto solo, ya no ganarán la guerra porque han matado un santo".

Perseguidos el e seu irmán polos falanxistas e Garda Civil, consiguen chegar a Vigo coa intención de poder fuxir en barco. Foron protexidos na cidade pola familia de Nogueira e Isla Couto. E o infortunado día 23 de abril de 1937, inmoláronse no bou "Eva" (barco que os levaría a Francia), con outros seis homes e unha muller, logo de que os cercaran os falanxistas ao coñecer, por un suposto delator veciño do Concello de Rianxo, patrón do dito barco, que pretendían evadirse.

PÉREZ GONZÁLEZ, Rogelio "Roxerius".- Natural de Rianxo. Inspector de Primeira Ensinanza de Pontevedra, 39 anos. Curmán de Manuel Antonio. Remata a carreira de Maxisterio en 1918. Dous anos máis tarde aproba as oposicións e exercerá de mestre nacional ata que ao redor de 1933, tamén por oposición, consegue acceder ao Corpo de Inspección de Ensinanza Primaria. Entusiasta defensor da renovación pedagóxica e da galeguización do ensino. Escribe en galego, afiliado ao Partido Galeguista do que é un membro moi activo. Suspendido de emprego e soldo en setembro de 1936. O 3 de marzo de 1937, no xornal "El Eco de Santiago" co titular "Funcionarios gallegos sancionados", maniféstase: "El B. O. E. publica una orden… Otra, separando definitivamente del servicio…; don Alfonso Rodríguez Castelao, auxiliar de Pontevedra; … Inspector de Primera Enseñanza de Pontevedra, don Rogelio Pérez González.

RODRÍGUEZ CASTELAO, Manuel.- Mestre Nacional do Pazo (Rianxo), 31 anos. Curmán de Castelao. Medio irmán de José Losada Castelao. Os dous eran chamados en Rianxo os "irmáns Insua", polo pai de Manuel. Home fundamental para a fundación do Partido Galeguista de Rianxo e o concelleiro máis activo na primeira corporación da República, como portavoz da minoría republicana federal e galeguista. No ano 1934, renuncia á concellería por causa da incompatibilidade ao desempeñar a función de mestre de Instrucción Pública, pois aprobará a oposición, no tribunal de Santiago, obtendo o número 27 dun total de 244 varóns presentados.

Defende na IV Asamblea do Partido Galeguista, o 14 de abril de 1935, o relatorio "Fomento Pesqueiro". Pintor e animador cultural. Promove, na parroquia de Asados, en 1933, a organización dun grupo de teatro –xermolo do que máis tarde se chamará "Airiños" e que hoxe segue vivo. O 28-08-1936 prodúcese a súa destitución e cese, que se confirma o 15-09 -1936. A Comisión Depuradora provincial esíxelle en febreiro de 1937 comunicar o seu enderezo. Mais, xa contamos como el e seu irmán José están escapados. En xullo de 1940, o Ministerio de Educación Nacional decreta a súa separación definitiva do servizo e a baixa no corpo de mestres. A súa tráxica morte no dito bou "Eva", foi unha desgraza para o ensino e para Galicia.

QUINTÁNS CASTAÑO.- Vicente.- Mestre nacional de Rañó-Leiro, 29 anos. Afiliado ao Partido Galeguista no grupo de Rianxo, coa data do 20 de outubro de 1933, xa que logo, no intre da constitución do mesmo. O Boletín oficial provincial nº 258, do martes 15-11-1938, na páxina

Asados, 26-5-1937

781, fai público: "Ministerio de Educación Nacional. Orden Ministerial. Visto el expediente de depuración incoado a D. Vicente Quintáns Castaño, maestro de la escuela de Leiro, Aytº de Rianjo (Coruña), que fue sancionado con traslado a la provincia de Valladolid. Teniendo en cuenta que en el expediente se prueba que el Sr. Quintáns se apartó de todo organismo regionalista con anterioridad a la votación del Estatuto Gallego y que el Aytº de Rianjo ha solicitado el reintegro de este maestro a la escuela de Leiro, atendiendo al hacerlo, la petición de la madre política del interesado que invoca la sangre de su hjo muerto en defensa de la Patria. Este Ministerio ha resuelto quede sin efecto el traslado impuesto como sanción a D. Vicente Quintáns Castaño". Falece en Asados, de onde era natural, o 2 de xullo de 1942.

Nos anos centrais da II República, 1932- 33, no concello de Rianxo, ensinaron os mestres Aurelio Cruz Centeno e seu irmán Manuel. Aurelio na escola do Pazo. Manuel na de Buía. Unha testemuña oral, home rianxeiro, nado ao redor de 1915, declarounos, hai algúns anos, que na escola do Pazo, o mestre anterior a Manuel Rodríguez Castelao, Aurelio Cruz, ensináballes a cantar contra a Monarquía, o himno galego e a Internacional. Esta anécdota danos idea do compromiso republicano destes mestres. O 21-08-1936 Manuel e Aurelio, agora en Ponteceso, son suspendidos de emprego e soldo. De Manuel sabemos, que en xullo de 1940, o Ministerio de Educación Nacional decidiu a súa separación definitiva do servizo e a baixa da escala. Eran oriúndos de concello de Corme.

RIBEIRA

ÁLVAREZ, Juan Emilio.- "Este foi acusado de múltiples cargos…En 1940 accede á escola nacional de Castiñeiras, e unha vez sancionado exercerá durante algúns anos nunha escola na rúa Cristovo Colón de Ribeira, chamado Colexio Compostela… "

(Chenel e Xesús Pérez.- A escola na memoria)

BARRAL MARTÍNEZ, Elvira.- Mestra nacional da escola mixta de Vilar (Carreira). A finais de xaneiro de 1938, a Alcaldía de Ribeira comunica ao Reitor da Universidade de Santiago este texto: "Siendo varios los maestros de este distrito que fueron suspendidos durante tres meses por haber contribuído a una suscripción a favor de los hijos de sus compañeros presos con motivo de los sucesos revolucionarios de 1934 y siendo casi todos estos maestros unas excelentes personas tanto en el terreno oficial como en el particular…" O 3 de febreiro xa está Elvira Barral reintegrada como mestra propietaria da referida escola por ter rematada a sanción.

ESTÉVEZ PENA, Carmen.- Mestra nacional da escola de nenas, nº 1, en Palmeira. Muller de Domingo Lorenzo Mene Trabadell, Mestre de Palmeira, nº 1. O 15-09-1936, suspensión de emprego e soldo, por seis meses, con traslado. En marzo de 1938, a Corporación Municipal de Ribeira acorda elevar ao Ministro de Educación de Franco esta petición: … tengo el honor de elevar a V.E. instancia acompañada de certificación del correspondiente acuerdo … se suplica sean reintegrados nuevamente a sus destinos los maestros de la parroquia de Palmeira… D. Domingo Lorenzo Mene Trabadell y Dª. Carmen Estévez Pena que fueron trasladados a los Ayuntamientos de Cee y Corcubión respectivamente por virtud de expediente de la Comisión Depuradora del Magisterio de esta provincia". A mediados de abril de 1938, os dous mestres incorpóranse ás súas escolas de Palmeira.

HERRERO VALDERRÁBANO, Agapito.- Mestre nacional da escola de nenos, nº 2, de Palmeira. A mediados de febreiro de 1937, a Comisión Depuradora provincial remítelle prego de cargos. O 3 de Janeiro de 1938, o concello eleva ao Presidente da Xunta Técnica do estado franquista, escrito do mestre solicitando o indulto de sanción que lle fora imposto pola Comisión de Cultura e Ensinanza.

MARIÑO, Francisco.- Mestre privado, protestante, da igrexa evanxélica de Castiñeiras. Ao remate do mes de novembro de 1936, a Alcaldía envía, ao Xefe da sección Administrativa de primeira ensinanza da provincia de A Coruña, o oficio, coa dilixencia acreditativa de que lle foi entregada a comunicación a Francisco Mariño, "maestro privado de una escuela en el lugar de Castiñeiras de la parroquia de Riveira… referente a prohibirle el ejercicio de la profesión".

MARTÍNEZ FERNÁNDEZ, Rosendo.- Mestre Nacional de Ribeira, nº 2. O 15-09-1936, impónselle a destitución e cese. Estaba xa suspendido de emprego e soldo e nesta data auméntaselle a sanción. No mes de febreiro de 1937, a Comisión Depuradora provincial remésalle prego de cargos. ¿Irmán de Manuel Martínez Fernández, mestre de Dodro, sancionado, que vivía en Ribeira?

MENE TRABADELL, Domingo Lorenzo.- Mestre Nacional de Palmeira, nº 1. Suspensión de emprego e soldo en 15-09-1936, por seis meses, con traslado, ao igual ca a súa muller Carmen Estévez Penas. Pasou polas mesmas vicisitudes que a dona e, segundo o anteriormente

explicado, reincorpórase á súa praza en abril de 1938.

MINCHÓN MINCHÓN.- Pedro.- Mestre nacional da Confraría de Carreira. Suspenso de emprego e soldo por tres meses, ao igual cá mestra de Vilar (Carreira), Elvira Barral Martínez, pola mesma causa: axuda a fillos de mestres presos por causa da revolución de Asturias de 1934.

MOSCOSO MENE, Ramona.- Mestra Nacional da escola de nenas nº 1, de Palmeira. O concello de Ribeira, informa, en febreiro de 1937, ao Xefe da sección Administrativa de Primeira Ensinanza da provincia:" Con su atenta comunicación fecha 16 del corriente dirigida a este Consejo Local, se recibió otra para Dª Ramona Moscoso Mene, Maestra de la escuela de niñas nº 1 de Palmeira, ordenándole su reintegro a la escuela de Cumbrao, en Mesía."

SUÁREZ PAISAL, Joaquín.- Mestre nacional da escola de nenos nº 3, en Palmeira. Veciño de Ribeira. Destitución e cese o 27-08-1936. Na primeira metade de febreiro de 1937, recibe os pregos de cargos da Comisión Depuradora Provincial do Maxisterio.

VILLAR BRETAL.- Cipriano.- Mestre nacional da escola mixta de A Mámoa. Veciño de Carreira. Por seis meses suspensión de emprego e soldo, o 2-09-1936. porén, o 15-09-1936, sancionado con destitución e cese. En febreiro de 1937, a Comisión Depuradora remésalle pregos de cargo. En maio remítelle outro prego. Neste mesmo mes de maio de 1937 é inculpado pola Comisión Provincial de Incautacións: "De conformidad con lo prevenido en el artº 6º del Decreto Ley de 10 de enero del corriente año, esta Comisión provincial de incautaciones ha mandado instruir expediente sobre declaración de responsabilidad civil contra Cipriano Villar Bretal, vecino de Carreira, Ayuntamiento de Riveira, partido judicial de Noya…"

Escola de nenas Nº 1 de Palmeira, ano 1928. Mestra Carmen Estévez Penas

Escola de nenas Nº 2 de Ribeira, ano 1937. Mestra Dolores Piñeiro Corredoira

No derradeiro mes do ano 1938, a Alcaldía de Ribeira oficia ao Xuíz de Primeira Instancia e Instrución de Noia sobre a súa vida e propiedades. Isto significa que prosegue o expediente mencionado. "D. Cipriano Villar Bretal: debo manifestarle que este Sr. posee varias fincas rústicas por herencia paterna, así como la casa en que vive. Era maestro en propiedad de la escuela mixta de Mámoa … de la que fue separado por la Comisión Depuradora. Vive en compañía de la esposa que es maestra jubilada y una hija de 30 años, puesto que otro hijo varón que tenía soltero se encuentra en la zona roja".

A David Cuesta García, Antonio Domínguez de la Prieta, Ricardo Ríos Martínez e Serafina Pan Souto, en febreiro de 1937, remítelles pregos de cargos. Igualmente, a Dolores Piñeiro Corredoira, mestra na escola de nenos de Corrubedo, instrúeselle expediente. Non sabemos se foron sancionados.

ROIS

PUGA PÉREZ, Manuel.- Mestre Nacional de Rois.

Na segunda metade de febreiro de 1937, a través do Concello, a Comisión Depuradora entrégalle o prego de cargos. No mes de xullo de 1940, o Ministerio de Educación Nacional resolve sancionalo con suspensión de emprego e soldo por dous anos, con perda dos haberes deixados de percibir, traslado fóra da provincia, inhabilitación para o exercicio de cargos directivos e prohibición de solicitar cargos vacantes durante cinco anos.

SUEIRO MARTÍNEZ, Jesús.- Mestre Nacional de Costa-Leroño.

Destitución e cese o 15-09 -1936. Estaba suspenso de emprego e soldo e na referida data increméntaselle a sanción. Nun oficio urxente, solicítase do Reitorado de Santiago "Comandante puesto Guardia Civil Rois: informes sobre

conducta ciudadana y actuación política maestro de Costa Leroño, D. Jesús Sueiro Martínez."

A mediados de febreiro de 1937, a Alcaldía de Rois remite este informe:"Tengo el honor de poner en su conocimiento y a medio de informe como ampliación al enviado con anterioridad referente al maestro nacional D. Jesús Sueiro Martínez: Que dicho Sr. Sueiro, antes del Glorioso Movimiento Nacional, se manifestó públicamente diciendo que era socialista y durante el período correspondiente a las pasadas elecciones de Diputados de 1936 no se sabe haya hecho propaganda de ningún género. A raiz del Movimiento parece que mostró simpatías por el Frente Popular, y en cuanto a sus obligaciones profesionales, no atendía debidamente la escuela puesto que se dedicaba a viajar en concepto de comisionista de varias casas de farmacia y droguería de Barcelona."

TRAPOTA PAZ, Josefina.- Mestra nacional de Costa-Leroño.

Suspensión de emprego e soldo ou destitución e cese.

VAAMONDE ALCALÁ, Luis.- Mestre nacional de Vilachán.

Destitución e cese o 15-09-1936. Xa suspenso de emprego e soldo e amplíaselle o castigo. En outubro de 1936, o Reitor de Santiago solicita pedir máis informes sobre a súa conduta moral, cidadán e profesional, por mediación do tenente da Garda Civil, Xefe de liña de Padrón.

5.1.- Consideracións e análise

Insistimos en que os datos recollidos supoñen unha aproximación ao número de mestres sancionados. As cifras representarían o mínimo de penados pois poden aparecer noutras fontes. Tampouco coñecemos todo o peso das sancións impostas que tamén representaban sufrimento para as súas familias.

No mes de agosto de 1936, as sancións son asinadas polo Gobernador Civil da provincia a proposta da Delegación Militar de Instrucción Pública. A partir de setembro é o Reitor da Universidade de Santiago o que firma as resolucións con informacións da mesma Delegación Militar e outros informantes. Logo de postas a funcionar as Comisións Depuradoras, estas remitirán as proposicións ao Reitorado. A sanción definitiva acordaraa a Comisión de Cultura e Ensinanza do Goberno sublevado e logo o Ministerio de Educación Nacional. As actuacións das Comisións Depuradoras alongáronse bastante tempo e consideraron toda a II República para determinar as penas.

No conxunto dos concellos, sete dos doce estudados, nos que sabemos o total dos mestres/as que leccionaban en 1936, foi sancionado o 29 % do maxisterio.

De todos os escolantes castigados, o 80 % son mestres e o 20 %, mestras. Este feito evidencia unha maior actividade política e ideolóxica dos mestres.

Naqueles concellos con moitos mariñeiros e de triunfo da Fronte Popular nas eleccións de febreiro de 1936 é onde hai

maior porcentaxe de sancionados. Muros foi o máis represaliado.

Daqueles mestres e mestras dos que coñecemos as súas primeiras sancións concretas, con suspensión de emprego e soldo, 28 persoas; con destitución e cese, 25.

Referente á suspensión de emprego e soldo, sabemos do tempo concreto en 24 casos: por tres meses, 4; por seis meses, 8; por un ano, 9 ; por dous anos, 3.

Os mestres das Confrarías do mar de Escarabote (Boiro), Esteiro e Louro (Muros), A Pobra, Portosín (O Son), Carreira (Ribeira) foron depurados. O clima de maior actividade sindical favorecía o meirande compromiso dos mestres.

Houbo mestres que sofriron expedientes de responsabilidade civil para incautacións de bens, e de varios averiguamos que en xullo de 1940 son separados do servizo e dados de baixa na escala.

En once casos dos que pescudamos a súa idade, sete están comprendidos entre os 24 e 34 anos, un de 40 e tres entre os 43 e 49. En plena xuventude e ilusión no seu labor docente. Non faltaban exemplos de pertenza a partidos políticos republicanos e de simpatía ou a filiación ao Frente Popular: dous socialistas, catro de Izquierda Republicana, cinco cualificados de “esquerdas” e sete do Partido Galeguista. Como observamos, o galeguismo está moi presente entre os represaliados.

6.- AS CONSECUENCIAS DA DEPURACIÓN

Nesta sucinta explicación sinalamos que, nun primeiro momento, encontramos curas, e persoas con título de bacharelato, leais aos sublevados, nomeados para dar clases nas escolas dos mestres sancionados. E no labor de control militar da ensinanza, a Delegación Militar de Instrucción Pública da provincia difunde normas moi rigorosas no desempeño das funcións de mestres interinos ou substitutos: declara nulas as listas anteriores e esixe aos aspirantes a formar parte das listas cualidades tales como grande moral cristiana, fervoroso patriotismo, indubidable honradez cidadá, domicilio nos últimos cinco anos e informe detallado dos delegados Civís dos Concellos onde moran os solicitantes (Boletín oficial da provincia, do 21 de agosto de 1936). Por conseguinte todos aqueles mestres de ideoloxía republicana e simpatizantes ou afiliados aos partidos políticos declarados ilegais polos franquistas quedaron fóra do ensino

A educación mudou radicalmente con respecto da situación na República, tanto nos medios como nos valores e nos ensinantes. Un exemplo concreto desta situación calamitosa atopámolo en Rianxo, segundo as palabras do seu Alcalde, José Alcántara Santos, mestre e membro do Partido Galeguista, en 1933: “Dio cuenta de la lamentable situación en que se encuentran gran parte de las escuelas nacionales de este término municipal, unas cerradas por falta de local escuela y las otras que no funcionan por no contar con casa habitación para los señores maestros… especialmente las de Tara-

Alcántara Santos, Vicente Quintáns, Manolo Rodríguez Castelao e José Losada Castelao

goña, Araño, Asados, Fincheira y Pazo". (Sesión do 13 de xuño de 1946).

Antón Costa Rico, na súa publicación xa citada, destaca que, moitos mestres depurados, co paso dos anos, volveron ás escolas, logo de someterse ás imposicións da ditadura franquista, moi vixiados e sometidos a un exilio interior, malogradas as súas ilusións pedagóxicas e de reformas sociais. Outros, forzados a un exilio a Arxentina, México, Uruguay … participaron e promocionaron actividades culturais e formativas afectas ao republicanismo e galeguismo. A depuración das bibliotecas e libros escolares foi outra acción nefasta para a educación popular.

7.- REPRESIÓN DE PUBLICACIÓN, BIBLIOTECAS E LIBROS ESCOLARES

Ao producirse o levantamento contra a República, os dereitos humanos, democráticos, son segados de raíz polos sublevados, entre eles, os de liberdade de expresión e de asociación. Quedaron clausurados e incautados todos os centros obreiros, sedes de sindicatos e asociacións que aberta ou encubertamente significasen representación do socialismo, comunismo, sindicalismo, anarquismo, e cantas agrupacións formaban a Fronte Popular ou simpatizaban con ela; e Casinos, Centros de recreo e Ateneos das mencionadas ideoloxías.

As bibliotecas destes centros, fundamentais na formación obreira, son depurados con moito celo. *"Las bibliotecas de todos los centros clausurados serán*

examinadas, procediéndose a la quema de toda prensa, libros y folletos de propaganda de ideas extremistas, así como los de temas sociales y pornográficos y en general todos aquellos que de un modo más o menos claro encierren propaganda reñida con los principios de buena moral, así como los que combatan la religión cristiana y católica, base del sentimiento religioso del pueblo español".[66]

Neste sexto punto, as fontes primordiais encontrámolas no B.O. provincial, nos libros de rexistro, e na correspondencia dos concellos, ademais de nos documentos de Ensino Primario do A.H.U. de Santiago; (contamos cunha pequena achega de Internet).

Necesariamente, as librerías e quioscos tiñan que ser sometidos á purga máis dura, como así se fixo por parte do Goberno Civil provincial a proposta da Delegación Militar de Instrucción Pública:

"Por el presente se ordena a los dueños de librerías, quioscos, puestos ambulantes de libros, etc. establecidos en esta capital y su provincia que en el plazo de cuarenta y ocho horas a partir de la fecha de su publicación del presente edicto en el B.O, entreguen … todos los libros, folletos y revistas de carácter marcadamente comunista, anarquista o ácrata y marxista, que hagan propaganda abierta o encubierta de estas doctrinas, así como los de carácter pornográfico…". (B.O. provincial, 21-08-1936)

66 B. O. P. de A Coruña, 14 - 08 -1936, pág. 671.- Biblioteca Provincial de A Coruña.

Quen incumprise esta orde sería castigado con incautación das obras, multas elevadas e peche temporal ou definitivo do seu posto. Este mandato chega aos Concellos para que se execute. O de Lousame é o que o ten máis fácil xa que, con celeridade, o 22-08-1936, contesta que non existen nin librerías nin quioscos no termo municipal.

Culpabilizada unha parte importante do maxisterio, polos insurrectos, de envelenar a educación, unha das consecuencias inmediatas era a depuración dos libros e bibliotecas escolares. Polos nosos datos, en setembro de 1936, comezou, decididamente, esta depuración. O inspector Xefe de Primeira Ensinanza de Lugo, nun oficio ao Reitor de Santiago, o 5 de marzo de 1937, dálle conta de que:

"Con fecha 18 de setiembre de 1936, esta Inspección dirigió una circular a los Sres. Maestros pidiéndoles que en un plazo de 10 días remitiesen relaciones de libros, con especificación de títulos y autores, así de los escolares como de los que constituían el fondo de las bibliotecas existentes en las respectivas escuelas".

Xa que logo, nese mes, empezaría en toda Galicia e nas zonas dominadas polos rebeldes, de acordo coa orde de 4 de setembro de 1936 da Xunta de Defensa Nacional. No devandito oficio, o inspector explica que determinou crear unha Comisión Depuradora provincial, constituída o 7 de decembro de 1936, formada por tres membros: un vocal eclesiástico, D. Antonio García Conde, outro de Segunda Ensinanza, D. José Filgueira Valverde, e el mesmo, D. Joaquín G. Ojeda.

Estas comisións instauráronse nos concellos, como se fixo na Pobra en marzo de 1937: D. José García Liste, eclesiástico; D. Mariano Marcos García, mestre, e o Alcalde. O Boletín Oficial da provincia de Lugo, do xoves 21 de xaneiro de 1937, difunde a circular nº 10 do Goberno Civil en relación coa depuración de bibliotecas das Misións Pedagóxicas da República, o mesmo que fará o Reitorado de Santiago nas disposicións do 29 de xaneiro deste ano 1937. A circular luguesa sinala :"Por desgracia los fondos de libros escolares y Bibliotecas de Misiones Pedagógicas no sólo no respondían a un criterio cristiano y nacional de la cultura sino que revelaban un deplorable intento de disipación y una pedantesca concepción de la tarea escolar". O Reitor da universidade santiaguesa proclama:

"Diferentes disposiciones del Gobierno Nacional de Burgos se han preocupado de cortar de raiz la propaganda sectaria, antirreligiosa y comunista y, por consiguiente antiespañola, que cerca de los niños de las escuelas de 1ª enseñanza se venían realizando, ya mediante obras incluídas en las bibliotecas escolares donadas por el patronato de Misiones Pedagógicas, ya también con la divulgación de determinados textos y libros de lectura donde más o menos abiertamente se deslizaban conceptos básicos para una funesta labor destructiva".

Por tanto, as bibliotecas escolares e libros de escola habían de ser purificados ineludiblemente.

Na citada circular de Lugo, aparece unha primeira lista de libros a retirar inmediatamente:

"Cobos.- Estampas de aldea, 1935. Curros Enríquez.- Aires da miña terra. Ascarza.- Nociones de Derecho. Hillyer.- Una historia del mundo para los niños. Charentón.- La moral en la vida. Demuro.- Te voy a contar más cuentos. Larra, F. de .- Estampas de España. Lillo Rodelgo.- Juan Clemente. Morales, Mª Luz.- Algunas mujeres, Madrid, 1934. Seró Sabaté.- El niño republicano. Thomas.- Lecturas históricas".

Dous dos primeiros autores a expurgar con máis interese por parte do Reitorado de Santiago nos inicios de 1937, foron A. M. Hillyer, no seu libro "Unha Historia del mundo para los niños" e S. Hernández Ruiz, en "Historia de España". "Una historia del mundo para los niños" aparece na lista de libros prohibidos no B.O. de Salamanca do 31-08-1936. En abril de 1937, o Inspector Xefe da provincia da Coruña comunica ao Reitor que os Alcaldes informan non existen eses libros nas escolas. Non obstante si recoñece o Alcalde de Padrón, a finais de marzo de 1937, que "Una historia del mundo para los niños" foi retirado da escola de Herbón (o mestre foi sancionado) "que hace tiempo fue recogido".

A respecto da "Historia de España" de S. Hernández Ruiz, o reitor santiagués, Felipe Gil Casares, en marzo de 1937, transmite instrucións imperativas á Jefatura da Inspección:

"Habiendo llegado a conocimiento de este rectorado que en algunas bibliotecas escolares figura una "Historia de España" de S. Hernández Ruiz, libro inspirado en un espíritu manifiestamente anticristiano, y sabiendo también que

algunos maestros habían adquirido para sus escuelas ejemplares de dicha obra, intereso a V. S.- 1º - Que ordene sean recogidos y destruídos a la mayor brevedad todos cuantos ejemplares de la mencionada obra se hallen en las Bibliotecas escolares. 2º - Que se sirva remitir a este Rectorado relación de los nombres de los maestros de su provincia que adquirieron aquellos ejemplares para sus respectivas escuelas".

Esta prescrición chegaría a toda Galicia e serviría para apoñer un cargo máis aos mestres que adquiriron a nomeada obra.

O concello de Lousame executa, prontamente, o expurgo das bibliotecas escolares pois no remate de febreiro informa á Inspección da zona, recoñecendo a depuración da biblioteca das Misións Pedagóxicas.

"Remitiendo relación de obras que se entregan al Ayuntamiento procedente de la escuela de Vilar, de la biblioteca del patronato de Misiones Pedagógicas y preguntando si también debe retirarse el libro "¿Quieres que te cuente un cuento?".

O alcalde de Rois, a mediados de xuño de 1937, remite ao Reitorado de Santiago, un paquete de libros, logo das investigacións realizadas nas distintas escolas do municipio. Os títulos detállanse así: Balzac, *"Papá Curiot"; Rodolfo LLopis, "Como se forja un pueblo" ; V. M. Hillyer, "Dos historias del mundo"; Federico Enpels, "Orígenes de la familia y de la propiedad"; León Tolstoy, "Memorias"; Feder Dostoyewsky, "Crimen y castigo" ; Albert Thomas, "Lecturas Históricas".*

Os libros de Llopis, Hillyer, Engels, Tolstoy e Dostoyewsky figuran na devandita lista de Salamanca; o de Thomas, na de Lugo.

No concello de Ribeira, a censura alcanza a biblioteca municipal, a do centro "Sociedad Hijos de Palmeira" e, por suposto, as escolas.

Esta depuración esténdese na década dos corenta. En 1940, o concello de Porto do Son ordena aos mestres, por mandato da Inspección, a prohibición de varias obras de Porcel y Riera e todas as "Enciclopedias" do mesmo autor (en 1938, en agosto e setembro, a Inspección da Coruña, relaciona libros e autores a expurgar, nos Boletíns Oficiais)

En 1942, concellos como os de Lousame e Noia, trasladan ao Maxisterio, as disposicións da Inspección de vetar o libro "España es así"

("Por considerarlo contrario al espíritu del Movimiento Nacional y altamente perjudicial para la recta formación patriótica de la infancia española"). E o de Outes, en setembro de 1942, avisa os mestres sobre a suspensión da "Historia de España de la casa Barral malagueña". No mesmo mes, maio de 1943, a Inspección oficia ao concello do Son, a prohibición da "Historia de España", en todas as series de "Ediciones Barral, Juan Barguño y Compañía" e tamén "Historia del progreso humano" da mesma casa.

(Hase ter en conta que o contido dos oficios e dos libros de rexistro dos concellos recollendo estes mandatos de depuración son representativos para toda a provincia e, en termos semellantes, para toda Galicia)

Os criterios de censura, a xeito de síntese, aplicados polas Comisións Depuradoras franquistas, poden resumirse así:

a) Todos os que aparecen no índice do Santo Oficio.

b) Os que, inda que non estivesen, atentan á relixión católica, moral e bos costumes.

c) Os que sirvan de propaganda do socialismo, comunismo, anarquismo e masonería.

d) Aqueles que directa ou indirectamente ataquen a unidade da Patria española.

8.- CARTA INÉDITA DO MESTRE FUSILADO RAFAEL PARDO CARMONA[67]

"A mis queridos hermanos Pepe, Elvira y Elena y a sus respectivos hijos dejo como legado de mi memoria en los últimos momentos de mi existencia, lo que a continuación expongo:

La vida me la arrebatan en nombre de un Dios de la forma más cobarde, cruel y asesina y sin haber cometido otro delito que el de consagrar mis ideales limpios de ambición y del más leve prejuicio en beneficio de la causa de la libertad que solo los hombres de sentimiento humano pueden concebir para desterrrar de una vez y para siempre las iniquidades y diferencias que la ociosidad y el sarcasmo de otros tiempos han estampado en la historia de los seres tan dolorosos recuerdos, un verdadero torbellino de egoísmo donde la esclavitud y la miseria llegan a embargar con desolación e indiferencia los hogares de quienes todo lo producen todo lo construyen, lo edifican, en una palabra de todo el pueblo que trabaja y labora sin otras pretensiones que las de regular y humanizar la máquina societaria y por estas acuciadoras ansias e infatigables desvelos me suprimen de la sociedad los que a modo de buitres sepultan sus garras desesperadamente haciendo presa en quien pensando nunca se inspiró en derramamientos de sangre; pero ahora los disfrazados de profetas divinos en nombre de su misericordia y fe católicas invocan el nombre de Dios y de la justicia para descargar sus iras feroces sobre los que por la vida de todos sacrifican su vida propia.

¡Mezquino sacrificio cuando la causa noble y justa ensalza a los corazones que saben morir!...

… Y muero anhelando por una patria redimida de tiranías y falsedades, por una tierra libre, de seres

67 Por xentileza de Rafael Martínez Castro, e de súa nai Paz Castro Faya, adxuntamos carta e nota (inéditas) de Rafael Pardo Carmona, mestre de Baño (Muros) e membro do Comité da Fronte Popular de Santiago, dirixida a seus irmáns e sobriños poucas horas antes de ser fusilado.

conscientes e inspirados en un campo de equidad y de justicia, para que jamás en ningún tiempo vuelva a hacer presa en vuestros corazones el terror, la infamia y la vil crueldad de los que en esta hora desenvainan descaradamente la espada fingiendo una causa que solo sirve a favor de sus malvadas apetencias vertiendo y derramando la sange de los verdaderos justos como lo son nuestros leales hermanos.

Procurad, pues queridísimos hermanos y sobrinos conduciros en el más amplio espíritu de justicia y convivencia humanitaria para que el mundo extienda los brazos de paz sobre todos…

… Queridísimos hermanos y sobrinos yo me muero y solo intento poder besaros en estos momentos, lo he pedido y no me lo concedieron, quizá más tarde, os seguiré besando eternamente y unido siempre a vosotros porque me consta y sé que nunca podreis olvidar a vuestro hermano y tío que consigo os lleva.

Rafael

Cárcel de Santiago, 3 de diciembre de 1936

DERRADEIRA NOTA ESCRITA POR RAFAEL PARDO CARMONA, MEMBRO DO COMITÉ DA FRONTE POPULAR DE SANTIAGO, HORAS ANTES DE SER FUSILADO[68]:

3 Dbre, 1936/ 3 madrugada

Elvira Pardo Carmona.

C/ Santa Clara, 1- 2º. Santiago

Elvira: Procura venir a las 3 en punto que es la hora concedida.

La suerte no me quiso acompañar al parecer, porque la justicia sobrada la tengo acariciando mi conciencia y esto debe llenaros de satisfacción, tranquilidad y serenidad como las que a mi me acompañan y acompañarán siempre. Abrazos

Rafael.

9.- BIBLIOGRAFÍA

Costa Rico, Antón.- Profesores exiliados e represaliados. GRIAL, nº 163.- 2004.

Juliá, Santos; e outros.- Víctimas de la Guerra Civil. Madrid, Ediciones Temas de hoy, 2006.

Morente Valero, Francisco. La muerte de una ilusión.

Pérez Lustres (Chenel), Pérez Besada, Xesús.- A escola na memoria. Riveira, 1906-1956.- Concello de Ribeira, 2007.

Santalla López, Andrés.- A depuración do Maxisterio e a educación pública en Galicia. 1936-1961, en "A represión franquista en Galicia". Actas da memoria, Narón, 2003.

WWW. represura.es.- 1 -06-2006.- La guerra civil española y el mundo

68 Parece ser, segundo os informantes aludidos, que Elvira Pardo Carmona, mestra sancionada de Entines (Outes), non recibiu a tempo a nota de seu irmán Rafael, para ir despedilo ao cárcere de Raxoi, "tivo que conformarse con velo pasar na camioneta por diante da súa casa de Santa Clara, ao pé da estrada da Coruña, rumbo a Boisaca, onde sería fusilado, con outros compañeiros de infortunio".

del libro: censura y represión cultural (1936-1937).

A Tenencia de Boiro

Carmen Vázquez Dieste

Os lazos entre a península do Barbanza e a Igrexa ou, o que é o mesmo, o Señorío de Santiago, remóntanse case aos inicios da Historia Compostelá; concretamente no ano 934, segundo Barreiro Somoza, o rei asturiano Ramiro II doa ao Señorío de Santiago o Dominio xurisdicional do "Commisso de Pistomarcos", ou Condado de Postmarcos, que se estendía por toda a península do Barbanza.

Isto prodúcese no contexto de formación dos primeiros reinos cristiáns no norte da Península Ibérica, fronte ao poder musulmán establecido no resto de territorio peninsular.

A partir de aquí, a ese dominio xurisdicional, ou dereito a impartir xustiza, unirase o dereito de propiedade da terra en importantes zonas do Barbanza; neste contexto, o Cabido rivalizará co arcebispo compostelán, como veremos máis adiante, e formará tenencias coa intención de administrar os bens doados polos seus fieis, en territorios dos actuais concellos de Noia, Lousame, Rianxo ou Boiro.

Así nacen as tenencias de Sabordes y Leiloyo en Noia, a de Argalo en Noia e Lousame, as de Dona Mayor Rodríguez e a de Dona Mayor Patiño, e a de Juan González de Otero y Asados en Rianxo; e a Tenencia de Santa Baia de Boiro, que chegou a estenderse pola maioría das parroquias que conforman o actual concello de Boiro.

As tenencias foron sistemas de propiedade creados polo Cabido para administrar os numerosísimos bens cos que se foi facendo ao longo do tempo, remontándose a súa orixe, como nos conta Pérez Rodríguez na súa obra *El dominio del Cabildo Catedral de Santiago de Compostela en la Edad Media*, ás últimas décadas do século XII.

Estaban integradas por bens de distinta orixe e calidade, tendo en común o feito de estaren situadas nunha área próxima, ben nunha mesma parroquia, ou ben en parroquias limítrofes. Aínda que hai que indicar que tamén existen tenencias, como a do Hórreo, en Santiago de Compostela que, excepcionalmente, espallaban a súa influencia por freguesías de toda Galicia.

Os bens das tenencias sacábanse á poxa para fixar o arrendamento anual que pagaría quen finalmente se fixese con eles, xeralmente de forma vitalicia. Esta situación formalizábase cun contrato que lle outorgaba amplos poderes na administración ao arrendatario, tamén denominado tenenceiro deste patrimonio capitular, aínda que non residía na sede da tenencia, e cedía a súa administración a un mordomo.

Establecer a orixe das tenencias é complicado, posto que a procedencia dos seus bens pode ser moi variada; pero, con todo, nunha clasificación moi xeral, podemos falar de dous grupos fundamentais: aquelas que posúen un nome que recorda o personaxe ou personaxes que a crearon, do que temos exemplos no Barbanza, citados anteriormente; e un segundo grupo, formado por aquelas tenencias coñecidas polo nome do lugar ou a parroquia onde están situadas. A este último grupo pertence a tenencia de Santa Baia de Boiro, da que imos tratar de

facer unha análise dende os seus inicios ata a súa desaparición.

A súa orixe remóntase, moi probablemente, ao século XIV, concretamente no ano 1345, cando o arcebispo D. Pedro, probablemente Pedro V, efectúa un cambio co Cabido (non esquezamos que son dous poderes paralelos dentro do contexto da Igrexa compostelá); este cambio consistiu na cesión por parte do arcebispo ao Cabido do coto de "Santa Baya" a cambio doutros no bispado de Tui. Polo tanto, xa non é o señor do coto o señorío de Santiago; isto é, o arcebispo, o que ten a partir deste momento o dominio xurisdicional nesta zona de Postmarcos, senón a mesa capitular ou Cabido.

Moi preto destes anos, crearase a Tenencia de Boiro, posto que no "Tumbo III de tenencias" consultado, no período que vai de 1352 a 1464, aparecen recollidas as propiedades da nosa tenencia e o nome dalgúns daqueles primeiros tenenceiros, como Joao Paris e Gonsalvo Sanches, que pasan a ter "todo el dominio señorial y temporal del couto y feligresía de Santa Baya".

No ano 1446, temos noticia de que recibe a doazón dos bens que nesta zona posuía un banqueiro de Santiago, don Pedro Leyteiro, e a súa dona Constanza Ares; bens situados non só en Santa Baia, senón tamén en San Vicenzo de Cespón e en Comoxo, co cal a Tenencia comeza a ampliar os seus bens polas xurisdicións limítrofes (Rianxo, Noia e Goiáns).

O dominio xurisdicional implicaba o poder. Non esquezamos que este dereito, recollido no libro da Tenencia, implicaba non só a xurisdición civil e criminal, senón tamén o dereito de nomear o xuíz por parte do tenenceiro. Este xuíz tamén tiña entre as súas funcións a de facer "Pertegueiría"; é dicir, o dereito a cobrar un imposto de vasalaxe a cada veciño, para o dono da xurisdición. Por iso, non é de estrañar que aquela cesión entre o arcebispo don Pedro e o Cabido non estivese exenta de problemas douscentos anos máis tarde, cando, segundo temos documentado, no ano 1540 prodúcese un preito entre o arcebispo D. Pedro Manuel e o Cabido sobre a xurisdición do coto de Boiro.

Outros dereitos da Tenencia eran "día de servicio de maya", polo que todos os labradores da freguesía de Santa Baia tiñan que aportar un día de malla e outro de servizo. Ademais, estaban obrigados a levar á "eira da tenencia" todos os décimos de trigo, centeo, liño, cánabo, etc. E o cura da parroquia tiña que ir alí buscar a "tercia parte" que lle correspondía.

En relación con esta carga, sabemos que os vasalos de Boiro trataron de opoñerse, posto que encontramos unha executoria da Real Audiencia, fechada en 1518, a favor do Cabido, e pola que os campesiños de Boiro tiñan que cumprir co día de malla para o tenenceiro. Non foi este o único intento de opoñerse á forte opresión que exercía a Igrexa, pois que atopamos con litixios contra vasalos por ocultacións, e non querer pagar vasalaxe, como a sentenza de 1558 que obriga a estes vasalos de Boiro a pagaren.

Cobraba, ademais, o tenenceiro unha parte importante dos beneficios da parroquia de Santa Baia, de San Salvador

de Comoxo, e a metade dos décimos da freguesía de Cures. A isto hai que engadir todas as rendas e foros das terras que posuía por doazóns dos fieis ao longo dos séculos, e que se estendían desde Fontecova, na parroquia de Cespón, pasando por Cimadevila, Sealo, Mosquete, Loxo, Pazos, Boliña, Brión, Brazos, Loureda, e moitos outros lugares das parroquias do actual concello, que poden axudarnos a facernos unha idea do poder que o Cabido tiña nesta terras, nas que competía co señorío de Goiáns.

Neste contexto sitúase o conflito que en 1764 enfrontou ao señor de Goiáns e Romelle co Cabido compostelán pola pesca no treito do río e seca de Goiáns, pegado ás murallas da horta e territorio do pazo, que a xustiza dirimiría denegando a unha e outra parte tal beneficio. Todo este mundo tiña como punto de referencia "A casa da Tenencia", lugar onde residía o Mordomo, escollido polo tenenceiro, e desde onde se organizaban todas as actividades económicas e xudiciais que lle correspondían.

Tanto no arquivo universitario como no catedralicio, consérvanse "Memoriais" que realizaban un inventario dos bens que tiña a Tenencia no momento de cambiar de mans.

No memorial de D. Antonio Senlle, iniciado no ano 1736, cóntasenos como era esa casona, situada no corazón da parroquia boirense, que describe como unha casa e torre con bodega, cortes, horta, viñas de máis de cincuenta xornais, devesas e prados de cincuenta ferrados en semente, cárcere e prisións, coa Ermida de San Salvador, ermida que nos recorda a de San Salvador de Comoxo, únicas con este patrón, e que nos remonta de novo aos inicios da cristianización no Barbanza.

A extensión desta casona debía abarcar unha parte importante do núcleo urbano da actual vila de Boiro. De feito, hoxe en día, e grazas á colaboración e ao testemuño dos nosos maiores, estes recordan como os seus pais lles teñen contado a existencia dun muro que cerraba esta horta, e que desde o cruceiro do *Currillo* chegaba preto da praia, polo sur, e polo leste á altura do complexo deportivo da Cachada, subindo pola corredoira de Rañó ata a actual casa da Tenencia. De feito, podemos comprobar que, a pesar das novas construcións por toda a área, pódense apreciar restos dese muro, e un gran depósito de auga que servía para regar todas as fincas, xunto cun lavadoiro e unha fonte que aínda recorda moita xente.

A descrición da casa que nos fai a Señora Ermitas "da Tenencia", recórdanos como na entrada principal existía un gran patio cunha escalinata e un balcón ao estilo dos pazos rurais dos séculos XVIII-XIX en Galicia, e que ten certa similitude cun plano de Ferro Caaveiro, extraído do artigo de Miguel Taín Guzmán sobre informes dos cóengos visitadores de Facenda, e dos aparelladores e mestres de obra da Catedral de Santiago, do século XVIII.

Imaxinamos que esta casona foi mudando ao longo dos séculos, adaptándose aos cambios e ás necesidades prácticas dunha casa rural, ata chegar ao século XIX en que alcanza o seu máximo esplendor, así como o inicio da súa deca-

dencia, ata as pésimas condicións en que hoxe se encontra.

Como conclusión, diremos que a Tenencia de Santa Baia de Boiro chegou a ser, ao longo da Idade Moderna e os inicios da Contemporaneidade, un poder máis que importante nesta zona do Barbanza. Temos que situarnos na segunda metade do século XIX para vermos como a posta en marcha do proceso desamortizador acabaría por espallar os seus bens, marcando o inicio da súa definitiva decadencia.



Plano da sede rural dunha tenencia, extraído da obra de Taín Guzmán, Miguel. Artigo: "Los informes de los canónigos visitadores de hacienda y de los aparejadores y maestros de obras de la Catedral de Santiago en el siglo XVIII"

BIBLIOGRAFÍA E FONTES

Arquivo da Catedral de Santiago:

Barreiro Somoza, José : *El Señorío de la Iglesia de Santiago de Compostela (siglos IX-XIII)*, Excma. Diputación provincial de La Coruña.

Pérez Rodríguez, Francisco Javier: *El dominio del Cabildo Catedral de Santiago de Compostela en la Edad Media(siglos XII-XIV)*, Tórculo Edicións, 1994.

Taín Guzmán, Miguel. Artigo : "Los informes de los canónigos visitadores de hacienda y de los aparejadores y maestros de obras de la Catedral de Santiago en el siglo XVIII".

Taín Guzmán, Miguel. Artigo: "Planos de Tenencias del Cabildo de la Catedral de Santiago dibujados por sus arquitectos (siglos XVIII-XIX)".

Simboloxía dos elementos ornamentais dos hórreos da península do Barbanza

Manuel Mariño del Río

Os hórreos son unhas das construcións adxectivas máis importantes da casa labrega. Foron construídos para que neles se almacenase e secase o gran que se empregaba durante o ano.

A orixe dos hórreos non está moi clara. Algúns autores din que existen desde os tempos prehistóricos. Autores romanos falan xa de graneiros suspendidos ou elevados. A primeira documentación escrita aparece nun documento de compra do Mosteiro de Sobrado do século XII-XIII e a primeira representación gráfica aparece no século XIII na Cantigas de Afonso X. Ata o século XV os hórreos eran de uso comunal.

Xurdiron da necesidade de almacenar e conservar en graneiros as colleitas, protexidas das choivas, da humidade e do ataque dos roedores, que deron lugar á aparición dunha grande variedade de construcións anexas e auxiliares que o tempo converteu no símbolo da arquitectura rural galega[1]; os anteditos hórreos.

Dicía Castelao no seu libro *As cruces de pedra na Galiza* que se trataba *dunha construcción equilibrada e armoñosa, que forma parte do casal labrego e sirve para secar e conservar os froitos da colleita anual.* [2]

Hórreo da Igrexa de Xuño. Porto do Son

Identifícase o hórreo coa presenza do millo, pero, como ben apunta Begoña Bas[3], hai xa testemuños que garanten a

[1] REY INSUA, Lucía. *De hórreos e pendellos* en *Labregos, gandeiros e feirantes*. Col. Las gentes, da Gran Biblioteca Temática de Galicia. Edit. Ea. A Coruña , 2006. Páx. 36

[2] RODRÍGUEZ CASTELAO, Alfonso D. *As cruces de pedra na Galiza*. Edit. Akal. Madrid, 1990. Páx. 94.

[3] BAS, Begoña. *As construccións populares: Un tema de etnografía en Galicia*. Edicións do Castro. Sada (A Coruña), 1983. Páx. 85.

existencia de hórreos antes da introdución do millo.[4]

Os hórreos da bisbarra do Barbanza, carecterizada por unha persistente humidade, sempre tiveron unha finalidade específica que é a de gardar e secar o millo. A súa forma rectangular, as regandixas de ventilación, o estaren levantados sobre o chan, a súa orientación para tirar proveito dos ventos, son características que xustifican a súa finalidade.

Estes hórreos, como os de toda Galicia, teñen un momento de aparición descoñecido, e sobre esta cuestión hai moitas hipóteses formuladas por diversos autores.

Elementos construtivos dun hórreo



Hórreo en Soutelo. Lousame

Non imos deternos nos elementos construtivos nin nos diferentes tipos de hórreos. Neste senso abondarán unhas breves notas descritivas para logo afondar nos elementos ornamentais do teito do hórreo e a súa simboloxía. Para iso, referirémonos aos hórreos dos concellos desta bisbarra que, maioritariamente, se agrupan no chamado tipo "Noia".

Elementos construtivos dos hórreos de Barbanza

Estes hórreos teñen planta rectangular, alongados e estreitos pero, en xeral, máis curtos ca outros tipos de Galicia.

A súa estrutura vai moitas veces sobre unha soleira de pedra que serve para buscar o nivel dun terreo en pendente; outras vai sobre os muros de peche das fincas; pero a miúdo vai elevado directamente sobre o terreo e nel sobre os pés que son os soportes máis estendidos. Estes postes son máis baixos, grosos e cadrados, biselados nas arestas, dándolles apariencia ochavada. Non son tan numerosos e van separados. O seu número depende da lonxitude do hórreo; poden ser de catro ou seis pares de pés pero en casos excepcionais mesmo dun número superior. Nalgúns hórreos a cámara pode ir suspendida das cepas, muros transversais que levan a mesma anchura que aquela, realizadas en cantería ou cachotería, ou tamén sobre celeiros que con-

[4] No citado libro, páx 87, cita referencias documentais a partir do ano 867. Seguindo a García Álvarez (1967) fai referencia a documentos dos séculos XII, XIII, XIV e XV.

sisten en catro muros do mesmo material que pechan o espazo que vai situado por debaixo da cámara, que adoita aproveitarse como almacén.

As catro paredes están constituídas por fiadas de perpiaños alongados, ben traballados e dispostos horizontalmente, de maior altura que outros, cos costais

Hórreo en Cures. Boiro

Os soportes do hórreo, na súa parte superior, rematan nuns tornarratos que son pezas de forma circular, base chá e de pouco espesor, que están deseñadas para evitaren o acceso dos roedores á cámara.

A cámara é o elemento central do hórreo. Está constituído totalmente de cantería. A estrutura que pecha a cámara é un esqueleto armado cun número de columnas case igual ao de pés. Estas columnas únense na parte inferior por un conxunto de pedras chamadas soleiras, e na superior por outras chamadas padieiras, onde repousa a cuberta.

e penais pechados por pezas dispostas horizontalmente que deixan entre elas unhas regandixas dispostas tamén horizontalmente, co que se consegue unha perfecta simetría. Van dispostas en series horizontais, inclinadas cara fóra para impedir a penetración da choiva, pero permitindo a aireación da cámara.

Os costais levan unha disposición pétrea similar ás paredes frontais. Na parte alta poden ir enfeitados cuns medallóns ou floróns esculpidos.

O piso da cámara pode estar constituído por grosos taboeiros ou lousas de granito.

A porta de acceso á cámara vai situada nos costais ou na fronte, case sempre cara ao lado da vivenda. Para chegar ata ela buscáronse dúas solucións. A primeira, a través de chanzos de pedra formando unhas escaleiras, ou ben situando unha escada de madeira que se garda debaixo do hórreo, colgada entre dous pés.

O tellado é a dúas augas. Leva unha sobrepena e un aleiro pouco saínte.[5]Aínda que excepcionalmente poden estar cubertos totalmente con lousas de pedra, case a totalidade dos hórreos desta zona están cubertos de tella do país.

Elementos decorativos dos hórreos de Barbanza

Como ben sinala Ignacio Martínez, por elementos ornamentais do hórreo debemos entender aqueles que teñen unha finalidade puramente decorativa e ningunha utilidade práctica, que polo tanto adornan o hórreo contribuíndo, coa armonía e a graza das súas proporcións, a aumentar a súa beleza.[6]

Talvez porque a función exclusiva do hórreo é a almacenaxe do cereal que representa o pan da casa ata a próxima colleita e o premio ao labor de todo o ano, e

Detalle con reloxo n´A Fialla. Noia

Elementos ornamentais de hórreo en Brazos. Boiro

Sobre as sobrepenas do teito dos hórreos, asentadas en bases prismáticas ou troncopiramidais elévanse os remates, sinxelos ou ornamentais, xeralmente un sobre cada penal. Nos hórreos de máis número de pés poden levar dous ou tres elementos decorativos en cada penal. Sendo os pináculos e as cruces os elementos máis estendidos.

que perdura cun remoto sentido mítico da fecundidade, a el vai ligado escuramente un significado que trascende a mera utilidade dos graneiros e a súa concepción e realización son obxecto de esmeros especiais.

De feito, en contraste coa extrema rudeza, simplicidade e pobreza dos restantes edificios anexos da casa labrega, e in-

[5] MARTÍNEZ RODRÍGUEZ, Ignacio. *El hórreo gallego*. Fundación Pedro Barrié de la Maza. A Coruña, 1999. Páx. 287.

[6] MARTÍNEZ RODRÍGUEZ, Ignacio. *El hórreo gallego*. Ob. Cit. Páx. 162.

clusive das propias vivendas, os hórreos distínguense e sobresaen notablemente, non só polo seu aspecto xeral, a singularidade da súa estrutura, solidez, simetría e perfección, como construción elaborada e complexa, senón moito máis lonxe, pola harmonía das súas liñas e proporcións, e pola riqueza e profusión de elementos ornamentais, constituíndo sempre unha nota diferente e coidada do conxunto da paisaxe construtiva rural.[7]

aínda que estes tamén poden ir abeirados nos costados.

Pero é que, ademais, o hórreo pode ir enfeitado nas capas, tratadas cunha gran variedade de formas, das padieiras das portas onde pode levar esculpidos símbolos relixiosos, adornos florais, ano de construción, ou o nome do seu propietario. Máis aínda, os elementos decorativos dos hórreos non se reducen aos que van

Hórreo da Igrexa de Queiruga. Porto do Son

Os hórreos, co paso do tempo, convertéronse nun símbolo de ostentación do propio labrego. Por iso, ademais dos seus elementos construtivos, reciben con relativa frecuencia un tratamento ornamental. Así, sobresaen os elementos para reforzar a seguridade da cuberta, substituídos por cruces, remates cónicos ou prismáticos. Nalgúns casos, poden ir acompañados de elementos máis complexos como animais e mesmo cuadrantes (reloxos),

nas distintas pezas da construción, xa que cobra especial importancia a introdución de elementos ornamentais alleos por completo á función utilitaria do edificio, como é o caso das cruces e os pináculos da cuberta.

Os remates soen ir directamente pousados no cume das sobrepenas e, nos casos máis complexos, cando levan tres elementos decorativos, preto das beiras das mesmas. Os elementos decorativos das cubertas máis representados son:

[7] DIAS, J., VEIGA DE OLIVEIRA, E. E GALHANO, F. *Espigueiros portugueses*. O Porto, 1963.

1.- A cruz. As cruces son os elementos ornamentais máis estendidos. Apoiadas en bases prismáticas de pouca altura, ás veces enfeitadas con diversas molduras; estas ofrecen numerosas e variadas formas, desde as solucións máis simples ás máis traballadas mostras ornamentais do barroco galego. Nalgúns casos, mesmo aparecen acompañadas de elementos aínda máis complexos que os propios pináculos, as representacións de animais, figuras antropomórficas, reloxos de sol, etc.

Remates en cruz



Detalle de remate n´A Agra, Xuño. Porto do Son

A cruz non é tan frecuente como xeralmente se cre. Hai moitos tipos de hórreos que non levan cruz ningunha. Nalgúns casos, non moi frecuentemente, as cruces son dúas, unha en cada lado dos penais. En moitos hórreos podemos observar unha cruz colocada no punto medio da aresta culminante do tellado.

A cruz apoia xeralmente sobre unha peaña de pouca altura, case sempre cuadrangular, pero algunhas veces é esférica e, en moitos casos, en forma complicada con molduras diversas. A cruz é correntemente sinxela pero, ás veces, vai ornamentada imitando as empregadas nas igrexas. Xa Castelao dicía que é sempre a mesma cruz latina sinxela, desprovista de enfeites, pero nalgúns lugares os canteiros deixaron en liberdade a súa imaxinación.[8]Así, queda claro o seu barroquismo cando levan adobíos como círculos sinxelos enmarcándoa, ás veces con raios a xeito de sol, aos que algún autor tilda de alusión eucarística ao ser o lugar onde se garda o gran para facer o pan.

Pode afirmarse que case a metade dos hórreos non levan cruz. No tipo Noia a porcentaxe aumenta un pouco, sendo difícil que non leve alomenos unha. Hai moitos tipos que non levan terminais; pero aínda entre os que os levan non sempre figura a cruz, xa que en moitos tipos de hórreos son de forma piramidal ou doutras.

[8] RODRÍGUEZ CASTELAO, Alfonso D. *As cruces de pedra na Galiza*. Ob. Cit. Páxs. 95-96.

Obsérvase que nos hórreos de madeira predominan os tipos que non levan cruz, e nos de pedra, pola contra, os que si a levan. Nos mixtos e nos de albanelería atópanse os dous casos sen marcado predominio de un nin do outro.

2.-Remates piramidais. Os remates piramidais, ou pinaculares, máis ou menos sinxelos ou complexos, van colocados sobre os dous vértices penais, segundo que leven ou non a cruz na parede testeira ou que esta vaia no punto medio da aresta. Son os casos máis correntes.

O remate piramidal dos hórreos é tan constante na súa presencia como na súa feitura, e a cruz que se emparella con él non ocupa un lugar de preferencia, polo que é obrigado recoñecer que se trata dun elemento simbólico, dunha invocación a calisquera deidade xa desaparescida do noso ceo; pero que deixou ronsel no subconsciente místico das xentes de aldeia que trasegaron do paganismo ao cristianismo as eternas arelas de fartura e fecundidade. Así, pois, nós vemos no remate piramidal e na cruz dúas formas diferentes dunha mesma demanda. O remate que fai compaña â cruz no cume dos hórreos é, coma se dixéramos, un prego feito ao Fillo de Deus nun lingoaxe ancestral i hermético, rutinariamente repetido[9].

Nos hórreos moi ornamentados, as cruces son dúas, unha en cada pinche penal, pero un destes pode levar dous remates piramidais a un e outro lado da cruz, nos extremos das sobrepeanas. Nos hórreos de construción moi esmerada, estes remates van enfeitados con formas moi decorativas.



Remates pinaculares

Detalle de pináculo en Lesón. A Pobra

Remate piramidal

3.-Outros remates. Nos hórreos da península do Barbanza aparecen tamén outras variantes, desde as máis simples ata outras moito máis traballadas. Noutros casos atópanse hórreos con formas moi elementais e rústicas e outras máis enfeitadas.

[9] RODRÍGUEZ CASTELAO, Alfonso D. *As cruces de pedra na Galiza*. Ob. Cit. Páx. 96.

É frecuente unha cruz sinxela, a custodia ou cáliz, formas de torre, capela ou campanario. Son máis raras a veleta ou reloxo de sol, gallardetes, ou mesmo representacións de animais (galo, pomba,...), formas de torre e outras consideradas fálicas por algúns autores. Castelao ao respecto mantiña que "*nós seguimos dicindo que os remates do barroco galego son estilizacións do alciprés, cousa que non refuga un remoto destiño idolátrico, hoxe totalmente invisíbel para os ollos do esprito común*". Nos hórreos de madeira ou mixtos nos que o teito cobre as paredes penais e fai aleiro sobre as mesmas, xeralmente carecen de remates. Cando os leva, son sempre de madeira.

Remate combinado

Remates de hórreo en Lousame

Simboloxía dos remates

Discútese se estes terminais teñen un valor estético, puramente decorativo ou algunha finalidade práctica e non falta quen lles asigne un sentido relixioso.

Para o alemán Carlé[10], son pezas ornamentais sen significación algunha, resultado da evolución das primitivas pedras irregulares e sen tallar que se colocaron sobre o teito para protexer as pezas da cuberta da acción dos ventos. En verdade, é frecuente ver sobre o teito dos hórreos pedras de diferente tamaño para evitar que o vento levante as tellas. Os elementos destinados a soster as pezas do teito adquiren un valor decorativo ao tomar formas máis ou menos xeométricas.

Neste amplo abano de hipotéticas interpretacións, tampouco faltou quen lle atribuíse a estes terminais o carácter de símboloxía fálica, como supervivencia dun antigo culto moi esquencido.[11]

Outros autores pensaron que estes remates serían unha supervivencia do tan arraigado culto aos penedos das relixións

[10] LOURENZO FERNÁNDEZ, X. *Etnografía.Cultura material 1-3. As dependencias da* casa en *Historia de Galicia* dirixida por Ramón Otero Pedrayo. Tomo II, O home. Edit. Nós. Buenos Aires. Páx. 45.

[11] MARTÍNEZ RODRÍGUEZ, Ignacio. *El hórreo gallego*. Ob. Citt. Páx. 164.

ancestrais, manifestacións dun panteísmo naturalista primitivo. Nisto atópase, precipitadamente, a razón do emprego da cruz nos hórreos. Así como se cristianizaron os lugares do culto pagano coa construción de cruceiros e capelas, tamén o serían os hórreos, e a cruz tería esta significación de cristianización dos graneiros antes consagrados a deidades pagás.

Nos hórreos máis primitivos, como cabazos e cabaceiros, a cruz non aparece e nos de madeira é moi pouco frecuente.

Castelao escribiu: *O hórreo galego non é simpremente un graneiro, como é o asturián; é unha ucha sacra, que garda o pan de todo o ano*[12]. Noutro apartado completaba esta afirmación dicindo: *A feitura relixiosa dos hórreos galegos provén do respeto que sentimos po-lo pan. Ningún galego criado na lentura relixiosa pode poñer o seu pé enriba dunha frangulla de broa, que se recolle do chan dándolle un bico, e co mesmo respecto se tratan as espigas do centeo, do trigo e do millo* [13].

Se a cruz significase a cristianización do hórreo, antes con símbolos pagás, é evidente que tería que ter sido antiga e non aparecer nunha etapa tan tardía da evolución.

Detalle de hórreo en Boiro

Remate antropomórfico en Camboño. Lousame

O hórreo, dixo Castelao, *é anterior ao trunfo da Igrexa e antes de ser cristianizado foi obxecto de culto pagano e quizá fora mansión dalgún deus esquencido que inconscientemente está presente no remate piramidal que acompaña á cruz*[14]. É dicir, se houbo cristianización, esta sería contemporánea ou pouco posterior ao tempo da Igrexa e non podería manifestarse tantos séculos despois.

Insistíuse por diversos autores no carácter sagrado que o campesiño galego atribúe ao hórreo, pois é o almacén que garda o pan de todo o ano. Así, porían

[12] RODRÍGUEZ CASTELAO, Alfonso D. Ob. Cit. Páx. 94.

[13] RODRÍGUEZ CASTELAO, Alfonso D. Ob. Cit. Páx. 96.

[14] RODRÍGUEZ CASTELAO, Alfonso D. Ob. Cit. Páx. 96.

enriba a cruz como protección, como un sinal de gratitude. É dicir, santificaríase o hórreo pola reverencia que se ten á súa función e ao seu contido e ansia de colocalo baixo a protección divina.

Hórreo en Oleiros. Ribeira

En canto á cruz, é consecuencia sinxela da relixiosidade do labrego, que quixo colocar a colleita, gardada no hórreo, baixo a protección de Deus, o que invoca consagrando o hórreo con aquel símbolo ou outros elementos tomados da Igrexa.[15] Aquilo fixo costume e imitouse mesmo por quen non participaba de tan profundo sentimento relixioso.

De todos os xeitos, este concepto de cristianización non debe ser xeneralizado, pois hai moitos hórreos que non levan cruces.

Máis recentemente, atribuíuselle a estes terminais ou remates do hórreo unha significación xurídica, relacionándoa co costume dos alemáns de colocaren na parte superior dos edificios remates en forma de cruz nun dos extremos, e de pirámide no outro, como protección da propiedade privada contra a intromisión allea. Deste costume dos suevos derivaría o vello costume do campesiño galego.

Esta teoría admite importantes dúbidas pois se estes son os comezos dos remates do hórreo, a súa orixe tería que arrincar dos tempos dos suevos. No entanto, que os hórreos do século XIII das Cantigas do Rei Sabio non levan cruz ningunha.

En definitiva, parece cobrar forma a interpretación de Carlé. Así, os remates terían na súa orixe unha finalidade práctica: asegurar as pezas da cuberta contra a acción do vento.

Hórreo en Gonderande. A Pobra

Nos hórreos de albanelería e, polo tanto, de construción recente, os adornos non teñen nada que ver cos descritos anteriormente, nin se fundamentan en símbolos relixiosos, nin tan sequera piramidais. Adoitan as formas artísticas que

[15] MARTÍNEZ RODRÍGUEZ, Ignacio. *El hórreo gallego*. Ob. Cit. Páx. 166.

lle atribúe o construtor ou as esixencias caprichosas do propietario.

Crenzas e costumes

Ao redor dos hórreos xiran varias crenzas e costumes e, como xa sinalaron Dias, Oliveira e Galhano, neles perdura un remoto sentido mítico da fertilidade, a eles se liga escuramente un significado que trascende a mera utilidade dos graneiros, e a súa concepción e realización son obxecto de esmeros especiais. Así, para que non se perdan os froitos, adoita desinfectarse o hórreo con follas de figueira ou queimando follas de eucalipto. Tamén se queima dentro do hórreo eucalipto ou outro tipo de ramallo, facendo fume, para espantar os ratos.

Así mesmo, un hórreo ha de encherse coa lúa minguante para que o millo non se bote á perda.

No entanto dos motivos ornamentais, as cruces, pináculos, bólas, e outros remates dos hórreos, érguense para convidar a boa sorte e para que non se perdan as colleitas, así como para espantar as meigas[16]

BIBLIOGRAFÍA

-BAS, Begoña. *As construccións populares: Un tema de etnografía en Galicia*. Edicións do Castro. Sada (A Coruña), 1983.

-CARLÉ, W. *Los hórreos en el noroeste de la Península Ibérica*. Estudios Geográficos. “Instituto J.S Elcano”. Consejo Superior de Investigaciones Científicas. Ano IX, nº 31. Maio 1948.

-DIAS, J., VEIGA DE OLIVEIRA, E. E GALHANO, F. *Espigueiros portugueses*. O Porto, 1963.

-LOURENZO FERNÁNDEZ, X. *Etnografía . Cultura material 1-3. As dependencias da casa* en *Historia de Galicia* dirixida por Ramón Otero Pedrayo. Tomo II, O home. Edit. Nós. Buenos Aires. Páx. 45.

-MARTÍNEZ RODRÍGUEZ, Ignacio. *El hórreo gallego*. Fundación Pedro Barrié de la Maza. A Coruña, 1999.

-REY INSUA, Lucía. *De hórreos e pendellos* en *Labregos, gandeiros e feirantes*. Col. Las gentes da Gran Biblioteca Temática de Galicia. Edit. Ea. A Coruña , 2006.

-RODRÍGUEZ CASTELAO, Alfonso D. *As cruces de pedra na Galiza*. Edit. Akal. Madrid, 1990.

[16] O pan. Enciclopedia Temática Ilustrada. A Nosa Terra. Tomo 4. Páxs. 36-39

Consideracións preliminares sobre o pastoreo tradicional na Serra do Barbanza: evidencias e estruturas etnográficas

Vítor Barbeito Pose e Xaquín España Fernández

INTRODUCIÓN

O presente traballo, como ben indica o seu título, pretende ser unha modesta aproximación a unha realidade practicamente descoñecida no contexto do Barbanza, e un pouco máis coñecido no ámbito definido tradicionalmente como media e alta montaña galegas, onde se realizaron estudos sobre o tema (Lorenzo, Bejarano, Cigoña, Ballesteros, Sartal...) en territorios como a serra do Suído, da Queixa ou Leboreiro Faro de Avión, serra da Calva ou a zona eumesa; namentres, a actual zona permanecía inédita ou case inédita, xa que apenas existen referencias bibliográficas que coñezamos sobre a explotación gandeira na zona, e menos en relación coa existencia de vestixios de asentamentos humanos relacionado coa mesma.

Quizais dous dos factores que fixeron que este tipo de estruturas edilicias permanecesen inéditas sexan froito da natureza pouco monumental que presentan, e do mimetismo co que se integran na paisaxe, dado que ademais, en gran medida, semella que se priorizou o emprego de materiais lígneos que determinaron que na actualidade sexan practicamente imperceptibles. Mentres, noutras zonas, como as mencionadas anteriormente, son habituais a conservación de construcións que podemos considerar nalgún caso obras de enxeñería popular, como da testemuño o emprego de bóvedas e arcos para erguer magníficas construcións en pedra seca.

Anímanos á presentación deste pequeno artigo, aínda que sexa un paradoxo, en primeiro lugar, o esmorecemento que están a sufrir pola acción de factores como a xestión forestal (devasas, plantacións, cortas, rozas,...), gandeira (creacións de pastos, instalación de peches gandeiros,...) ou instalación de

Cabanel da Trema. Zócalo de pedra que delimita un espazo circular que serviu como alicerce para erguer unha estrutura perecedeira para abrigo dos pastores

Imaxe inédita de E. Hernández-Pacheco (Casas Viejas, Laguna de la Janda, Cádiz), extraída da obra de Frankowski, Eugenusz (1918): <<*Hórreos y palafitos de la Península ibérica*>>. Museo Nacional de Ciencias Naturales

novas infraestruturas (parques eólicos, camiños forestais, rede eléctrica,...) que crean unha novo contexto, abrindo a Serra a unha nova realidade. O outro factor que nos incita a levar a cabo este estudo, é a propia concepción do patrimonio cul-

Panorámica actual da serra do Barbanza

tural que en multitude de ocasións, e en ámbitos alleos, semella que é un proceso concluso, e nin moito menos (Ballart, 2001).

Para a realización deste traballo só contamos coa mera contrastación das evidencias materiais e a consulta de bibliografía especializada; non foi posible realizar entrevistas aos habitantes actuais nin o baleirado documental da documentación histórica, que de seguro haberían de aportar máis información. Esta peculiaridade fai que teñamos de cinguirnos ás escasas referencias bibliográficas das que dispomos para o ámbito en concreto, algúns datos provenientes de comentarios obtidos durante o decurso do traballo por persoas que tiveron ao longo das súas vidas persoais ou profesionais algunha relación coa serra do Barbanza, e que tiveron a ben comentar connosco algunhas das súas vivencias. Así mesmo, foi preciso recorrer á analoxía con outras manifestacións semellantes noutras zonas do territorio galego para comprender a realidade do Barbanza.

LOCALIZACIÓN XEOGRÁFICA

A serra do Barbanza atópase na península do mesmo nome, e entre as rías de Muros-Noia e Arousa. A Serra defínese a partir dos 200 m. de altitude, producíndose unha brusca transición entre as terras baixas, que presentan un relevo suave, e as fortes pendentes de ladeira Non obstante, é a partir dos 400 m cando a diferenciación é total dende unha perspectiva ecolóxica, paisaxística e xeolóxica (Gutiérrez, 1993: 6). Non obstante, a localización das evidencias



Localización da Serra do Barbanza

que describiremos máis adiante atópanse no que se denominan os chans do Iroite, unha penechaira que se empraza por riba dos 600 m, regada por numerosas fontes e canles de pequenos regatos.

A Serra do Barbanza é unha formación que podemos considerar litoral, acadando unha cota máxima de 685 m (Monte Iroite), e diferénciase claramente doutras zonas que consideramos de media e alta montaña, onde son coñecidas chozas ou refuxios de pastores, fundamentalmente nos sistemas montañosos prelitorais como o caso do Suído, ou Faro de Avión, que acadan os 1.150 m de altitude, así como en montañas interiores onde chegan a acadar os 2.100 m (Pena Trevinca) e onde a orientación de gandería extensiva ten unha tradición asentada dende antigo, e o impacto da mesma sobre a poboación é moito maior que no caso que nos ocupa. Así que a zona ten sido

obxecto de varios estudos (destacando Lorenzo, De La Cigoña e Ballesteros) que teñen tratado aspectos relacionados coa arquitectura peculiar relacionada con esta actividade, e que é o testemuño dunha cultura e dunha forma de vida peculiar dunha sociedade tradicional cuxa base económica está na gandería.

AS REFERENCIAS HISTÓRICAS

A pesar da gran abundancia dos restos que se conservan, resultan anecdóticas as escasas referencias que se poden rastrear naqueles estudos ou investigacións que teñen como obxecto de estudo a Serra do Barbanza, que ben é certo que non son moitos. Tamén pode deberse á escasa monumentalidade que presentan a diferenza con aquelas outras zonas (p.e. Suído, Faro de Avión,...) que nun contexto semellante presentan unha arquitectura máis colosal, e que xa foron obxecto de estudo.

Para o noso caso en concreto, e a pesar de non contar cun estudo da documentación histórica da zona, atopamos a primeira referencia ao respecto da explotación gandeira na Serra, no Catastro de Ensenada (Agrelo Hermo, 2007: 140 e ss.) onde, das seis parroquias ou freguesías que no momento formaban parte do que hoxe coñecemos como concello de Boiro, tres declaran ter v*acada e eguada que pasta no monte do Barbanza.* Trátase das freguesías de San Xoán de Macenda, San Pedro de Bealo e San André de Cures. Resulta interesante destacar que o monte do Barbanza semella ser monte común ao referirse a el como *monte común doutras freguesías.*

Outra das referencia a ter en consideración é a través da publicación do *Boletín Arqueológico de la Comisión*

Pedrafita ou marco delimitador de parcelas na zona de Outeiro dos Corvos

Provincial de Monumentos Histórico Artísticos de la Provincia de Orense onde no número 148, que se corresponde a xaneiro-febreiro de 1923, o artigo do paleontólogo alemán Hugo Obermaier *<<Impresiones de un viaje prehistórico por Galicia>>*, e nel recolle de forma escéptica en relación cos *cromlech y alineaciones,* unha referencia da obra de Manuel Murguía na que cita a existencia de: *curiosas construcciones cerca de La Puebla (Ría de Arosa)... representan recintos de piedra, en gran parte seguramente de la edad <<prehistórica>> pero siempre de escasa altura. Son sencillos <<CÍRCULOS>> o <<AGRUPACIONES RECTILÍNEAS>> de piedras bajas, y no nos parece oportuno darles el nombre clásico de <<crómlechs>> o <<alineaciones>>, reservado desde muchos años por los especialistas a construcciones grandes, características exclusivamente del Neolítico y Eneolítico. No olvidemos además que los aldeanos contruyen todavía hoy dia vallados de forma semejante; así, estos conjuntos pueden ser, en algunos casos, solamente antiguas piedras de límites, vestigios de viñas plantadas sobre pilastros graníticos o restos de demarcaciones de la Edad Media o de tiempos más modernos.*

Deixemos de lado a visión profética en relación á cronoloxía e funcionalidade deste tipo de construcións, xa que na mesma referencia recolle os círculos líticos das Pontes de García Rodríguez descubertos por Federico Maciñeira, que recentemente foron intervidos e interpretados como construcións medievais e modernas relacionados coa actividade gandeira ou pastoril (BONILLA, 2009). No que se refire a existencia de construcións a modo de recinto de pedras nas inmediacións da Pobra do Caramiñal pensamos que poida estar indicando algúns dos recintos que se atopan a carón do Camiño Real, que discorre dende San

Cabanel da Trema

Isidro de Postmarcos, pasando pola beira da mámoa Campo das Estivadas, e que podería dirixirse cara a un dos miradoiros naturais sobre a Ría, como é a Curota ou os Forcados, como puidera ser o caso dos Chans do Folgoso Vello. Existe outra publicación, que parece reforzar esta hipótese, e tratase da obra de Jaime Solá, *En el olimpo céltico, los picos del Barbanza,* que relata a visita do autor á Serra a principios do século XX, e que foi reeditada recentemente (2008). Nela, o autor recolle a existencia de pedras fitas e aliñacións, e que hoxe entendemos que as aliñacións poidan referirse a espazos vedados ou valos, mentres que as pedras fitas poderían sinalar ou demarcar propiedades acoutadas. Tamén se fai mención á existencia dunha eguada, que, segundo o autor, estaría formada por gando cabalar, touros e cabras. Resulta chocante hoxe en día, cando a cabana gandeira está basicamente representada por gando cabalar e vacún, e nunha ínfima representación as especies caprinas e ovinas.

DESCRITIVA DAS EVIDENCIAS

Na táboas que acompañan este traballo preséntase un conxunto de puntos de interese enclavados no termo municipal de Boiro e da Pobra do Caramiñal, aínda que non dubidamos que no momento de facer extensible a inspección de toda a Serra xurdirán máis. As denominacións que se recollen fan referencia ás que figuran nos planos existentes para a zona; así mesmo, os datos de localización xeográfica obtivéronse directamente a partir do rastrexo da ortofotografía do SIGPAC do Ministerio de Medio Ambiente, Rural e Mariño. Cada un destes puntos de interese están formado por distintos elementos; nuns deles aparecen recintos circulares que delimitan unha área que supera os 10 m^2, namentres que noutros aparecen ves-



Vista aérea do curral do Folgoso Vello, onde se ve un espazo de forma circular delimitado por rochas

Delimitación dun espazo circular nas inmediacións de Corrubedo, posiblemente con fins agrogandeiros

tixios de restos de pequenas edificacións efémeras.

Do primeiro grupo destaca como exemplo o Folgoso Vello (Pobra do Caramiñal) onde nos atopamos cunha zona que supera os 1.000 m^2, delimitada con lousas chantadas e muros de cachote en seco, definindo unha superficie circular. No interior, adosadas ao muro perimetral atópanse restos de 5 edificacións de planta circular moi esmorecidas. Fóra, no extremo Sueste localízanse ruínas doutras edificacións de planta cuadrangular, cada unha das cales delimita unha área superior aos 50 m^2, onde predomina o emprego de lousas chantadas. Nalgún

Delimitación de espazos empregando dobre lousa e recheo interior de cachote (Folgoso Vello)

treito, para acoutar os espazos, empregouse unha dobre lousa, recheada internamente con cachote. Semella que nos atopamos ante cobertizos ou cortellos na zona exterior, mentres que o gran anel lítico sería un curral que acollería no seu interior a, ou as cabanas dos pastores, e algún cortello para o gando.

O outro tipo de estruturas, que véna ser a maioritaria, presentan dimensións moito máis reducidas, que dado o exiguo dos restos conservados, onde soamente se poden localizar lousas de pedra chantadas, aínda que tamén se empregou a técnica da pedra seca para levantar paramentos que non superan como media o medio metro de altura; evidencia o emprego doutros materiais para a súa construción, como a madeira ou o adobe, este último pouco probable xa que non forma parte da tradición construtiva da zona, pero si o emprego de terróns como cuberta. Como é lóxico, os materiais máis perecedoiros como sería a madeira acabou por desaparecer. A pedra empregada recóllese no contorno próximo, e semella ser oportunista, ao non terse identificado trazas de ser traballadas. Dispóñense, ou ben chantadas directamente no solo, ou ben amoreadas unhas sobre outras levantando un pequeno paramento sobre o cal se apoiarían os madeiros que erguerían o resto dos muros e teito. Esta estrutura pétrea formaría parte dos alicerces e tería como finalidade darlle consistencia á estrutura, e seguridade ante a propia cabana gandeira.

En planta presentan de forma habitual unha disposición en círculo, aínda que nalgún caso, pero en menor medida, poden formar cadrados, rectángulos ou ambos. A superficie interior destas construcións non é moi ampla, sen chegar a acadar os 5 m^2; e é probable que o chan estivese feito a base de fibras vexetais, como o toxo moar, xestas e fentos, elementos illantes que permitirían evitar as humidades e a perda de calor polo contacto directo do corpo coa terra, xa que temos constancias de que algúns deles chegaron a empregarse ata a década de 1960, e se coñecen co nome de *cabanais*. Tampouco semellan presentar gran desenvolvemento en altura. Construídos cun alicerce de pedra, chantada ou amoreada, sobre o que se erguería unha coiraza de ramas e troncos e sobre o que poderían disporse materiais vexetais

Cabaneis de planta rectangular no extremo Leste da Serra do Barbanza

como palla, xesta ou carqueixa, ou mesmo terróns como ten recollido Xocas para o caso do Liboreiro (pp. 347). O zócalo de pedra garante que as reses non se rascasen sobre a urda vexetal, e puidese derribalo, co conseguinte perigo e perda de tempo. No interior non se aprecian restos de mobiliario –bancos, lareiras, ...-, como tampouco presentan divisións internas.

Habitualmente non soen presentarse de maneira individual, senón en grupo, predominando a agrupación de tres. Outra das tendencias que amosan é o emprazamento en zonas de baixa potencialidade agrícola, así como a proximidade aos cursos de auga, e amparadas en pequenas depresións resgardadas dos ventos do NNW, que en moitos casos, como por exemplo en Outeiros Hinchados, delimitan a zona cun balado ou peche, que serviría para resgardar os animais e telos controlados. O caso de Outeiros Hinchados é peculiar ao localizarse un conxunto de gravados sobre un bloque granítico que semella ser un elemento exento, e que nalgún momento puido estar erguido. Formando parte da composición deste petróglifo atópanse varios alfabetiformes, cazoletas e cruces. Non descartamos que puidese funcionar como marca delimitadora ou sinalizadora.

Ningún dos exemplos que se conservan amosa evidencias do sistema de cubrición, ou teitume, aínda que sospeitamos, como xa dixemos, que se empregasen materiais perecedoiros, evitando sistemas máis sofisticados como trabes, arcos ou cúpulas que sostiñan os teitos, como foi habitual noutras latitudes. Poderían ter empregado tamén terróns que, ademais da alta dispoñibilidade, permiten



Gravados localizados nas inmediacións dos cabaneis de Outeiros Hinchados. Aprézanse varios motivos, entre os que destacan as agrupacións de cruces, a representación da palabra LUPILA ou LUYILA e IHS, que denota a súa orixe histórica

un bo illamento térmico e unha integración na paisaxe deste tipo de construcións.

Algunhas delas, posiblemente aquelas que funcionaron como cortellos, presentan dobre muro de lousas chantadas, o que podería estar indicando un sistema moi concreto de construcións, a partir da cal se suxeitaron postes que constitúen o alzado e o teito, quizais en forma de cúpula. Tamén puidera ser o caso de empregarse para acoller no interior unha cerca, co fin de evitar a saída do gando ou a entrada do lobo (VEGA, 1996: 61); ou ben, unha estratexia empregada para evitar as humidades ou filtracións de augas no interior destas edificacións, e mantelas enxoitas.

A gran maioría das detectadas serían abrigos para acoller os pastores en certas épocas do ano, no que explotarían o pasto da Serra, desenvolvendo así unha actividade de transhumancia de corto percorrido ou trasterminancia, desprazando o gando dos vales ao alto da Serra. Este tipo de abrigos contra inclemencias temporais (sol, vento, choiva) son coñecidos por gran parte da xeografía peninsular, con distintos nomes e distintas formas, pero coa mesma finalidade, e que, habitualmente, van parellas aos outros tipos de espazos relacionados coa cría de gando (SARTAL, 2009: 211).

As zonas detectadas por nós con algún tipo de vestixio relacionado coa cría de gando son as seguintes:

Denominación	Coordenadas xeográficas	Coordenadas UTM
Outeiro Louro I	42º 41´ 52,08´´N; 8º 57´ 20,02´´W	503.639; 4.727.257
Outeiro Louro II	42º 41´ 52,83´´N; 8º 57´ 14,31´´W	503.769; 4.727.212
Outeiro Louro III	42º 41´ 52,42´´N; 8º 57´ 6,89´´W	503.938; 4.727.268
Outeiro do Carballo	42º 38´ 3,05´N; 8º 58´ 2,66´´ W	502.672; 4.720.193
O Folgoso I	42º 38´ 18,17´N; 8º 58´ 20,74´´ W	502.260; 4.720.659
O Folgoso II	42º 38´ 16,47´N; 8º 58´ 18,27´´ W	502.316; 4.720.606
Pedra de Noceda I	42º 39´58,62´´N; 8º 55´48,25´´W	505.730; 4.723.759
Pedra de Noceda II	42º 39´58,62´´N; 8º 55´56,59´´W	505.540; 4.723.759
Pedra de Noceda III	42º 39´58,62´´N; 8º 55´3,55´´W	505.382; 4.723.759
Curro das Eguas	42º 39´22,04´´ N; 8º 56´39,70´´W	504.560; 4.722.630
Cortes de Chacín.	42º 38´ 57,15´´N; 8º 56´56,02´´W	504.822; 4.721.861
As Cabanas I	42º 39´ 8,06´´N; 8º 56´50,51´´W	504.314; 4.722.199
As Cabanas II	42º 39´ 10,33´´N; 8º 56´55,57´´W	504.194; 4.722.269
Pedra das Pías I	42º 39´ 25,22´´N; 8º 56´15,70´´W	504.740; 4.722.727
Pedra das Pías II	42º 39´ 22,26´´N; 8º 56´18,63´´W	504.673; 4.722.636
Pedra das Pías III	42º 39´ 19,42´´N; 8º 56´23,11´´W	504.571; 4.722.549
Pedra das Pías IV	42º 39´ 19,31´´N; 8º 56´27,90´´W	503.462; 4.722.545
Pedra das Pías V	42º 39´ 24,88´´N; 8º 56´31,30´´W	503.385; 4.722.717
Pedra das Pías VI	42º 39´ 26,58´´N; 8º 56´31,92´´W	503.371; 4.722.769
Pedra das Pías VII	42º 39´ 15,67´´N; 8º 56´31,61´´W	503.378; 4.722.433
Pedra das Pías VIII	42º 39´ 16,24´´N; 8º 56´34,08´´W	503.322; 4.722.450
Pedra das Pías IX	42º 39´ 15,67´´N; 8º 56´38,41´´W	503.223; 4.722.433
Rego das Brañas I	42º 39´25,67´´N; 8º 57´11,68´´W	503.832; 4.722.741
Rego das Brañas II.	42º 39´4,42´´N; 8º 57´53,08´´W	502.889; 4.722.086
Chan das Brañas I	42º 39´16,24´´N; 8º 57´53,55´´W	502.879; 4.722.450
Chan das Brañas II	42º 39´18,40´´N; 8º 57´49,07´´W	502.981; 4.722.517
A Trema	42º 39´ 50,78´´N; 8º 56´45,26´´W	504.433; 4.723.516
Rego de Outeiros Hinchados.	42º 40´ 35,88´´N; 8º 56´ 40,63´´W	504.537; 4.724.907
Rego do Barazal	42º 40´ 54,16´´N; 8º 56´ 36,20´´W	504.635; 4.725.471
A Arca	42º 41´ 17,67´´N; 8º 56´ 35,22´´W	504.659; 4.726.197
Porto Alto	42º 41´ 5,97´´N; 8º 55 30,18´W	506.140; 4.725.806
Porto Escuro I	42º 41´ 46,95´´N; 8º 55´ 24´´W	506.280; 4.725.806
Porto Traveso	42º 41´ 39,25´´N; 8º 56´ 35,53´´W	504.652; 4.725.837
Río Barbanza I	42º 42´ 1,50´´N; 8º 56´ 43,41´´W	504.472; 4.727.548
Río Barbanza II	42º 41´ 56,73´´N; 8º 56´ 31,97´´W	504.732; 4.727.402
Río Barbanza III	42º 41´ 50,26´´N; 8º 56´ 28,58´´W	504.810; 4.727.202
Río Barbanza IV	42º 41´ 7,45´´N; 8º 56´ 34,45´´W	504.677; 4.725.881
Río Barbanza V	42º 41´ 9,04´´N; 8º 56´ 35,84´´W	504.645; 4.726.930
Fonte de Porto Traveso I	42º 41´42,31´´N; 8º 56´39,24´´W	504.567; 4.726.957
Fonte de Porto Traveso II	42º 41´46,86´´N; 8º 56´42,48´´W	504.494; 4.727.097

Denominación	Coordenadas xeográficas	Coordenadas UTM
Rego da Pousada I	42º 41´46,29´´N; 8º 57´2,41´´ W	504.040; 4.727.079
Rego da Pousada II	42º 41´44,36´´N; 8º 57´0,40´´ W	504.086; 4.727.019
Rego da Pousada III	42º 41´46,40´´N; 8º 56´57,93´´ W	504.142; 4.727.082
Fonte de Pérdigo Pérez I	42º 41´51,17´´N; 8º 56´55,77´´ W	504.191; 4.727.230
Fonte de Pérdigo Pérez II	42º 41´46,86´´N; 8º 56´48,35´´ W	504.360; 4.727.097
Fonte de Pérdigo Pérez III	42º 41´44,13´´N; 8º 56´51,75´´ W	504.283; 4.727.013

CONSIDERACIÓNS

O gando en Galicia foi un dos sectores fundamentais para a sociedade tradicional, tanto para a obtención de produtos secundarios como polo recurso en si mesmo, o que determinou que certos espazos, non aptos para o cultivo, se reorientasen á explotación gandeira ou pastoril e, paralelamente, erguéronse edificacións para facilitar a explotación eficiente destes recursos.

A maioría destas construcións sitúanse próximas a regatos ou fontes de auga, polo que a dispoñibilidade dos recursos hídricos sería un determinante á hora de establecer o asentamento, non tanto polas necesidades humanas, como polo esixencias do gando.

O panorama que se describe agora para o Barbanza é un primeiro contacto que permite achegarse a unha arquitectura singular e certamente inédita para estas latitudes, a pesar de que existan algunhas semellanzas formais, como as que describe Xocas para a serra do Leboreiro. Son o testemuño dunha cultura e dunha forma de vida, que deron lugar a unha arquitectura singular que se dilúen na paisaxe actual. Presentan un aspecto arcaico, circunstancia esta pola que algunha publicación relativamente recente chegou a consideralas como primitivas vivendas, que se poden remontar a centos de miles de anos de tribos indíxenas. A pesar de que nos poidamos atopar cun palimpsesto estrutural, e se reocupen, se reformen ou se reparen ao longo do tempo, carecemos da argumentación suficiente para retrotraelas a tempos moi serodios, agás a contrastación con outras realidades próximas, como xa vimos. A variabilidade existente pode responder a distintas funcións como chozas, alpen-

Fotografía e debuxos dunha construción redonda da Serra do Leboreiro (Lorenzo, 1947)

dres, cortellos, currais, curros,... ou mesmo a cronoloxías diferentes; non hai que esquecer que temos constancia, con toda seguridade, da ocupación do Barbanza dende época Neolítica por comunidades agropastorís. Tamén puideron ser construcións adxectivas de explotacións mineiras, como o caso detectado no Rego Batán, ou relacionadas coa obtención de carbón vexetal.

BIBLIOGRAFÍA CITADA

AGRELO HERMO, X. (2007): <<*Catastro de Ensenada. Boiro e as súas freguesías (1753)*>>, ed. Toxosoutos, Col. Anais. Noia.

BALLART HERNÁNDEZ, J. ; JUAN I TRESSERRAS, J. (2001): <<*Gestión del patrimonio cultural*>>, ed. Ariel, Col. Ariel Patrimonio. Barcelona.

BALLESTEROS ARIAS, P. (2004): <<*Arquitectura tradicional gandeira na terra do Suído*>>, en *Cadernos de Estudios Gallegos*, T. LI, núm. 117, 9-48.

BEJARANO GALDINO, E. (1986): <<*Los chozos: una arquietctura peculiar del Suído*>>, Cadernos do Seminario de Sargadelos núm. 48. Edicións do Castro. Sada.

BONILLA RODRÍGUEZ, A.; FÁBREGAS VALCARCE, R. (EDS): <<*Círculo de engaños : excavación del "cromlech" de A Mourela (As Pontes de García Rodríguez, A Coruña)*>>, Ed. Andavira Santiago de Compostela. 2009.

CONCELLO DE RIVEIRA (1986): <<*Riveira desde sus orígenes*>>, ed. Concello de Riveira, Delegación de Turismo. Riveira.

FERNÁNDEZ DE LA CIGOÑA NÚÑEZ, E. (2004): <<*As construcións primitivas dos pastores galegos: chozos das serras do Suído, Montemaior e Faro de Avión*>>, en Asociación Galega para a Cultura e Ecoloxía. Vigo.

FERNÁNDEZ DE LA CIGOÑA NÚÑEZ, E. (2004): <<*Pascual Madoz e as casas de Adán. De San Cibrao de Rubiaes (Viana do Bolo –Ourense Oriental) nas abas da Serra Calva*>>, en *Pontenova,* núm. 9. Deputación Provincial de Pontevedra.

GUTIÉRREZ ROGER, X. (1993): <<*Rotas pola Serra do Barbanza: natureza, arqueoloxía e sociedade*>>, Ed. Xerais. Vigo.

LORENZO, X. (1947): <<*Antiguas habitaciones de pastores en la sierra de Leboreiro*>>, en *Cadernos de Estudios Gallegos*, fasc. 7, 341-361.

OBERMAIER, H. (1923): <<*Impresiones de un viaje prehistórico por Galicia*>>, en *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Orense.* T. 7, n. 148 (en.-feb. 1923); p. 1-21.

VEGA PATO, T. (1996): <<O curro do lobo. Descripción dunha trampa tradicional para a caza do lobo (Cernado, Manzaneda)>>, en Raigame: Revista de arte, cultura e tradición populares, núm. 4 (maio de 1997). Deputación Provincial de Ourense: 57-61.

SARTAL LORENZO, M.A.; LLINARES GARCÍA, M. (2009): <<*O pasado "incesante" : visión popular da*

arqueoloxía da Mourela>>, en BONILLA RODRÍGUEZ, A.; FÁBREGAS VALCARCE, R. (EDS): <<*Círculo de engaños : excavación del "cromlech" de A Mourela (As Pontes de García Rodríguez, A Coruña)*>>, Ed. Andavira Santiago de Compostela: 197-215.

http://sigpac.mapa.es/fega/visor/ (consulta 5/10/2010)

SOLA MESTRE, J. (1917): <<*En el Olimpo Céltico. Los picos del Barbanza*>>, edición bilingüe por Antonio García Millán (2008). Fonte Orixinal: Vida Gallega, Ano IX, Núm. 97, Vol. VI, Galicia-Vigo, 10-XII-1917.

Literatura

Os soños e as razóns. Reflexións en base aos libros de Novoneyra para a infancia

Pilar Sampedro

Ocubil do xabarín, Gorgorín e Cabezón xunto con *Ilda, o lobo, o corzo e o xabarín* son as tres obras que publicou Novoneyra para a infancia. Fíxoo, nos anos noventa, da man de Xulio Cobas, que realiza a edición, preparación e normativización das tres pezas.

Son tres contos que, segundo nos confirman, acompañaban a outros que fican inéditos, e cos que formarían parte dun proxecto de libro ou colección de contos ao modo tradicional, que xiran en torno a un mundo e que se recompilarían baixo o título: *Contos de Roxín Roxal,* polo nome do paxe da casa de Andrade que faría as veces de fío que cose esas historias.

Un monllo de relatos destinados á rapazada nos que retrata un mundo para que fique na memoria; faino con palabras de seu, co léxico propio das terras altas nas que sempre foi bosque e onde son certas as palabras do poeta.

E unha pregúntase as razóns que o bardo tiña para escribir relatos para a infancia naqueles anos sesenta (tal como cita na presentación de *Gorgorín e Cabezón*) nos que aínda non ten fillos, e contéstase coas razóns dos homes da Xeración Nós: para espertar nos nenos a amor á Fala e á Terra, para espertar a primavera un ano máis facendo que Galicia continúe a ser e estar no mundo, da man deses nenos e nenas que a levarán ao futuro. Pero habería que ter en conta tamén o que, ao respecto, apunta Pérez Mondelo: "O afán didáctico -á parte do propio pracer de contar-, que aniña en todo escritor galego, sabedor da necesidade que os nosos nenos teñen de ler e escoitar contos na súa propia lingua." Porque desde sempre necesitamos que nos conten e nos acompañen con contos. Porque neste país sempre foi necesario falar na propia lingua, transmitir nela os contos de noso, para que poidamos soñar os nosos soños.

Portada de *Gorgorín e Cabezón*

Para tentar entender e afondar no pensamento do escritor a respecto deste tema, leo a presentación que dalgún destes contos realizou e que Elva me ofrece. E así, remoendo e debullando, ordeno os pensamentos e vou fiando as súas palabras, prestadas, para tecer un novo tapiz.

Lembrando a Keats, Novoneyra fala de como a través dos cantos, contos e lendas flúe un manancial cara a nós, unha auga que vén da Natureza Terra e nos alimenta coma o leite. Esta auga remítenos á fonte dos soños, un manancial

que se repite eternamente fundamentando a esperanza. E faino "cunha certeza ligada ao amor inquebrantable dos pais que nos criaron e coidaron nun longo e carnoso facernos". Unha seguranza, un amparo, unha esperanza... que ha de ser mantida e reforzada pola literatura infantil. Polo tanto, a esta literatura correspóndelle continuar a función afectiva dos pais e imaxinativa dos soños.

Certamente, o imaxinario do que se nutren os nosos soños vén de moi atrás, e chega a nós na infancia, aleitado polo acubillo dos adultos que coidan as criaturas e as libran de todo mal. Nais e pais que transmiten seguridade e afecto, e que teñen man de que críen a esperanza. Quen imaxina un neno sen ilusión? Quen é capaz de deixalo sen ese don? Quen lle rouba o pan do sosego?

A literatura infantil tradicional non deixa de ser cruel con fillastras envelenadas e fillos sometidos a longo castigo, ou abandonados nun bosque descoñecido. Tampouco a actual é un pastel coloreado de rosa; a estas alturas, a literatura infantil asume todas as temáticas que un día se consideraran tabú, desaparecendo das cualificacións case totalmente o "non apta para menores", pero aínda así, acostuman manter como último bastión a defensa da esperanza... Pensemos no protagonista de *O neno co pixama a raias,* que segue defendendo ata o último momento, que nada malo lles vai pasar porque seu pai, que é quen manda, é bo.

O meirande perigo que corren os que non son adultos é que a falta de experiencia lles impide ver que as situacións poden cambiar, que nada é permanente, e o que hoxe se ve negro mañá pode ter outra cor. Por iso é imprescindible, no seu mundo, manter a esperanza, que esta non desapareza nunca. Igual que o é a necesidade de aprender, de que as persoas adultas lles ensinen e non os deixen a mercé da natureza nin do capitalismo salvaxe, ao que se refire Novoneyra cando ve certos medios de comunicación como verdadeiras escolas de violencia.

O poeta, que tiña a experiencia de traballar na televisión en Madrid, confesa a tristura que lle produce que unha ferramenta con tanta capacidade para educar a escala universal –por exemplo en valores como o pacifismo- renegue desta función formadora para encher os pequenos televidentes de historias sen coherencia co mundo no que viven, e ateigadas de crueldade e malos exemplos. Un medio que en vez de ordenar e instruír multiplica o caos e o desamparo da xungla do poder e a forza bruta, ao tempo que acaba coa cultura popular, coa base de identificación e arraigo, coa conciencia de estabilidade... sen propor nada a cambio. Fronte a ela, defende unha literatura infantil de calidade que non dimita de abrir portas a espazos certos, guiada por soños verdadeiros que se repiten, xeración tras xeración, traendo promesas de liberdade e xustiza, nas que realizarse e resistir.

Novoneyra fala dos soños como a verdadeira creación de cada un de nós, da súa intervención na conformación interior da humanidade; os soños como unha previsión da plenitude. De aí o seu valor, porque semella afirmar que se soñas con forza, o soño cúmprese, así que nunca debes perder a certeza da súa realización

para non abandonar a dignidade, para non caer na desesperanza... E non podo deixar de lembrar o que escribira Avilés nun tempo xa afastado: “Galicia deixou de soñar o seu soño”...

Outro aspecto no que o poeta do Courel se detén (naquelas palabras de presentación do libro) é na importancia que para o home acadou a caza desde o máis remoto dos tempos; a paixón pola caza e, ao seu lado, a paixón por narrar. A aventura, o risco e o medo; ese atreverse a ir lonxe do casa, no pasado para sobrevivir, e na actualidade, os nenos, repetindo ese ritual no xogo ou recoñecéndose nos libros de aventuras que recollen esa necesidade de ir fóra da protección dos pais, buscando a liberdade, para deixar de ser nenos e facerse rapaces, dicía o autor, rapaces xa máis avisados.

En *O cubil do xabarín,* os pequenos protagonistas, destemidos e arriscados, van na busca do refuxio do xabarín, o lugar onde cría. Terán que saír por pés cando aparecen os animais e os ousados chegan a mollar o pantalón do susto. En *Gorgorín e Cabezón,* os amigos cachean os arredores, xogan á ouvea, un facendo de cazador e outro de can, cando son “cazados” polos homes do saco. A caza unha e outra vez... En *Ilda, o lobo, o corzo e o xabarín,* os animais, que foran prendidos polos monteiros, prometen reproducirse para que haxa caza, así virán os e Ilda poderá coñecer “a quen presentiu tan certo que, namais que chamar á porta, soubo que era el”, aquel co que se irá lonxe tal como soñaba cando a historia principiaba.

A caza presente en todas e cada unha das historias. E a carón da caza faise presente a mentira, a narración, a ficción. Segundo o autor, a Historia non deixa de ser un conxunto de contos de cazadores, sucesivamente desmentidos por outros que tamén o serán. O que caza, o ganador, conta a historia –Historia- á súa maneira.

Portada d´*O cubil do xabarín*

A paixón de narrar é tan profunda como a de escoitar. Nese narrar-escoitar, nese toma e daca, están os rudimentos da educación, os primeiros pasos na transmisión de coñecementos e valores. Esa educación na que o autor se empeña e realiza sen ningunha dúbida, apoiándose na fascinación dos pequenos e pequenas polos animais e o mundo natural. Esa especie de encantamento que semella revelar a intuición do vínculo de permanencia

que o une á Terra, algo pautado na memoria máis profunda, no subconsciente da especie, que os leva a implicarse instintivamente coa natureza. Fronte a eles, o adulto arrédase dese mundo, poñendo en perigo a pervivencia a causa dun delirio destrutor, porque non renuncia a un beneficio inmediato a cambio da utilidade remota e permanente dunha natureza non agredida. E o narrador asume o seu papel educativo e escribe contos situados nun mundo natural, case salvaxe (no bo sentido da palabra), no que os animais tamén son protagonistas nas tres obras; e introduce a mensaxe coma se o fixese nunha botella de náufrago "porque os homes teñen dificultade para aceptar o sabido", e o sabido é que se debe respectar a Terra e a vida dos Outros que tamén a habitan, e que "non se achega máis quen non para ata que pisa", porque "tamén se vai en soños ou cos ollos" e "mirar é ir"; por iso se debe manter esa última distancia. Un aviso de conciencia, confirma o autor, máis que iniciación dos soños, é o que irrompe en *O cubil do xabarín,* pero os nenos móvense nunha terra ben soñada. É a transmisión dunha ecoloxía de delicadeza coa Terra. Porque o mundo está cheo e non debemos deixar que nolo baleiren. Non poñer as sucias mans sobre a terra. Terra, que non paisaxe, terra que se pisa e na que se vive, terra na que estamos confinados, igual que o poeta á lingua que a é do seu pobo, que el tamén é do seu pobo e escravo da súa memoria.

Educación que traballa a través do contido pero tamén do continente. Faino por medio dese léxico propio da montaña, no que transmite un mundo a piques de perderse, un mundo de eidos sós...

Que pase o ano dedicado a Novoneyra sen que estes libros tivesen unha edición especial é moi simbólico do momento actual. Pero como el mesmo escribiu: "Estamos acostumados a resistir e por veces contra todas as imposibilidades ocurren milagros".

Falar de libros para a infancia é falar de lingua e, no caso de Novoneyra, do silencio que acompaña á palabra poética.

Lingua Novoneyra Silencio Novoneyra... remoendo nas súas palabras, saltando dunhas noutras, só para mantelas presentes.

Dous conceptos a destacar na súa poesía: silencio e lingua.

O silencio, esa mudez que produce "a páxina bailando en branco arredor dos versos" porque "as moitas palabras borran, ou poden borrar, ese silencio elocuente das poucas palabras, evocadoras, case que convocadoras da presencia mesma". O branco, que permite un texto intenso, para o que hai que depurar a palabra ata o límite que esixe o texto poético.

Defender a intensidade sobre a extensión, como o efecto da punta de frecha sobre unha diana, despois de tensala e soltala -explicaba o poeta-, coller o arco, poñer a frecha, estiralo, disparar, e despois... esquecer todo ese proceso e só quedar co momento de incisión da frecha, despois do proceso de borrado, para que quede só ese punto. Seleccionar as palabras adelgazando o poema, buscando a esencia, esquecendo todo o que non sexa imprescindible, tirando coa palla e mostrando só aquilo que vale a pena,

sexa poema ou libro. A obra con todo o aire que precisa; a obra respirando e o aire rodeándoa, envolvéndoa... unha obra concentrada, máis intensa que extensa.

Por que calar? Talvez porque a súa é unha terra de silencios: a serra calada na que se escoita a natureza, os sons da auga, do vento, dos paxaros... Talvez porque o poeta ha de ser auténtico e só debe dicir o que é certo e verdadeiro, o que pasou pola experiencia.

O que non é silencio é palabra. Lingua propia desa serra, sen normas artificiais decididas polos expertos nalgún lugar afastado; non, a súa será a fala dos do lugar, a lingua do Courel na que se recoñece; a lingua oral dos dicidores. Haberá que velar a Lingua-Fala fronte aos que se apartaron dela por non aparentar rurais e se sumaron a unha lingua artificial-aprendida. Lingua-Fala porque a nosa lingua foi por séculos só falada.

A lingua de noso, a que nos liga ao pasado, a nos dá identidade e nos diferenza. A que o autor utilizara naquel recital, que Franco Grande relata, cando ninguén o facía, no Santiago dos anos cincuenta. A lingua que ampara e sostén ao fronte da Asociación de Escritores en Lingua Galega.

Novoneyra fala da necesidade de recitar os cancioneiros para artellar un fondo de lingua, realizando un exercicio a través do cal se atrapa a estrutura do idioma medieval, a primeira forma culta.

El ve o poeta como apropiador, descubridor, doador e gardador das palabras e do seu sentido. De aí que nos libros para nenos lle legue o patrimonio, o tesouro de historias situadas en lugares ben soñados e contadas nunha lingua que é arte herdado.

O poeta está dentro da Lingua, no seu horizonte interior, comulgando co que foi e ha de ser. A Lingua é unha imaxe viva, é unha imaxe intensísima, continua de todo o pasado. A gran obra centradora. A Lingua en por si soa sabe moitísimas cousas, sabe moito máis do que está escrito e dito. Porque mesmo é capaz de dicir cousas que inda non foron formuladas. Hai un acervo de coñecemento depositado na Lingua, que é un repositorio total.

O que dá forza é a Lingua porque residimos tanto na Lingua como na Terra. Por iso podemos chamala lingua-patria. A Lingua controla a rota do pensamento, condiciónaa, achega unha pauta de pensamento. Dá a impresión de pervivencia ou eternidade. O verbo orixinario, depositario da memoria común, gardador da nosa inmortalidade, da memoria común. E repite...

“A Fala é o único sitio onde seguen vivos os antepasados, a única forma audible de supervivencia.”

Na lingua queda a memoria, gravada e en circulación; aí está a pervivencia de todo o memorial e inmemorial referido aos que habitaron esta terra, porque a Lingua reactiva o pasado profundo, actualizándoo, poñéndonos en contacto co entorno oculto, o remoto da memoria xorda non verbalizada que trae ese infindo.

Escribe o poeta en *Poemas de doada certeza*:

ANQUE caia o *Monumento á Ausencia*
ti quedarás como nós quedaremos
pois xa estamos na Lingua
con tódolos rostros do noso pobo
cada un co seu xeito
que se animan a volven cando falamos
coma agora.

Escribe, de novo, na elexía a José de Cospeito:

Tápote coa nosa Língua
para disimular tan pouco bulto.
E nela quedes como quedaremos
como quedaron todos.
José de Cospeito
o teu nome xa está posto a extinguir.
Chamaran-nos *Galicia.*

E a Paco Rodríguez:

Cómo nos fixeron saber *lingua sin maos*!

Ou no Réquiem por Marta:

Despois de mortos
ainda inordiña morremos
e tra-la lembranza
xa na túa Lingua quedas.

Dentro da lingua a toponimia. "E vanse nomeando os sitios, e produce unha emoción grande con só nomear". Como a letra dun esconxuro. Nomes cargados de todo o que neses sitios se deu ou soñou. Os nomes das cousas, os nomes que as chaman. O nome líganos coas xeracións do pasado, con tódolos antepasados que o usaron e dános certa seguranza de permanencia, de pervivencia, desnihilízanos, en certa maneira. O seu uso prolongado fai que sexan máis que meros símbolos, ao cargarse de memoria. Toda terra nomeada é reivindicada e tomada coma nunha acción máxica. Os topónimos describen os lugares, son... os lugares, de aí que temamos a súa desaparición.

"Onde só queda alguén para aguantar dos nomes" e da fala, da fala en que máis se dixo "adeus" e se esperou polos tempos que anuncia o himno.

Anxo A. Rei Ballesteros. Intervención oral na Pobra, o 20 de novembro de 2009

Manolo Castelao

Non imaxinades o difícil que se me torna pórme a falar de Ballesteros. Que voz precisaría eu para conxurar a súa figura? Éme inconcibíbel. Mais o que me abafa non é só a dificultade para apreixar a súa ausencia, como a de calquera ser querido, a través da linguaxe, pois se, con certeza, as palabras naceron para designaren as cousas e os seres que non están presentes e xa o mero feito de iniciar un discurso sobre el excita en nós a súa memoria, non é menos certo que sobre o Anxo non se pode falar "así como así", en especial cando pronunciamos a palabra "memoria", á que el dedicou un elocuente ensaio. E, con todo, hai unha certeza sensíbel en nós a revoltarse contra todas estas cautelas, a certeza de termos sido eternos con el nos instantes con el partillados, en que entón nos sumimos e foron tan plenamente vividos que non collía neles o pensamento de viren ser interrompidos no seu *con-crecer,* palabra xa sempre súa.

Para conxurar unha tal forma da nosa memoria, precisa sería unha expresión á que non repugna o cualificativo de poética, mais eu poeta non son. Farei o que puider, na seguranza de á beira, por debaixo e sobre as miñas palabras haber lugar para o retorno do vivido, pois, como el explicou, se aqueles momentos foron intensamente vividos, con certeza subtraéronse ao tempo mecánico e desconxuntado para atinxiren unha perennidade orixinal e, como a case impensábel presenza da Orixe, eternamente retornante.

Prefería falar doutras cousas, mais impónseme, pola propia deriva das miñas palabras, referirme a conceptos como o de Orixe (non sei sequera se chamarlles "conceptos" fai xeito), a Orixe que foi adquirindo cada vez máis importancia nas reflexións do Anxo até o punto de ingrir por toda a súa obra dos últimos anos. Confeso a inicial perplexidade que me producían aqueles textos onde eu cría ver categorías que me lembraban Heidegger. A un pluscuammarxista ou, direino en portugués, *mais-que-marxista* convicto coma min, calquera énfase na Orixe facíaselle moito incómoda e só conseguía entendela á luz da adorniana *Dialektik der Aufklärung* e, en particular, da magnífica, inesquecíbel análise que nela se fai da figura de Ulises confrontado co canto das sereas e da xénese da radical complicidade entre dominación e autodominio na constitución do noso mundo.

Esa complicidade entre dominación e autodominio a tornar a produción do suxeito, como identidade e suxeición, coextensiva do recoñecemento do poder como principio de todos os relacionamentos, a arrastrar a conversión da natureza en pura obxectividade, coa humanidade pagando o seu acréscimo de poder sobre esa natureza tornándose a ela allea, as consecuentes reificacións do espírito humano e da sociedade, mesmo a organización temporal coa retirada do pasado ao reino das sombras, o enigmático concepto de mímese, por mercé de todas esas construcións de Adorno, eu conseguía apagar os acentos heideggerianos para facer soar aquela Orixe máis próxima, máis íntima, máis fraterna.

Ora, este procedemento que eu seguín para poder seguir o Anxo non era, non quería nin podía ser un reconducir o seu pensamento ao xa sabido. Esgallariamos daquela a súa orixinalidade e volvo

utilizar o termo con toda a intención. Ballesteros non era nin podería ser nunca un epígono de ninguén. Eu creo que esa evolución do seu pensamento, só en principio desconcertante, ten relación co percurso vital que o levou, após abandonar Santiago de Compostela, a percorrer diferentes puntos do corpo da Galiza, áreas todas fóra dos camiños acostumados, distantes das cidades onde parece xogarse o destino futuro do país. Esa marxinalidade e a consecuente veciñanza (e amor) á materialidade física e humana do *hic,* o aquí, todos os "aquí" do "aquí", levouno a unha extraordinaria comprensión da noción de Terra que, para min, só ten parangón en Otero Pedraio.

Diría aínda máis: o que o Anxo nos brindou nos últimos anos foi un enriquecemento e unha ampliación xurdia de todas as reflexións que Pedraio fixo sobre esa "categoría esenzal –nos termos do ourensán– pechada na verba úneca, fonda, agarimosa, animadora", Terra. Pouco importa o Anxo non se referir a Pedraio de forma explícita porque nin o necesita, nin é preciso. Non por acaso son os dous escritores con maior caudal léxico da nosa literatura. Ballesteros foise encontrar, desde unha posición intelectual moi diferente, co que rodeaba a Pedraio e Pedraio nunca deixou de aprehender, até o Anxo se tornar, en todos os sentidos da expresión que me vén á boca, vero pensador da Terra, non como termo dunha mística ecolóxica senón como lugar vivo, latexante, da comunidade escura.

Ora, a diferenza é o salto ao baleiro que leva do idealismo pedraiano, relixioso, conservador que non conservantista, a unha exploración en Anxo dos límites do pensar no axexo dos asuntos que desafían a calquera filósofo libre e radical, vencellado non coas miserias académicas en que naufragan os meros esexetas, senón cos núcleos ardentes en que se desagrega a vida: eu, desexo, terra, comunidade, tempo. E aí o "paso para alén" propio do Anxo nace da súa condición de escritor, máis escritor se cabe que os grandes filósofos cos que el dialoga e que, en xeral, tamén eran grandes escritores cando pensaban até o cabo, pois acababan tendo que se enfrontar coas capacidades e os límites do dicir para poderen dar forma ao esforzo das súas mentes a petaren contra as fronteiras da humana condición.

Ao que apunto é á unidade de escrita e pensamento, tanto nos ensaios como nos textos de ficción. Prodúcese, ten lugar unha feliz mestura entre as dúas dimensións e fai as achegas do Anxo descentradas ou, se queredes, excéntricas tanto a respecto da literatura como da filosofía. Por iso, nunca podemos velo como un saudoso da Orixe. A Orixe do Anxo non é un *a priori* transcendental nin un mero motivo poético, porque a súa prosa e o seu esforzo pensante conseguen facela co-presente, viva e arreo recreada. Se podemos concibila como tradicional e arcaica (a el gustaríalle que profundase na etimoloxía deste fermoso termo, "arcaica") é porque só nace agora, nun agora comunicante que non é o do tempo contábel, senón o dunha continuidade inaprehensíbel, esa continuidade que tamén fascinou o Bataille e que nos traspasa pois nunca é autoidéntica, antes pola contra, pon en crise todas as identidades e confúndese coa vida no sentido forte do termo. Son conceptos que, como as cousas ás que se refiren, sofren un movemento simultá-

neo, dito no noso adverbio "asemade", de desaparición e actualización, actualízanse a se esvaeren, esváense a produciren instantes de plena intensidade sensíbel. Vivímolas sen saudade posíbel porque nunca foron. Son, mais sen consentiren presenza substancial.

Ese enigma e o da súa negación coetánea para consolidar a sociedade da dominación e do autodominio é o que el explorou sen pausa na súa obra e, tamén, na súa vida, até o exceso en que tantos o quixeron confinar para se defenderen do que nos inquieta até o ámago, pois o Anxo foi, nietzscheanamente, un profesor de enerxía. Tratalo era sentir o latexar do Maelström, o mundo pulsional que enterramos ou do que preferimos manternos a distancia, como Ulises a nos atar ao mastro. Anxo, sen querer, aterraba no fondo a quen, por estar suxeito, tiña medo da vida e de si propio.

Falo de todo isto e a súa paixón resoa, mais estou sometido eu tamén aquí á tiranía do tempo mecánico, os minutos que non quero exceder por respecto aos meus compañeiros de mesa e quero dicir máis cousas, pétame falar dos moitos Ballesteros que hai en Ballesteros. Baixo a un aspecto de detalle ou, se cadra, non tan de detalle. A ausencia, como dixen ao inicio, ten unha fonda complicidade coa linguaxe e, por iso, ao desaparecer Anxo, dixéronse e publicáronse textos de moi diversa natureza. Chocoume moito ler que o Anxo non era nacionalista. Se el non o era, eu tampouco. Só unha cita súa para nos entendermos: "O poeta non *coñece* as cousas senón que co-nace con e por mor [e "por mor" vén de "por amor"] delas. Como artista creador relaciónase con elas [coas cousas] "status nacens", igual ca se as encontrase por primeira vez [,] igual ca se viñesen de xurdir da entraña escura e aínda húmida da terra. Neste senso, toda literatura, toda poesía, en calquera lingua que estea escrita, é sempre, necesariamente, *nacional.*" E segue: "o que deixa que esa co-pertenza e ese enfrontamento recíproco entre [o poeta] e as cousas, e entre as cousas e as cousas ["cousa" vén de "causa"], chegue a darse, é a memoria da comunidade" ("A outra memoria", *Grial,* nº 104, outubro-decembro 1989, pp. 504-5).

Non, non era nacionalista, era "nacional" e, por tanto, non necesitaba sequera ser "nacionalista", se é que interpretamos este termo como reificación do nacional, ou si o era, si o somos, se, máis axustadamente, é "nacionalista" quen se entrega á defensa da vida colectiva como lugar da fraternidade orixinaria (rogo que se interpreten todos estes termos no sentido forte que el lles daba), fraternidade emancipada ou, mellor dito, aínda ou xa non suxeita. Por iso escribiu toda a súa obra nunha lingua condenada pola Historia, cando talentos tiña abondos para poder triunfar na conxugación madrileña do verbo. Por iso, a súa resistencia a ser traducido para o castelán.

Falo de fraternidade e non acho mellor termo para me referir á miña relación con Ballesteros. Quero recoñecela na descrición que el fixo da amizade entre Hamlet e Horatius. Leo: "Nada logrou falsificar nin corromper o núcleo temporal e orixinario dunha amizade común que, nacida, probablemente, na alma máter, no claustro materno, [agora corrixo: da Compostela estudantil que el transfigurou como nin-

guén], concrece, silenciosa entre eles dous malia as distancias espacio-temporais (...) Os que eran antes amigos seguen a selo igualmente despois. Como se o tempo non transcorrese ou, máis ben, como se se establecese entre ambos unha contemporaneidade esencial entre a intemporalidade da Orixe (muda, inefable, 'mística') e o decurso do tempo sucesivo; entre o silencio e o discurso" (*Tempo e vinganza,* Vigo, Galaxia, 2003, p. 295). Non nos vimos durante moitos anos e cando el me procurou, no último ano da súa vida, cando máis podía acompañalo, un destino adverso interpúxose a facer que todas as mensaxes chegasen á persoa equivocada. Como a Horatius, tocoume ficar para contar del, como eu o coñecín na fin dos setenta e primeiros oitenta –nunca viría máis a tergo aquel título joyceano, "A portrait of the artist as a young man"– e como eu o imaxino, hoxe, aquí, convosco.

Coñecida de todos é a súa paixón pola comunicación, a súa capacidade de estar a falar durante horas de tempo certo, a cultivar a oralidade en que el vía a expresión suprema da linguaxe como forma de comunicación –e subliño a conexión do termo con "común" e "comunidade". Ora, paréceme que foi menos percibida a forma en que esa procura se manifestou a través da súa obra literaria. E, nese punto, só algunhas ideas que me veñen á cabeza: a primeira, tocante á configuración da súa patria literaria.

Teño para min que as mellores páxinas de Ballesteros son aquelas dedicadas a recrear a Compostela estudantil dos setenta, os seus anos de formación sen fin. Por que? En parte, a resposta é un arcano que ten que ver co que un non decide. Foi así porque nel, sen o poder evitar, se expresaba calquera cousa e calquera causa transpersoal onde o individuo se disolve por obra do desexo comunicante. Mais tamén porque foron tempos dunha feliz inestabilidade, un mundo en tránsito onde a reorganización dos modos en que se exerce o poder permitía unha desmesurada exploración do posíbel, pois era máis evidente que nunca o carácter de construtos, de más ficcións, artefactos tan precarios coma nós, inherente a todas as instancias que nos gobernan. E digo isto tamén contra a banalización a que, posteriormente, se someteron aqueles anos, para tantos hoxe só materia de saudades ou, peor aínda, época de extravío xuvenil antes de se situaren, como debe ser, na loita polo poder e o diñeiro. Non por acaso el quixo honrar aquel tempo no dedicatario colectivo, "á xuventude galega", de *Dos anxos e dos mortos.*

Estou a falar de comportamentos, de ética e aí debo salientar agora a radical seriedade de Ballesteros, nietzscheana seriedade do neno a xogar. O seu esforzo na auscultación da comunidade orixinaria vese exemplarmente no traballo da escrita, na ética da súa escrita. Por que e para que escribir? E, sobre todo, por que escribir ben, tan ben? En que interlocutor absoluto se pensa cando un escritor foza e foza para encher de camadas un texto e cando se labora no traballo da prosa até o mínimo detalle? A comparación da prosa do Anxo coa da maioría dos seus contemporáneos mostra a diferenza que vai de escribir a redactar, dunha escrita serva a unha escrita soberana.

Mais este mal dicir é anécdota. O meu propósito é subliñar como ese traballar a lingua na súa potencia de comunicación outra constitúe a forma que el tiña de actualizar a Orixe e o lugar dunha comunidade tantas veces escachada, a recrear o noso lar na lingua, a pór a súa identidade (a do escritor e a do pobo) en transo, único camiño para a des-suxeición adquirir unha dimensión socialmente receptíbel, único camiño para abrir a linguaxe á vida da comunidade e daquela reconstruír, refundar as palabras da tribo.

Levo, antes de agora, moito tempo a falar do Anxo. Mesmo cando levaba anos sen o ver. Fun a algúns eventos porque pensaba que el iría. Non foi. Só me colle falar del e seguir a facelo mentres viva. O Anxo e a súa obra aparécenme agora como unha alquitara, a vella alquitara de cobre ao pé da cal eu pasei moitas tardes, xa anoitecidas, na miña infancia, no cuberto da aldea, non lonxe de Codeso. Impelida por un tan seu movemento de absorción e expulsión, a un ritmo que non admite precipitación, a alquitara decanta, como a súa prosa, unha flor única de lingua e pensamento. Aquel aroma a ocupar o ar aínda inza na memoria e perdura despois de desapareceren os alquitareiros e térennos deixado, como o Anxo, a auga ardente da vida, o río verbal por Anxo tan ben servido en que agora mergullamos porque foi, é e será sempre outro e o mesmo. Lerémolo, lerémoste e faremos que te lean. Oxalá saibamos todos chegar a ser os lectores que ti mereces.

Economía

A nova economía verde… xa está aquí

Gonzalo Trasbach

PORTA

Desaceleración, deflación, decrecemento, crecemento, caída en picado das vendas, afundimento das bolsas, repunte de..., perdas, cerre de pequenas e medianas empresas, máis de catro millóns de parados... Os estados saen ao rescate do sistema financeiro e subvencionan as firmas máis potentes do mercado... Esta é a ladaíña que repiten día tras día os medios, dende cando? E isto logo da apertura da autoestrada, a vía de fuga da que pendía o futuro da comarca barbancesa, e tamén no ano de graza no que foi alumeada a salvadora fusión das caixas, coa cal se decretou o armisticio dunha nova guerra norte-sur e que despexaba o incerto panorama económico galego.

Digámolo en voz alta dunha vez: estamos fartos. Dende calquera ángulo que se mire, o presente non ten saída. Só trinta anos despois, o vello lema punk cumpriuse: *There is no future*. A aqueles que quererían agardar a toda costa, róuballes todo sostén. Aqueles que pretenden ostentar solucións son desmentidos a cada paso. No ecuador do ardente e incendiario verán pasado, as máximas autoridades do poder político autonómico e nacional lembráronnos que a situación empeorará no inverno. É dicir: ídevos preparando...

A esfera da representación política péchase. Da esquerda á dereita, o mesmo baleiro adopta poses de adaíl ou aires de virxe. As mesmas cabezas visibles intercambian os seus discursos segundo as últimas achegas do servizo de comunicación. Aqueles que aínda votan dan ás veces a sensación de non ter outra intención que rebentar as furnas a forza de votar, en pura protesta. Nada do que se presenta está, nin de lonxe, á altura da situación. No seu mesmo silencio, a poboación parece infinitamente máis adulta que toda sas marionetas que se pelexan por gobernala. Semella que todo fala da máxima dilatación da fisura entre “a política” e “o político”.

O canellón sen saída do presente, perceptible por todos os currunchos, négase nos foros de debate vinculados ao poder. Nunca tantos psicólogos, sociólogos e literatos, se empregan no asunto, cada un na súa xerga especial, onde resulta a todas luces monótona a ausencia dunha conclusión.

O QUE NOS DEPRIME

Crise. Paro. Bonanza. Crise. Paro. Bonanza...Trinta anos de “crise”. De crecemento a media hasta. E pídesenos que sigamos crendo na economía. Trinta anos, é certo, balizados por claros e escuros. Recapitulemos: dos Pactos de la Moncloa á ilusión dun goberno socialista co que todos iamos converternos en ricos ou empresarios (etapa dos pelotazos); da corrupción e a dilapidación de González ao axuste que levou ata a remontada aznarista, e de aquí á irrupción de Internet, momento no que todos iamos atopar un traballo virtual a forza de estar conectados á rede. Despois veu a época na que fomos os *champions* da economía europea (explosión do sector inmobiliario) da que deveu a ruína Zapatero. Confesamos que todas as nosas reservas de ilusión

están esgotadas. Tocamos fondo. Estamos secos.

Á forza comprendemos que: non é a economía a que está en crise, a economía é a crise. Ben pensado, non é a crise, senón o crecemento o que nos deprime. Temos que recoñecelo: a ladaíña das cotizacións na bolsa conmóvenos máis ou menos o mesmo que unha misa en latín. Toda a actividade mortífera do poder actual consiste en, por un lado, xestionar esta ruína e, por outro, sentar as bases dunha "nueva economía". Con todo, estabamos acostumados á economía. Dende hai moitas xeracións tíñannos disciplinados, pacificados. Fixéronnos "suxeitos", naturalmente produtivos. E vai, e de repente, revélase todo aquilo que nos esforzaramos en esquecer: *que a economía é unha política*.

Se ATTAC, coa súa inverosímil taxa Tobin e os seus cursos de educación popular, intentaba salvar a economía "como ciencia", a repentina aparición da teoría do decrecemento pretende salvala "como moral": só hai unha alternativa á apocalipse en curso: decrecer. Consumir e producir menos. Devir alegremente frugais. Comer produtos bío, andar en bici, deixar de fumar e vixiar con severidade o que mercamos. Contentarse co estritamente necesario. En resumo: volvernos aforradores.

Imaxinemos a nova situación: un grafiteiro cun polo artesanal bebe, na compaña duns amigos, un cóctel de froitas na terraza dun bar étnico. Parecen elocuentes, cordiais, bromean moderadamente, nin demasiado ruidosos nin demasiado silenciosos. Sorrín, un pouco pánfilos: qué civilizados son. Comungan co xusto desexo de formar unha nova humanidade, a máis refinada e *cool*, a máis sabia, talvez a última. E teñen razón, Apple e o decrecemento converxen, curiosamente, na civilización do futuro. A idea do retorno á economía dos nosos avós dos uns é a néboa oportuna trala que se adiviña a idea dun gran brinco tecnolóxico avanzado dos outros.

Tal converxencia non é gratuíta. Inscríbese nas marchas forzadas para atopar un relevo á economía. A esta nova humanidade correspóndelle unha nova economía que quere deixar de ser unha esfera separada da existencia para ser o seu tecido, a materia das relacións humanas (sociabilidade). Unha nova definición do traballo como traballo sobre un mesmo (quen non quere ser artista, literato, actor, publicista ou funcionario...?), e do Capital, como capital humano; unha nova idea de produción como produción de bens relacionais, e do consumo como consumo de situacións, e, sobre todo, unha nova idea de valor que abarcaría todas as calidades dos seres.

Esta "bioeconomía" en xestación concibe o planeta como sistema pechado que hai que xestionar, e pretende sentar as bases dunha ciencia que integraría todos os parámetros da vida. *Revalorizar os aspectos non económicos da vida*, esta é a consigna do decrecemento, e tamén do programa de Reforma do Capital. Vilas ecolóxicas, cámaras de videovixilancia, espiritualidade, hedonismo, biotecnoloxías e boa convivencia pertencen ao mesmo "paradigma civilizacional" en formación, o da economía xerada dende

a base: a súa matriz non é outra que a cibernética.

Para impor definitivamente a economía, coa súa ética do traballo e a súa avaricia, foi necesario nos séculos pasados internar e eliminar toda a fauna de ociosos, mendigos, bruxas, loucos, vividores e outros pobres sen patria nin fogar; toda unha humanidade que desmentía coa súa soa existencia a orde do interese e a continencia. Así tamén, a nova economía non se imporá sen unha selección semellante dos suxeitos, e das zonas aptas para a mutación xa en curso.

O OUTRO EIXO DA NOVA ECONOMÍA É O DESAFÍO INDUSTRIAL DO MEDIO

A ecoloxía é o gran descubrimento dos últimos anos. Ata hai uns trinta anos, este asunto deixábase nas mans dos "verdes": un ríase del o domingo, e o luns adoitaba un aire de gravidade e preocupación. Pero hoxe en día pétanos de cheo. Invade as ondas como a canción do verán porque é decembro e estamos a 20 graos.

Lembremos: unha cuarta parte das especies mariñas desapareceron. Ás demais tampouco lles queda moito tempo. Alertan da gripe aviar: prometen abater o voo das aves migratorias, en centos de miles. Aterrorízannos coa gripe A, a máis espectacular estafa ideada polos laboratorios farmacéuticos sen que nada pase. Ínchansenos os beizos ao comer mazás que veñen do mercado. Os xestos máis sinxelos vólvense tóxicos. Morren aos 35 anos (dunha longa enfermidade), que se controla como se fai con todo o demais. Deberiamos sacar conclusión antes de achegarnos ao pavillón de coidados paliativos.

Toda esta (catástrofe), na que tanto insisten, non nos afecta, polo menos antes de que nos bata cunha das súas imprevisibles consecuencias. Concírnenos, si, pero non nos afecta. E, non obstante, a catástrofe está aí. E dicimos: non hai (catástrofe ambiental). Hai unha catástrofe que "é o medio", porque isto –o medio- é o que nos queda tras perdelo todo. Os que viven nun barrio, nunha rúa, nun pequeno val, nun taller, ou nunha fábrica, non teñen "ambiente". Móvense nun mundo poboado de presenzas, perigos, amigos, inimigos, pulsións de morte e vida, por toda clase de seres. Só nós, fillos do desposuimento final, exiliados de última hora, que vimos ao mundo entre bloques de cemento, recollemos froita nos supermercados, e a quen nos chegan os ecos do mundo a través da tele, podiamos ter "un medio". Só nós podíamos asistir á nosa propia aniquilación como se se tratase dun simple cambio de camisa. Indignarnos polos últimos avances do desastre e redactar pacientemente a súa enciclopedia.

Esta é a situación: empregaron os nosos pais na destrución deste mundo; agora quererían facernos traballar para a súa reconstrución, e que esta sexa, para colmo, rendible. A mórbida excitación que anima desde entón os periodistas e publicistas en cada novo exame do quentamento climático desvela o sorriso de aceiro do novo capitalismo verde, o que se veu anunciando desde os anos 60, que se agardaba con tanta expectación e non daba chegado. Xa está aquí! A ecoloxía,

é el! Non hai dúbida: o fondo do aire é verde; o medio vai ser o pivote da economía deste século. A cada gromo de catastrofismo corresponderá, no sucesivo, unha traca de "solucións industrias".

Unha visión futurista: unha humanidade motorizada desprázase desde Sao Paulo ata Estocolmo grazas ao bioetanol, o soño de calquera cultivador de cereais, o que supón, ao fin e ao cabo, a "conversión de todas as terras" de labradío do planeta en campos de soia e remolacha azucreira. Coches ecolóxicos, enerxías limpas e consultoras ambientais coexisten sen problemas coa última publicidade de Chanel nas páxinas satinadas das revistas de opinión.

PROBLEMA GLOBAL

E é que o medio ten o impagábel mérito de ser, din, o principal "problema" global que se formula á humanidade. É dicir, un problema que só os que están organizados globalmente poden solucionar. A eses xa os coñecemos. Son os grupos que desde hai un século andan na fura de diante do desastre e contan con manterse aí, ao prezo dun cambio de logotipo. Das secretarías das distintas administracións ata as reboticas dos cafés alternativos, as preocupacións anúncianse agora coas mesmas palabras, que son, polo demais, as mesmas de sempre: *mobilizarse*. Só que esta vez é polo medio, con Al Gore de ariete.

Coa austeridade voluntaria como bandeira, traballan beneficamente para que nos adaptemos "ao estado de emerxencia ecolóxica que vén". A masa redonda e pegañenta da súa culpabilidade cae sobre as nosas cansas costas e quererían empurrarnos a cultivar os nosos xardíns, a reciclar selectivamente a nosa vasoira, e a elaborar esterco biolóxico co lixo sobrante do macabro festín en e para que fomos creados.

Se queremos salvar o noso marabilloso modelo de civilización; "é responsabilidade de cada un cambiar o seu comportamento", din. Hai que consumir pouco *para seguir consumindo*. Fabricar produtos biolóxicos *para poder seguir producindo*. Así é como a lóxica do mundo aspira a sobrevir a si mesma dándose aires de ruptura histórica. Así é como lles gustaría convencernos para que participaramos nos grandes desafíos industriais deste século. Non estariamos dispostos a tirarnos nos brazos dos mesmos que lideraron o saqueo, con tal de que non nos movan de aquí?

A NOVA MORAL

A ecoloxía non é unicamente a lóxica da economía total, é tamén a nova moral do Capital. Como é sabido, ao longo de todas as épocas, a idea de virtude nunca foi máis que unha invención do vicio. Así pois, de non ser pola ecoloxía, non se podería xustificar nestes días a existencia de dous ramos da alimentación: un san e biolóxico para os ricos e os seus fillos, e outro notoriamente tóxico para a plebe e a súa prole abocada á obesidade. De non ser pola ecoloxía, nada seguiría tendo suficiente autoridade para acalar toda obxección aos progresos desorbitados do control.

Trazabilidade, transparencia, certificación, ecoimpostos, excelencia ambiental, e policía da auga permiten adiviñar o estado de excepción ecolóxica que se aveciña. Todo lle está permitido a un poder que se ampara na natureza, na saúde e no benestar.

"Unha vez a nova cultura económica e condutual se asente, as medidas coercitivas virán *sen dúbida* por si soas". É necesaria toda a ridícula serenidade dun aventureiro de *plató* da tele para soster unha perspectiva tan xeada, e pedirnos, ao mesmo tempo, que teñamos suficiente "dor do planeta" para mobilizarnos, e que permanezamos o bastante anestesiados para asistir a todo isto con discreta urbanidade.

O novo ascetismo bio é "o control dun mesmo que se require de todos para negociar a operación de salvamento á que o propio sistema se abocou". Como nestes tempos se nos pide en nome da economía, en adiante teremos tamén que apertarnos o cinto no nome da ecoloxía. Aqueles que pretenden que o autocontrol xeneralizado nos vai librar dunha ditadura ambiental, menten: un alisará o terreo ao outro, e teremos as dúas cousas.

PECHE

En verdade, o que se presenta por todas partes como catástrofe ecolóxica nunca deixou de ser, en primeiro lugar, a manifestación dunha relación desastrosa co mundo. O paradoxo actual da ecoloxía é que, baixo o pretexto de salvar a Terra, se salva unicamente o fundamento do que a converteu nun astro desolado.

Polo tanto, pensamos que os mellores consellos son os debemos buscar entre os especialistas do desenvolvemento sostíbel. É nas disfuncións, nos curtocircuítos do sistema, onde aparecen os elementos de resposta lóxicos ao que podería deixar de ser un problema.

Neste senso, o que fai desexábel a crise é que nela o medio deixe de ser o medio. Lévanos a restablecer un contacto, por fatal que sexa, co que está aí, a redescubrir os ritmos da realidade. O que nos rodea xa non é paisaxe, panorama, teatro, senón aquilo que nos é dado habitar, co que temos que transixir, e do que debemos aprender. Recuperarmos xestos agochados debaixo das costras da nosa vida normalizada, é unha vía para non afundirse co mundo, e para que veña un tempo do que nos quedemos prendados, namorados.

Nota: Este texto é un resumo de dous puntos que se trataron nas xornadas de debate que organizou a chamada Universidade Popular de Corcubión, con Javier Turnes de mestre de cerimonias, entre marzo e xuño do ano 2009. Naquel seminario discutíronse, primeiro, os libros *Teoría del Bloom* e *Introducción a la Guerra Civil*, do colectivo Tiqqun, e rematouse cun debate sobre *La insurrección que viene*, do Comité Invisible, e que rematamos cun divertido *happening* na praia de Lires.

Música

A *Suite rianjeira* de Isabel Rei Sanmartim

José Luís do Pico Orjais

A. PREÂMBULO

Após o C.E.P. Xosé María Brea Segade de Taragonha (Rianjo) ganhar no 2006 a IV edição do projecto didático Antonio Fraguas, construímos numa das aulas do colégio o Museo Pedagóxico Castelao. Esta instalação alberga materiais de valor etnográfico, histórico, documental... que fomos recebendo, quer como doação, quer como empréstimos. Com motivo da sua inauguração pedimos à professora e guitarrista Isabel Rei Sanmartim a composição duma *Suite* usando cantos e danças originárias do concelho de Rianjo. A sua inicial reticência, era a primeira vez que abordava a composição, viu-se vencida pelo entusiamo da nossa petição.

Assim o 14 de dezembro de 2007 abrimos as portas do museu e estreamos a *Suite rianjeira* com a participação dos seguintes músicos:

Isabel Rei Sanmartim: direção e guitarra.
Xurxo Varela Díaz: voz.
José Luís do Pico Orjais: flauta e adufe.

Desde o C.E.P Xosé María Brea Segade queremos aproveitar a ocasião que nos dá Barbantia para agradecer à professora Isabel Rei a generosidade mostrada para com nós e para com o povo de Rianjo, destinatário último, em definitiva, desta coletânea de pequenas obras de arte.

B. O MATERIAL FOLCLÓRICO

Numa primeira fase, procurei nos cancioneiros galegos peças que apareceram como recolheitas em Rianjo, do que resultaram seis exemplos que depois Isabel Rei harmonizou e instrumentou.

I. Alalá

Fonte original:

Fernández Espinosa, Fr. Luís María (1940) *Canto Popular Gallego.* [Imp. Góngora; Madrid] nº 7, p. 71. Tempo lento.

Letra original:

Como queres que navegue
un navío po-la calma,
como queres que reviva
un corpo que non ten alma.

Canta o cuco, canta o merlo
cantan todol'os paxaros
eu tamen onte cantei
hoxe choro os meus trabalos (sic).

Escoitando cal ruxía
a auguiña de certa fonte
deixei nela moitas bagoas
pensando na triste sorte.

Desta peça Fernández Espinosa não dá qualquer informação, apenas ter sido recolhida em Rianjo. A melodia, quando ascendente, presenta um fá e um sol sustenido que se tornam naturais ao descer. Esta característica emparenta a sua escala com a melódica ou, mais acertadamente, com a mal chamada escala andaluza, se consideramos a nota finalis mi como a fundamental. Em qualquer caso este alalá é, ao meu ver, uma das melodias mais formosas de quantas foram recolheitas em Rianjo.

II. Foliada Rianjeira

Bal y Gay, Jesús & Martínez Torner, Eduardo (1973) *Cancionero gallego.* [Fund. Barrié de la Maza; A Corunha] nº 491, p. 236.

Letra original:

O carballo de Portela
Ten a folla revirada,
Que ll'a revirou o vento
Unha mañá de xeada.

Xa fun a Marín,
Xa paséi o mar,
Xa comín laranxas
Do teu laranxal.

Na nota correspondente do Cancionero gallego diz-se: «Del archivo del coro de Lugo Cantigas e Aturuxos, donde figura como "Rianxeira". Como en algunas anteriores, se comienza a cantar por el segundo verso, y todos van precedidos de un "ai".»

Esta peça tem uma feitura semelhante a de tantas foliadas de autor, pelo que quiçá ela também o seja. Lembra especialmente às compostas por Bernardo del Rio, natural de Vila Garcia e autor da celebérrima foliada de Carril, muito popularizada na voz e na gaita doutros ilustres rianjeiros, Os Rosales.

III. Pandeirada

Bal y Gay, Jesús & Martínez Torner, Eduardo *Op. Cit.* nº 697, p. 329. Tempo Allegretto.

Na nota correspondente do Cancionero gallego diz-se: «Del archivo del coro Cántigas da Terra, de La Coruña. Consta como de "Taragoña (Coruña)"»

A denominação de pandeirada faz referência a uma forma patrimonial galega caracterizada, entre outras coisas, pelo uso do compasso composto 3/4 , 2/4.

Letra original:

Todos me din que me caso,
Xa me dan o parbene,
Todos me din que me caso,
Pero non me din con quéne.

Miña nai cando se enfada
Peta c'os pés no sobrado;
Ela di que non quer nora,
Eu xa ll'a teño buscado.

Miña sogra cando berra
Bota a cofia ô hombreiro.
- Cale, miña sogra, cale.
Que eu tamén gasto sombreiro.

Miña nai ten tres ovellas,
Todas tres m'as ha de dare;
Unha cega, outra coxa,
Outra xa non pode andare.

IV. Alalá

Bal y Gay, Jesús & Martínez Torner, Eduardo *Op. Cit*. nº 79, p. 40. Tempo Andantino.

Na nota correspondente do Cancionero gallego diz-se: «Del archivo del coro Cántigas da Terra, de La Coruña. Consta como procedente de Taragoña.

La Coruña. Suprimimos signo y barras de compás.»

Caseime fora: adiós, porta,
Portiña do meu quinteiro,
Horta do meu saidiño,
Sombra do meu laranxeiro.

V. Moinheira

Bal y Gay, Jesús & Martínez Torner, Eduardo *Op. Cit*. nº 684, p. 324. Tempo Moderatto.

Na nota correspondente do Cancionero gallego diz-se: «Del archivo del coro Cántigas da Terra, de La Coruña, donde figura como "Pandeirada de Muxía". El fa sostenido que aparece tres veces en el estribillo es natural en una versión, por lo demás idéntica a ésta, que nos cantó Alfonso R. Castelao.»

Letra original:

O gaiteiro toca a gaita,
A muller o violín,
Os fillos as castañetas,
¡na miña vida tal vin!

Orapún catapún, Maruxiña,
Orapún catapún e mai ben,
Nin o pai nin o (sic) mai nin a filla
Nin cantas Maruxas ten.

Un gato e un escribano
Caeron xuntos nun pozo,
E como os dous eran gatos,
Rabuñáronse o pescozo.

Repinica no pandeiro;
Non rompe, que é d'este ano,
Pol o pelexo n'hai duda,
Que é pelexo de escribano.

Sem ser originária de Rianjo, escolhemos esta peça pela sua referência a Castelao. E muito conhecida a afeição pela música do autor do Sempre em Galiza, que sabia tocar a guitarra e foi membro da tuna compostelana e da Coral Polifónica de Ponte Vedra.

VI. Marinheiro de Rianjo

Rodríguez Abeixón, Vicente & Alves Barbosa, Jorge (1995) *Cancioneiro coral galego: a educación musical polo canto*. [Ir Indo; Vigo]

Letra original:

Sexas pobre, sexas rico,
mariñeiro de Rianxo,
lévalle á Nosa Señora
na caraveliña un bico.

Apañei berberichos
á beiriña do mar,
empaneinos de millo,
no rescoldo do lar.

Unha cunca de viño
e un anaco de pan
foi a miña merenda
nunha tarde de vran.

¡Ai!, a Virxe de Rianxo,
¿quen a fixo moreniña?
Foi a raiña de sol
que entrou pola ventaniña.

Vente, ventiño do mare,
Vente, ventiño mareiro,
Vente, ventiño do mare
E tráeme o meu mariñeiro.

Ao igual que a Foliada Rianjeira, n.º II, trata-se duma foliada típica de coro. Para o texto reutilizaram-se algumas quadras das múltiplas criadas para a Rianjeira (Ondinhas da nossa ria). Na *Suite* preferimos colocar outras recolheitas no nosso concelho e que encontramos nas seguintes coletâneas literárias:

BLANCO, Domingo (1992) *A poesía popular en Galicia.* 2 V. [Ed. Xerais; Vigo]

PÉREZ BALLESTEROS, José (1888) *Cancioneiro Popular Gallego.* 2 V. [Imp. Fernando Fé; Madrid]

Na primeira das quadras, a que começa *Sejas pobre, sejas rico...*, encontramos duas variantes: a de RODRÍGUEZ ABEIXÓN, Vicente & ALVES BARBOSA, Jorge (1995) em que se diz *Na caravelinha um bico* e a que aparece na maioria das referências bibliográficas: *Num caravelinho um bico.* Esta última variante, a que nos escolhemos, parece muito relacionada com Cantigas e Agarimos, coral reinventora da Rianjeira (Ondinhas da nossa ria). Possivelmente esta quadra tenha algo da criatividade de M. Trillo Escudero ou Crisanto Sanmartín, letristas habituais de Bernardo del Río.

O refrão, *Apanhei berbirichos na beirinha do mar...*, tem uma grande tradição no nosso concelho, sendo já utilizada por Xesús Frieiro *Pincinhas* e Anxo Romero no tema titulado *Ei Rianjo!*

Conclusão

O material folclórico que serviu de base melódica à *Suite rianjeira* foi escolheito de entre os materiais publicados em diversos cancioneiros tradicionais galegos. O critério seguido foi que em ditos cancioneiros se fizera alguma referência a Rianjo ou a alguma das suas paróquias. Fiamo-nos das indicações dos seus autores, mesmo sabendo que nalgum caso a filiação rianjeira é mais que duvidosa. Mesmo assim, a n.º I, do cancioneiro do frade Luís María Espinosa ou as recolheitas por Cantigas da Terra em Taragonha parecem-nos dum grande valor documental, além de formosíssima feitura.

C. A SUITE RIANJEIRA DE ISABEL REI SANMARTIM

A autora

Isabel Rei Sanmartim (1973) é professora do Conservatório Profissional de Música de Santiago de Compostela e concertista de guitarra.

Na sua formação intervieram professores da categoria de Antonio Rocha Álvarez, David Russell ou Thomas Mü-

ller-Pering, diretor dos estudos de pós-graduação que Isabel realizou na *Hochschule für Musik «Franz Listz»* de Weimar (Alemanha).

Como concertista foi premiada no *Ciclo de Jóvenes Intérpretes da Fundação Pedro Barrié de la Maza* (Corunha), no *Concurso Internacional de Guitarra de Cantabria* (Comillas), no *Concorso Internazionale di Chitarra Fernando Sor* (Roma) e nos *Concursos Internacionais de Guitarra Vila de Petrer* (Alacant) e *Andrés Segovia de Linares* (Jaén).

Tem participado nos *Festivais de Guitarra de Udine* (Friuli, Itália) e *Semana da Guitarra* (Vigo), atuando também no *Via Stellae* e *Festigal* (Compostela), na *Semana do Corpus* (Lugo) e nos *Colóquios da Lusofonia* (Bragança).

Tem publicado junto com José Luís do Pico Orjais:

- "Música de la misa de S. Miguel de Sarandão 1861 : misa a duo e coro". *Revista Etno-folk: revista galega de etno-musicoloxía*. nº 13 (fevereiro, 2009) p. 9-27

- *Ayes de mi país: o cancioneiro de Marcial Valladares*. (2010) [Dos Acordes; Baiona]

É tesoureira e académica, desde a sua fundação, da Academia Galega da Língua Portuguesa.

A *Suite rianjeira*

Apesar de contar com a intervenção ocasional de instrumentos tais como a voz, a flauta ou o adufe, a *Suite rianjeira* é uma obra fundamentalmente guitarrística. Em certo modo, a obra resulta uma reivindicação da guitarra de concerto como um meio de expressão ótimo para a música patrimonial do nosso país. Isabel Rei vem, nos últimos anos, tentando redescobrir a importância do seu instrumento na história cultural da Galiza, também na popular, mas não só, para desbotar velhos mitos que faziam da guitarra um instrumento próprio de flamencos ou quando menos, pouco galego.

Já tem incorporado ao seu reportório habitual de concertos peças históricas como a *Danzita*, de Avelina Valladares, uma pequena joia musical que nos fala da presença da guitarra nos salões musicais dos nossos fidalgos do século XIX.

A *Suite rianjeira*, composta de seis miniaturas, desenvolve-se num constante crescendo emocional. Parte do formoso Alalá *Como queres que navegue...* para ir ganhando em ritmo nos números II e III. A partir de aqui se nos apresenta um novo alalá que resulta como uma cesura que divide a *Suite* em duas partes (nº I,II,III e nº IV,V,VI), mas que em realidade só é um respiro que nos vai levar ao número final, onde os simples acordes da guitarra acompanhando ao canto, invitam ao público a participar com a sua voz ou as suas palmas.

Há que significar que seguindo a tradição de cancioneiros tais como os *Ayes de mi pais* de Marcial Valladares ou *Cantos e bailes da Galiza* de Inzenga, o trato que a autora dá as melodias é muito respeitoso. Assim estas aparecem tal qual estavam nas fontes originais, só com mínimos retoques, como o acréscimo de prelúdios (como também fizera Inzenga) ou o

alongamento da frase final. No entanto, as melodias mesmo conservam a tonalidade com que foram transcritas.

Nº I: Para esta cantiga, a autora escolheu um acompanhamento em trémolo, quase um ostinato sobre a nota mi, que nos evoca um bordão dos instrumentos folclóricos ou uma voz a *bocca chiusa*, um recurso coralístico do que, por certo, tão pouco gostava o Bal y Gay.

Nº II: Esta é uma das peças mais desenvolvidas, onde a repetição fica claramente diferenciada da primeira exposição do tema. Na primeira volta, Isabel aproveita o típico duo por terceiras galego para construir os acordes, com um tempo contido que faz com que na repetição arpejada cada nota da guitarra possa ser tranquilamente saboreada.

Nº III: Ao igual que ocorria na nº I, a partitura começa com um pequeno prelúdio que não é mais que a exposição da escala em que se vai desenvolver a melodia tradicional, com a alternância do dó sustenido e do dó natural.

A instrumentação faz um bonito jogo entre o canto e a flauta que se intercambiam as melodias ao longo da partitura.

Nº IV: O tempo *ad libitum* e o carácter melancólico da peça vem remarcado por acordes con baixos muito profundos. Quiçá foi isto o que fez desnecessário a inclusão da voz, que em certo modo podia perturbar o momento mais íntimo da criadora com o seu instrumento.

Nº V: Para harmonizar a moinheira, Isabel Rei colocou os acordes sobre o pulso da melodia, a modo de latejo que acompanha todo o desenvolvimento da pecinha.

A maior parte da composição está acompanhada de acordes abertos, brilhantes, que se cerram e tornam mais íntimos no começo do refrão, coincidindo com o fá sustenido da melodia, (compassos 11-16; 19-23), voltando, a continuação, ao seu estado anterior.

Nº VI: Marinheiro de Rianjo... é, como já dizíamos anteriormente, uma invitação a participação ativa que a autora da *Suite* faz ao público, repetindo o refrão, fácil de memorizar, ou acompanhando com as palmas ao adufe.

Esquema geral da *Suite Rianjeira*:

Nº	Compasso	Forma patrimonial	Metrónomo	Instrumentação
I	2/4	Alalá	80	Canto; Guitarra
II	3/8	Foliada	100	Guitarra
III	3/4,2/4	Pandeirada	115	Canto; Guitarra; Flauta
IV	-	Alalá	90	Guitarra
V	6/8	Moinheira	150	Guitarra
VI	3/4	Foliada	110	Canto; Guitarra; Adufe

SUITE RIANJEIRA

Isabel Rei Sanmartim

I. Como queres que navegue...
(Alalá)

Tradicional / Arr. Isabel Rei

Guitarra

Canto

Co - - - mo que - res que na - ve - gue

um na - vi - o pe - la cal - ma,

co - - - mo que - res que re vi - va

um cor - po que não tem al - ma.

2 Alalá



Como queres que navegue
um navio pela calma
como queres que reviva
um corpo que não tem alma.

Canta o cuco, canta o melro
cantam todos os passaros
eu também ontem cantei
hoje choro os meus trabalhos.

Escutando qual rugia
a auguinha de certa fonte
deixei nela muitas báguas
pensando na triste sorte.

II. Foliada Rianjeira

Tradicional / Arr. Isabel Rei



2

37 III

43 I

49 VII

55 X V

61 X

67 V X


3
73
VII ②
79
1/2 B V
VII
85
md XII
md XII
md XII

III. Todos dizem que me caso...
(Pandeirada)

Tradicional / Arr. Isabel Rei

Guitarra

Cto. To - dos di - zem que me ca - so, já me dão o pa - ra - bem - (e).

Gtr.

Cto. to - dos di - zem que me ca - so, mas não me di - zem com quem - (e),

Gtr.

Cto. to - dos di - zem que me ca - so mas não me di - zem com quem (e).

Gtr.

2



3

Cto.
Mi - nha mãe quan - do seen - fa - da pe - ta c'os pés no so - bra - do.
Fl.
Gtr.

Cto.
e - la diz que não quer no ra eu já lha te - nho bus - ca - do
Fl.
Gtr.

Cto.
e - la diz que não quer no - ra eu já lha te - nho bus - ca - do
Fl.
Gtr.

4



IV. Alalá

Tradicional /Arr. Isabel Rei



V. Moinheira

Tradicional / Arr. Isabel Rei



VI. Marinheiro de Rianjo

Tradicional / Arr. I. Rei

♩= 110

Canto

Se - jas po - bre ou se - jas ri - co, ma - ri -

Guitar

Adufe

C

nhei - ro de Ri - an - jo, se - jas po - bre ou se - jas ri - co, le -

Gtr.

Aduf.

C

va - lhe à tua na - mo - ra - da num ca - ra - ve - li - nho um bi - co le -

III

Gtr.

Aduf.

2

C

va - lhe à tua na - mo - ra - da num ca - ra - ve-li-nho um - bi - co.

Gtr.

Aduf.

C

A - pa - nhei ber-be-ri - chos na bei-

Gtr.

Aduf.

C

ri - nha do mar a - ssei - nos na la-rei - ra e co - meu - mos o cão e co-

Gtr.

Aduf.



Marinheiro de Rianjo
sejas pobre ou sejas rico,
leva-lhe à tua namorada
num caravelinho um bico.

Refrão.
Apanhei beberichos
na beirinha do mar,
assei-nos na lareira
e comeu-mos o cão.

O mar enche para arriba
e devala para abaixo
assim faz quem tem amores
nesta Vila de Rianjo.

Rianjinhas, rianjeiras,
rianjinhas de Rianjo;
rianjeiras são aquelas
que vão pelo mar abaixo.

Viva Leiro, viva Leiro,
Santa Baia também viva;
entre Leiro e Santa Baia
eu tenho a quem bem queria.

A actividade coral en Boiro

María Dieste Silva

ÍNDICE

Introdución 195

Coro parroquial Santa María do Castro. 196

Coro de Boiro 201

Coro parroquial Santiago de Lampón 206

Coral Baldomar 210

Coro parroquial de Abanqueiro.. 218

Coro parroquial San Vicente de Cespón 222

Coro Nosa Señora do Loreto 228

Coro parroquial Santa Baia de Boiro 233

Bibliografía 237

Anexos

I. Relación de informantes 239

II. Apéndice documental 240

II.1 Coro parroquial Santa María do Castro 240

II.2 Coral Baldomar 242

II.3 Coro parroquial Santa Baia de Boiro 243

INTRODUCIÓN

A actividade coral en Boiro é un traballo no que se recolle a vida musical no devandito municipio, no que a agrupacións corais se refire. Ao longo deste documento, recóllese a historia, de xeito individual, de cada un dos coros parroquiais (e non parroquiais), da vila boirense, así como dunha Sociedade Coral.

En total, dentro dos límites xeográficos que engloban o concello de Boiro, encontramos sete coros e unha coral. Destes sete coros, dous deles non reciben o tratamento de coro parroquial, dado que non se adscriben a ningunha parroquia, pero as funcións que desempeñan son as mesmas en ambos os dous casos. Os sete coros que se recollen son: Coro parroquial Santa María do Castro, Coro de Boiro, Coro parroquial Santiago de Lampón, Coro parroquial de Abanqueiro, Coro parroquial San Vicente de Cespón, Coro Nosa Señora do Loreto e o Coro parroquial Santa Baia de Boiro. Nesta disposición son recollidos como aparecen no traballo, dado que respectan unha orde cronolóxica correspondente aos anos de creación de cada un deles. Hai que engadir que, a coral polifónica denominada Coral Baldomar do Centro Cultural e Deportivo de Boiro, aparece en cuarto lugar, para mantermos a cohesión global do traballo, respectando a cronoloxía como orde estrutural. Así, os distintos coros que se recollen neste traballo, están comprendidos entre o ano 1937, ano en que nace o primeiro coro en Boiro, ata o ano 2006, en que se incorpora á lista de formacións corais o último deles, ata o momento. Ademais, cabe dicir que todos os coros aquí tratados existen actualmente, e de xeito continuado, dende a súa creación, a excepción dun deles, o Coro parroquial Santiago de Lampón, que tivo un cesamento na súa actividade durante un ano.

A elección do tema a tratar, está relacionado tanto coa vinculación da autora coa devandita vila, así como por mostrar un primeiro achegamento aos coros que se manteñen en activo no devandito concello. Ao tratarse dun primeiro traballo sobre o tema dos coros na vila boirense, este documento está realizado de maneira que se relata a historia de cada unha destas formacións, atendendo ao seu desenvolvemento ao longo dos anos. Para levar a cabo este labor, traballouse cada un dos coros, procurando unha estrutura común, que consta das seguintes partes: en primeiro lugar, comézase narrando a historia de cada coro dende os seus inicios, comentando en cada un deles como xurdiu esa formación, en que ano dá comezo, e baixo o impulso de quen se forma. A partir de aí, dáse paso ás distintas transformacións que puideron ter ao longo dos anos, desenvolvendo así a historia dos mesmos no transcurso do tempo. Faise tamén unha pequena descrición da formación musical do director/a, o labor que leva a cabo no coro, e o método de traballo que utiliza. Unha vez indicados estes parámetros, analízanse puntos relacionados co labor que desempeña o coro, atendendo ao seu repertorio, os ensaios, as actividades nas que participan, os medios dos que dispoñen, e os aspectos económicos vinculados á formación coral. No caso da Coral Baldomar, esta estrutura tamén se mantén, coa excepción de que se relatou a historia sobre a base de cada un dos

Fachada da Igrexa de Santa María do Castro

directores que pasaron pola formación ao longo da súa traxectoria.

O feito de traballar este tema está relacionado cuns obxectivos que se formularon acerca deste. Non se trata só de enumerar as formacións corais que pertencen ao concello de Boiro e narrar a súa historia e evolución, senón que se pretende a través desta, ver o tipo de formacións existentes, a organización destas, o método de traballo, o ámbito de actuación que se desenvolve en cada unha delas... como se relacionan todos estes aspectos, co estilo musical que identifica cada un deles.

CORO PARROQUIAL SANTA MARÍA DO CASTRO[1]

A parroquia de Santa María do Castro é unha das oito parroquias que compoñen o concello de Boiro, e tamén é unha parroquia do litoral (como Bealo, Cespón, Boiro, Abanqueiro e Lampon[2]). A vila de Cabo de Cruz, pertence a esta parroquia, e nela podemos atopar tamén a capela da Virxe do Carme (patroa dos mariñeiros), pois que esta é a terra mariñeira por excelencia.

As orixes da parroquia de Santa María son todo un misterio, rodeado por varias

1 Esta información foi facilitada por Lydia Sánchez Ozores, directora deste coro, dende 1983 ata a actualidade. A entrevista a Lydia foi realizada o 5 de abril del 2010, no seu domicilio, na parroquia de Santa María do Castro.
2 Cinco das parroquias que conforman a vila boirense, ademais de Cures e Macenda.

Tribuna ou coro do interior da Igrexa de Santa María

especulacións, dado que, o que hoxe se coñece abreviadamente como parroquia do Castro, ata recentemente pertenceu á parroquia de Santa Baia de Boiro[3]. Unha das hipóteses data de abril de 1640, ano no que un grupo de veciños solicita licenza ao arcebispo para construír unha capela co nome de Nosa Señora da Natividade. A solicitude foi concedida, pero coa prohibición de realizar no mesmo funerais e bautismos. A outra suxestión presentada (e máis probable) é que esta capela sexa anterior ao 1600. Xa en 1574, hai probas, segundo Pérez Constantí[4], de que o párroco do momento, Juan Yáñez Parga, encargara unha cruz de prata para unha igrexa chamada Santa María do Castro[5]. Aínda así, as indicacións que dan dende o concello boirense é que esta igrexa foi construída no ano 1600, e a ela acudían os mariñeiros da parroquia para dar grazas á santa, ao tempo que daban voltas en torno ao templo, de xeonllos[6].

Dentro da igrexa, tamén podemos atopar a tribuna, lugar onde se sitúa o coro nas celebracións, e que se mostra na presente imaxe.

En canto aos inicios do Coro da parroquia de Santa María do Castro, estes remóntanse a 1937, ano en que o sacerdote D. Manuel Carnota Aradas, chegou a este lugar, e decide formar un coro para

3 RÍOS PÉREZ, Juan Manuel. *Boiro, Concejo gallego.* Boiro, Excelentísimo ayuntamiento de Boiro, 1984, p. 112

4 Páxina web da vila de Cabo de Cruz www.cabodecruz.net

5 www.boiro.org

6 PIÑEIRO BERZ, Alberto, *Os músicos de Boiro. (Cadernos Culturais nº 7).* Boiro, Concello de Boiro, 2006, p. 71 (pé de páxina).

Placa conmemorativa do párroco fundador do coro

a parroquia. O que ese cura fixo foi acudir ás escolas que había por aquel entón, (ás que asistían poucos alumnos, dado que nos atopamos nos anos centrais da Guerra Civil Española) e escolleu os nenos que tiñan mellor voz. E con eles formou o coro da igrexa. Nos primeiros anos, non ten un nome propio; foi na reforma de 1983, momento no que Lydia Sánchez comezou a dirixilo, cando decidiron chamarlle Santa María do Castro, para levar polos pobos veciños o nome da parroquia a que pertencían. O ingreso de Lydia neste coro, prodúcese a unha idade moi temperá, xa que a súa nai (membro da formación inicial), levouna con ela a estes ensaios. Ao igual que o caso de Lydia, outras persoas que formaron parte do coro a posteriori, tiveron os mesmos inicios nesta formación, e despois decidiron continuar para que non se perdese a tradición e colaborar coa parroquia. Naqueles primeiros momentos de Lydia, o coro non ten un director como tal, senón que os membros reuníanse nos ensaios para a práctica das cancións das misas.

Xa en 1983, Lydia decide tomar a batuta, para unha mellor organización, e partindo da base de que era o único membro do grupo que tiña coñecementos musicais. Nestes anos, o coro estivo en constante transformación, contando con xente nova; os máis antigos ían deixándoo…, e isto nótase no volume, pois chegaron a ser cerca de corenta persoas, e a día de hoxe conta tan só con sete membros[7]: Amador Fresco, María Lydia Sánchez Ozores, Daniel Sánchez, Elena Rodríguez, Catalina Alonso, Camila Outeiral e Lara Ozores. Xa nos anos 90, contaban tan só con doce membros nas súas listas, o cal é unha mostra das baixas que sufriu esta formación en poucos anos. O que si é de salientar é que, cando o coro se inicia da man do párroco Don Manuel Carnota Aradas, era un coro de nenos, que despois se fixeron adultos, e cando pasa ás mans de Lydia, vólvese retomar a idea do coro infantil, aínda que na actualidade a idade dos membros que o conforman comprende entre os once e os sesenta e cinco anos.

A continuación móstrase unha imaxe do coro nos anos 90, e outra da formación actual. Nos anos 90 levaban uniforme nas actuacións, o que sucedeu durante preto de oito anos, entre 1990 e 1998. Na actualidade non van uniformados, e teñen total liberdade á hora de escoller a indumentaria, sempre e cando esta sexa acorde co momento e co lugar no que se atopan.

En canto á directora de dita agrupación, Lydia Sánchez, hai que dicir que, ao contrario que a maioría destes coros parroquiais, si conta cunha formación musical académica. Ten o título de grao medio de piano, cursou estudos de acordeón e guitarra, e por libre estudou un pouco de bandurra (coa idea de introducila no

7 PIÑEIRO BERZ, Alberto, *Os músicos de Boiro. (Cadernos Culturais nº 7).* Boiro, Concello de Boiro, 2006, páxina 35.

Actuación do Coro de Sta. María do Castro na rúa peonil de Boiro

A formación, nos anos 90

coro nalgún momento). Do mesmo xeito que outros directores, comezou a súa formación inicial de mans do señor Gerardo Deira Piñeiro, "fundador das orquestras "Cespón", "Clipper" e "Mar de Plata".[8]

Ademais de ser a propia directora a que se encarga do acompañamento de órgano, algunhas das pezas que ten o coro son composicións propias, tanto na parte soamente musical, como en pezas enteiras da súa escrita. Un exemplo disto é o *Himno á Virxe do Castro*[9].

No que a repertorio se refire, este coro conta cunha colección de preto de 300 cancións. A peculiaridade nesta área reside no xeito en que se consegue, pois as novas tecnoloxías chegan aos espazos que se poden considerar máis tradicionais. Se ben son asignados á propia parroquia do Castro, nunca recibiron do párroco actual ningún libro ou cantoral de música de igrexa, de maneira que dende un principio a mesma directora tivo que ir facendo un repertorio propio. Para este efecto, o que fixo foi mercar algún cantoral relixioso en librarías especializadas, pero tamén conseguiu moito repertorio por internet. A recollida de repertorio por internet é quizais a máis interesante, dado que consulta páxinas de música relixiosa; pero, ao mesmo tempo, contacta con outros coros de toda España.

Para a directora, o máis destacado da recollida en páxinas de internet é que encontra repertorio máis moderno, acorde cos días nos que estamos, con cancións orientadas cara á participación dos máis novos, e outras que non deixan un ton tan lamentable como as antigas, en momentos duros como, por exemplo, un funeral.

Isto leva a que o repertorio deste coro, ademais de moi numeroso en canto a partituras, tamén sexa moi variado, dado que os temas dos cantorais antigos achéganse máis ao tradicional, e nas obras que recollen en internet acércanse á música relixiosa máis moderna. Isto é unha mostra de que o intercambio de materiais con outros coros (aínda que non sexan estritamente os máis achegados), tamén funciona. Pero non soamente é esta a maneira de facerse cun repertorio, porque como xa se comentou, a directora é ademais compositora, e, se dispón de tempo, cando necesita un determinado canto, compono ela mesma. Puxemos

8 PIÑEIRO BERZ, Alberto, *Os músicos de Boiro. (Cadernos Culturais nº 7)*. Boiro, Concello de Boiro, 2006, páxina 35.

9 No anexo II.1 xúntase unha copia desta partitura.

como exemplo o *Himno á Virxe do Castro*, pero tamén compuxo pezas como *Eiquí están Señor*[10]*, un Gloria, Kyrie, Sal do mundo*[11]… Ten, así mesmo, pezas das que tan só tiña a letra, e ela encargouse de poñerlles música, facendo a partitura completa. Isto ocorreu con pezas moi antigas, que interesou moito recuperar. Ao igual que ocorre noutras parroquias, estas cancións consérvanse soamente de oído, e era preciso escribir esas partituras para deixar constancia disto. Esta tarefa, de transcrición de partituras, fixo que outros coros lle levasen cintas con algunha gravación para que ela lles fixese a partitura.

De todos os xeitos, algo que ocorre en case todos os coros é que as pezas recollidas en cantorais, ou libros de música relixiosa, case nunca se interpretan tal e como veñen no libro. Neste caso, o Coro Santa María do Castro, soe introducir acordes melódicos, pero sempre respectando na medida do posible a liña base da melodía, para non distorsionar a mesma, podendo así recoñecer a melodía orixinal co paso do tempo.

Todo este repertorio foi posible levalo a cabo a base de moitos ensaios. Na actualidade, ensaian os sábados pola tarde, na casa de Lydia Sánchez, na parroquia de Santa María do Castro. A hora á que se reúnen é ás 8:30 da tarde, e o tempo dedicado ao mesmo comprende entre corenta e cinco minutos e unha hora. O que hai que destacar é que neste coro, a asistencia aos ensaios é constante, e con moita puntualidade, co cal, o tempo que están reunidos é aproveitado ao máximo.

Entre a actividade principal deste coro, que é o canto de misas solemnes, funerais, vodas, etc., houbo unha época na que o Coro Santa María do Castro, era o encargado de cantar as misas televisadas da Televisión de Galicia. En total, asistiron a unhas oito misas, e a primeira delas tivo lugar o 16 de novembro de 1990. Logo, tiveron que deixar esta actividade porque se precisaban para a mesma polo menos, vinte compoñentes no coro, e elas serían daquela unhas doce persoas.

O raio de actuación que abarcou este coro ata os nosos días englobou, principalmente, os lugares da Serra do Barbanza, que comprende os municipios de Boiro, Rianxo, Lousame, Noia, Porto de Son, Ribeira e Pobra do Caramiñal. Da comunidade galega, unicamente chegaron á provincia de Pontevedra, e nunca superaron os límites autonómicos.

Pero estas non son as únicas actividades nas que se viu inmerso este coro polos anos 90, xa que nesta época, tamén asistían a festas da Asociación de veciños, participaron nos Festivais de Antroido da parroquia, nos Festivais celebrados no Centro Cultural[12], nos Festivais celebrados na Casa da Cultura "Ramón Martínez López", nos Festivais da Canción Misioneira…E tamén, por aqueles anos, acudían aos asilos de anciáns para amenizarlles algunha das súas tardes,

10 Esta é a primeira partitura que presenta no *VI Encontro de música relixiosa de Poio* (Pontevedra). A mesma pódese observar no anexo II.1

11 Algunhas destas pezas podémolas escoitar noutros coros da vila boirense, como no caso do coro parroquial de Abanqueiro, ou o coro parroquial de Santiago de Lampón.

12 Lugar actual de ensaio da Coral Baldomar, e do cal dependen nestes momentos, igual que ocorreu nos inicios de formación da Coral.

como é o caso do asilo de anciáns de Vilagarcía de Arousa.

Lamentablemente, este coro non conserva ningunha gravación dos seus cantos ou actuacións. Se ben nunha época a directora gravaba os ensaios para escoitar despois a organización das voces, nunca mantiveron un arquivo con estas gravacións. Tamén, para o párroco da parroquia de Imo (Dodro), gravaron unha cinta con algunhas pezas do seu repertorio, pero non conservaron ningunha copia.

CORO DE BOIRO[13]

O coro de Boiro é un dos coros máis antigos que podemos encontrar neste concello, xunto co Coro Santa María do Castro. Non obstante, pódese considerar o máis antigo, se temos en conta que o Coro Santa María do Castro foi reformado totalmente no ano 1983, creando unha nova formación. Os cambios no Coro de Boiro foron modificacións do paso dos anos, pero sempre conservou a esencia e o estilo inicial, así como un dos seus membros, Ramón Suárez. Ramón Suárez en Boiro é coñecido polo alcume de Canoa, tanto el coma o seu irmán Antonio, quen tamén formou parte deste coro ata hai soamente 4 anos. Así, por extensión, na vila boirense coñécese a este coro como "o coro dos canoas"[14].

Este coro, remonta os seus inicios ao ano 1946, e foi creado por iniciativa de Francisco Lorenzo Somoza. Francisco era un músico do municipio que, por aqueles anos, forma este coro, coñecido como Schola Cantorum[15] nos seus primeiros anos de vida. A incorporación de Ramón Suárez e o seu irmán a el tivo lugar dous anos despois dos seus comezos, no ano 1948. Co paso do tempo, e por extensión á zona á que pertencía, deuse a coñecer como Coro de Boiro.

A súa historia podémola dividir en catro etapas, de crermos no seu organista. Así, a primeira etapa sería a de formación, de man de Francisco Lorenzo Somoza, quen foi o primeiro organista. Esta etapa abranguería dende o ano 1948 (en que se completa a formación e comezan a ensaiar), ata 1972, ano en que Francisco Lorenzo abandona o seu labor por motivos de traballo, xa que deixará a vila boirense para instalarse na cidade compostelá. Nesta primeira etapa, e ata hai poucos anos, o coro estaba formado única e exclusivamente por voces masculinas. Nestes primeiros anos chegaron a contar cun total de once membros, todos eles pertencentes ao municipio de Boiro. Os compoñentes por aquel entón eran: Ramón Piñeiro, Benxamín Fajardo, Ramón Suárez (único membro que continúa a día de hoxe), Antonio Suárez (que abandonou a formación hai catro anos, no 2006), Juan Antonio García, Don Joaquín (sacerdote da parroquia de Abanqueiro, ata o ano 1962, en que chega a esta parroquia don Baldomar García Gesto), Manuel Hermida, Alfredo Sobrido Castro,

13 A información que aquí se recolle foi facilitada por Ramón Suárez, membro do Coro de Boiro dende 1948 ata a actualidade. As entrevistas tiveron lugar no seu domicilio, no lugar de Ponte Goiáns. Ditas entrevistas foron realizadas en primeiro lugar o 18 de outubro do 2009, e en segundo lugar o 13 de abril do 2010.

14 Así se recolle o nome deste coro nunha noticia de prensa en *A Voz de Galicia*, edición Barbanza, o 2 de outubro do 2009.

15 PIÑEIRO BERZ, Alberto, *Os músicos de Boiro. (Cadernos Culturais nº 7)*. Boiro, Concello de Boiro, 2006, pp. 33-34.

José Rodríguez, Federico Somoza e Manolo Sánchez.

Francisco Lorenzo Somoza, ademais de ser o creador desta formación coral, era o director da mesma, xa que era o único dos seus membros que sabía música e, por iso, o que podía conseguir as partituras das cancións para o coro. O repertorio que tiñan por aquel entón estaba composto por pezas de diverso estilo e moi variadas. Segundo conta Ramón Suárez, tiñan gran variedade de misas, nas que daquela aínda se cantaba o credo. A primeira misa que aprenderon durante estes anos de inicio foi unha misa a dúas, voces de Perossi. Sempre estiveron moi presentes as misas en latín daquel entón, o cal se reflicte no repertorio desa época, en que a maioría das pezas están cantadas nesta lingua. Estas cancións eran recollidas por Francisco Lorenzo en diversos cancioneiros, ou libros, que el podía traer de Santiago, ou que se encontraban nos cantorais das Igrexas, e que eles tiñan á súa disposición. Algunhas foron tamén facilitadas polo párroco Don Xoaquín, dos libros de cantos litúrxicos que el tiña, como sacerdote. Chegaron a conformar un repertorio de preto de 200 pezas na década dos 70.

Non obstante, os anos de iniciación deste coro foron ben difíciles en canto á dispoñibilidade para poder ensaiar. Facíano os días previos a algunha actuación; polo tanto, non tiñan uns horarios de ensaio establecidos, resultando así aínda máis complicada a tarefa de crear un repertorio como o que lograron ter, e teñen. O tempo en que Francisco se mantivo á fronte, ensaiaban na súa casa, no centro da vila.

Durante este período considerábanse o único coro que había na zona, xa que eran os únicos que saían a cantar en diversos actos fóra das fronteiras do municipio, mesmo, das propias fronteiras da Serra do Barbanza. Ramón Suárez, soía anotar as parroquias que percorrían entón, e ata días recentes. No ano 1972, cando Francisco Lorenzo abandona a formación, Ramón tiña anotadas máis de 350 parroquias que xa visitaran. A primeira misa que cantou este grupo foi no ano 1952, e foi na parroquia de Abanqueiro, o primeiro domingo de agosto, día en que se celebra o día da Virxe de Exipto[16]. Estas festividades, e despois os aniversarios, foron as súas primeiras actividades realizadas, posto que, neste período, os enterros non acostumaban ser cantados, pois supoñía un gasto de diñeiro que a xente non tiña. Si se cantaban no caso de que o enterro fose dunha persoa adiñeirada.

O instrumento empregado naqueles anos era o harmonio, e, no caso das Igrexas que non dispoñían del, transportábano dun lugar a outro en coche, como se pode ver na imaxe.

Ademais do harmonio, nalgunhas ocasións (máis ben en festividades sinaladas como puidese ser o día de Santa Lucía), acompañando o órgano, levaban un contrabaixo, que o tocaba Manolo Sánchez.

16 A capela da Virxe de Exipto encóntrase na parroquia boirense de Abanqueiro, e alí celébrase todos os anos, o primeiro fin de semana de agosto, a festa na honra á Virxe. Esta festa aínda se celebra a día de hoxe, sendo unha Romaría de gran tradición.

Os irmáns Canoa, transportando un harmonio para unha actuación

As voces que utilizaban eran tenores, barítonos e baixos. Non obstante, no libro *Os músicos de Boiro*[17], recóllese a voz máis aguda realizada por Ramón e Antonio Suárez como tiple.

A segunda etapa que atravesa este coro dá comezo en 1972, cando Francisco Lorenzo cesa na súa actividade e entra como organista Fontán. É a partir deste intre que se considera rematada a chamada Schola Cantorum, e se empeza a coñecer como Coro de Boiro. Nesta segunda xeira, o número de membros viuse reducido a catro, quedando como compoñentes Antonio Suárez, o párroco de Abanqueiro Don Joaquín, Fontán e Ramón Suárez. O repertorio que tiñan da primeira etapa ségueno conservando, e será Don Joaquín e o organista Fontán, os que nesta época recompilen diversas pezas litúrxicas novas que engadir ao seu repertorio, aumentando progresivamente este durante este período. Estes anos son a mostra de que, aínda que Francisco Lorenzo deixase de formar parte do coro, a súa actividade foi continuada por pulo dalgúns dos membros que quedaron da primeira formación. Eles mesmos encargáronse de buscar un organista, dado que ningún deles sabía tocar o harmonio, e tampouco tiñan nocións de música, a excepción das aprendidas nos inicios de pertenza ao coro.

As actividades nas que se ven inmersos continúan sendo as mesmas que nos anos previos, pois que contaban co coñecemento do aprendido por entón. Así, seguen dispersos por distintas parroquias, vilas e aldeas da xeografía galega.

O único instrumento co que van contar nesta fase será o harmonio, única e exclusivamente, pero seguirán contando cun repertorio que os leve a cantar misas a tres voces.

Consérvanse algunhas fotografías destes anos, nos que o coro queda con catro compoñentes, como se mostra nas seguintes imaxes.

Coro de Boiro

O Coro de Boiro nunha actuación no exterior

17 PIÑEIRO BERZ, Alberto, *Os músicos de Boiro. (Cadernos Culturais nº 7).* Boiro, Concello de Boiro, 2006, p. 34

Ademais, desta segunda etapa, o coro conta cunha gravación, que a filla de Ramón Suárez, Mónica Suárez Carreño, dixitalizou para a súa conservación. Esta peza conservada é *La Dolorosa*, en algunhas partes harmonizada a tres voces.

A terceira etapa que podemos constatar neste coro iníciase no ano 1987, xusto cando Fontán cesa a súa actividade como organista, e o vai suceder neste labor a filla de Ramón Suárez, Mónica Suárez Carreño[18]. Neste período é cando se incorporan ao coro voces femininas, dado que, ademais de Mónica Suárez, tamén o fai outra muller, Ana Bermo. Se ben Mónica Suárez se dedicaba unicamente a tocar o órgano, sen empregar a voz, Ana entra só para poder facer voces con Antonio e Ramón Suárez.

Por entón, o coro adquire un pouco máis de profesionalización, pois tanto Ana coma Mónica, teñen coñecementos musicais e estudos de piano.

O que si podemos ver é que, nesta e na anterior etapa, non existe a figura do director. Todos os membros son partícipes na toma de decisión e na elección do repertorio. Desta terceira fase pódese destacar que o Coro de Boiro adquire un carácter de organización coral máis familiar, por canto Antonio e Ramón son irmáns, e Mónica filla deste último. O repertorio é unha continuación do que xa tiña, e incorporan pezas dos cantorais que conservaban, e que aínda non aprenderan. Pero se algo destaca deste estadio é que, os ensaios practicamente non os realizaban, posto que tiñan o repertorio moi interiorizado, e ao ser tan amplo, dispoñían de variedade para poder elixir unhas pezas ou outras, sen necesidade de repetirse. A incorporación de novas pezas, non era o habitual, e ao non ter moitos ensaios, a práctica realizada consistía en improvisar as voces, no momento do canto, e a organista exercía a súa función mediante a lectura á primeira vista.

Sen lugar a dúbidas, esta etapa foi a de maior esplendor e traballo, pois que, ao longo de todo o 1992, chegaron a realizar 420 funcións.

Ao deixar de traballar xunto con Fontán, quen tiña moitos contactos e conseguía moitas misas, decidiron facer unhas tarxetas para darse a coñecer, co nome de “Coro de Boiro” , que levaban impreso o teléfono de Ramón Suárez. Estas tarxetas xa se fixeron a comezos deste período, no ano 1987.

A última e cuarta etapa (e na que se encontran na actualidade), iníciase no 2000, cando Mónica Suárez abandona o grupo coral, e Ana Bermo, que tiña estudos de piano, a sucede na súa actividade. Cando Mónica decide deixar o coro, decidiron que Ana tomase o relevo como organista, pero sen deixar de achegar a súa voz ás melodías do coro. Foi así como o Coro de Boiro pasou a estar formado por tan só tres integrantes, e agora, dende o ano 2006, quedaron soamente Ana Bermo e Ramón Suárez, pois que o seu irmán Antonio tamén deixou a formación, despois de 58 anos de actividade no mesmo.

18 Mónica Suárez ten unha formación musical completa e regrada, dado que ten rematado o grao superior de piano, e leva 10 anos exercendo labor como mestra no I.E.S Praia Barraña de Boiro.

O repertorio co que conta este coro na actualidade non ten comparación, en canto a extensión e pezas antigas, co doutros coros da vila boirense. Seguen conservando as pezas da primeira etapa, aínda que as pezas en latín foron sendo relegadas a un segundo plano, pero sempre gardan pezas na carpeta co repertorio que utilizan actualmente, para algunha celebración relixiosa que o requira. Non obstante, non é habitual empregar estes temas latinizados, dado que algúns párrocos da zona opóñense aos cantos en latín, alegando que o pobo non os entende, e hai que fomentar o canto comunitario nas igrexas. Ademais das pezas en latín, encontramos entre as partituras deste coro misas en galego, en castelán, e distintos cantos litúrxicos en ambas as dúas linguas. Os cantos en galego correspóndense máis coas dúas últimas etapas.

As épocas das cancións que teñen entre o seu repertorio son do máis variado, tendo temas de canto gregoriano, do Renacemento, Romanticismo..., e algunhas pezas de harmonía máis moderna. Non obstante, estamos ante un coro que se caracteriza por ter un repertorio máis ben de tipo tradicional, con cancións antigas que outros coros non posúen. Co paso do tempo, e mediante o intercambio de pezas entre coros, chegaron a ter moitas cancións modernas, que manteñen en común con algún dos coros do municipio boirense. Algúns destes intercambios producíronse co coro de Pobra do Caramiñal, así como con outro da parroquia de Vilaxoán (Pontevedra).

Nas partituras que utilizan soen ter impresa a melodía da voz, e é o organista o encargado de harmonizalas a gusto propio, e tendo en conta o estilo que caracteriza o coro. No caso dalgunhas partituras, que si teñen escrita a harmonización para piano, esta nunca se interpreta tal e como vén escrita, dado que sempre as adaptan e personalizan.

As actividades nas que participan son similares ás da primeira etapa: cantos en funerais, misas solemnes, aniversarios..., pero non tanto en bautizos, comuñóns ou vodas. Estas actividades adoitan realizalas por algunhas das parroquias que abrangue o concello de Boiro, pero tamén teñen moitas outras fóra da vila, tanto nos pobos lindantes, e pertencentes á Serra do Barbanza, coma a outros lugares estendidos pola xeografía galega. O lugar máis afastado ao que chegaron foi a Salamanca, onde foron cantar unha voda.

Xunto co seu irmán Antonio, Ramón participou nun concurso de canto en Marín (Pontevedra). Nel interpretaron a Ave María de Goudnov, o que lles deu lugar a un terceiro posto, con medalla de bronce. Pero esta foi a única actividade realizada fóra do ámbito relixioso. Os medios cos que contan nesta cuarta etapa son dúas voces e o órgano. Ata o ano 2006, Ramón e Antonio facían xuntos a primeira voz, e Ana a segunda, pero dende que Antonio deixou o coro, é Ramón o único que leva esta voz. Trátase polo tanto dun coro ao que o paso dos anos o deixou sen compoñentes, chegando ao ano 2010 con tan só dous membros.

Se ben este coro conta con material sonoro e gráfico dos seus primeiros períodos, dos dous últimos non posúen ningunha fotografía ou gravación que nos mostre como é o coro a día de hoxe, e

como é a súa interpretación na actualidade, con só dúas voces, e unha delas feminina. Co cal, a única referencia sonora e visual que temos queda situada no marco da segunda etapa, entre os anos 1972 -1987.

CORO PARROQUIAL SANTIAGO DE LAMPÓN[19]

A parroquia de Santiago de Lampón é unha das seis parroquias costeiras que podemos encontrar no municipio de Boiro. A aldea máis coñecida é Escarabote, e por extensión chegouse a denominar con este nome a propia parroquia, xa que conforma o núcleo de poboación do mencionado lugar.

En canto á súa Igrexa, á que pertence o Coro parroquial Santiago de Lampón, ten unha historia moi curiosa. O edificio actual pertence ao ano 1695, pero dise que a primeira edificación que alí se fixo foi no século XII, para cristianizar un antigo castro, que quedaría situado debaixo desta. En principio este templo fora unha capela, a da Madalena, pero no S. XVII elévase o que hoxe coñecemos como a Igrexa da parroquia, por vontade do párroco Bernardo Varela[20]. O estilo[21] deste templo é románico, e consta dunha nave central, ábsida, dúas capelas laterais, sancristía e campanario. Con todo, neste campanario pódense observar algúns perfís barrocos[22]. Ao igual que acontece con outras Igrexas do municipio, o adro foi convertido en cemiterio.

Coro da Igrexa de Santiago de Lampón

19 Os datos acerca da historia deste coro foron facilitados por Francisco Santamaría Oliveira, o seu director. A entrevista tivo lugar o 9 de abril do 2010 no local de ensaio de dito coro, situado no casco urbano da aldea de Escarabote (pertencente á parroquia de Santiago de Lampón).

20 GARCÍA BAYÓN, Carlos. *Boiro, guía y galería de nobles memorias.* Boiro, Torre de Goyanes, 1999, p. 121.
21 RÍOS PÉREZ, Juan Manuel. *Boiro, Concejo gallego. Boiro,* Excelentísimo Ayuntamiento de Boiro, 1984, p. 98.
22 GARCÍA BAYÓN. *Boiro…*p. 121.

Fachada da Igrexa de Santiago de Lampón

Na fachada deste monumento relixioso encóntrase unha imaxe de pedra do patrón da parroquia, Santiago Apóstolo.

No seu interior, e como en todas as igrexas do municipio, atopamos a tribuna, lugar reservado para o coro. Neste espazo, descansa cun órgano moderno, a diferenza dos órganos doutras Igrexas do municipio.

O Coro parroquial desta localidade sitúa os seus inicios contra o 1960. Non se puido especificar o ano concreto, dado

que se fai grazas ás monxas que viñeron para a gardaría Sagrada Familia, situada na devandita parroquia. Dende a súa chegada, unha das monxas do lugar, Sor Ana María, decidiu crear un Coro para acompañar as misas da parroquia, e neses intres o coro chegou a contar con preto de vinte membros, aínda que como acontece nestas formacións, o número sempre variou segundo ían pasando os anos. A este coro uniuse no ano 1996 Francisco Santamaría Oliveira, que exerce como director desta formación dende 2001 ata a actualidade. Facerse cargo deste posto débese á propia Sor Ana María, que vía en Francisco a persoa axeitada para relevala no seu cargo, dado que ela tería que deixar a gardaría en pouco tempo. Así, Francisco empezou a tomar clases de órgano, para adquirir unhas nocións musicais básicas, e deste xeito poder facer o acompañamento das pezas que tiñan no repertorio por aquel entón. Dende que el colleu as rendas, baixou moito o número de membros, quedando reducido a sete persoas. A peculiaridade que o define é que se trata dun coro formado por xente maior; isto é, un coro de xubilados que continúan coa actividade por percibila como un “hobby”.

Hai que dicir que este coro, en activo dende a súa fundación, en xaneiro de 2009, foi disolto. Non obstante, o director sempre sentiu a necesidade de volver xuntarse, e continuar con ese labor de colaboración coa parroquia. Así, nas datas próximas á Semana Santa do presente ano 2010, decidiron recuperar a súa actividade. Falaron co párroco, Don Marcelino, e nestas datas relixiosas amenizaron as celebracións litúrxicas cos seus cantos. Da formación anterior, a día de hoxe, só tiveron unha baixa. Os seus membros na actualidade son: Francisco (o director), Francisca (esposa deste), Paquito, Dores, Isabel e Maruxa.

Francisco Santamaría, cando iniciou a súa actividade no coro, era unha voz máis dentro do mesmo, e non tocaba ningún instrumento, faceta que desempeñaba Sor Ana María. Francisco tampouco contaba con ningún tipo de formación musical naquel tempo, e foi por petición de Sor Ana María que el decidiu aprender a tocar o órgano para poder quedar desempeñando a actividade que a súa fundadora realizaba. Recibiu clases durante cinco anos de Lydia Sánchez sobre acordes básicos de acompañamento de melodía, especialmente nas pezas de música sacra. O feito de que a súa mestra dirixise un coro permitiulle levar a súa aprendizaxe directamente por esta senda, sen desviarse a outros repertorios, e sen complicarse moito no aspecto musical. Polo tanto, estamos ante o caso de director que non dispón dunha formación musical regrada, e as nocións musicais que ten están restrinxidas ao ámbito da música relixiosa. Con Lydia tamén aprendeu solfexo, e dende entón el mesmo pode escoller o seu repertorio, ao poder ver a complicación das pezas. Ademais, hai que ter en conta que é o único membro deste coro que conta con algunhas nocións musicais e, polo tanto, a responsabilidade musical e de busca de repertorio recae directamente nas súas mans.

O repertorio co que conta o Coro parroquial Santiago de Lampón é de tipo tradicional e estritamente litúrxico. Non encontramos entre as súas partituras ningunha peza de música pop, folk, etc.,

como si podemos encontrar noutros coros, aínda que nalgunhas celebracións, entoan cancións populares galegas, de tradición oral. As pezas son en parte o legado que deixara a súa fundadora. Ademais, cando esta monxa abandonou a parroquia, deixoulle o seu libro de cantos litúrxicos ao seu sucesor, grazas ao cal Francisco puido ir ampliando o repertorio, con partituras deste libro e con outras pezas das súas clases de órgano con Lydia Sánchez. E mesmo, ao manterse o contacto con Lydia actualmente, permíteLle seguir dispoñendo dalgunha das súas cancións en certas festividades e para distintas partes da misa. Outro detalle importante é que nesta formación, funciona tamén o intercambio de partituras con outros coros, como por exemplo, co coro parroquial de Taragoña (municipio lindante co boirense). Contan cun repertorio moi extenso, no que se poden encontrar panxoliñas, cantos de funerais, cantos á Virxe, misas...A súa organización está en función dos actos nos que participan, ou se se trata de cantos a Xesús, á Virxe, para Semana Santa, entre outros.

Xunto a todo isto, Francisco acostuma organizar cada misa solemne segundo as partes, e en cada unha delas insire unha canción. Dentro de cada festividade na que participan, o director escribe tamén nun diario as pezas que interpretaron, o que lle serve de modelo, que no ano seguinte, e na mesma festividade, pode tomar como referente, ou variar algunhas das pezas. Todo este material teno organizado en distintas carpetas, seleccionadas por temática e por festividades, o cal lle facilita a elección segundo a ocasión.

Cando o coro se iniciou da man de Sor Ana María, os ensaios realizábanos dentro da Igrexa parroquial, con órgano para ensaiar e acompañar as misas. Ao tomar o relevo Francisco Santamaría, continuaron por moi pouco tempo os ensaios na Igrexa, pois nos meses sucesivos, decidiron facelo nunha casa que o director ten no núcleo de Escarabote. Ter un local propio de ensaio outórgalles unha maior liberdade, pois dependen única e exclusivamente deles mesmos. Estes ensaios adoitan ter lugar os luns ás 6 da tarde, día e hora que conviñeron como mellor para todos. Ao seren xubilados, non teñen impedimentos horarios, como na maioría dos casos.

As actividades do Coro parroquial Santiago de Lampón son, principalmente, de tipo relixioso. A que máis destaca é o canto na misa dos domingos, ás 10 da mañá, na propia parroquia. A maioría das súas actuacións realízanse aquí, dado que consideran que esta formación é, ante todo, o coro parroquial, e están ao servizo da Igrexa de Santiago de Lampón. Nas misas de domingo, nos funerais polas almas, ou nos enterros, e noutros actos relixiosos, sobre todo pola relación moi estreita co sacerdote da propia parroquia. Poucas misas ou funerais tiveron fóra da parroquia e, en caso de telos, acostuman ser maioritariamente polas parroquias veciñas, pertencentes ao municipio boirense, agás algúns casos por lugares da bisbarra barbancesa, como Ribeira, Pobra do Caramiñal, Taragoña, Rianxo...

Ademais destas actividades relixiosas, participaron tamén noutros actos como formación coral. Así, asistiron ao

Certame de coros que se celebrou en Boiro no Nadal do ano 2008, organizado por outro coro do municipio, o coro Nosa Señora do Loreto. A súa asistencia debeuse á peculiaridade de ser un coro formado por xubilados. Así mesmo, da man do párroco Don Marcelino, acudiron a Vigo a un centro da terceira idade, para animarlles o Nadal cantando unhas panxoliñas. Tamén cabe destacar que a propia Lydia Sánchez lles propuxese nalgunha ocasión cantar na Novena dos Dolores que se celebra na parroquia de Santa María do Castro.

Se ben nos seus primeiros anos o único medio do que dispoñía o coro era o órgano da Igrexa parroquial, cando Francisco colle a batuta decide comprar un órgano para a formación, e así poder realizar os ensaios nun lugar diferente á propia Igrexa. De todos os xeitos, o órgano da Igrexa parroquial ségueno utilizando en todas as misas, actos, funerais, etc., que teñen na parroquia, e o órgano particular lévano ás parroquias veciñas. Utilízano como acompañamento á voz, a base de acordes; en ningún caso dobra a melodía. Non obstante, aínda que estamos ante o caso dun coro de voces mixtas, non traballan con elas facendo distintas melodías, xa que traballan a unha soa voz.

Xunto co órgano, o Coro parroquial de Santiago de Lampón, ameniza as súas panxoliñas no Nadal con instrumentos de percusión, máis apropiados para esta festividade, tales como pandeiretas, triángulos, cunchas, etc., e que, ademais, forman parte da música tradicional galega.

Hai que dicir que, a pesar de que este coro leva en activo preto de 50 anos, non se posúe ningunha fotografía dos seus membros, nin das actuacións realizadas, nin das participacións en certames, así como tampouco de ningunha gravación, xa sexa sonora ou audiovisual do coro, que nos achegue a esta formación, tanto visual como auditivamente.

A CORAL BALDOMAR[23]

A hoxe coñecida como Coral Baldomar foi fundada no ano 1976, como consta en todos os documentos, por un sacerdote que chegara á vila boirense no ano 1962 para ocuparse da parroquia de Abanqueiro [24]. A base desta formación coral iníciase na parroquia de Abanqueiro, onde o párroco Don Baldomar García Gesto reuniu un grupo de voces de entre os fregueses que acudían á súa Igrexa, formando así un coro de voces mixtas. Aos poucos meses, o Centro Cultural e Deportivo de Boiro ponse en contacto

23 Toda a información que se mostra neste documento foi proporcionada por 3 dos directores desta Coral, así como por algúns dos seus membros fundadores. Os directores entrevistados foron Manuel Tubío Fachado; Jesús Gil Mosquera, e o director actual, Francisco Lorenzo Romero.

Os membros que proporcionaron información e datos, tanto iconográficos como documentais, foron María Teresa Piñeiro Suárez, María Victoria Rodríguez Cespón, José Ramón Yañez Núñez, Beatriz Rodríguez Silva e Juan Bautista Suárez Torrado. Tamén, unha das compoñentes da directiva foi quen facilitou o acceso á primeira toma de contacto coa formación actual, Otilia Ojea.

24 PIÑEIRO BERZ, Alberto, *Os músicos de Boiro. (Cadernos Culturais nº 7).* Boiro, Concello de Boiro, 2006, p. 71

-CAMINO Nicolás, *Así canta Galicia.* Vigo, Xerais, 2000, p. 70

-Revista das *Festas do verán de Boiro*, 1997.

- Así coma en todos os programas de man dalgunhas das actuacións que levou a cabo a Coral Baldomar. Esta historia é o modelo que dende a propia Asociación ofrecen como breve recensión histórica da súa traxectoria.

A Coral Baldomar, nunha actuación en Santiago de Compostela

con Don Baldomar para propoñerlle unha colaboración entre ambas as dúas entidades. Así, o Centro Cultural e Deportivo de Boiro sería quen lle cedese o local de ensaio, dentro das súas instalacións, ademais de patrocinar e subvencionar distintos eventos nos que participaría a Coral. Debido a esta unión de entidades, a Coral foi denominada nos seus primeiros anos de vida Coral ou Polifónica do Centro Cultural e Deportivo de Boiro. Esta colaboración entre sociedades fai posible a fundación da Coral no ano 1976 e, en decembro dese mesmo ano, realizan a súa primeira aparición en público cuns unhas panxoliñas, acorde coa época daquel Nadal[25]. Do mesmo modo, o programa[26] máis antigo que se conserva das actuacións realizadas por esta Coral, é do ano 1977. Dita actuación tivo lugar en Noia, con motivo da I Semana musical de Noia, o cal nos volve marcar a data de 1976 como posible ano de fundación.

A pesar da falta de quórum acerca do ano de inicio, pódese establecer unha cronoloxía da vida da Coral, diferenciando na súa traxectoria cinco etapas, que responden aos cambios de directivos que tivo a asociación coral.

A primeira etapa que encontramos é a que se establece dende o ano 1976 ata 1983. Neste tempo, o director que estivo á fronte da Coral foi o seu propio fundador, Don Baldomar García Gesto, quen desempeñará o seu cargo ata o seu falecemento no ano 1983. Estes primeiros anos son considerados anos de formación, tanto da propia Coral como entidade, coma de formación vocal, e de repertorio.

25 PIÑEIRO BERZ, *Os músicos*…p. 71

26 Xúntase no anexo II.3 deste traballo o cartel correspondente a esta data.

É un período no que o número de membros chega a ser moi numeroso, xa que contaban con preto de 30 voces nesta fase inicial.

O labor que realizou Don Baldomar durante estes anos foi totalmente desinteresado, altruísta, sen outra compensación que a gratitude e o ánimo dos coristas que el dirixía.

Don Baldomar, contaba cunha cualificación musical recibida na súa formación como sacerdote, pero tamén tiña interese nesta disciplina, dado que contaba con libros de pedagoxía musical, dispuña de moitas partituras, algunhas mesmo da súa autoría. De aí que decidise formar unha Coral, e ser o encargado de dirixila.

O repertorio nestes anos estaba formado fundamentalmente por pezas relixiosas, que eran facilitadas polo párroco, aínda que foron incorporando pezas de diferentes estilos musicais, tales como habaneras, madrigais, panxoliñas...

Durante este período, os ensaios lévanse a cabo dentro das instalacións do Centro Cultural e Deportivo de Boiro, nunha media de tres días por semana. Nestes intres empezaron a formar o seu repertorio. A partir desta actuación, comezaron unha longa e completa andaina percorrendo as Igrexas da vila boirense, chegando a todas as súa parroquias, e participaron en distintos certames de corais, nos Festivais que organizaba o Centro Cultural, nas actividades que patrocinaba o concello; é dicir, chegaron a ser neste momento a representación cultural e musical de Boiro. Ademais da actuación na I Semana musical de Noia en 1977 (da cal se achega o programa), participan no Festival pro Nadal do humilde no ano 1978, organizado polo concello de Boiro, pero tamén en certames na cidade de Santiago de Compostela, á que pertence a imaxe superior.

Os medios cos que contaban eran só a voz, pois os cantos realizábanos a capela. Estas voces estaban formadas por sopranos, altos, tenores e baixos. Non obstante, ao non ser un coro profesional, estas tesituras difiren un pouco.

A Coral Baldomar, dirixida por Manuel Tubío, no campo da festa de Exipto (Abanqueiro)

Chegada a morte de Don Baldomar, a Coral queda sen director, e entra así na súa segunda etapa. Dado que non dispoñía de fondos, non podían contratar un director profesional. O que se propuxo, por parte dos coristas, foi nomear un deles, que tiña formación musical e era mestre nesta especialidade, como sucesor do párroco. Esta persoa sería Manuel Tubío Fachado, quen ingresara na Coral no ano 1981, e dende o ano 1983 ao ano 1989, exercería o labor de dirección.

Esta etapa quizais sexa a de maior cambio no ámbito da formación, posto que é un período no que se van constituír en ente independente do Centro Cultural e Deportivo de Boiro, e van crear unha xunta directiva para rexistrar e legalizar a actividade da Coral. Este cambio prodúcese no 1988, e queda reflectido na acta de constitución que realizan o 16 de maio do mesmo ano. Tempo atrás, ao redor do 1985, a Coral entra a formar parte da Federación Coral Galega, a cal vai patrocinar moitos dos eventos nos que participe esta agrupación, con novos pulos e novo repertorio. O número de compoñentes nese ano de 1988 é de 29 membros, inscritos o 18 de marzo de 1988, agrupando cada compoñente segundo a corda á que pertencía.

O novo director, Manuel Tubío Fachado, non tiña moi claro ser capaz de dirixir unha Coral, por canto os seus coñecementos musicais estaban enfocados cara ao ensino, e os coñecementos de dirección eran nulos. Con todo, decidiu aceptar a proposición de ser o novo director como un reto a superar. Para poder levar a bo termo este labor, realizou diversos cursos de dirección no Conservatorio de Santiago, e en Burgos, cursos que ofrecía a Federación Coral Galega, e así, pouco a pouco, foise desenvolvendo como director.

O repertorio co que contaba a Coral á chegada de Manuel Tubío como director era o que elaborara e traballara Don Baldomar. Non obstante, como era xa moi coñecido por todos os membros, con certos costumes adquiridos, variación na métrica, etc., isto levouno a incorporar un novo repertorio na Coral, que obtivo do arquivo da Federación Coral Galega, de contrastar partituras con directores doutros coros, do intercambio con outras corais, sempre accequible tanto ás súas posibilidades de dirección como ás características melódicas dos coristas. Manexan un repertorio moi rico e variado. En primeiro lugar, vanse interesar por pezas do folclore galego, como poden ser as cancións Mariñeiro, de Rogelio Groba; A Rianxeira, muiñeiras, etc. Contan tamén con pezas de música sacra, clásica, polifonía española, panxoliñas, habaneras...

Este período foi moi produtivo, en canto a repertorio se refíre, e para poder levar a cabo o ensino destas pezas, dende o ano 1985 e ata 1989, Manuel Tubío contou coa colaboración dun profesor de música dun colexio da zona, Jesús Gil Mosquera, quen anos máis tarde sería director da Coral na súa cuarta etapa. A achega de Jesús Gil recaía no ensaio das pezas por cordas, dirixindo el unhas voces, e Manuel Tubío outras, para a posterior posta en conxunto. Este labor foi de moito traballo e esforzo, e para iso, a Coral realizaba tres ensaios semanais, cunha duración de entre hora e media e dúas horas. Non obstante, o local de en-

saio nesta etapa foi moi cambiante. Ata o ano 1988, no Centro Cultural e Deportivo de Boiro. Logo, pasaron por diversos locais que lles eran cedidos como, por exemplo, na Gardaría Pitufos, no Café-bar Breogán, na discoteca Las Delicias (hoxe discoteca Tonos), no bar Lembranza, e por último, e ata o ano 1997, na Casa da Cultura Ramón Martínez López. Este último foi o mellor local de entre todos os que percorreron, dado que aquí tiñan á súa disposición diversas salas nas que poder ensaiar, e así traballar por separado as voces.

Todos estes ensaios estaban destinados ás actividades nas que participaban todas as fins de semana: misas, certames, festivais, concertos, encontros de música con outras corais... Algúns exemplos destas actividades son a participación no Concerto de Música Sacra de Catoira, o 26 de marzo de 1988; no verán dese mesmo ano, diversas actuacións en lugares como Castelo de Soutomaior, Sines (Portugal), Lleida e Medina do Campo; I e II Encontro polas terras de Castelao nos anos 1986 e 1987; no Festival de Nadal do Concello de Boiro..., pero ademais destes eventos, a Coral Baldomar, xunto coa colaboración e o patrocinio do concello de Boiro, organizaron concertos de música coral, encontros de corais e polifonía na vila, festivais de Nadal, concertos de música sacra, etc., nos que actuaban outras corais invitadas, coas que despois farían intercambios. Nunca participaron en concursos por non velos axeitados para unha Coral non profesional, que traballaba con moita ilusión e cariño, para lograr defender o repertorio adquirido con dignidade.

Os medios cos que conta esta Coral é un grupo de voces mixtas, de tesituras non profesionais, nas que traballan as voces de sopranos, altos, tenores e baixos. A repartición das voces era moi equitativa nesta fase, o cal se pode comprobar no listado anexo do número de membros e a corda á que pertencía cada un.

En decembro de 1989, Manuel Tubío cesa no seu labor de director, dado que comezou a realización duns cursos de formación para profesorado en Santiago, e non dispón de tempo para seguir á fronte. Coa marcha de Manuel Tubío, iníciase

Actuación da Coral, na Casa da Cultura "Ramón Martínez López"

a terceira etapa da Coral Baldomar, na que van ter como director a Carlos Seráns, dende o ano 1990 ata o ano 1993, e logo de novo en 1997. Carlos Seráns, é un músico relacionado co mundo das Bandas de Música en Galicia, e nestes anos, ademais de dirixir a Coral Baldomar, dirixía tamén a Coral do Liceo de Noia, e a Banda de música de Catoira.

Neste período, de curta duración, o repertorio corría a cargo do novo director, xa que ao ser un músico de oficio, ademais de director, contaba cunha variedade de pezas que incluiría no repertorio da Coral Baldomar. Emporiso, ao estar inmerso noutros proxectos musicais (ademais era músico da Banda Municipal de Santiago de Compostela, e aínda o é a día de hoxe), era complicado organizar os ensaios, que puidese asistir ás actuacións... o que levou nalgunhas ocasións a non poder estar presente nalgunha interpretación, quedando a Coral sen dirección. Isto provocou que o número de actividades se vise reducidas, aínda que seguían participando en Concertos de música sacra, como o que organizou a propia Coral no ano 1992, no X Aniversario da Coral Polifónica Raíces en 1990, na XVI Semana Musical de Noia, no I Ciclo de Concertos musicais de Pontedeume en 1992, entre outros.

Non obstante, é esta etapa na que o aspecto económico cambia de terzo na Coral Baldomar. A saída de Manuel Tubío, levounos a ter que buscar un director profesional, que tiña que ser remunerado. Así, os fondos que tiñan de subvencións, patrocinios e actividades, destinaríanse tamén a sufragar o soldo do director.

Pero a falta de dispoñibilidade de Carlos Seráns, leva a Coral a un cambio de director, entrando así nunha cuarta etapa. Nesta etapa, Jesús Gil Mosquera, quen estivera como colaborador de Manuel Tubío, será o encargado de dirixir en solitario a Coral Baldomar. Deste xeito, puido seguir co seu traballo como profesor na zona do Barbanza, e ademais xa coñecía o repertorio e a traxectoria da agrupación.

Ao igual que Manuel Tubío, para poder cumprir coas tarefas de director, realizou diversos cursos de formación e técnica

Gravación da Coral Baldomar, no Centro Cultural e Deportivo de Boiro

vocal. Con todo, ao rematar o seu traballo como director en 1996, apartouse da actividade coral por completo. Durante estes anos de dirección, Jesús Gil contou coa colaboración de Diego García, fillo dunha dos membros da coral, con estudos musicais de piano, e nos eventos en que este instrumento era necesario, el participaba facéndose cargo do acompañamento. A colaboración de Diego deuse, sobre todo, nos temas de polifonía relixiosa, xa que eran as pezas máis difíciles para adaptar as voces. O repertorio co que contaban era o xa adquirido noutras etapas, aínda que se fixeron algunhas novas incorporacións. O que si manteñen son o estilo das cancións: galegas, do folclore galego, habaneras, polifonía relixiosa, música clásica...e este será o repertorio que continúe na etapa actual.

Os ensaios neste período continúan tendo lugar na Casa da Cultura "Ramón Martínez López", dous e tres días á semana. Como na segunda etapa, a técnica empregada segue a ser a de ensaiar as voces por separado; é dicir, por cordas, e unha vez que estas están ben asentadas, empástanse coas demais.

As actividades nas que participan empezan a estar máis ligadas co ámbito relixioso: misas, funerais, cantigas de Nadal, encontros de Semana Santa, etc., e a maioría centradas máis nas parroquias do concello boirense, e nas vilas lindantes. A actuación máis afastada nesta etapa tivo lugar na cidade Compostelá, por motivo do Xacobeo 93. Os medios dos que dispoñían nesta etapa eran os catro tipos de voces sinaladas pero, a maiores, van incluír a presenza do órgano, abandonando un pouco a práctica vocal a capela. A interpretación instrumental do órgano corría A Cargo de Diego García, pero nos días nos que el non podía estar presente, era o propio director, Jesús Gil Mosquera, quen o tocaba

A etapa de Jesús Gil como director vese finalizada co seu traslado á cidade da Coruña por motivos de traballo. O seu lugar, no ano 1997, ocuparao de novo Carlos Seráns, pero coma unha prórroga ata encontrar un director. Este novo director chegará no ano 1998, e é co que conta a Coral aínda hoxe en día. Iníciase así a quinta e última etapa da Coral Baldomar, coa chegada á dirección de Francisco

A formación, na actualidade

Lorenzo Somoza. Período de nova modificación interna da Coral, dado que, no ano 1997, chegan a un acordo para volver formar parte do Centro Cultural e Deportivo de Boiro. Así é como volve esta Coral aos seus inicios, e modifica de novo o seu nome, chamándose, a día de hoxe, Coral Baldomar do Centro Cultural e Deportivo de Boiro.

Francisco Lorenzo nace no seo dunha familia de músicos, o que o leva a estudar a devandita disciplina. Na actualidade, ademais de ser compoñente dunha orquestra popular, traballa como profesor no Conservatorio da Estrada, e como profesor nun colexio en Santiago. Todas estas actividades compaxínaas coa tarefa de dirección que leva a cabo na Coral Baldomar, o que ocasionou pequenos contratempos ao non poder estar en todas as actividades nas que participa a agrupación. Por iso, a Coral Baldomar conta nesta última etapa cunha subdirectora, que é Beatriz Rodríguez Silva, quen exerceu esta función nalgunhas actuacións como, por exemplo, na Igrexa de Rianxo.

Esta etapa é a máis extensa de todas xa que levan 12 anos co mesmo director. Emporiso, é no decurso desta fase cando a Coral Baldomar sofre modificacións moi grandes en canto a número de membros, varios cambios na directiva, e, polos anos 2006-2007, estivo preto de disolverse, por falta de compoñentes. De feito, nestes anos, non realizaron ningunha actuación nin participaron.

O repertorio co que contan continúa sendo, na súa maioría, o adquirido en épocas anteriores, aínda que algunhas pezas foron incorporadas polo director, chegando el mesmo a facer arranxos e adaptacións de cancións para incluír no seu repertorio. O director, intentou incluír pezas do estilo *dixieland*, pero este non foi ben acollido polos coristas, xa que se senten máis cómodos cantando pezas de música clásica, e, sobre todo, coas habaneras. Todo isto débese a que a gran maioría dos membros da Coral non contan con formación musical, ao que hai que engadir que son máis ben xente maior, que aprende as pezas a base de repetición, e por imitación. Este tamén é un dos motivos polos que a Coral segue

Actuación en Rianxo da Coral Baldomar, dirixida por Beatriz Rodríguez

mantendo o repertorio que xa tiñan. Para poder continuar co seu quefacer, manteñen un número de dous ensaios á semana, que soen durar dúas horas cada un, con desigual puntualidade, debido aos traballos de cada un dos integrantes. O local de ensaio volve ser de novo as instalacións do Centro Cultural e Deportivo de Boiro.

As actividades que realizan móvense no seo da vila boirense, aínda que tamén por algunhas das parroquias que engloba. Os actos relixiosos seguen sendo os de maior cabida nas súas actividades, sobre todo misas e funerais, dado que en enterros, vodas, comuñóns ou bautizos non participan. Ademais destas funcións, continúan a súa actividade en eventos como os Concertos de Nadal, que organiza o concello de Bueu, V Encontro de panxoliñas, en Bueu, certames de habaneras celebrados en Rianxo con motivo das festas da Guadalupe, patroa da vila, etc. e continúan organizando concertos de música coral en Boiro, celebrados na Casa da Cultura "Ramón Martínez López". Dentro das obrigas que recollen nos seus estatutos (ver anexos) están as de colaborar e participar en todos os eventos e actividades organizadas polo Concello de Boiro (do que reciben algunhas subvencións) e do Centro Cultural e Deportivo de Boiro. Tamén nos estatutos se recolle que a actividade realizada pola Coral Baldomar é desinteresada, sen ningunha dotación económica para os membros da mesma. O número de voces cos que conta a día de hoxe a Coral é de 25, repartidos en sopranos, altos, tenores e baixos. Os nomes destes integrantes aparecen recollidos no libro de socios da Coral Baldomar.

CORO PARROQUIAL DE ABANQUEIRO

No litoral da Ría de Arousa, ao sur do concello de Boiro, está situada a parroquia de San Cristovo de Abanqueiro, onde encontramos este Coro parroquial. A historia de Abanqueiro pódese observar no seu templo parroquial, que ten as súas raíces no cambio do século XII ao XIII. A obra inicial foi reformada en 1708, segundo consta no van das arquivoltas do pórtico da devandita estrutura[27]. A inscrición da portada indica: "Ano de 1708 se hiço o corpo desta igrexa sendo Ror. Vicente Pérez"[28]. Polo tanto, o estilo deste templo encontrámolo a medio camiño entre barroco e clásico. Do exterior destacan os contrafortes neorrománicos, pero sobre todo chaman a atención os 28 canos dispostos nos aleiros. Do interior, hai que resaltar os arcos apuntados na capela maior, así como a bóveda de perpiaños[29]. Na seguinte imaxe podemos observar a tribuna, lugar reservado para o coro, no que se poden ver o órgano e o harmonio no interior.

Os inicios deste coro, pertencente á parroquia de San Cristovo de Abanqueiro, remóntanse ao ano 1990, cando o seu párroco, dende aquel entón e ata o momento, Don José Reiniero, ve a necesidade de ter na súa comunidade un coro parroquial. Naqueles anos, un veciño da parroquia, Ramón Yáñez, dedicábase a tocar o órgano e amenizar algunhas das misas, pero non tiña unha formación coral propiamente dita. O párroco pídelle bus-

27 GARCÍA BAYÓN, Carlos. *Boiro, guía y galería de nobles memorias*. Boiro, Torre de Goyanes, 1999, p. 112
28 RÍOS PÉREZ, Juan Manuel. *Boiro, Concejo gallego.* Boiro, Excelentísimo Ayuntamiento de Boiro, 1984, p. 123.
29 GARCÍA BAYÓN. *Boiro…*p. 114

Fachada e lateral da Igrexa de San Cristovo de Abanqueiro

Coro, no interior do templo

car persoas na parroquia axeitadas par tal fin, e Ramón Yáñez ponse en contacto con Beatriz Rodríguez Silva[30], a quen coñece de formar parte da Coral Baldomar (tamén nomeada neste traballo), e que posúe un órgano na súa casa, que recibira como regalo do entón director da Coral Baldomar, Carlos Seráns. Tras aceptar a proposta de crear un coro para a parroquia, ponse en contacto co seu primo Diego García Rodríguez ("dedicado á música tradicional e á música de Apolo")[31], quen lle axuda con algúns acordes básicos para as primeiras cancións, e co repertorio inicial. Fórmase, deste xeito, un Coro parroquial en Abanqueiro, e dado que se adscriben á Igrexa da parroquia, levan o seu propio nome como representación.

Nos seus inicios, polo ano 1990, o número de membros cos que contaba o coro era de preto de 20, entre os que xa estaban tres dos que continúan a día de hoxe: a propia directora, Beatriz Rodríguez, a súa irmá, Rosa Rodríguez, e unha prima destas, María Luisa Silva. Non obstante, non é posible nomear todos os membros que iniciaron a andaina, pois que a directora comeza a elaborar o diario do coro en 1993. Se ben en 1990, o número de membros era duns vinte, tres anos despois, o coro reduciu o seu número de compoñentes a preto duns trece. Neses primeiros momentos, o coro contaba con dúas voces masculinas, a de Martín, e a de Ramón, pero xa no ano 1995, só aparece Martín, e hai que esperar ao ano 1999 para ver outro rapaz na composición do coro, que é Gabriel Rodríguez. A seguinte voz masculina, e durante aproximadamente cinco anos, será a de Luís Dieste Suárez, que formará parte do Coro parroquial de Abanqueiro dende o 2 de outubro de 1999 ata a súa derradeira actuación o 11 de setembro do 2004.

Pero a pesar das variacións no número de membros deste coro, sempre se moveron en torno a un número de oito a trece persoas, ata os últimos anos, a partir de 2005-06, que quedaron coa formación actual de sete membros, conformado por Rosa, Prisi, Beatriz, Lorena, Ángela, Paula Abeijón e Paula Laíño. No que á directora do coro se refire, hai que dicir que non dispón dunha formación musical regrada (ao igual que a maioría dos coros), e o que sabe aprendeuno ou de oído, ou da persistencia ante un teclado. Dende os trece anos entrou a formar parte da Coral Baldomar; de aí a súa afección ao canto nas Igrexas; e no seu ámbito familiar, tanto as súas tías coma a súa nai sempre eran das voces que soaban nos cantos eclesiásticos das misas comunitarias. Neste ambiente, foi no que empezou a súa inquietude pola música, e non rexeitou a proposta de formar un coro na parroquia, xa que o vía como algo esencial na súa vida. De man do seu primo, Diego García, tomou os primeiros acordes básicos de piano, e a partir de aí, empezou a sacar os seus propios acompañamentos para o repertorio. Tamén iniciou clases particulares de piano co señor Gerardo Deira Piñeiro, onde tamén aprendeu nocións de solfexo, para facilitarlle a lectura das partituras. Ao ter só unhas leves nocións de solfexo, o que fai no momento das actuacións é botar man dunha compoñente do coro, (a súa prima Paula Laíño, violinista)

30 Beatriz Rodríguez é a informante directa sobre a actividade realizada neste coro. Beatriz foi entrevistada o 9 de Xaneiro do 2010 no seu domicilio, na propia parroquia de Abanqueiro.

31 PIÑEIRO BERZ, Alberto, *Os músicos de Boiro. (Cadernos Culturais nº 7).* Boiro, Concello de Boiro, 2006, p. 68.

como guía nas lecturas das partituras. Esta axuda necesítaa, porque a directora é, á súa vez, a que se encarga de tocar o órgano, ademais de facer a segunda voz, e así evita perderse nos cambios.

Canto ao repertorio, nos inicios do coro, o párroco D. José, facilitoulles uns libros de cantos de misas, nos que só constaba a letra das cancións, aínda que de escoitalas nas misas, non resultaba moi complicado poñerlles uns acordes. Pero foi toda a axuda que recibiron nos seus inicios, ademais da de Diego García. Despois, o que fixo a directora foi informarse de librarías en Santiago, onde poder conseguir este tipo de repertorio, o que conseguiu. A libraría á que acudiu foi a chamada San Pablo, situada na zona vella da cidade compostelá. Nesta libraría, ademais das partituras, tiñan os CD´s, o cal lle facilitaba a ela o traballo, e lle permitía escoitar in situ as obras, e así escoller o libro que máis lle gustaba. Normalmente, todas estas cancións nunca as interpreta como veñen na partitura, xa que adoita cambiar algún acorde, acomodando o repertorio ao gusto do coro, pero sen saírse da vía tradicional dos cantos de Igrexa.

Outra forma de conseguir o repertorio é mediante o intercambio con outros coros (aínda que isto acontece en poucas ocasións). O Coro parroquial de Abanqueiro intercambiou partituras co Coro de Boiro, por exemplo, nalgunhas Igrexas que coincidían dúas misas seguidas, e cada unha delas interpretábaa un deles. Unha das partituras deste coro, a canción *Hoxe quérote cantar*, foille entregada a unha compoñente do coro que canta a misa da Televisión de Galicia. Outro medio que lle serviu para ampliar repertorio foi a escoita de cancións antigas, que a súa nai e a súa tía lles podían cantar: ela escoitábaas, escribía a letra, e encargábase de poñer os acordes que mellor soaran en cada momento. Un exemplo deste tipo móstrao a canción de vodas *Cuatro palomitas*, que interpretou por primeira vez nas Vodas de Ouro de Chicolino, o 7 de Xaneiro do 2007.

No diario que a propia directora escribe, tamén se recolle que algunhas pezas que interpretan son da Coral Baldomar (na que tamén participa aínda na actualidade). É nestas follas nas que tamén se reflicte o título dunha peza chamada *11 de marzo*, que pertence á *La oreja de Van Gogh*. Esta peza é a única adaptación que realizaron dun canto pop á música de Igrexa, e de todos os xeitos, só se fixo para ser interpretado na voda do irmán da directora, en Xaneiro do ano 2009, e non se volveu interpretar dende entón.

Se ao principio o coro facía algún ensaio na Igrexa para poder acompañarse do órgano, e habituarse ao lugar, hoxe en día soen ser na propia casa da directora, no lugar de Abanqueiro, os sábados. Normalmente, procuran ensaiar todas as semanas, aínda que ás veces isto non é posible, ou sempre hai algunha baixa nos ensaios.

Este coro non participou en concursos ou certames con outros coros. Se ben recibiron unha proposta do Coro Nosa Señora do Loreto, de participar conxuntamente nun certame que organizaban en Boiro por Nadal, esta actuación non se levou a cabo por incompatibilidade de horarios para ensaiar. O que si fixeron foi co-

laborar co equipo de fútbol da parroquia, achegando as súas voces para a elaboración do himno do club, do que tamén se realizou unha gravación. Agás isto, o Coro non realiza outras actividades que non se correspondan co ámbito relixioso. Cantan misas, funerais, vodas relixiosas, bautizos...pero non deixan constancia no seu diario de participar, por exemplo, en vodas civís. Nestas misas adoitan incluír repertorio que sexa coñecido polos asistentes, buscando, deste modo, a participación da comunidade no canto. Acostuman ter máis traballo na propia parroquia, pero, aínda así, realizou algunhas saídas fóra da vila boirense, como, por exemplo, a Catoira (Pontevedra), Vilagarcía de Arousa, Pobra do Caramiñal, Ribeira, Porto do Son, Rianxo, entre outros, se ben a maioría soe realizarse dentro da zona do Barbanza, e nunca tiveron actuacións fóra da comunidade autónoma.

O traballo realízao mediante medios máis ben de tipo tradicional; é dicir, só utilizan o órgano como acompañamento á melodía. Ademais, as cancións que interpretan levan unicamente dúas voces: soprano e alto (a excepción da época na que contaban con Luís, que levaba a voz de baixo). Nalgunhas ocasións, e de xeito improvisado, a directora pode facer algún adorno melódico cunha terceira, pero non é o habitual nas súas interpretacións.

Hai que destacar que este coro, por iniciativa propia, fixo dúas gravacións dalgunhas das súas pezas, para telas como recordo. Trátase da *Ave María de Schubert* e dun canto á virxe chamado *Esa é María*. Tamén gravaron o himno do equipo de fútbol, aínda que non dispoñen de copia.

CORO PARROQUIAL SAN VICENTE DE CESPÓN[32]

San Vicente de Cespón é outra das parroquias costeiras do concello de Boiro. A esta parroquia pertence o Coro parroquial San Vicente de Cespón. Ao tratarse dun coro parroquial, é evidente a relación que este ten coa parroquia, e coa comunidade relixiosa, polo que resulta de especial interese falar un pouco acerca da Igrexa parroquial.

O templo de San Vicente de Cespón, remóntase ao S.XII, aínda que sufriu cambios no decurso dos séculos, especialmente no S. XVIII. Do S. XII conserva bóveda románica, gárgolas, capiteis e arcos; e deuse testemuño de que o solo no que foi levantado era un antigo cemiterio[33]. O estilo que a día de hoxe conserva esta Igrexa, é maioritariamente barroco. No van das arquivoltas da entrada principal indícase a data de remodelación do mesmo, ano 1697, data en que tamén se modifica a torre do campanario.

32 María José Castro Blanco, é a directora deste coro parroquial, e a que, mediante unha entrevista realizada o 23 de febreiro do 2010, infórmanos da historia e vida deste coro parroquial. A entrevista tivo lugar súa casa, no lugar de Vilariño, pertencente á parroquia de Cespón, no municipio boirense.

33 GARCÍA BAYÓN, Carlos. *Boiro, guía y galería de nobles memorias.* Boiro, Torre de Goyanes, 1999, p. 105.

Igrexa parroquial de San Vicenzo de Cespón

Coro ou tribuna da Igrexa de Cespón

Conta a historia que Frei Joseph Arredondo, cando alcanza o grao de Mestre Xeral da Congregación de Montserrat, doou á parroquia de Cespón un fragmento da tibia de San Vicente (patrón da parroquia), no ano 1790. A reliquia foi recibida o 9 de agosto de 1791[34]. A imaxe da dereita correspóndese coa fachada principal da devandita Igrexa. No interior da mesma, consérvanse catro columnas formando o presbiterio, con capelas laterais e bóvedas con nervaduras, así como un baldaquino gótico conopial tallado en granito[35].

Órgano no interior do templo

Ademais destas estruturas, o interior do templo posúe unha tribuna na entrada principal do templo, e que, como en todas as Igrexas da vila, é o lugar reservado para o coro. Esta tribuna está situada de maneira que o coro se dispón no lugar máis alto, quedando de fronte ao altar maior, e de costas aos fieis que asisten aos actos relixiosos. Recentemente, o párroco desta Igrexa, Don Francisco Graña, comprou para esta Igrexa, e para disposición do coro parroquial, así como de todos aqueles coros que participen na súa comunidade relixiosa, un órgano de dous teclados, que situou na tribuna da igrexa, conservando igualmente, ao lado deste, o antigo órgano que alí tiñan.

As imaxes que se mostran a continuación recollen a situación da tribuna no devandito templo, así como o órgano do que dispoñen.

A historia do Coro parroquial San Vicente de Cespón, remóntase ao ano 1995, no que comezou a súa andaina como tal ata hoxe. Con todo, a idea dunha formación coral nesta parroquia xa se realizara no ano 1983, cando o seminarista Andrés López Calvo (integrado na parroquia por aquel entón), reuniu os mozos da comunidade que tocasen a guitarra, e estivesen dispostos a cantar a misa de catecismo os domingos. Entre este grupo de participantes, encontrábase María José Castro Blanco, directora actual do Coro parroquial San Vicente de Cespón. Esta actividade levouse a cabo soamente dous anos, cun baleiro posterior ata o ano

34 RÍOS PÉREZ, Juan Manuel. *Boiro, Concejo gallego.* Boiro, Excelentísimo Ayuntamiento de Boiro, 1984, p.110
35 Información recollida na páxina web do Concello de Boiro www.boiro.org

1995, en que se forma o actual coro de Cespón.

Dende entón, tivo cambios en canto ao seu número de membros, e creceu dende ser cinco persoas, a estar composto na actualidade por once. As primeiras que comezaron co coro e que continúan na actualidade son: María José Castro, Begoña Castro, Rocío Sánchez e María del Carmen Sánchez. Despois, no ano 2001, tiveron seis novas incorporacións: Aislin García, Susana Saavedra, Nuria Sánchez, Carla Pérez, Laura Segade, e Yolanda Vila. A última incorporación ata o momento, foi no ano 2006, e trátase de María José Rivas.

Coro "San Vicente de Cespón"

A imaxe correspóndese coa formación completa, na actualidade, cos seus once compoñentes. Foi así como este coro comezou a súa andaina, e a súa dirección corresponde a María José Castro, quen se encarga da parte musical, e a que dispón de formación musical entre os membros do coro. María José Castro Blanco, estudara piano no Conservatorio de Santiago de Compostela, e logo no Conservatorio de Ribeira, dende que este último abriu as súas portas. Ademais de estudar piano, María José aprendeu guitarra e acordeón co señor Gerardo Deira, (formador dunha gran cantidade de músicos na vila boirense). Xunto con Gerardo Deira foi integrante da última orquestra que este creou, a chamada *Mar de Prata*, e que continúa a súa actividade aínda hoxe en día. Pero, aínda que María José sexa o único membro do coro que posúe formación musical, e por iso se incorpora como a súa directora, todas as decisións que teñen que tomar en canto a repertorio e aspectos musicais fanse conxunta-

A formación actual, no adro da Igrexa de San Pedro de Bealo

mente, contando coa opinión de todos os membros da formación.

O repertorio que utilizan maioritariamente é moderno, aínda que conservan algunhas pezas antigas, e máis tradicionais, para determinados eventos, e en función da parroquia á que asistan, dado que non todos os párrocos aproban as cancións modernas que elas utilizan. Do párroco de Cespón recibiron axuda nos seus primeiros anos de andaina, no que a repertorio se refire, proporcionándolles diversos cantorais, e libros de cancións litúrxicas, acompañados de Cd de audio para poder escoitalas. Pero tamén elas tomaron a iniciativa a partir desta base, mercando os seus propios libros en librarías especializadas en música sacra. Emporiso, céntranse na música moderna, que extraen de internet. Escollen melodías en páxinas web de música coral, e a partir da súa escoita, adáptanas ao seu estilo. Esta tarefa permitiulles aumentar dunha forma máis rápida o seu repertorio, e deixar de lado as pezas máis tradicionais. Mesmo as melodías da rede véñenlles acompañadas dos acordes de guitarra, facilitando aínda máis a tarefa de creación, pero que elas adaptan sempre aos eu propio estilo. Así mesmo, contan con cancións propias da música pop de hoxe, aínda que sen chegar aos grupos rock - pop máis radicais. A xeito de exemplo, unha das pezas que utilizan para un *Nosopai* pertence a Juan Pardo, e trátase da coñecida canción, *Bravo pola música*. Aínda que estas pezas son de melodía popular, o seu texto sempre é sacro, e enfocado cara á liturxia católica, co cal, é unha adaptación de melodías ao canto eclesiástico. Pero, dentro do seu amplo repertorio, empezan a ter pezas pensadas para as vodas civís; é dicir, sen texto relixioso, xa que tiveron ocasión de participar nalgunhas vodas deste tipo, e víronse na necesidade de establecer un

repertorio acorde ao evento. Innovar para non repetirse.

Nos primeiros tempos, podían cambiar todo o repertorio, dado que dispoñían de moito máis tempo, e ensaiaban mesmo ata tres días por semana. Na actualidade, por razóns de traballo ou estudo, isto xa non é posible e só poden ensaiar un día á semana, os venres, e adoitan estar reunidas entre unha hora e media e dúas horas. Hai que dicir que non sempre os ensaios foron neste local; ao principio ensaiaban na Igrexa, para familiarizarse coa sonoridade desta, e co tempo reuníanse nun garaxe, e xa na actualidade, nun local da casa da directora, en Vilariño.

As actividades do coro están relacionadas co ámbito litúrxico. Dedícanse a cantar en todos os oficios relacionados coa Igrexa, xa se trate dun funeral, misas solemnes, vodas, comuñóns, bautizos... Actualmente actúan máis por gran parte da xeografía galega, contrariamente aos seus inicios, que se limitaban ao concello de Boiro. A razón é unha maior competencia entre coros locais de similares características e estilos. Os lugares máis visitados son Santiago, Ames, Bertamiráns, Olveira, Padrón... sen ter en conta todas as vilas que pertencen á Serra do Barbanza (Lousame, Noia, Rianxo, Porto do Son, Ribeira e Pobra do Caramiñal). En Pontevedra, soen acudir a lugares como Silleda, A Estrada, Vilagarcía de Arousa, Catoira, A Lanzada... Con todo, o evento que as caracteriza é amenizar a misa de catecismo todos os domingos na súa parroquia de Cespón. A única excepción nas súas actividades son as vodas civís. Polo demais nunca participaron en certames, traballos conxuntos con outros coros, nin en concursos.

Os medios de que dispón este coro parroquial son catro guitarras, unha bandurra e un órgano, aínda que en certas ocasións, como nos cantos de panxoliñas ou nalgunhas vodas, utilizan algúns instrumentos de percusión. No caso das panxoliñas, adoitan empregar maracas, o triángulo, cunchas, botellas de anís e pandeiretas. A pandeireta é tamén o instrumento que adoitan utilizar para a canción de despedida nalgunhas vodas, nas que rematan con algunha pandeirada, sempre e cando o sacerdote non poña impedimentos. Tamén para estas celebracións empregan ás veces o acordeón. As guitarras son tocadas por María José Castro (cando non toca o órgano ou o acordeón), Laura Segade, Nuria Sánchez e Susana Saavedra. Foi a propia María José Castro quen lles ensinou a tocar a guitarra como acompañamento nas súas cancións. A bandurria é executada por Yolanda Vila, que aprendeu a tocar este instrumento no seo da asociación das Amas de Casa de Boiro. En canto aos instrumentos de percusión, acostuman repartilos entre as distintas compoñentes, aínda que a pandeireta sempre corre a cargo da irmá da directora, Begoña Castro.

Instrumentos que acompañan no coro a melodía vocal. Esta melodía vocal, é repartida entre tres voces que definen como altas, medias e baixas. Da voz alta encárganse Rocío Sánchez, Begoña Castro e Nuria Sánchez; a voz media realízana María del Carmen Sánchez, María José Rivas, Carla Pérez, Aislin García e Aura Segade; a voz baixa interprétana María José Castro e Susana Saavedra. A téc-

nica para aprender as voces de oído é a seguinte: primeiro aprenden todas a voz media, e unha vez que ateñen aprendida, insírenlle a alta. Ensaian todas xuntas estas dúas voces, e cando xa están perfectamente acopladas, aprenden e xuntan a voz baixa. É un traballo que fan entre todas, en conxunto, e no que cada un dos membros do coro pode facer a súa propia proposta de estilo.

Este coro conta con outros medios extramusicais. Un, son os uniformes, e soen cambialos aproximadamente cada dous anos. Están formados por un pantalón e unha camisa, non confeccionados á medida para o coro, senón que elas mesmas elixen o modelo que máis lles gusta. Só houbo un uniforme que se fixo intencionadamente, xa que na camiseta, levaban gravada a insignia do coro na zona superior dianteira esquerda. O outro medio son as tarxetas publicitarias, que reparten á saída dos eventos aos que asisten, ou a todas aquelas persoas que lles pidan un número de teléfono de contacto.

Este coro posúe unha gravación dalgunhas das súas cancións, que utilizan para darse a coñecer, e para facilitar novas contratacións. Non obstante, tamén é posible asistir aos ensaios do coro para ver todo o seu funcionamento, e escoitar un repertorio máis variado e amplo que o que se inclúe no CD.

CORO NOSA SEÑORA DO LORETO[36]

O Coro Nosa Señora do Loreto, é un dos coros máis recentes que encontramos na vila boirense. Ademais, ten a peculiaridade de que non é parroquial (como a maioría dos que encontramos en Boiro). Porén, o seu nome deriva dunha capela desta vila, a do lugar de Vilariño, pertencente á parroquia de San Vicente de Cespón, e que aparece na imaxe.

A relación do coro con esta capela débese a que a súa fundadora, e á súa vez a súa presidenta, Sonia Blanco Romay, era a encargada de limpar e manter este templo. Ademais, é unha persoa moi devota desta Santa. Por iso, cando formou o coro, á hora de pensar un nome, non o dubidou, e decidiu honrar a súa Santa impóndolle o seu nome ao coro que representaban, e que levarían por toda a xeografía galega. Para a súa creación, o que fixo foi xuntar un grupo de rapazas da zona de Vilariño e, un bo día, falou con Margarita Loureda, que tiña unha guitarra e que recibía clases do señor Gerardo Deira. Dende ese momento, empezaron a xuntarse e a preparar un repertorio para poder cantar nos distintos eventos para os que fosen contratadas. A formación inicial nese ano 2002, era de dez membros (ao igual que hoxe, se temos en conta soamente as voces). Con todo, a pesar de manter o número de voces, os compoñentes variaron. Nos seus inicios, formaban parte deste coro Marta Saavedra, Sandra Deira, María Loureiro, María de

36 Toda a historia deste coro está realizada en base á entrevista a Margarita Loureda Couceiro, que é a encargada da parte musical de dito coro. A entrevista foi realizada na súa casa, o 23 de febreiro de 2010.

Capela de Nosa Señora do Loreto, en Vilariño (Cespón)

Formación inicial do Coro "Nosa Señora do Loreto"

los Ángeles, Eva Iglesias, Raquel, Ana, Mila, Sonia Blanco e Margarita Loureda

Estas compoñentes foron deixando o coro, sobre todo polos estudos (na maioría dos casos), e no seu lugar foron entrando outras. Na actualidade, o Coro Nosa Señora do Loreto está formado por dez voces, e tres instrumentistas que non participan no canto. A formación actual[37] quedaría do seguinte xeito: Sonia Blanco (fundadora e presidenta), Margarita Loureda (encargada da parte musical e guitarrista), Carla Conde, Marta Saavedra, María Alonso, Tania Outeiral, Virxinia Torres, Lupe López, Ángela Suárez e María. Os instrumentistas son: Francisco Lojo (timbais), Alejandro Nieto (piano) e Jose Andrés Mariño (guitarra). Na fotografía non aparecen os instrumentistas.

Formación actual do Coro

Como xa se indicou, non se trata dun coro parroquial, dado que nunca llo ofreceron e, ademais, no momento en que se constitúe, nas parroquias máis grandes da vila xa existía: Abanqueiro, Castro, Cespón, Lampón. Quizais a única que non o tiña era Boiro, pero nunca se lles propuxo pertencer a unha parroquia. Por esta razón, non teñen un lugar ao que asociarse e no que participar máis a miúdo. De feito, a idea de empezar a cantar funerais é recente, dado que antes eran máis ben como un coro de vodas.

Da figura de Margarita Loureda, hai que dicir que ela non se considera a directora. Vese como a encargada da parte musical e, de feito, este é o seu labor na formación, pois é a que realiza os arranxos, as adaptacións... Non obstante, fai todo iso sen dispoñer dunha formación musical regrada. Os seus coñecementos musicais son máis ben de oído, e o pouco que aprendeu de guitarra fíxoo co señor Gerardo Deira. Se ben hai algúns anos ela si sabía ler as partituras, foi perdendo o costume, e agora todo o que fai co grupo faino de oído, e o acompañamento coa guitarra é a base de acordes. Así mesmo, ao ser a encargada da parte musical, tamén se encarga Margarita de facer as distintas voces, e ensinarllas a cada unha dos membros do coro. Ás veces, para levalo a cabo, o que fai é gravar dunha mesma peza as distintas voces superpostas, e logo mostra o audio ás rapazas para que a escoiten[38]. Hai que dicir tamén que, o feito de que sexa ela quen fai a montaxe das cancións, e as adaptacións, permítelle, en cada canción, acompañar unhas voces ou outras, en función do momento no que se encontren, e do grupo que necesite máis apoio.

As pezas que conforman o repertorio do Coro Nosa Señora do Loreto son moi distintas e variadas entre elas, sobre todo, se temos en conta o que cantaban nos seus inicios. Pódese considerar, canto ao seu repertorio, un coro moderno,

37 PIÑEIRO BERZ, Alberto, *Os músicos de Boiro. (Cadernos Culturais nº 7)*. Boiro, Concello de Boiro, 2006, p. 71.

38 Una técnica similar á que realiza Eithne Patricia Ní Bhraonáín, cantante irlandesa máis coñecida como Enya.

que levou ao lugar máis tradicional unha música que hai algúns anos non tiña cabida. Se ben cando comezaron colleron algunha peza de Cantorais litúrxicos que compraban nas librarías especializadas, escoitaban cancións doutros coros nas Igrexas, ou mesmo gravaban as misas da TVG, na actualidade apostaron por recoller cancións da música pop (mesmo rock), e cambiarlles a letra, acorde aos cantos eclesiásticos. E para facer este tipo de cancións, baseáronse no *Nosopai,* a partir da música de Simon & Garfunkel. Consideraban que se se podía facer iso cunha canción deste grupo, por que non con outros artistas? E así, empezaron a coller melodías de Alanis Morissette, The Cramberries, Beyoncé, ou El canto del loco, entre outros. Tamén en certas ocasións, en celebracións que se prestan para iso (como unha voda), cantan a canción orixinal, con música e letra. Isto realizárono nalgunhas coa canción de Marc Anthony titulada *Te amaré*, pero sempre adaptando a letra ás circunstancias. Isto é un claro sinal de que nos encontramos ante un coro moderno, que non continuou co antigo e o tradicional. Non obstante, cantan tamén cancións litúrxicas tradicionais, como *Cerca de ti Señor*, *Vive con Cristo* ou *Na tardiña baixa da vida.*

Este tipo de pezas eran o seu repertorio habitual nos anos de inicio, e hoxe ségueno conservando, porque hai Igrexas nas que se lles esixe este estilo de cantos. E o listado que elas manteñen do repertorio, está ordenado por orde alfabética, pero, á hora de organizar este nas súas carpetas, mantéñeno en función dos tempos litúrxicos. Neste listado podemos ver temas en español, en galego, e algúns en inglés. Pero o que predomina son os cantos en castelán.

Unha das pezas que hai que salientar é o *Himno á Confraría do Cristo da Misericordia*, que este coro escribiu e interpretou por primeira vez na investidura dos confrades desta Confraría, encargada de organizar a Semana Santa de Boiro, que cada ano conta cun maior número de fieis[39].

Todo este repertorio foise construíndo sobre a base dos ensaios que o coro realiza. Cando comezaron a súa andadura, o local de ensaio era a casa dun dos membros do momento, María Loureiro, no lugar de Vilariño. Cando esta rapaza deixou o coro, o local de ensaio pasou a ser a casa de Margarita Loureda, na vila boirense. Adoitan ensaiar un día á semana, a non ser que por algunha actuación especial necesiten reunirse algún día máis. Normalmente estes ensaios acostuman ser os sábados, pero este día pódese ver modificado en función de se teñen varias actuacións.

As súas actividades son numerosas e variadas. Por suposto, as principais son os cantos en misas, funerais. Tamén en vodas, sobre todo nos primeiros anos.. Actuaron por toda a xeografía galega, chegando a tocar nas catro provincias. O máis lonxe foi a fronteira con Portugal, e no 2010 unha voda en Zaragoza. Dentro do concello de Boiro, as parroquias ás que máis acudiron foron Santa María do Castro e Lampón, chamadas polo párroco para determinadas celebracións. Ade-

39 Desta noticia faise eco *La Voz de Galicia*, na edición de Barbanza, o 23 de marzo de 2010.

mais, tiveron actuacións en inauguracións de bares en Boiro, algún pub en Porto do Son, etc. Polo tanto, estamos ante un coro que non restrinxe o seu ámbito de participación a determinados eventos. Así mesmo, participaron no Certame de coros que se celebra en Pobra do Caramiñal todos os anos, no Festival de catecismo deste mesmo lugar, así como nos Festivais de Nadal que organiza o concello de Boiro, e no certame celebrado en Rianxo, no centro da terceira idade. O máis destacado é que no ano 2008 foron elas as encargadas de realizar un certame de coros en Boiro, ao cal acudiu tamén outro coro da vila boirense, o Coro parroquial Santiago de Lampón.

Os medios son moi variados, o que amosa a distinta concepción coral que un pode ter. Por un lado, a instrumentación sitúanos noutro tempo, dado que utilizan dúas guitarras (sempre guitarra acústica, nunca a guitarra española), o órgano e os timbais. Dicir que, como é habitual, levan sempre os seus instrumentos a cada actuación. Aínda que a Igrexa á que acudan teña órgano, elas prefiren usar o seu, porque están afeitas a el, sobre todo o piano. Ademais dos instrumentos, son un coro no que utilizan tres voces en todas as súas cancións, que as reparten en altas, medias e baixas. Dentro do grupo das altas adoitan estar Ángela, Lupe e Virxinia (esta última, ademais, soe ser a solista); nas medias encóntranse María Alonso (que antes estaba coas altas), Tania, María, e algunhas veces Sonia; ao grupo das baixas pertencen Carla e Marta, e en ocasións Sonia. Margarida, pola súa banda, e como xa se comentou, adoita acompañar o grupo ao que lle falte algunha compoñente nunha actuación, ou ao que máis carencia teña no momento da interpretación, pero ás veces aproveita para facer unha cuarta voz, ou algún adorno melódico puntual.

Máis alá dos propios medios musicais, este coro ten a peculiaridade de contar cun servizo publicitario moi amplo, e en constante crecemento. Así, elas mesmas se custean uns obsequios que regalan aos clientes, e neles levan impreso o nome do coro, co cal fan publicidade. Un exemplo destes artigos configúrano un abano, un bolígrafo e un acendedor, que leva impreso nun lateral a propaganda



Agasallos publicitarios do Coro do Loreto

do coro. Acostuman así mesmo repartir tarxetas, e colgar carteis co seu nome e número de teléfono en distintos locais da zona do Barbanza. A encargada de repartir esta publicidade é a propia fundadora do grupo, Sonia Blanco. Pero sen dúbida ningunha, o medio máis moderno que utilizan como medio de difusión da súa música é internet. Na rede dispoñen dunha páxina de myspace[40] na que podemos encontrar fotos do grupo, algún arquivo de audio, unha breve recensión biográfica do coro, ademais das distintas noticias de prensa nas que foron protagonistas

40 www.corodoloreto.spaces.live.com

polas súas actuacións, ou mesmo, unha entrevista á súa fundadora Sonia Blanco. Tamén se uniron á rede social facebook[41] nestes meses, onde colgaron recentemente algúns vídeos que gravaron coas súas melodías, así como fotografías dos integrantes. Nesta páxina van dando conta das saídas que teñen, para así saber onde podemos oílos.

Nas imaxes que se poden observar nos devanditos espazos, podemos ver que este coro dispón de uniformes á hora de realizar as súas actuacións. Estes uniformes son máis ben para actuacións fóra da vila, e a indumentaria soe combinar un pantalón negro cunha camiseta (laranxa ou azul celeste). Na primeira formación, ademais, levaban panos no colo co nome do coro. Todo o tema dos contratos do coro é un proceso do que se encarga a súa presidenta, Sonia Blanco. A ela chéganlle case todas as chamadas, e leva unha axenda coas actuacións, indicando lugar, día e hora. É unha forma de organización moi estrita, pero que lles dá resultado, e así evitan facer dúas contratas para o mesmo día, se chaman dúas persoas diferentes. Por iso, consideraron que o tema de contratación o leve unha única persoa. Aínda que tamén é certo que algúns contratos lles chegan por vía internet, e destes encárgase Margarita, xa que ela é a administradora das páxinas. Polo tanto, estamos ante un coro con total accesibilidade, e do que se pode ter unha referencia previa antes de contratalo, ao podermos escoitar as cancións que interpretan, e o seu estilo musical.

41 www.facebook.com/coro-do-loreto

Digamos tamén que é un coro que dispón dun equipo de gravación no seu local de ensaio, polo que a maioría das súas pezas téñenas gravadas para poder escoitalas, e mesmo para poder mandalas por internet a posibles clientes que estean interesados en contratalos. En canto aos vídeos que gravaron, constan de imaxes fixas que non teñen relación co grupo, pero o que a elas lles interesa con isto é difundir a súa música, non a súa imaxe. Estes vídeos están accesibles non só na súa rede social facebook, senón tamén en youtube. De momento, os vídeos realizados foron tres, coas cancións *Te amaré*, *Amor eterno,* e *Dame a túa man*.

CORO PARROQUIAL SANTA BAIA DE BOIRO[42]

A parroquia na que se enmarca o coro aquí recollido é a denominada Santa Baia de Boiro. Sitúase no casco histórico da vila boirense, e o nome que recibe é en honor á patroa do concello, Santa Baia[43]. Igrexa parroquial da que deriva o nome do coro que se adscribe a ela: Coro parroquial Santa Baia de Boiro. Canto ao templo, non se sabe con exactitude o ano no que aparece, pero a primeira mención que se ten é do ano 1106[44], polo cal, a maioría das fontes sitúano como pertencente ao S. XII, aínda que con posteriores ampliacións. Mantense polo tanto a idea da súa raíz románica e oxival, e

42 A documentación e información detallada acerca deste coro foinos proporcionada por Santiago Ces, director do Coro parroquial Santa Baia de Boiro. A entrevista tivo lugar na vila boirense, o 30 de marzo de 2010.

43 GARCÍA BAYÓN, Carlos. *Boiro, guía y galería de nobles memorias.* Boiro, Torre de Goyanes, 1999, p. 37.

44 RÍOS PÉREZ, Juan Manuel. *Boiro, Concejo gallego.* Boiro, Excelentísimo Ayuntamiento de Boiro, 1984, p. 96.

Igrexa de Sta. Baia de Boiro

Interior do templo

Coro de Santa Baia de Boiro, con Santi Ces, o director, á guitarra

como mostra diso son os capiteis que se conservan no interior. Máis tarde, no ano 1601, aparece unha relación das condicións en que se reedificaría a capela maior, que foi realizada por Juan de Teira, mestre de cantería de Noia.

As seguintes modificacións das que se ten constancia débense ao crecemento do número de fieis, o que leva a ampliar[45] as dimensións do templo. A primeira ampliación realízase no ano 1684, coa construción da nova sancristía. A seguinte modificación, é do ano 1715. Estas modificacións e transformacións son as que nos levan á arquitectura que apreciamos hoxe en día.

No interior encontramos a tribuna, onde se sitúa o coro nas celebracións, e neste caso dispón dun órgano, que pode ser utilizado por calquera dos coros que participen na liturxia.

45 RÍOS PÉREZ. *Boiro*...p. 97.

Os inicios do Coro parroquial Santa Baia de Boiro, son moi recentes, dado que a súa formación se leva a cabo no ano 2006. Non había coro e unha das catequistas desta comunidade viu a necesidade de formalo para pórlle música e voz á misa de catecismo celebrada todos os domingos nesta parroquia. Así, Santiago Ces, que chegou a desempeñar a función de director, era músico de profesión, cantaba e tocaba a guitarra, e fora dono da orquestra Xente Nova. De aí que se recorrese a el como a persoa que podía animar a misa de catecismo. Isto levou a que durante un tempo, só el cantase estas misas, ata que un día se decide reunir máis xente para formar un coro parroquial, invitación que fai o sacerdote da parroquia, Don Francisco Justo Carou ao rematar a misa dominical. Tras esta petición, reúnense preto de vinte persoas para este cometido. Non obstante, non todas estas persoas puideron aguantar o ritmo de traballo que se necesitaba para desenvolver a actividade, e dos vinte membros, quedaron unicamente catro, e,

a día de hoxe, son soamente tres. Cando estaban os catro membros, dispoñían no coro de catro voces: soprano, mezzosoprano, tenor e barítono. Actualmente non hai barítono, e os compoñentes redúcense a Geni, Lorena e Santiago Ces.

A inclusión de novas voces, acompañando o labor que Santiago Ces empezara en solitario, prodúcese no ano 2007. Aínda así, estas novas voces que se uniron a el van estar ata o 2009, exclusivamente co labor primixenio; é dicir, amenizar a misa de catecismo. A partir do 2009 empezan a definirse como coro que participa en todos os eventos relixiosos: funerais, enterros, aniversarios, vodas, bautizos... O director deste coro, Santiago Ces, conta cunha formación musical completa, así como cunha traxectoria profesional, musicalmente falando, moi rica e variada. No que á súa formación se refire, ten os estudos de solfexo ata 5º curso (que pola Lei educativa na que el se formou, era a titulación máxima nesta rama). Xunto aos estudos de solfexo, elixiu a guitarra, instrumento que actualmente toca no coro. Os seus estudos de solfexo foinos ampliando e mellorando da man de José España[46].

Alta formación, importante traxectoria profesional, grandes experiencias vitais. Foi membro das orquestras populares "París de Noia", onde participaba como cantante e guitarrista, da "Sintonía de Vigo", da orquestra "Marbella", da "Gran Parada", ata que a inicios dos 80 entra a formar parte da orquestra "Xente Nova", chegando a mercala no 1987[47]. Nestas orquestras aprende distintos ritmos musicais, como o swing, o jazz, flamenco, copla...

O repertorio co que conta o Coro parroquial Santa Baia de Boiro é diverso e variado. O seu estilo pódese definir como tradicional nas súas letras, pero moderno no acompañamento e no ritmo. Isto débese a que as pezas que el escolle para o seu repertorio están extraídas de cantorais litúrxicos; pero destes escolle só as letras, e el compónlles a música. Estes cantos de música relixiosa son facilitados tanto polo sacerdote da parroquia á que pertencen, como polo sacerdote de Santiago de Lampón, que é primo de Santiago Ces. Un exemplo de variación destas pezas, témola na canción *Ofrecémosche Señor a nosa xuventude*, na que Santiago introduce elementos melódicos e rítmicos que recordan os coros Gospel.

Ademais destas modificacións, ten composicións propias[48], que realiza cando as cancións dos cantorais non lle gustan. Entre as composicións que fixo para o coro encontramos dous *Nosopai*, dous *Gloria*, unha canción en honor á Virxe do Carme, e unha saeta que foi interpretada na Semana Santa de Boiro do presente ano 2010. Ademais, para o día do Pilar, do 12 de outubro do 2009, Santiago Ces compuxo un himno en honor á Garda Civil, para a misa solemne que se celebra en honor á patroa deste corpo, na vila boirense.

46 Profesor, compositor, director e clarinetista, veciño da parroquia de Cespón, pertencente ao concello de Boiro. PIÑEIRO BERZ, Alberto, *Os músicos de Boiro. (Cadernos Culturais nº 7).* Boiro, Concello de Boiro, 2006, p. 43

47 PIÑEIRO BERZ, Alberto, *Os músicos de Boiro. (Cadernos Culturais nº 7).* Boiro, Concello de Boiro, 2006, p. 60.

48 No anexo II.7 podemos ver dúas partituras compostas por Santiago Ces. Trátase dun Painoso e dun Gloria.

O Coro parroquial Santa Baia de Boiro vai incorporando pouco a pouco novos temas no seu repertorio, e todo iso conséguenо polos ensaios que realizan, e que teñen lugar nun local que pertence á parroquia de Santa Baia, situado fronte á Igrexa parroquial.

As actividades nas que participaron nestes poucos anos de andaina non son moitas, e a maioría están relacionadas cos cantos nos actos relixiosos. Ao principio, a súa actividade estaba centrada unicamente na propia parroquia, e co paso do tempo empezaron a ter algunhas misas e celebracións noutras parroquias do municipio. Fóra disto, só acudiron a dous lugares que non pertencen ao concello: unha delas foi en Laíño (Dodro), e a outra en Baíñas (Vimianzo, A Coruña).

Algunhas actividades non relacionadas co ámbito eclesiástico foron a participación no baile de fin de ano que se celebrou en 2008 no Centro de día de Boiro, así como no segundo aniversario de fundación de dito centro. Tamén no Nadal do ano 2008, participaron no Certame de Coros que se celebrou en Boiro, invitados polo Coro Nosa Señora do Loreto, que son as encargadas da organización do devandito certame.

Os medios cos que conta son dúas guitarras (unha execútaa o propio director, e a outra Geni), e un órgano que soen empregalo en funerais e misas solemnes. O órgano pertence á parroquia, e estaba gardado na sancristía da Igrexa de Santa Baia, sen que ninguén lle dese uso. Non obstante, para as misas nesta Igrexa, dispoñen dun órgano situado na tribuna, a disposición de todos os coros. Xunto con estes instrumentos, acompáñanse ás veces dun equipo de son, para que as melodías que interpretan cheguen a todos os puntos da Igrexa, de dimensións considerables. Estes instrumentos serven de acompañamento ás voces, que son tres, e repartidas do seguinte modo: Santiago Ces leva a voz de tenor, Lorena a voz de mezzosoprano, e Geni a voz de soprano.

A diferenza doutros coros, non utilizan ningún medio publicitario para dar a coñecerse, dado que eles empezaron a súa actividade para colaborar coa parroquia, e esta é a súa prioridade. Os eventos que lles poden xurdir a maiores, establécense ben a través do párroco, que facilita o teléfono de Santiago a todo aquel que o solicite, ben á súa difusión polos fregueses da parroquia.

BIBLIOGRAFÍA

› CAMINO Nicolás, *Así canta Galicia.* Vigo, Editorial Xerais, 2000.

› COSTA, Luís. “La música popular en Galicia”. *Antropología*, tomo XV. A Coruña, Hércules, 1997.

› FILGUEIRA VALVERDE, José. *“Introducción” al Cancionero musical de Galicia* de C. Sampedro y Folgar, Madrid, 1942; San Sebastián, DO-MI-SOL-DO, 1950-54.

› GARCÍA BAYÓN, Carlos. *Boiro, guía y galería de nobles memorias.* Boiro, Torre de Goyanes, Madrid, 1999.

› NAGORE, María. “La música coral en España en el S. XIX”, en *La música española en el S.XIX.* Oviedo, Universidad de Oviedo, 1995.

› NAGORE, María. “Coro”, en *Diccionario de la música española e hispanoamericana.* Madrid, Sociedad General de Autores, 1999.

› PIÑEIRO BERZ, Alberto. *Os músicos de Boiro. (Cadernos Culturais nº 7).* Boiro, Concello de Boiro, 2006.

› Revista das *Festas do verán de Boiro*, 1997.

› REY GARCÍA, Emilio. “Aspectos metodológicos en la investigación de la música de tradición oral”, en *Revista de musicología,* 12 (1989).

› RÍOS PÉREZ, Juan Manuel. *Boiro, Concejo gallego.* Boiro, Excelentísimo Ayuntamiento de Boiro, Boiro, 1984.

› VILLANUEVA ABELAIRAS, Carlos (coordinador): *Jesús Bal y Gay: tientos y silencios, 1905-1993. Catálogo de la exposición. Madrid, Amigos de la Residencia de Estudiantes, 2005.*

Páginas web consultadas

› www.cabodecruz.net

› www.boiro.org

› www.fecoga.org

› www.corodoloreto.spaces.live.com

› www.facebook.com/coro-do-loreto

› www.lavozdegalicia.com

› www.youtube.es

Relación de informantes

› **Coro parroquial Santa María do Castro:**

Lydia Sánchez Ozores. Directora do coro dende o ano 1983 ata a actualidade. A entrevista foi realizada no seu domicilio, na parroquia de Santa María do Castro (Boiro), o 5 de abril do 2010.

› Coro de Boiro:

Ramón Suárez, persoa á fronte deste coro na actualidade; Mónica Carreño Suárez, filla de Ramón. Realizouse unha entrevista conxunta o 18 de outubro do 2009, e o 13 de abril do 2010, no domicilio familiar, no lugar de Ponte Goiáns (Boiro).

› **Coral Baldomar:**

° **Directores entrevistados:**

Manuel Tubío Fachado.

Jesús Gil Mosquera.

Francisco Lorenzo Romero.

° **Membros entrevistados:**

María Teresa Suárez Piñeiro.

° **Membros e ex membros que aportaron información:**

María Victoria Rodríguez Cespón

José Ramón Yáñez Núñez

Beatriz Rodríguez Silva

Juan Bautista Suárez Torrado

Otilia Ojea

› **Coro parroquial Santiago de Lampón:**

Francisco Santamaría Oliveira. Director do coro. Foi entrevistado o 9 de abril do 2010, no local de ensaio deste coro, situado na aldea de Escarabote, pertencente á parroquia de Santiago de Lampón (Boiro).

› **Coro parroquial de Abanqueiro:**

Beatriz Rodríguez Silva, directora desta formación. A entrevista foi realizada no seu domicilio, no lugar de Abanqueiro (Boiro).

› **Coro parroquial San Vicente de Cespón:**

María José Castro Blanco, directora do coro. A entrevista tivo lugar no seu domicilio, no lugar de Vilariño (San Vicente de Cespón – Boiro), o 23 de febreiro do 2010.

› **Coro Nosa Señora do Loreto:**

Margarita Loureda Couceiro, encargada do coro; Sonia Blanco Romay, fundadora do mesmo. A entrevista levouse a cabo no domicilio de Margarita Loureda, na vila boirense, o 23 de febreiro do 2010.

› **Coro Santa Baia de Boiro:**

Santiago Ces, director desta formación coral. A entrevista foi realizada en Boiro, o 30 de marzo do 2010.

II. APÉNDICE DOCUMENTAL:

II.1 Coro parroquial Santa María do Castro

Este anexo está configurado por fontes especificamente musicais. As fontes musicais correspóndense con dúas partituras realizadas pola directora deste coro, que se mostran como exemplo das súas composicións, e do estilo de cancións que utilizan.




HIMNO A VIRXE DO CASTRO
Recitado despacio

II. 2 CORAL BALDOMAR

I SEMAN MUSICAL DE NOIA

Novembre do 1977

Día 22
- Misa Solene no honor da Santa Cecilia.
- Rondaia Xuvenil de Noia.
- Banda de Música de Caamaño.
- Coral Polifónica Liceo de Noia.

Día 23
- Coral do Centro Cultural Deportivo de Boiro.
- Conferencia do Profesor Xoan Trillo.
- Coral da Agrupación Cultural Caramiñas.

Día 24
- Coral Polifónica Liceo de Noia.
- Recital antolóxico de frauta e guitarra, polos Profesores Miguel de Santiago e Agustín Tomás.

Día 25
- Festa Musical Infantil, cos grupos de nenos, Carabeliños e Caramiñas.
- Coro do Club de Xubilados da Caixa de Aforros de Santiago.
- Recital de guitarra crásica, polo Profesor Antonio E. Mallo.
- Gran Verbena popular, cas Orquestas París e Veracruz.

Día 26
- Orfeón Terra a Nosa.
- Conferencia do Cadeirádego D. Xosé López Calo.

Promoven e orgaizan:

SOCIEDADE CULTURAL E RECREATIVA LICEO DE NOIA

CAIXA DE AFORROS DE SANTIAGO

Caixa Confederada

II. 3 CORO PARROQUIAL SANTA BAIA DE BOIRO

As fontes que se recollen neste anexo son fontes musicais. Trátase de dúas partituras do propio director deste coro, Santiago Ces.




EL PADRENUESTRO

Aires de Fóra

William Botrell e as súas historias do leste de Cornualles

Milagros Torrado

A seguinte historia aparece no volume *Stories and Folk-Lore of West Cornwall*, publicado no ano 1880, pouco despois de que o seu autor, William Botrell, sufrise unha apoplexía que o deixara paralizado e que o incapacitou para soster unha pluma na man, como nos se nos indica no prefacio[1]. Este libro acabou sendo o testamento literario de William Botrell, quen morreu en agosto de 1881.

Nacera en 1816 preto da Fisterra córnica nunha familia granxeira ben situada que lle puido costear unha boa educación. Súa avoa, Mary, foi quen o interesou no estudo do folclore contándolle as historias que o tempo forxara arredor de Land's End.

Pero Botrell non ficou en Cornualles. Viaxou a Francia, Canada e Autralia. As súas viaxes polo mundo levárono ata Euskadi, onde se fixo con algunhas propiedades que lle acabou arrebatando a Igrexa Católica, o que supuxo un duro golpe para a súa economía.

O traballo que realizou William Bottrell para conservar as tradicións e saberes da súa terra natal é merecente de encomio. Un exemplo de que deberiamos seguir no século XXI.

"The Haunted Lawyer" é unha destas historias recollidas no seu Penzance natal que nos fala dunha fantasma cun asunto pendente, unha temática moi común tamén na tradición galega.

1 "...which has incapacited him from holding a pen in his hand".

O AVOGADO ENFEITIZADO

Hai non tanto, un vello nativo de Gulval faloume doutra fantasma que preocupaba Kenegie, aínda que foi só por pouco tempo. Se este era o espírito dun Harris ou dun Arundel non mo puido dicir, porque había moito que pasara, pero todo fora na mesma familia: que un Harris, pensaba, cambiara o seu nome a Arundel, despois, pasadas unha ou dúas xeracións, a familia volveu coller o seu nome orixinal. A xente de por alí sempre lles chamou Harries, e do que imos falar era coñecido como o orgulloso terratenente de Kenegie. Sempre montaba un cabalo alto. Se atopaba xente nas corredoiras estreitas (e habías ben poucas anchas nesta época), tiñan que apartarse do seu camiño habendo de saltar os sebeiros porque, senón, pasaría por enriba deles.

Dicían que a única persoa que non se apartaría do seu camiño era o vello Rogers de Treassowe. No Castelo de Downs había unha ampla zona de terreo para carreiras de cabalos por onde pasaba a estrada a Saint Ives, de maneira que cando un dos sendeiros estaba moi gastado podía usarse o outro, o das carreiras. Nalgúns lugares os sendeiros principais estaban divididos por pedras ou sebeiros de toxos e, pouco despois, os camiños uníanse de novo ou cruzaban outros nun labirinto desconcertante. Dise que cando Rogers montaba un cabalo tiro que só podía distinguirse a pouca distancia, o sendeiro que o levara a aquel polo que puidera ir Harris, sería o que el collería. Se era un escuro, pois mellor, e así os dous cabalgarían, a todo trapo, o un contra o outro, como as dúas cabuxas de Esopo cruzando un regato sobre unha tá-

boa tendo ben unha pequena rifa ou unha feroz loita cos seus látegos. Aínda así, ás veces, eran bos amigos, cazaban xuntos nas terras de un e doutro e visitábanse nas ocasións solemnes.

Este forte cabaleiro granxeiro de Treassowe, sen embargo, non ten nada que ver coa historia que se vai contar agora, aínda así, o seu recordo aparece en conexión co orgulloso Harris por ser coñecido como o seu opoñente. Era, tamén, un bo exemplo de sempre dos os "Hurlers de Ludgvan", que tiñan fama de ser enérxicos e insistentes defensores dos seus dereitos, incluso un chisco máis que aqueles que acostumaban a mandar, ademais de pola súa devoción a este xogo de homes que lles valeu os seu honorable alcume aínda retido, pese a que xa pasaran moitos anos dende que fortalecesen os seus músculos e mentes como tiñan por costume facer en tempos pasados, lanzando as súas bolas de prata a millas adiante e atrás todo ao longo do Market Jew Green, antes un ben común de grande extensión, ou a fóra, terra a dentro, " cara o campo". O xogo no Green coñecíase como "Hurling to the Goal"[2].

Ben, cando Harris o orgulloso estaba no seu leito de morte enviou un home a Penzance a por un avogado, porque quería facerlle un engadido ao seu testamento. " Colle o cabalo máis veloz da miña corte", díxolle ao seu servente, "cabalga como se che fora a vida niso, como se che fora. Non pares por cousa algunha na estrada. Dille que colla o seu cabalo e apúrao se non o ten enselado"

Nunha cómoda, preto da cama do terratenente, estaba sentado o seu fillo John balanceándose de adiante a atrás e chorando amargamente. "Por que choras, meu fillo?", preguntoulle seu pai. "Porque vas morrer, pai", respondeu o neno. "Oh, ¿que vou facer, que vou facer?" e comezou a chorar máis e máis. "Deixa de chorar, meu fillo", dixo seu pai, "halo facer moi ben, porque che vou dar Trengwainton e Castle Horneck para que os coides. Non chores máis, fillo, que estou moi débil e quero durmir, meu fillo".

Ao chegar o avogado ao lado do terratenente e tendo listos os materiais para escribir, preguntou que tiña que engadirse ao testamento. O terratenente, cando se apoiou nas almofadas, dixo acorado, "Quixera, quixera," varias veces, ata que quedou exhausto e caeu na cama. Despois de descansar un anaco, fixo acenos para que o erguesen de novo e entón só repetiu as mesmas verbas, "Quixera, quixera", ata que o avogado lle dixo que parase un momento e despois dixera o que quería que se escribise. "Que o meu fillo John teña Trengwainton", acorou o moribundo.

O avogado, quen tamén fora o administrador do terratenente por moito tempo, estaba bastante confuso. Ao cabo de un ou dous minutos dixo, "Non sei a que te refires. ¿Como pode ter Trengwaiton o teu fillo? Ese lugar non che pertence. Non entendo nada". O pouco sangue que quedaba no corpo de Harris pareceu correr á súa cara e volverse azul, despois púxolle pálido e gritou, tan forte como puido, "

2 Isto fai referencia ao "hurling", un xogo que acostumaba a ser moi popular en Cornualles. Xógase en dous equipos e o obxectivo é levar ou golpear unha bola de prata ata unha portería bastante afastada ou ata o campo de cada un. Non confundir co "hurling" irlandés.

Ti, leguleio do carallo, non hai que saber como, cando…", incapaz de dicir máis caeu na cama, máis exhausto ca antes.

Entón, comezou a darlle tiróns ás sabas mentres seguía murmurando "Quixera, quixera", cada vez máis baixiño e cada vez máis amodo, ata que respirou por derradeira vez coas palabras nos beizos.

O avogado regresou á casa, sentíndose moi triste e moi perplexo. El mailo falecido foran amigos dende nenos. Nos últimos anos, o seu contacto con Harris era principalmente como administrador das súas propiedades, e nese aspecto temos que falar del. O defunto terratenente levara a cabo moitas melloras na súa granxa, por aquel entón en progreso, como tamén alteracións nas súas premisas por consello del e o administrador puxo tanto interese na familia do seu amigo como se fose a súa propia. Era, tamén, o único notario notable de Penzance de entón. A xente de aquel tempo non buscaba consello legal para pequenos problemiñas: a miúdo, facían a lei para si mesmos, improvisada, tamén de bo corazón, aínda que bastante menos hipócrita que agora.

O insatisfeito defunto foi depositado nunha cripta familiar, cando rematou o tempo acostumado para ter exposta á xente desta categoría. Na noite do seu funeral, cara a mañá, escoitáronse sons lúgubres procedentes do cuarto do terratenente falecido, con gritos queixosos dicindo "Quixera, quixera" seguidos de xemidos e gruñidos agonizantes.

Ao día seguinte, o administrador volveu para arranxar algúns asuntos que requirían a súa presenza no lugar. Os vellos serventes de pelo gris da familia logo lle contaron o dos sons fantasmagóricos na antiga mansión había só unhas horas. O decidido home de lei ridiculizounos e dixo que eran só as súas fantasías temerosas, seguidas de soños desacougantes, causado todo polo seu temor a que o señor volvese. Os vellos serventes seguiron ao avogado ata a porta exterior pregándolle que ficase na casa durante a noite. "Non, non, teño máis cousas que facer", respondeu, "ide durmir antes de que esteades todos borrachos e deixade que o terratenente volva se quere ou pode".

O administrador baixou a modiño polo outeiro, pensando no seu amigo morto. Mentres pasaba as escaleiras do camiño da igrexa, un pouco por abaixo da entrada principal, un cabaleiro chegou e camiñou ao seu lado, seguindo ao seu cabalo. Ningún falou. O administrador nin tan sequera lle dou o tradicional saúdo de "boas noites", tan común nestes lares cando a xente se atopa nos camiños. O sombreiro de aba ancha do estraño cabaleiro e a pluma caída facíanlle sombra na cara e as súas faccións non se podían distinguir, pero a súa figura alta estaba ataviada cunha vestimenta precisamente coma a que acostumaba a levar Harris e era demasiado espléndida como para que a levase alguén da veciñanza. O cabalo mostrou signos de grande terror botando ao seu xinete contra o sebeiro e intentando fuxir ao galope. Aínda así, a pesar de que o cabalo nervioso alterara o seu camiño, o estraño seguiu ao seu carón cunha facilidade tal que se diría que flotaba no aire, ata que, pasando o rego que discorre ata Ponsandane, o estraño desapareceu, non se sabe a onde.

Despois de cruzar a auga e subir pola estrada un pouco, o xinete deixou que o seu cabalo alterado seguise o seu impulso; entón, explotou dunha maneira furiosa e só cesou a súa carreira cando preto do bebedoiro no alto da rúa Market-jew, ao lado do hostal "Star". Despois de saciar a súa sede, baixou unha rúa, feita de agora e chamada New Street, que conducía a un patio, a unha corte e a un xardín, na parte de atrás da casa do avogado, no lado leste da rúa Chapel (antes chamada rúa Our Lady) e un pouco máis arriba do final de Vounder Ver.

Non se sabe se o avogado supuxo ou non se o seu compañeiro de paseo Kenegie Hill abaixo era a fantasma do seu defunto amigo, que o era: porque el, coma a maioría dos da súa profesión, podían manter silencio, especialmente en caso de dúbida.

Ao día seguinte, sen embargo, cando a familia o esperaba en Kenegie para arranxar un asunto que só se podía facer coa súa axuda, pediu un aprazamento dicindo que estaba enfermo e meteuse na cama, de onde non saíu nuns poucos días.

A noite era temida na vella mansión de Kenegie. Incluso, a medida que avanzaba o día, o seus prisioneiros tremían cun terror aprehensivo. Os portazos, as vibracións nos mobles e outras perturbacións comezaron antes e remataron máis tarde que antes xa entrada a mañá e os laios de "Quixera, quixera" do espírito semellaban ser máis de ira que de pesadume. Mentres duraron os problemas na familia o administrador foi incapaz de achegarse a eles ou resistiuse a facelo. Aínda así, case todos os días, un ou outro dos vellos serventes de Harris viña preguntar sobre a saúde do avogado e contábanlle á súa familia que a fantasma do defunto señor fora vista e escoitada nun patio detrás da casa despois de que chegaba a hora de acender as candeas e que intentaran, durante unhas cantas noites, o que os "mata espíritos", como se coñecían aos esconxuradores, facían para darlle o descanso ao espírito atormentado.

Ao administrador aínda lle quedaba bastante para estar ben cando unha noite, sobre unha semana despois da súa visita a Kenegie e xusto despois de que oíse o reloxo do descanso das escaleiras dalas dúas, mentres estaba atento a que soara o reloxo da vila, que ía con cinco minutos de retraso respecto ao seu, escoitou un forte golpe na porta principal. Pouco despois, a caseira foi á súa habitación e preguntou "¿Está vostede esperto, señor?". Despois de que lle falara, dixo, "Hai un cura vello, de máis aló de Hayle, máis abaixo, xa o vin máis veces por aquí, ten que falar con vostede, di: ten unha mensaxe da maior importancia para vostede". O administrador díxolle que lle alcanzara unha luz e que deixara pasar ao clérigo dunha vez, porque era un vello coñecido que non necesitaba andarse con cerimonias para velo.

A vella dama sentouse na súa banqueta de tres pés, dándolle golpes ao pedernal e ao aceiro nun intento van de prender a isca a que non tocaba unha soa chispa xa que a caixa dera a volta nas súas pernas sen que se decatase. Ao recoller a saia ás présas tivo dificultades para aguantar a caixa de isca entre os xeonllos. Houbo un raio de luz procedente

das vidreiras en forma de diamante dun anaco da fantasmagórica lúa de madrugada, cando o venerable cabaleiro lle dixo que non se molestara máis, xa que estaba ben familiarizado coa casa e co seu amo, podía atopar o camiño á súa habitación el só e sen unha candea: o asunto que traía era demasiado urxente como para retrasarse máis.

O reverendo, cando entrou na habitación do avogado, apartou as cortinas das fiestras e dixo mentres lle apertaba a man, "Espero que me desculpes por chamar a unha hora tan inoportuna. Entenderás mellor a importancia da mensaxe que traio para ti cando che conte o acontecido esta noite" agora, o avogado estaba impaciente por saber deste asunto importante, pero parecía que o cura non tivera présa, estes homes de ben toman as cousas con calma. Así que foi ata a ventá, abriu unha contra e mirou cara fóra, como se estivese organizando os seus pensamentos. Estaba demasiado escuro naquel momento para que gozara da grande vista tal e como se divisaba polo día, só limitada polos distantes outeiros do leste. Volvendo ao lado do avogado, o reverendo sentouse e continuou así: "Calculo, pola posición das estrelas que están saíndo e pola altitude alcanzada das outras, que pasaron dúas horas e corenta e cinco minutos dende que eu, xunto con outros catro clérigos da veciñanza, por petición da familia do defunto terratenente, nos reunimos en Bowling Green, en Kenegie, para darlle o descanso ao espírito intranquilo que abandonou a veciñanza do orgulloso Harris hai quince días. Despois de debuxar un círculo no céspede e colocar tres candeas acesas na súa circunferencia para marcar os puntos dun triángulo equilátero, dentro do cal unha fantasma está tan a salvo como en solo consagrado (o demo e os seus galgos andan pendentes dos espíritos vagabundos que van errantes polo cemiterio), puxémonos en liña, de cara ao sur e detrás das luces en orde de precedencia, o meu posto á dereita de todos. Despois un reverendo, quen, coma min, sabe moito da influencia planetaria e outras ciencias ocultas, así como grande habilidade para dobregar espíritos obstinados, pronunciou unha especie de cita. Aínda non dixera nin unha ducia de palabras do seu discurso cando a fantasma do orgulloso Harris, nas súas mortallas, apareceu ante nós, e, coa fronte pregada e xestos airados, dixo abruptamente, 'Ídevos ocupar dos vosos asuntos, se é que os tedes, porque aquí non tedes nada que facer, e sabede, vanos mortais, que non hei marchar de aquí por nada do mundo ata que a min de dea a gana'" "Ah, xa vexo", dixo o administrador "é o mesmo espírito decidido que sempre acompañaba ao meu defunto amigo, xa que a el nunca lles gustaron os da súa clase. De feito, non soportaba ver homes vestido de branco e negro; acostumaba dicir 'Son coma merlos'" "Ben, ben, deixemos iso", respondeu o reverendo, "Aínda non escoitou o que é importante para vostede. Cando comezamos un poderoso conxuro o espírito achegouse a min e díxome, 'Querido amigo da miña xuventude, por todos os días felices que pasamos no campo cazando, ¿irías da miña parte, por fin, xunta o condenado avogado e administrador meu e diríaslle que a non ser que veña aquí, o antes posible, para ocuparse dos seus asuntos, irei eu a por el? Ai, ti ves aquel aro delgado que é a lúa minguante, se non está aquí, atendendo a súas responsabilidades para

comigo, antes de que esa lúa sexa nova, aparecereime perante del cando menos o espere, tanto estea na súa oficina, na súa habitación, ou en calquera lugar el só'. Cando accedín a levar a súa mensaxe a fantasma esvaeceuse, e vin tan rápido como mo permitiron as miñas tres vintenas máis seis anos máis."

O cura parou un intre, pero, o avogado seguiu calado, continuou: "Aconsélloche como amigo que vaias, como desexa, antes de que pasen por ti tres días, porque para ese entón os cornos minguantes da lúa xa terán comezado a medrar de novo. Como xa che comuniquei fidedignamente a mensaxe do espírito, despídome de ti, confiando en que teñas o senso de seguir o meu consello."

"Penso ir a Kenegie", respondeu o avogado "antes de que pase outra noite. Quede e almorce, tenlle que facer falla descanso despois dun traballo tan duro".

"Non, téñome que ir,", dixo o cura, "aínda que non comín nin durmín dende que deixei Ruan onte pola mañá".

"Entón, se non vai parar, deséxolle o mellor", dixo o administrador, "esperando non volverlo ver aquí cunha mensaxe dos mortos. Adeus"

Despois desta intromisión desagradable na súa noite de descanso, o administrador quedou esperto e ergueuse da cama antes da súa hora acostumada, coa intención de ir a Kenegie sen retraso. Aínda, como aínda non se sentía moi ben, cando estaba medio vestido, volveu á cama e mandou chamar ao médico.

O doutor sentiu como a fronte do avogado estaba quente e o seu pulso era moi rápido, mentres que o enfermo lle dicía que non podía nin descansar con tranquilidade nin comer con apetito.

"Meu bo amigo," respondeu o doutor, "ti mesmo te estás levando á morte ao intentar resolver todos os teus asuntos. Agora, non debes pensar nos teus asuntos de traballo durante ao menos un mes. Vaite ao campo, cando sexas capaz, para poder librarte das preocupacións polos negocios. Os teus clientes deben ter paciencia ata que ti esteas ben. Se non a teñen, dilles que lle vaian pedir consello ao Demo. O seu consello ha de contentar moito máis á maior parte deles que o consello dun avogado honesto".

O paciente dixo entón, " Teño necesidade de ir e arranxar uns asuntos en Kenegie que requiren a miña presenza alí".

"Está ben," respondeu o doutor, "é o mellor que podes facer cando te atopes mellor, xa sabes, cabalgar ata alí a diario, pero non esteas moito tempo na casa, e fala pouco de asuntos profesionais. Despois de tomar algún refresco lixeiro, cabalga ata Castle-an-Dinas, ou, polo menos, ata unha aldea chamada Castle Gate, e cabalga sen dificultade de aló para acó, sobre o tramo da estrada que vai por esas altitudes. Cando esteas alí, respirarás o doce aire das montañas, mesturado coas brisas do océano, que che farán mellor que calquera cantidade de medicinas. Debes, aínda así, tomar unha pequena dose de vez para conseguir durmir tranquilo. Non te preocupes polo teu apetito, volverache cando sexas

capaz de cabalgar a diario polos outeiros, comerás coma unha lima, como di o dito"

O doutor, despois de mandar buscar a medicina e ver ao paciente tomala, foi escaleiras abaixo, pediulle aos da casa que non fixeran ruído e que baixo ningún concepto molestasen ao amo con chamadas de traballo. "Se dorme vinte catro horas, deixádeo estar", dixo o doutor, " e xa chamarei eu logo".

O administrador non dixera nada de que a fantasma de Harris o acompañara no seu traxecto de volta de Kenegie Hill, nin da mensaxe do espírito, xa que sabía que o seu amigo o médico non tiña fe en aparicións sobrenaturais e o mesmo enfermo tampouco cría moito nestas cousas ata que a evidencia ante os seus propios ollos, así como as palabras do reverendo, o convenceron a pesar do seu raciocinio.

As "cousas do médico" tiveron o efecto desexado. O administrador durmiu profundamente durante a noite e ata case o mediodía da mañá seguinte, cando almorzou na cama, despois tomou máis medicina e durmiu outra vez. Sobre as dúas o médico chamou e preguntoulle á ama de chaves como ía o amo. "Supoño", dixo ela, " que vai tan ben como esperabamos, xa que durmiu ben a noite pasada, comeu un bo almorzo para ser un home enfermo e está durmindo outra vez. Fai un pouco fun ata o seu cuarto e vin que tiña os ollos pechados e non lle falei, como vostede me dixo que fixera, pero falei un pouco comigo mesma e el non me preguntou que andaba roñando como acostuma facer cando falo comigo mesma."

"Es boa enfermeira ti", dixo o doutor, "¿non podes manter a boca pechada cando esteas na habitación do amo?"

O avogado tivo o mesmo descanso calmo a noite seguinte, ergueuse á súa hora habitual e xusto despois de tomar ao xantar cedo, colleu o cabalo para ir a Kenegie.

O administrador chegou á vella mansión sobre as tres ou catro. Despois de estar unhas poucas horas coa familia do defunto e díxolles todo o que puido para confortalos, acordouse de que houbera cambios ou arranxos baixando ata o muíño que quería ir ver. O alongamento das sombras advertiulle que era hora de marchar, que podería ver o muíño de camiño á casa. Despois de mandar o seu cabalo para abaixo cun servente, colleu un atallo aló cruzando polos campos. Este sempre foi un paseo que lle gustaba moito a el e ao defunto terratenente porque ofrecía unha vista marabillosa sobre o mar e a terra. Cando estivo nun terreo despexado e tendo á vista Rosemorran, viu as raiolas do sol aínda brillando a través dalgunhas árbores sen follas das montañas, pero o val estaba todo en sombra. Indo cara un camiño estreito con sebes altas cerca do muíño, o cabaleiro seguiu a modo, cos ollos baixos, meditando sobre o tempos pasados. Mirando cara arriba, cando rematou a súa fantasía, contemplou a unha distancia de dez ou unha ducia de pasos, ao defunto terratenente, tal e como era, e aproximándose con lentitude cara el. O administrador, aínda que moi asustado nun primeiro momento, decatouse de que a vestimenta da aparición era, dende o sombreiro dobrado cara arriba ata ás espolas prateadas, exactamente igual á que

levaba Harris cando ía cando seguía aos seus cans de caza. De vez, o administrador veu a mesma vestimenta brillante e inmaculada pola que se caracterizaba ao antigo propietario de Kenegie. Estaban os mesmos impecables cordóns de ouro e botóns do seu abrigo escarlata brillante, e as botas, coa parte superior apenas tocando, sen agochalas, as enxoiadas fibelas dos xeonllos da súa vestidura inferior. Aínda así, a pesar desta abraiante vestimenta, a cara fantasmagórica, tal e como a viu o home aterrorizado cando se achegou máis, fixo que se conxelara o sangue. Os ollos eran coma os ollos abertos dos mortos, e as outras feituras eran pálidas e inmóbiles como os dunha figura de mármore que descansa nunha tumba. O avogado escoitara, como todo o mundo aquí, que ninguén debe virarlle as costas a unha fantasma, senón falarlle, aínda que só sexa unha palabra, xa que un espírito é incapaz de transmitir os seus desexos ata que se lle fala, e se se tarda moito, a persoa corre o perigo de recibir un dano físico e estará enfeitizado ata a morte se non fala antes. O pobre home obrigouse, como se debía, a avanzar cos ollos baixos, xa que non era capaz de soportar o espantoso rostro. Cando chegou cabo del, só puido murmurar "¿Que podo facer por ti?"

"Estou moi contento de que viñeras a verme aquí e me falases a tempo, porque pola mañá tería ido a por ti. A rabia que sentín polo teu retraso xa me pasou. ¿Por que me terías ti medo, fráxil mortal que es, cando, dentro de pouco, estarás como estou eu, e entón buscarasme desexoso de atoparme de mesma maneira que agora rexeitas a miña compaña? Ademais, ti sabes que sempre me gustou a túa honestidade e teu respecto cara min e os meus, como tamén que fagas xustiza cos teus clientes máis pobres, no que cho permiten as inxustas leis e xuíces. Agora, con respecto ao meu fillo John," continuou a fantasma, mirando con tristura ao seu fiel administrador, "a morte, como sabes, interrompeu os meu esforzos para explicarche como os meus desexos tiñan que se ser levados a cabo no tocante a Trengwainton. Os teus ollos están cravados no chan, ¿estás atendendo ao que che estou dicindo?"

"Fago o que podo", respondeu o pobre administrador coma quen soña esperto.

"Ben, como ti sabes, débense moitos cartos no lugar. Non se pagaron os intereses e precísase máis diñeiro. ¿Proporcionaríaslle ti máis cartos ata que o lugar estea endebedado ata case o seu valor? O noso John ten agora uns catorce anos. Antes de que sexa maior de idade, extingue o dereito a redimir a hipoteca, xa que o lugar estará para aquela cunha carga de case o seu valor total. Se a propiedade se ofrece en venda, non haberá quen a merque. Todos por aquí e aló teñen bastante que facer para manter a terra que teñen. Todos os terratenentes de aquí están moi endebedados para manter o que teñen. Aínda así, se o lugar costa algo máis que o seu gravame, paga por riba do total poñendo o meu fillo como dono. A xerencia das propiedades da miña familia estarán por completo nas túas mans por moitos anos, e ti serás o meu administrador de confianza. Agora enténdeme con claridade, non se dirá nunca dun Harris que obtivo as súas terra de maneira ilícita. Atende ao pouco que me queda por dicirche, para que poida marchar para

sempre e non ten que volver a este miserable mundo. Alza os ollos agora para que poida saber que prestaches atención ás miñas palabras e te decataches de que a non ser que os meus desexos sexan levado a cabo, ninguén da miña familia nin da túa será coñecida neste lugar do país pola metade de tempo que prosperaron aquí nin ocuparán unha súa polgada de terreo máis que a das súas tumbas. Contempla esas vellas árbores que os meus antepasados plantaron. Antes de que volvan ao po os nosos antigos fogares non saberán máis de nós se os meus últimos desexos son ignorados."

Antes de que o avogado puidera contestar, se é que tiña algo que dicir, a fantasma de Harris esvaeceuse.

O servente que esperara ao avogado no muíño comezou a inquietarse cando case se fixo de noite e o cabaleiro non chegara. Sabendo que non se atopaba ben e que era un home que nunca se daría por vencido mentres tivera algunha posibilidade (a todos lle gustaba o administrador polo seu valor e boa disposición). Cabalgou amodo ata o camiño polo que esperaba que chegase o administrador e por fin o atopou sentado nun banco ao carón da estrada, con aspecto desconcertado e estúpido, coma unha persoa que se recupera dun transo ou que acaba de saír dun ataque. O servente ergueuno, tal como dixo, pero o administrador non falou, nin cando montou o seu cabalo e cabalgou paseniñamente de volta á casa, co servente seguíndoo ata a mesma porta onde o doutor esperaba con ansiedade o regreso do paciente. Non soubemos máis do bo avogado, pero espero que non cabalgase máis ata que se recuperara por completo.

A fantasma de Harris, satisfeita de contarlle ao avogado como tiñan que levarse a cabo os seus desexos, non volveu a verse nin oírse en Kenegie, dende aquel dia ata hoxe.

THE HAUNTED LAWYER

A little while ago an aged native of Gulval spoke of another ghost that haunted Kenegie, but only for a short time. Whether it was the "spirit" of a Harris or an Arundel he couldn't say, because it was so long past, but it was all in the same family; for a Harris, he believed, changed his name for that of Arundel; then, over a generation or two, the family resumed their former name. People round about always called them Harrises, and this one was spoken of as the proud squire of Kenegie. He always rode a high horse. If he met people in the narrow lanes (and there were but few broad ones in his time) they had to get out of his way, by leaping hedges sometimes, else he'd ride over them.

They say that the only person who wouldn't make way for him was an old Rogers of Treassowe. On Castle Downs there was a wide piece of ground left for horse-tracks where the road to St. Ives passed, so that when one path was too much worn another might be taken, on the turf. In some places the principal paths were divided by rocks or brakes of furze; and in a little way the branches united again, or crossed others, in a bewildering maze. 'Tis said that if Rogers, when on a heavy horse, could make out at a little distance, the track which would lead to that on which Harris rode, he would be sure to take it; if a deep one all the better; and so they would both ride up, " full butt," against each other, like Æsop's two goats crossing the brook on a plank, and either have a " scruff" or a slashing fight with their whips. Yet they were good friends, at times; hunted together over each other's lands; and visited one another on ceremonial occasions.

This burly gentleman-farmer of Treassowe, however, has nothing to do with the story about to be told; yet thoughts of him occur in connection with the proud Harris from his being so often spoken of as his opponent. He was, also, a fair sample of "Ludgvan Hurlers " of old, who were noted as sturdy "sticklers" for their rights, with a trifle more from those inclined to domineer, as well as for their devotion to the manly game which procured them their honourable nickname — still retained, though for many years past they had never strengthened their muscles and minds as they were wont to do in days of yore, by hurling their silver ball, for miles, forward and backward along Market Jew Green, then a common of great extent, or away inland "to the country." The game on the Green was called Hurling to the Goal.

Now, when Harris the proud was on his deathbed he sent a man to Penzance for a lawyer, because he wanted to make an addition to his will. "Take the fleetest horse in my stable," said he to his servant," ride for thy life, — for thy life; stop not for anything in thy road; tell him to take thy horse and hasten away if his own be unsaddled."

On a chest, near the squire's bed, sat his son John, rocking himself to and fro, and crying bitterly. "What art thou crying for, my son?" asked his father. "Because you are going to die, father," replied the boy. "Oh, what shall I do, what shall I do?" And he went on crying more and more. "Stop crying, my son," said his father, " thou wilt do very well, for I am going to give

thee Trengwainton; and Castle Homeck, to look at ; don't cry any more, my son, for I'm very weak and want to sleep, my son."

The lawyer having arrived at the squire's bedside, and writing materials being ready, asked what must be added to the will? The squire, when propped up with pillows, gasped out, "I wish, I wish," several times, until he became exhausted, and fell back in bed. After resting awhile he made signs to be raised again, and then only repeated the same words, "I wish, I wish," until the lawyer told him to stop a moment and then say what it was that he wanted to have written. "That my son John shall have Trengwainton," gasped the dying man.

The lawyer, who had also been the squire's steward for a long time, was quite confounded. In a minute or two he said, "I don't know what you mean; how can your son have Trengwainton? The place doesn't belong to you, I can't understand 'e at all. The little blood in Harris's body seemed to rush into his face and turn blue; then he became pale, and cried, as hard as he was able, " Thou fool of a lawyer not to know how, when " unable to say any more he fell back in bed, more exhausted than before.

Then he began twitching at the bedclothes, and kept on murmuring "I wish, I wish," lower and lower, and slower and slower, until he breathed his last, with the words on his lips.

The lawyer returned homeward, feeling very sad and much perplexed. He and the deceased had been constant friends from their boyhood. Of late years his connection with Harris was mainly as steward of his estate, and in that character we have to speak of him. The late squire had undertaken many improvements of his farm, then in progress, as well as alterations in his premises by his advice; and the steward took just as much interest in his friend's family and estate as if they had been his own. He was, also, the only solicitor of note then in Penzance. People of that time did not run for legal advice to settle trifling matters in dispute ; they were often a law unto themselves, rough and ready, as well as warm-hearted; though far less hypocritical then than now.

The unsatisfied dead man was laid in the family vault, when the customary time for keeping people of his quality above ground had expired. On the night of his funeral, towards the morning, doleful sounds were heard proceeding from the late squire's bedroom, with plaintive cries of "I wish, I wish,'' followed by agonising moans and groans.

Next day the steward came over to arrange some business that required his presence on the place; old greyheaded servants of the family soon told him of the ghostly sounds heard in the ancient mansion, only a few hours past. The strong-minded man of law ridiculed them, and said it was only their fearful fancies, followed by disturbing dreams, which had caused all their dread of their old master's return. The old servants followed the lawyer to the outer gate, begging him to stay at the house over night. "No, no, I've other fish to fry," replied he, "go'e to rest before you're all tipsy, and let the squire come if he will or can."

The steward proceeded slowly down the hill, thinking of his deceased friend. As he passed a churchway stile, a little below the principal entrance gate, a gentleman came over and walked close beside him, keeping pace with his horse. Neither spoke. The steward didn't even give the customary greeting of "Good night," so usual here when people meet in country lanes. The strange gentleman's broad brimmed hat and drooping plume so shaded his face that his features could not be distinctly seen; but his tall figure was attired in a dress precisely like that which had been usually worn by Harris, and which was of too grand a mode for anybody else in the immediate neighbourhood. The horse showed signs of great terror by rubbing his rider against the hedge, and by trying to run off at a gallop; yet, however the steed altered his paces, the stranger kept alongside, with such an easy motion as if he floated in air, until, passing the stream which flows to Ponsandane, when this strange companion disappeared, — there was no knowing whither.

Having crossed the water, and the road ascending for a little way, the rider let his steed take its course ; then it went off at a furious rate, and only ceased its race when near the watering- trough at the top of Market-jew Street, opposite the " Star " Inn. After slaking its thirst, it went down a lane, now built on, and 'called New Street, which led to a yard, stable, and garden, at the back of the lawyer's house, on the eastern side of Chapel Street (formerly called Our Lady Street) and a little above the end of Vounder Yev. '

It is not known whether the lawyer surmised or not that the companion of his ride down Kenegie Hill was his late friend's ghost, which it was: for he, like most of his profession, could keep his own counsel, especially in doubtful cases.

Next day, however, when he was expected by the family at Kenegie to settle such business as could only be arranged with his help, he begged for delay, on the plea of illness, and took to his bed, which he did not quit for some days.

Night was dreaded in the old mansion at Kenegie. Even the decline of day made its inmates shudder with apprehensive terror. The slamming of doors, rattling of furniture, and other disturbances commenced earlier and continued later into the morning than they did at first; and the spirit's cries of "I wish, I wish," seemed to be uttered in anger rather than in grief. During all the family's trouble the steward was unable, or unwilling, to come near them. Yet, almost daily, one or other of Harris's old servants came in to enquire after the lawyer's health, and told his family how their late master's ghost had been seen and heard before candle-lighting time in a court behind the house; and that it was intended, over a few nights, to try what " spirit-quellers," as ghost-layers were called, could do in order to give the troubled spirit rest.

The steward was still far from well, when one night, about a week after his last visit to Kenegie, and just after he heard an eight-day clock on his stair-landing strike two, whilst he was listening for the town-clock, five minutes slower than his own, he heard a loud knocking at his front

door. Shortly afterwards his housekeeper came to his bedroom door, and asked, “Are e waking, master?” Having spoken to her, she said, “ There’s an old clergyman, from over Hayle way, below; I’ve seen him here before; he must speak with you, he says: he has a message of the utmost importance to you.” The steward told her to strike a light and show the parson up at once, as he was an old acquaintance who didn’t stand on ceremony with him.

The old dame sat on her three-legged stool, hammering away with flint and steel, in making vain endeavours to kindle the tinder, which wasn’t touched by a spark, for the box had overturned in her lap without her knowing it; her skirts being huddled on in a hurry she hardly knew where to find her knees to steady the tinder- box between them. There was a glimmer of light coming through the diamond-shaped lead lights from a ghostly-looking bit of a morning moon, when the venerable gentleman told her to take no more trouble; as he was well acquainted with the house and her master he could find the way to his room without a candle and alone; his business was too urgent for any farther delay.

The reverend gentleman, on entering the lawyer’s bedroom, drew back the window curtains, and said, whilst shaking hands, “I hope to be excused for calling at this unseasonable hour on account of the message I bring ; the importance of which, to you, -will be best understood when I tell ye of this night’s occurrences.” Now, the lawyer was impatient to learn this urgent business, but it would seem as if the parson were in no hurry — such good men take things easy. For he went to the window, opened a casement, and looked out, as if to recollect his thoughts. It was too obscure then for him to enjoy the extensive prospect, as seen by day — only bounded by distant eastern hills. Returning to the lawyer’s bedside, the reverend gentleman seated himself and continued thus: — “ I calculate, by the stars now rising, as well as by the altitude attained by others, that it is now two hours and forty-five minutes since I, with four other clergymen of our neighbourhood, by a request of the deceased squire’s family, assembled on the Bowling Green, at Kenegie, in order to give rest to the’ unquiet spirit which quitted Proud Harris’s mortal tenement a fortnight since. Having marked on the turf a circle, and placed on its circumference three lighted candles, to mark the points of an equilateral triangle, within which a ghost is as safe as in consecrated ground — the devil and his hounds are always on the watch for vagrant spirits, roaming from churchyards — we formed ourselves in line, facing south and behind the lights, in order of precedence, my station being at the right hand’ of all. Then a reverend gentleman, who, like myself, has much knowledge of planetary influence and other occult sciences, as well as great ability in laying obdurate spirits, spoke a form of citation. Not a dozen words of this solemn summons were uttered when Proud Harris’s ghost, in winding-sheet and shroud came before us, and, with a frowning countenance and angry gestures, abruptly said, ‘Begone about your own business, if you have any, for you have none whatever here; and learn, vain mortals, that I will not leave this place for anything you can do or say, until it pleaseth me to do so.’ “ “Ah, I see,” said the steward, “ it’s the same resolute

spirit still that always animated my deceased friend, for he never liked those of your cloth ; in fact he couldn't abide to see men feathered all in black and white ; he used to say, 'They are like Market-jew crows.'" "Well, well, let that pass," replied the reverend gentleman, "You have not yet heard the matter of importance to you. On my commencing a powerful form of conjuration the spirit approached me and said, ' Dear old friend of my youth, for the sake of those many happy days that we have passed together in the hunting-field, do thou go from me, and at once, to that accursed lawyer and steward of mine; tell him that unless he comes here, and that shortly, to mind his business, I will go to him. Aye, you see that thin rim of the waning moon; if he be not here, attending to his duty to me and mine, ere that moon be renewed, I will appear before him when least expected, whether he be in his office, his bed-chamber, or elsewhere, alone.' On my assenting to convey his message the ghost vanished, and I at once came hither with such speed as my three-score and six years permit."

The parson paused a moment, but, the lawyer remaining silent, he continued: "I advise you as a friend, go, as desired, before you are three days older, for by that time this moon's diminished horns will have recommenced their growth. As I have now faithfully delivered the spirit's message, I bid you adieu, hoping you will have grace to follow my advice."

"I intend going to Kenegie," replied the lawyer, "before another night comes round. Stay and take breakfast; you must need rest after such trying work."

"No, I must be gone'' said the parson, "though I have neither eaten nor slept since my leaving Ruan yesterday morn"

"Then if you won't stop, I wish e well," said the steward, "hoping never more to see ye here with a message from the dead. Farewell."

After this unpleasant interruption to his night's rest, the steward lay awake and turned out of bed before his accustomed time of rising, with the intention of going to Kenegie without delay. Yet, from feeling very much out of order, when partly dressed, he returned to bed and sent for a medical man.

The doctor felt the lawyer's hot forehead and rapidly-throbbing pulse, whilst the sick man told him that he could neither get tranquil sleep nor take his food with any appetite.

"My good friend," replied the doctor, "you are working yourself to death, in trying to grapple with your extensive practice. Now, you must not think of entering your office for a month at least. Go away to the country, -when you are able, for the sake of getting rid of business cares; your clients must have patience until you get well. If they won't, let them go to Old Nick for advice. His counsel will please the greater part of them much better than, the advice of an honest attorney."

The patient then said, "I am most anxious first to go over and arrange some business in Kenegie which requires my presence there."

" All right," replied the doctor, " you can do nothing better, when well enough, mind you, than ride over there daily; but don't stay long in the house, and say but little about professional matters. After taking some light refreshment, ride away up to Castle-an- Dinas, or, at least, as far as the hamlet called Castle Gate, and ride easily forth and back, over the stretch of level road on that highground. When there you will breathe the sweet air of the hills, mingled with ocean's breezes, which will do you more good than any amount of drugs. You must, however, take a small dose at once, in order to procure tranquil sleep. Never mind your appetite, that will return when you are able to take daily rides over the hills, and you will be able to eat like a horse, as the saying is."

Les hallucinations sont innombrables. C'est bien ce que j'ai toujours eu : plus de foi en l'histoire, l'oubli des principes. Je m'en tairai : poètes et visionnaires seraient jaloux. Je suis mille fois le plus riche, soyons avare comme la mer.

Ah çà ! l'horloge de la vie s'est arrêtée tout à l'heure. Je ne suis plus au monde. – La théologie est sérieuse, l'enfer est certainement *en bas* – et le ciel en haut. – Extase, cauchemar, sommeil dans un nid de flammes.

Que de malices, dans l'attention dans la campagne... Satan, Ferdinand, court avec les graines sauvages... Jésus marche sur les ronces purpurines, sans les courber... Jésus marchait sur les eaux irritées. La lanterne nous le montra debout, blanc et des tresses brunes, au flanc d'une vague d'émeraude...

Je vais dévoiler tous les mystères : mystères religieux ou naturels, mort, naissance, avenir, passé, cosmogonie, néant. Je suis maître en fantasmagories.

Écoutez !...

J'ai tous les talents ! – Il n'y a personne ici et il y a quelqu'un : je ne voudrais pas répandre mon trésor. – Veut-on des chants nègres, des danses de houris ? Veut-on que je disparaisse, que je plonge à la recherche de l'*anneau* ? Veut-on ? Je ferai de l'or, des remèdes.

Fiez-vous donc à moi, la foi soulage, guide, guérit. Tous, venez, – même les petits enfants, – que je vous console, qu'on répande pour vous son cœur, – le cœur merveilleux ! – Pauvres hommes, travailleurs ! Je ne demande pas de prières ; avec votre confiance seulement, je serai heureux.

– Et pensons à moi. Ceci me fait un peu regretter le monde. J'ai de la chance de ne pas souffrir plus. Ma vie ne fut que folies douces, c'est regrettable.

Bah ! faisons toutes les grimaces imaginables.

Décidément, nous sommes hors du monde. Plus aucun son. Mon tact a disparu. Ah ! mon château, ma Saxe, mon bois de saules. Les soirs, les matins, les nuits, les jours... Suis-je las !

Je devrais avoir mon enfer pour la colère, mon enfer pour l'orgueil, – et l'enfer de la caresse ; un concert d'enfers.

Je meurs de lassitude. C'est le tombeau, je m'en vais aux vers, horreur de l'horreur ! Satan, farceur, tu veux me dissoudre, avec tes charmes. Je réclame. Je réclame ! un coup de fourche, une goutte de feu.

Ah ! remonter à la vie ! Jeter les yeux sur nos difformités. Et ce poison, ce baiser mille fois maudit ! Ma faiblesse, la cruauté du monde ! Mon Dieu, pitié, cachez-moi, je me tiens trop mal ! – Je suis caché et je ne le suis pas.

C'est le feu qui se relève avec son damné.

Noite do inferno

Tomei un bo trago de veleno.[19] –Bendito tres veces sexa o consello que me chegou! –Árdenme as entrañas. A violencia do veleno retórceme os membros, desfigúrame, abáteme. Morro coa sede, atafego, non podo berrar. É o inferno, a condena eterna! Vede como o lume se aviva! Ardo a eito. Veña, demoño!

Enxergara a conversión ao ben e á felicidade, a salvación. Podía describir a visión, o aire do inferno non atura os himnos! Eran millóns de criaturas encantadoras, un suave concerto espiritual, a forza e a paz, as nobres ambicións, que sei eu!

As nobres ambicións!

E aínda é a vida! –Inda que a condena é eterna! Un home que arela mutilarse está ben condenado, non si? Creo acharme no inferno, daquela estou nel. É a concreción do catecismo. Son escravo do meu bautismo. Pais, causastes a miña desgraza e a vosa tamén. Pobre inocente! O inferno non pode atacar os pagáns. –Segue a ser a vida! Logo, as delicias da condenación serán máis profundas. Un crime, rápido, para que eu caia na nada, consonte a lei humana.

19 Este "grolo de veleno", este "licor da fábrica de Satán", atrae as máis variadas interpretacións: ignominia? dúbida? Ivo Barroso sostén que pode referirse á droga.

Cala, cala dunha vez!...A vergonza, o reproche, aquí: Satanás a dicir que o lume é innobre, e a miña carraxe é horriblemente sandía. –Abonda!... Erros que alguén me confía, maxias, falsos perfumes, músicas puerís. – E dicir que posúo a verdade, que enxergo a xustiza: dispoño dun xuízo san e firme, estou presto para a perfección... Orgullo. –A pel da cabeza resécaseme. Piedade! Señor, teño medo. Teño sede, tanta sede! Ah! a nenez, a herba, a chuvia, o lago enriba das pedras, *o luar cando o campanario daba as doce...*[20] o diaño está no campanil, a esa hora. María! Virxe Santa!... –Horror da miña necidade.

Non hai, alá abaixo, almas honestas que desexan o meu ben?... Vinde... Teño un cabezal sobre a boca, elas non me oen, son pantasmas. Ademais, ninguén pensa nunca nos outros. Que non se me acheguen. Ulo a chamusco, de certo.

As alucinacións son incontables. Xustamente o que sempre tiven: non máis fe na historia, desleixo polos principios. Calarei: poetas e visionarios estarían celosos. Son mil veces o máis rico, sexamos avaros coma o mar.

Vaia! o reloxo da vida parou repentino. Non estou xa no mundo. –A teoloxía é seria, o inferno está certamente *abaixo* –e o ceo enriba. –Éxtase, pesadelo, sono nun niño de chamas.

Canta malicia na afabilidade do campo...Satanás, Fernando,[21] corre coas sementes salvaxes... Xesús camiña sobre as silveiras purpúreas, sen empenalas... Xesús camiñaba sobre das augas iradas. A lanterna mostróunolo de pé, abrancazado e con trenzas morenas, ao pé dunha onda de esmeralda...

Vou desvelar todos os misterios: misterios relixiosos ou naturais, morte, nacenza, futuro, pasado, cosmogonía, nada. Son mestre en fantasmagorías.

Escoitade!...

Posúo todos os talentos! –Aquí non hai ninguén e hai alguén: non me gustaría espallar o meu tesouro. Quere alguén cantigas negras, danzas de hurís? Queren que eu desapareza, que mergulle á procura do *anel*?[22] Alguén o quere? Farei ouro, remedios.

20 Esta frase en cursiva aparece nun verso de Paul Verlaine. Quen imita a quen? Iso si, referencia á superstición popular que sitúa o diaño no campanario cando dan as doce da noite, polo que había que persignarse, invocando a Virxe.

21 O nome que os labregos de Vouziers (Ardenas) lle dan ao demo.

22 Diversas interpretacións. Anel dos Nibelungos? Anel símbolo da unión de Cristo coa Igrexa? Ivo Barroso suxire a busca, irónica, d'O Santo Graal como fondo.

Entón confiade en min, a fe conforta, guía, cura. Vinde, todos, –mesmo os picariños, –a que vos console, que por vós se propague o seu corazón, –o marabilloso corazón! –Pobres homes, traballadores! Non pido oracións; só coa vosa confianza hei ser feliz.

– E pensemos en min. Isto faime ter pouca saudade do mundo. Teño a sorte de non sufrir xa. A miña vida non foi senón doces loucuras, é lamentable.

Bah! fagamos todas as carantoñas imaxinables.

Decididamente, estamos fóra do mundo. Ningún son máis. O meu tacto desapareceu. Ah! o meu castelo, a miña Saxonia, o meu bosque de salgueiros. Os seráns, as mañás, as noites, os días... Que canso estou!

Debería teu o meu inferno para a carraxe, o meu inferno para o orgullo, –e mais o inferno do aloumiño; un concerto de infernos.

Estou a morrer de cansazo. É o sepulcro, diríxome aos vermes, o horror dos horrores! Satán, farsante, queres esvaecerme, cos teus feitizos. Esixo. Esixo! un forquitazo, unha pinga de lume.

Ah! remontar á vida! Botar unha ollada ás nosas deformidades. E este veleno, este beixo mil veces maldito! A miña fraqueza, a crueldade do mundo! Piedade, meu Deus, aconchégame, pórtome moi ma! –Estou acochado e non o estou.

É o lume que se aviva co seu condenado.

Délires

I

VIERGE FOLLE

L'ÉPOUX INFERNAL

Écoutons la confession d'un compagnon d'enfer :

"Ô divin Époux, mon Seigneur, ne refusez pas la confession de la plus triste de vos servantes. Je suis perdue. Je suis soûle. Je suis impure. Quelle vie !

"Pardon, divin Seigneur, pardon ! Ah ! pardon ! Que de larmes ! Et que de larmes encore plus tard, j'espère !

“Plus tard, je connaîtrai le divin Époux ! Je suis née soumise à Lui. – L’autre peut me battre maintenant !

“À présent, je suis au fond du monde ! Ô mes amies !... non, pas mes amies... Jamais délires ni tortures semblables... Est-ce bête !

“Ah ! je souffre, je crie. Je souffre vraiment. Tout pourtant m’est permis, chargée du mépris des plus méprisables cœurs.

“Enfin, faisons cette confidence, quitte à la répéter vingt autres fois, – aussi morne, aussi insignifiante !

“Je suis esclave de l’Époux infernal, celui qui a perdu les vierges folles. C’est bien ce démon-là. Ce n’est pas un spectre, ce n’est pas un fantôme. Mais moi qui ai perdu la sagesse, qui suis damnée et morte au monde, – on ne me tuera pas ! – Comment vous le décrire ! Je ne sais même plus parler. Je suis en deuil, je pleure, j’ai peur. Un peu de fraîcheur, Seigneur, si vous voulez, si vous voulez bien !

“ Je suis veuve... – J’étais veuve... – mais oui, j’ai été bien sérieuse jadis, et je ne suis pas née pour devenir squelette !... – Lui était presque un enfant... Ses délicatesses mystérieuses m’avaient séduite. J’ai oublié tout mon devoir humain pour le suivre. Quelle vie ! La vraie vie est absente. Nous ne sommes pas au monde. Je vais où il va, il le faut. Et souvent il s’emporte contre moi, *moi, la pauvre âme*. Le Démon ! – C’est un Démon, vous savez, *ce n’est pas un homme*.

“Il dit : “Je n’aime pas les femmes. L’amour est à réinventer, on le sait. Elles ne peuvent plus que vouloir un position assurée. La position gagnée, cœur et beauté sont mis de côté : il ne reste que froid dédain, l’aliment du mariage, aujourd’hui. Ou bien je vois des femmes, avec les signes du bonheur, dont, moi, j’aurais pu faire de bonnes camarades, dévorées tout d’abord par des brutes sensibles comme des bûchers...”

“Je l’écoute faisant de l’infamie une gloire, de la cruauté un charme : “Je suis de race lointaine : mes pères étaient Scandinaves : ils se perçaient les côtes, buvaient leur sang. – Je me ferai des entailles par tout le corps, je me tatouerai, je veux devenir hideux comme un Mongol : tu verras, je hurlerai dans les rues. Je veux devenir bien fou de rage. Ne me montre jamais de bijoux, je ramperais et me tordrais sur le tapis. Ma richesse, je la voudrais tachée de sang partout. Jamais je ne travaillerai...” Plusieurs nuits, son démon me saisissant, nous roulions, je luttais avec lui ! – Les nuits, souvent, ivre, il se poste dans des rues ou dans des maisons, pour m’épouvanter mortellement. – “On me coupera vraiment le cou ; ce sera dégoûtant. “Oh ! ces jours où il veut marcher avec l’air du crime !

"Parfois il parle, en une façon de patois attendri, de la mort qui fait repentir, des malheureux qui existent certainement, des travaux pénibles, des départs qui déchirent les cœurs. Dans les bouges où nous enivrions, il pleurait en considérant ceux qui nous entouraient, bétail de la misère. Il relevait les ivrognes dans les rues noires. Il avait la pitié d'une mère méchante pour les petits enfants. – Il s'en allait avec des gentillesses de petite fille au catéchisme. – Il feignait d'être éclairé sur tout, commerce, art, médecine. – Je le suivais, il le faut !

"Je voyais tout le décor dont, en esprit, il s'entourait ; vêtements, draps, meubles : je lui prêtais des armes, une autre figure. Je voyais tout ce qui le touchait, comme il aurait voulu le créer pour lui. Quand il me semblait avoir l'esprit inerte, je le suivais, moi, dans des actions étranges et compliquées, loin, bonnes ou mauvaises : j'étais sûre de ne jamais entrer dans son monde. A côté de son cher corps endormi, que d'heures des nuits j'ai veillé, cherchant pourquoi il voulait tant s'évader de la réalité. Jamais l'homme n'eut pareil vœu. Je reconnaissais, – sans craindre pour lui, – qu'il pouvait être un sérieux danger dans la société. – Il a peut-être des secrets pour *changer la vie* ? Non, il ne fait qu'en chercher, me répliquais-je. Enfin sa charité est ensorcelée, et j'en suis la prisonnière. Aucune autre âme n'aurait assez de force, – force de désespoir ! – pour la supporter, – pour être protégée et aimée par lui. D'ailleurs, je ne me le figurais pas avec une autre âme : on voit son Ange, jamais l'Ange d'un autre, – je crois. J'étais dans son âme comme dans un palais qu'on a vidé pour ne pas voir une personne si peu noble que vous : voilà tout. Hélas ! je dépendais bien de lui. Mais que voulait-il avec mon existence terne et lâche ? Il ne me rendait pas meilleure, s'il ne me faisait pas mourir ! Tristement dépitée, je lui dis quelquefois : "Je te comprends." Il haussait les épaules.

"Ainsi, mon chagrin se renouvelant sans cesse, et me trouvant plus égarée à mes yeux, – comme à tous les yeux qui auraient voulu me fixer, si je n'eusse été condamnée pour jamais à l'oubli de tous ! – j'avais de plus en plus faim de sa bonté. Avec ses baisers et ses étreintes amies, c'était bien un ciel, un sombre ciel, où j'entrais, et où j'aurais voulu être laissée, pauvre, sourde, muette, aveugle. Déjà j'en prenais l'habitude. Je nous voyais comme deux bons enfants, libres de se promener dans le Paradis de tristesse. Nous nous accordions. Bien émus, nous travaillions ensemble. Mais, après une pénétrante caresse, il disait : "Comme ça te paraîtra drôle, quand je n'y serai plus, ce par quoi tu as passé. Quand tu n'auras plus mes bras sous ton cou, ni mon cœur pour t'y reposer, ni cette bouche sur tes yeux. Parce qu'il faudra que je m'en aille, très loin, un jour. Puis il faut que j'en aide d'autres : c'est mon devoir. Quoique ce ne soit guère ragoûtant..., chère âme..." Tout de suite je me pressentais, lui parti, en proie au vertige, précipitée dans l'ombre la plus affreuse : la mort. Je lui faisais promettre qu'il ne me lâcherait pas. Il l'a faite vingt fois, cette promesse d'amant. C'était aussi frivole que moi lui disant : "Je te comprends."

"Ah ! je n'ai jamais été jalouse de lui. Il ne me quittera pas, je crois. Que devenir ? Il n'a pas une connaissance ; il ne travaillera jamais. Il veut vivre somnambule. Seules, sa

bonté et sa charité lui donneraient-elles droit dans le monde réel ? Par instants, j'oublie la pitié où je suis tombée : lui me rendra forte, nous voyagerons, nous chasserons dans les déserts, nous dormirons sur les pavés des villes inconnues, sans soins, sans peines. Ou je me réveillerai, et les lois et les mœurs auront changé, – grâce à son pouvoir magique, – le monde, en restant le même, me laissera à mes désirs, joies, nonchalances. Oh ! la vie d'aventures qui existe dans les livres des enfants, pour me récompenser, j'ai tant souffert, me la donneras-tu ? Il ne peut pas. J'ignore son idéal. Il m'a dit avoir des regrets, des espoirs : cela ne doit pas me regarder. Parle-t-il à Dieu ? Peut-être devrais-je m'adresser à Dieu. Je suis au plus profond de l'abîme, et je ne sais plus prier.

"S'il m'expliquait ses tristesses, les comprendrais-je plus que ses railleries ? Il m'attaque, il passe des heures à me faire honte de tout ce qui m'a pu toucher au monde, et s'indigne si je pleure.

" Tu vois cet élégant jeune homme, entrant dans la belle et calme maison : il s'appelle Duval, Dufour, Armand, Maurice, que sais-je ? Une femme s'est dévouée à aimer ce méchant idiot : elle est morte, c'est certes une sainte au ciel, à présent. Tu me feras mourir comme il a fait mourir cette femme. C'est notre sort, à nous, cœurs charitables..." Hélas ! il avait des jours où tous les hommes agissant lui paraissaient les jouets de délires grotesques : il riait affreusement, longtemps. – Puis, il reprenait ses manières de jeune mère, de sœur aimée. S'il était moins sauvage, nous serions sauvés ! Mais sa douceur aussi est mortelle. Je lui suis soumise. – Ah ! je suis folle !

"Un jour peut-être il disparaîtra merveilleusement ; mais il faut que je sache, s'il doit remonter à un ciel, que je voie un peu l'assomption de mon petit ami !"

Drôle de ménage !

Delirios

I

VIRXE TOLA

O ESPOSO INFERNAL

Escoitemos a confesión dun compañeiro de inferno:

"Oh divino Esposo, meu Señor,[23] non rexeites a confesión da máis triste das túas servas. Estou perdida. Estou bebida. Son impura. Que vida esta!

"Perdón, divino Señor, perdón! Ah!, perdón! Que de bágoas! E cantas aínda máis tarde, espero!

"Máis adiante, coñecerei o divino Esposo! Nacín sometida a El. Que o outro me bata agora!

"Arestora, estou no fondo do mundo! Oh miñas amigas!... non, miñas amigas non... Nunca delirios nin torturas semellantes... Vaia parvada!

"Ah! sufro, berro. Sufro de veras. Todo, porén, me está permitido. cargada co desprezo dos máis desprezables corazóns.

"En fin, fagamos esta confidencia, a risco de a repetir outras vinte veces, –tan morriñenta, tan insignificante!

"Son escrava do Esposo infernal, o que levou á perdición as virxes tolas. Dese demo se trata. Non é un espectro, non é un fantasma. Pero a min, que perdín a cordura, que estou condenada e morta para o mundo, –non me matarán! Como describírvolo! Xa nin sequera sei falar. Estou de loito, choro, teño medo. Un pouco de fresco, Señor, se queres, se o tes a ben!

"Son viúva... –Era viúva... certo, antano era moi formal, e non nacín para tornarme esqueleto!... El era case un meniño... Seducíranme as súas misteriosas delicadezas. Esquecín todo humano deber para seguilo.Que vida! A auténtica vida está ausente. Non estamos no mundo. Vou onde el vai, ten que ser. E con frecuencia arrepónseme, *a min, pobre alma*. O mesmo Demoño! –É un Demoño, sabédelo, *non é un home*.

"Di el: 'Non me gustan as mulleres. Hai que reinventar o amor, xa se sabe. Elas só aspiran a asegurarse unha posición. Unha vez atinxida, corazón e beleza son desbotados: resta só un frío desdén, alimento do matrimonio hoxe en día. Ou vexo entón mulleres, cos signos da felicidade, con quen podería eu ter feito boa amizade, prematuramente devoradas por brutáns sensibles coma tarugos...'.

"Escóitoo a facer da infamia gloria, da crueldade un engado. 'Veño de caste lonxincua: meus pais eran escandinavos: perforaban os costados, bebían o seu sangue. –Cu-

23 No Evanxeo, as virxes tolas suplican ao Señor: "Señor, Señor, ábrenos" (Mateu XXV). Suzanne Bernard identifica a "Virxe tola" con Verlaine, e o "Esposo infernal" co propio Rimbaud. Para Margaret Davies, esta identificación sería máis ben unha metáfora da creación literaria. Outros comentaristas, entre eles Marcel Ruff e Raymond Clauzel, ven, máis ben, como a cara e a cruz do propio poeta, nos seus distintos estadios anímicos ao longo do tempo.

brirei de amosegas todo o meu corpo, tatuareime, quero devir horroroso coma un mongol: verás, oulearei polas rúas. Quero tolear de carraxe. Xamais me amoses alfaias, arrastraríame e retorceríame sobre da alfombra. Quixera a miña riqueza toda lixada de sangue. Nunca hei traballar..'. Algunhas noites en que o seu demoño me apreixaba, roulabamos, e eu loitaba con el! Pola noite, a miúdo, bébedo, apostábase nas rúas ou nas casas, para darme un susto de morte. –'Inda me han de cortar o pescozo; será ben noxento.' Oh! eses días que arela andar cun aire de crime!

"Fala por veces, nunha sorte de xerga entenrecida, da morte que leva ao arrepentimento, dos coitados que existen de certo, dos traballos penosos, das despedidas que parten os corazóns. Nos antros onde nos embebedabamos, el choraba ao mirar os que nos rodeaban, rabaño da miseria. Soerguía os borrachos nas rúas escuras. Tiña a piedade dunha nai malvada cara aos meniños. –Marchaba coa delicadeza de nena de catecismo. –Simulaba ser entendido en todo, arte, comercio, medicina. –E eu detrás súa, era preciso!

"Eu vía o decorado completo do que, mentalmente, se rodeaba: vestimenta, sabas, mobles; supoñíalle armas, outra faciana. Vía todo o que lle afectaba, como el gustaría de crealo para si. Cando me parecía que tiña o ánimo abatido, detrás ía eu, en actos estraños e complicados, lonxe, malos ou bos: estaba segura de xamais entrar no seu mundo. A carón do seu amado corpo durmido, cantas horas velei , albeitando por que anhelaba el tanto evadirse da realidade. Nunca un home tivo tamaño degoxo. Recoñecía eu, –sen temer por el–, que podía ser un serio perigo para a sociedade. –Garda quizabes segredos para *cambiar a vida*? Non, non fai máis ca buscalos, retrucábame eu. O certo é que a súa compaixón está enfeitizada, e dela son prisioneira. Ningunha outra alma tería forza abonda, – a forza do desespero! –para soportala, –para ser protexida e amada por el. Polo demais, non mo figuraba con outra alma: vemos o Anxo de noso, xamais o Anxo dos outros, –supoño. Estaba na súa alma igual ca nun pazo que fose desaloxado para non vermos ninguén tan pouco nobre coma un: isto é todo. Ai! eu dependía moito del. Mais el, que requiría da miña existencia tristeira e covarde? Non me facía mellor, ben que non me fixese morrer! Tristemente defraudada, téñolle dito: 'Compréndote'. El encollía os ombreiros.

"Dese xeito, dado que a coita de meu se anovaba acotío, e que me atopaba demasiado perdida aos meus ollos, –coma aos ollos de cantos quixesen ollarme, de non estar eu condenada por sempre xamais ao esquezo de todos! –cada vez tiña máis fame da súa bondade. Cos seus beixos e apertas amigas, azoroñaba un ceo, un ceo sombrío, onde entraba, e onde quixera ficar abandonada, pobre, xorda, muda, cega. Xa me ía afacendo. Víanos coma dous nenos boíños, libres para pasear no Paraíso de tristura. Eramos concordantes. Moi emocionados, traballabamos en unión. Mais, tras dunha penetrante caricia, dicíame el: 'Que raro che vai parecer todo isto que vés de pasar cando eu xa non estea. Cando non teñas xa os meus brazos baixo o teu colo, nin o meu corazón para nel repousares, nin esta boca sobre os teus ollos. Porque mester

será que me vaia, moi lonxe, algún día. Debo axudar os demais: é deber meu. Ben que non sexa apenas apetecible..., querida alma...' Ao pouco intuíame, ausente el, presa de vertixe, precipitada na sombra máis atroz: a morte. Facíalle prometer que non me deixaría. Fíxoa vinte veces, esta promesa de amante. Era tan frívolo coma min mesma ao lle dicir: 'Compréndote'.

"Ah! nunca del tiven celos. Non me ha de deixar, creo eu. Que podía pasar? Non está relacionado, nunca traballará. Quere vivir somnámbulo. Soamente bondade e caridade de seu, outorgaríanlle dereitos no mundo real? De cando en vez, esquezo o estado piadoso en que caín: el farame forte, viaxaremos, cazaremos nos desertos, durmiremos nos lousados de cidades descoñecidas, sen desasosegos, sen coitas. Ou espertarei, e as leis e os costumes terán mudado –grazas aos seus máxicos poderes, –o mundo, sen deixar de ser o mesmo, respectará os meus desexos, alegrías, indolencias. Oh! a vida de aventuras que existe nos libros infantís, para me recompensar, vasma dar? Sufrín tanto! El non pode. Ignoro o seu ideal. Contoume que tiña aflicións, esperanzas: o que non debe importarme. Fala con Deus? Talvez debería eu dirixirme a Deus. Estou no máis profundo do abismo, e non sei xa rezar.

"Se me explicase as súas tristezas, podería entendelas mellor que as súas afrontas? Atácame, pasa horas facendo que me avergoñe de todo o que puido afectarme no mundo, e indígnase se choro.

"Ves aquel mozo elegante, que entra na bela e apracible mansión: chámase Duval, Dufour, Armand,[24] Maurice, que sei eu? Unha muller consagrouse a amar ese idiota malvado: morreu, e arestora é seguro unha santa no ceo. Farás que eu morra igual que el fixo con esa muller. É o noso destino, de noso, corazóns caritativos...'. Por desgraza, tiña días en que todos os homes atarefados lle parecían xoguetes de delirios grotescos: ría de xeito horrible, seguido. –Despois, retomaba as maneiras de nai inda moza, de irmá amada. Se el fose menos salvaxe, estariamos salvados! Porén ata a súa dozura é mortal. Estou a el sometida. –Ah! estou tola!

"Poida que un día desapareza maxicamente; pero, se ha de subir a un ceo, que eu o saiba, para ver a asunción do meu amante".

Curiosa parella!

24 Pasaxe atribuída á reminiscencia d'*A Dama das camelias*, novela realista de Alexandre Dumas (fillo), publicada en 1848, e levada á escena no Londres de 1873. Nela, Marguerite morre abandonada polo seu amante Armand Duval. Inspiraría logo a ópera de Giuseppe. Verdi, *La Traviata* ("A Extraviada").

Délires

II

ALCHIMIE DU VERBE

À moi. L'histoire d'une de mes folies.

Depuis longtemps je me vantais de posséder tous les paysages possibles, et trouvais dérisoire les célébrités de la peinture et de la poésie moderne.

J'aimais les peintures idiotes, dessus de portes, décors, toiles de saltimbanques, enseignes, enluminures populaires ; la littérature démodée, latin d'église, livres érotiques sans orthographe, romans de nos aïeules, contes de fées, petits livres de l'enfance, opéras vieux, refrains niais, rythmes naïfs.

Je rêvais croisades, voyages de découvertes dont on n'a pas de relations, républiques sans histoires, guerres de religion étouffées, révolutions de mœurs, déplacements de races et de continents : je croyais à tous les enchantements. J'inventai la couleur des voyelles ! – A noir, E blanc, I rouge, O bleu, U vert. – Je réglai la forme et le mouvement de chaque consonne, et, avec des rythmes instinctifs, je me flattai d'inventer un verbe poétique accessible, un jour ou l'autre, à tous les sens. Je réservais la traduction.

Ce fut d'abord une étude. J'écrivais des silences, des nuits, je notais l'inexprimable. Je fixais des vertiges.

———————

Loin des oiseaux, des troupeaux, des villageoises,
Que buvais-je, à genoux dans cette bruyère
Entourée de tendres bois de noisetiers,
Dans un brouillard d'après-midi tiède et vert ?

Que pouvais-je boire dans cette jeune Oise,
– Ormeaux sans voix, gazon sans fleurs, ciel couvert ! –
Boire à ces gourdes jaunes, loin de ma case
Chérie ? Quelque liqueur d'or qui fait suer.

Je faisais une louche enseigne d'auberge.
– Un orage vint chasser le ciel. Au soir
L'eau des bois se perdait sur les sables vierges,
Le vent de Dieu jetait des glaçons aux mares ;

Pleurant, je voyais de l'or – et ne pus boire. –

_____

À quatre heures du matin, l'été,
Le sommeil d'amour dure encore.
Sous les bocages s'évapore
L'odeur du soir fêté.

Là-bas, dans leur vaste chantier
Au soleil des Hespérides,
Déjà s'agitent – en bras de chemise–
Les Charpentiers.

Dans leurs Déserts de mousse, tranquilles,
Ils préparent les lambris précieux
Où la ville
Peindra de faux cieux.

Ô, pour ces Ouvriers charmants
Sujets d'un roi de Babylone,
Vénus ! quitte un instant les Amants
Dont l'âme est en couronne.

Ô Reine des Bergers,
Porte aux travailleurs l'eau-de-vie,
Que leurs forces soient en paix
En attendant le bain dans la mer à midi.

_____

La vieillerie poétique avait une bonne part dans mon alchimie du verbe.

Je m'habituai à l'hallucination simple : je voyais très franchement une mosquée à la place d'une usine, une école de tambours faite par des anges, des calèches sur les routes du ciel, un salon au fond d'un lac ; les monstres, les mystères ; un titre de vaudeville dressait des épouvantes devant moi.

Puis j'expliquai mes sophismes magiques avec l'hallucination des mots !

Je finis par trouver sacré le désordre de mon esprit. J'étais oisif, en proie à une lourde fièvre : j'enviais la félicité des bêtes, – les chenilles, qui représentent l'innocence des limbes, les taupes, le sommeil de la virginité !

Mon caractère s'aigrissait. Je disais adieu au monde dans d'espèces de romances :

CHANSON DE LA PLUS HAUTE TOUR

Qu'il vienne, qu'il vienne,
Le temps dont on s'éprenne.

J'ai tant fait patience
Qu'à jamais j'oublie.
Craintes et souffrances
Aux cieux sont parties.
Et la soif malsaine
Obscurcit mes veines.

Qu'il vienne, qu'il vienne,
Le temps dont on s'éprenne.
Telle la prairie
À l'oubli livrée,
Grandie, et fleurie
D'encens et d'ivraies,
Au bourdon farouche
Des sales mouches.

Qu'il vienne, qu'il vienne,

Le temps dont on s'éprenne

J'aimai le désert, les vergers brûlés, les boutiques fanées, les boissons tiédies. Je me traînais dans les ruelles puantes et, les yeux fermés, je m'offrais au soleil, dieu de feu.

"Général, s'il reste un vieux canon sur tes remparts en ruines, bombarde-nous avec des blocs de terre sèche. Aux glaces des magasins splendides ! dans les salons ! Fais manger sa poussière à la ville. Oxyde les gargouilles. Emplis les boudoirs de poudre de rubis brûlante..."

Oh ! le moucheron enivré à la pissotière de l'auberge, amoureux de la bourrache, et que dissout un rayon !

FAIM

Si j'ai du goût, ce n'est guère

Que pour la terre et les pierres.

Je déjeune toujours d'air,

De roc, de charbons, de fer.

Mes faims, tournez. Paissez, faims

Le pré des sons.

Attirez le gai venin

Des liserons.

Mangez les cailloux qu'on brise,

Les vieilles pierres d'églises ;

Les galets des vieux déluges,

Pains semés dans les vallées grises.

_____

Le loup criait sous les feuilles

En crachant les belles plumes

De son repas de volailles :
Comme lui je me consume.

Les salades, les fruits
N'attendent que la cueillette ;
Mais l'araignée de la haie
Ne mange que des violettes.

Que je dorme ! que je bouille
Aux autels de Salomon.
Le bouillon court sur la rouille,
Et se mêle au Cédron.

Enfin, ô bonheur, ô raison, j'écartai du ciel l'azur, qui est du noir, et je vécus, étincelle d'or de la lumière *nature*. De joie, je prenais une expression bouffonne et égarée au possible :

Elle est retrouvée !
Quoi ? l'éternité.
C'est la mer mêlée
Au soleil.

Mon âme éternelle,
Observe ton vœu
Malgré la nuit seule
Et le jour en feu.

Donc tu te dégages
Des humains suffrages,
Des communs élans !
Tu voles selon...

– Jamais l'espérance.
Pas d'*orietur*.
Science et patience,

Le supplice est sûr.

Plus de lendemain,
Braises de satin,
Votre ardeur
Est le devoir.

Elle est retrouvée !
– Quoi ? – l'Éternité.
C'est la mer mêlée
Au soleil.

_____

Je devins un opéra fabuleux : je vis que tous les êtres ont une fatalité de bonheur : l'action n'est pas la vie, mais une façon de gâcher quelque force, un énervement. La morale est la faiblesse de la cervelle.

À chaque être, plusieurs *autres* vies mes semblaient dues. Ce monsieur ne sait ce qu'il fait : il est un ange. Cette famille est une nichée de chiens. Devant plusieurs hommes, je causai tout haut avec un moment d'une de leurs autres vies. – Ainsi, j'ai aimé un porc.

Aucun des sophismes de la folie, – la folie qu'on enferme, – n'a été oublié par moi : je pourrais les redire tous, je tiens le système.

Ma santé fut menacée. La terreur venait. Je tombais dans des sommeils de plusieurs jours, et, levé, je continuais les rêves les plus tristes. J'étais mûr pour le trépas, et par une route de dangers ma faiblesse me menait aux confins du monde et de la Cimmérie, patrie de l'ombre et des tourbillons.

Je dus voyager, distraire les enchantements assemblés sur mon cerveau. Sur la mer, que j'aimais comme si elle eût dû me laver d'une souillure, je voyais se lever la croix consolatrice. J'avais été damné par l'arc-en-ciel. Le Bonheur était ma fatalité, mon remords, mon ver : ma vie serait toujours trop immense pour être dévouée à la force et à la beauté.

Le Bonheur ! Sa dent, douce à la mort, m'avertissait au chant du coq, – *ad matutinum*, au *Christus venit*, – dans les plus sombres villes :

Ô saisons, ô châteaux !
Quelle âme est sans défauts ?

J'ai fait la magique étude
Du bonheur, qu'aucun n'élude.

Salut à lui, chaque fois
Que chante le coq gaulois.

Ah ! je n'aurai plus d'envie :
Il s'est chargé de ma vie.

Ce charme a pris âme et corps
Et dispersé les efforts.

Ô saisons, ô châteaux !
L'heure de sa fuite, hélas !

Sera l'heure du trépas.
Ô saisons, ô châteaux !

———————

Cela s'est passé. Je sais aujourd'hui saluer la beauté.

Delirios

II

ALQUIMIA DO VERBO

A miña quenda.[25] A historia dunha das miñas loucuras.

Dende hai moito gabábame de posuír todas as paisaxes posibles, e achaba irrisorias as celebridades da pintura e da poesía moderna.

Admiraba as pinturas triviais, os linteis pintados, decoracións, panos de saltimbanquis, letreiros, estampas populares; a literatura anticuada, latín de igrexa, libros eróticos sen ortografía, novelas das nosas avoas, contos de fadas, libriños da infancia, antigas óperas, refráns cativeiros, ritmos inxeis.

Soñaba cruzadas, viaxes de descubertas nunca contados, repúblicas sen historia, guerras de relixión sufocadas, revolucións de costumes, desprazamentos de razas e de continentes: cría en todos os encantamentos.

Inventei a cor das vogais! –A, negro; E, branco; I, vermello; O, azul; U, verde. –Regulei a forma e o movemento de cada consoante, e, con ritmos instintivos, xacteime de inventar un verbo poético accesible, algún día, a todos os sentidos.[26] Reservaba a tradución.

Primeiro foi un estudo. Escribía silencios, noites, anotaba o inexpresable. Fixaba vertixes.

_____

De paxaros lonxe, de rabaños, e aldeás,
que bebía eu, de xeonllos, nesta urceira
rodeada de tenros bosques de abeleiras
nun neboeiro de serán tépedo e verdeal?

25 Seguindo a Pierre Brunel, despois de cederlle a palabra á "Virxe tola", Rimbaud retoma a palabra.

26 As vogais aparecen aquí en orde alfabética, contrariamente ao poema "Vogais". E canto a ese inventar "à tous les sens", non sería máis ca a cerna da creación poética rimbaldiá: con Charles Baudelaire preto, sentimos aquí todo o poder do Simbolismo, a sinestesia, a ambivalencia, a polisemia, e a forza do xenio de Rimbaud. El mesmo o confirma cando lle di á súa nai que é mester lelo "literalmente e en todos os sentidos". Porque só o poeta coñece a verdade, pero resérvase as claves: "Je réservais la traduction".

Que podía, nese Oise novo, eu beber
olmos sen voz, relva sen flores, ceo toldado!
Beber das botas marelas, lonxe do amado
caseto? Algún licor de ouro que fai rever.

Un escuro letreiro de fonda eu imitaba.
–Un temporal espantou o ceo. Á noitiña
a auga dos bosques perdíase na area fina,
o vento de Deus lazos nas charcas guindaba;

a chorar, eu vía ouro –e beber non daba–.

_____

Verán, ás catro da madrugada,
o sono de amor inda acaece.
Baixo o arboredo esvaece
o olor da noite festexada.

Alá, nos seus choios grandeiros
–remangados de camisa–
das Hespérides ao sol, se axitan
os carpinteiros.

Preparan artesóns de calidade
nos seus desertos de mofo, sosegados,
onde a cidade
pintará ceos falseados.

Oh Venus, deixa uns instantes
por estes Obreiros bravos
dun rei de Babilonia escravos,
de alma coroada os Amantes.

Dálles oh Raíña dos Pastores,

que as forzas lles queden en paz,
a augardente aos traballadores
á espera do baño do mediodía no mar.

_____

A antigalla poética ocupaba unha boa parte na miña alquimia do verbo.

Acostumeime á alucinación simple: vía claramente unha mesquita no lugar dunha fábrica, unha escola de tambores formada por anxos, carruaxes polos camiños do ceo; un salón no fondo dun lago; os monstros, os misterios; un cartel de vodevil conformaba arreguizos diante de min.

Daquela expliquei os meus máxicos sofismas coa alucinación das palabras!

Acabei por achar sagrada a desorde do meu espírito. Estaba ocioso, presa dunha fortísima febre; envexaba a felicidade da bicharía, –as eirugas, que representan a inocencia dos limbos, as toupas, o sono da virxindade!

O meu carácter agreaba. Dicía adeus ao mundo a xeito de romanzas:

CANCIÓN DA MÁIS ALTA TORRE[27]

Que veña , que veña xa,
o tempo de namorar.

Amosei tanta paciencia
que xamais esquecerei.
Covardías e doenzas
ata os ceos guindei.
E esta sede negra
escuréceme as veas.

27 A *canción* dos trobadores (s. XII e XIII), da "canso" occitana, constaba de estrofa e refrán. No século XIX, tanto os románticos coma os parnasianos utilizan o termo para referirse a unha poesía de corte familiar ou popular, de versos curtos, tamén con estrofas e refrán. Este é un bo exemplo.

Que veña, que veña xa,
o tempo de namorar.

Tal a pradaría
dada ao esquezo,
cuberta e florida
de xoio e incenso
ao feroz bordón
dos sucios moscóns.

Que veña, que veña xa,
o tempo de namorar.

Amei o deserto, os verxeis alfados, as tendas meradas, as bebidas mornas, Arrastrábame por ruelas fedorentas e, cos ollos pechos, ofrecíame ao sol, deus de lume.

"Xeneral, se queda algún vello canón nas túas murallas en ruínas, bombardéanos con bloques de bornaz. Ás vitrinas dos espléndidos almacéns! Aos salóns! Fai que a cidade morda o seu po. Enferruxa as gárgolas. Enche os toucadores con ardente po de rubí..."

Oh! o moscardo borracho no mexadoiro do albergue, namorado da borraxe, e que un raio disolve!

FAME[28]

Se algún gusto teño, non é máis
que para a terra e as pedras.
Xanto decontino con ar,
con rochas, carbóns, e ferro.

Fames miñas, xirade. Pastade, fames,
o prado dos sons.

28 Como tradutor, son contrario a conservar a rima, por dobre coherencia semántica. Pero máis contrario cando no poema orixinal, como nesta versión de "Fame" (e no seguinte, "A Eternidade"), o poeta fai dela un uso moi peculiar, un diría mesmo irrisorio. Estes dous poemas foron xa publicados, en tradución sen rima, no libro Cadernos de Mariñán 3. V Encontro de Escritores galego (Ámbitos de tradución). Deputación Provincial da Coruña, 2008, coordinados por Luciano Rodríguez e Xosé M. Fernández Castro. Nos demais poemas, como se ve, fago unha concesión "á moda" mantendo a rima.

Atraede o alegre veleno
das enredadeiras.

Comede cascallos esnacados,
as vellas pedras de igrexa;
os seixos dos vellos diluvios,
pans sementados en vales griseiros.

_____

O lobo ouleaba debaixo das follas
a cuspiñar as belidas plumas
da súa enchente de aves:
coma el eu eslumezo.

As leitugas, a froita
esperan só pola colleita;
pero a araña da sebe
non come máis ca violetas.

Que eu durma! que eu ferva
nas aras de Salomón.
Corre o caldo sobre a ferruxe,
e co Cedrón se mestura.

Por fin, oh ventura, oh razón, arredei do ceo o azul, que é negro, e vivín, moxena de ouro da luz *natura*.

De pura ledicia, adoptaba a expresión máis choqueira e máis desvariada posible:

Foi atopada!
Que? A eternidade.
É o mar mesturado
co sol.

Eterna alma de meu,

observa o teu afán
malia a noite soa
e o día en chamas.

Pois que así ti te desprendes
dos humanos sufraxios,
das arelas comúns!
Consonte voas...

–Xamais a esperanza.
Nada de *orietur*.
Ciencia e paciencia,
o suplicio é certo.

Xa non hai mañá,
brasas de satén,
a vosa ardencia
é o deber.

Foi atopada!
–Que? –a Eternidade.
É o mar mesturado
co sol.

Volvinme unha ópera fabulosa: vin que todos os seres posúen o fatalismo da felicidade: a acción non é a vida, senón un modo de estragar calquera forza, un enervamento. A moral é a febleza do cerebro.

A cada ser, moitas *outras* vidas lle eran debidas. Este señor non sabe o que fai: é un anxo. Esta familia é unha camada de cans. Teño falado en voz alta, perante algúns homes, cun intre dunha das outras vidas de seu. Así foi, amei un porco.

Non cheguei a esquecer ningún dos sofismas da loucura –a loucura de manicomio–: podería repetilos todos, posúo o sistema.

A miña saúde estivo ameazada. O terror achegábase. Adormecía días seguidos e, xa erguido, proseguía cos soños máis tristes. Estaba maduro para o pasamento, e, por

un vieiro de perigos, a miña febleza levábame ata os confíns do mundo da Cimeria,[29] patria da sombra e dos rodopíos.

Tiven de viaxar, distraer os sortilexios amoreados no meu cerebro. Do mar, que eu amaba coma se fose lavarme dalgunha porcada, vía soerguerse a cruz confortadora. Fora condenado polo arco da vella. A Felicidade era a miña fatalidade, o meu remordemento, o meu verme: a miña vida había ser sempre inmensa abondo para consagrala á forza e á beleza.

A Felicidade! O seu dente, doce á morte, alertábame ao canto do galo, –*ad matutinum*, ao *Christus venit*,[30] –nas cidades máis avesías:

Oh témporas, oh castelos!
Que alma está sen defectos?

Fixen a máxica achega
da dita, que ninguén nega.

A ela saúdo, a cada cando
en que canta o galo gálico.

Ah! non terei xa máis arela:
ela a miña vida vela.

O engado fíxose alma e corpo
e dispersou os esforzos.

Oh témporas, oh castelos!

A hora da fuga, ai de min!
Será a hora da fin.

Oh témporas, oh castelos!

———————

29 O Hades homérico, rexión da noite eterna, de localización indeterminada, posiblemente en Ucraína, ou Nápoles. Canto XI da Odisea.

30 A hora en que san Pedro nega a Cristo. Hora litúrxica tamén do arrepentimento e da conversión.

Todo isto pasou. Hoxe sei saudar a beleza.

L'impossible

Ah ! cette vie de mon enfance, la grande route par tous les temps, sobre surnaturellement, plus désintéressé que le meilleur des mendiants, fier de n'avoir ni pays, ni amis, quelle sottise c'était. – Et je m'en aperçois seulement !

– J'ai eu raison de mépriser ces bonshommes qui ne perdraient pas l'occasion d'une caresse, parasites de la propreté et de la santé de nos femmes, aujourd'hui qu'elles sont si peu d'accord avec nous.

J'ai eu raison dans tous mes dédains : puisque je m'évade !

Je m'évade !

Je m'explique.

Hier encore, je soupirais : "Ciel ! sommes-nous assez de damnés ici-bas ! Moi j'ai tant de temps déjà dans leur troupe ! Je les connais tous. Nous nous reconnaissons toujours ; nous nous dégoûtons. La charité nous est inconnue. Mais nous sommes polis ; nos relations avec le monde sont très convenables." Est-ce étonnant ? Le monde ! les marchands, les naïfs ! – Nous ne sommes pas déshonorés. – Mais les élus, comment nous recevraient-ils ? Or il y a des gens hargneux et joyeux, de faux élus, puisqu'il nous faut de l'audace ou de l'humilité pour les aborder. Ce sont les seuls élus. Ce ne sont pas des bénisseurs !

M'étant retrouvé deux sous de raison – ça passe vite ! – je vois que mes malaises viennent de ne m'être pas figuré assez tôt que nous sommes à l'Occident. Les marais occidentaux ! Non que je croie la lumière altérée, la forme exténuée, le mouvement égaré... Bon ! voici que mon esprit veut absolument se charger de tous les développements cruels qu'a subis l'esprit depuis la fin de l'Orient... Il en veut, mon esprit !

... Mes deux sous de raison sont finis ! – L'esprit est autorité, il veut que je sois en Occident. Il faudrait le faire taire pour conclure comme je voulais.

J'envoyais au diable les palmes des martyrs, les rayons de l'art, l'orgueil des inventeurs, l'ardeur des pillards ; je retournais à l'Orient et à la sagesse première et éternelle. – Il paraît que c'est un rêve de paresse grossière !

Pourtant, je ne songeais guère au plaisir d'échapper aux souffrances modernes. Je n'avais pas en vue la sagesse bâtarde du Coran. – Mais n'y a-t-il pas un supplice réel en ce que, depuis cette déclaration de la science, le christianisme, l'homme *se joue*, se prouve les évidences, se gonfle du plaisir de répéter ces preuves, et ne vit que comme cela ! Torture subtile, niaise ; source de mes divagations spirituelles. La nature pourrait s'ennuyer, peut-être ! M. Prudhomme est né avec le Christ.

N'est-ce pas parce que nous cultivons la brume ! Nous mangeons la fièvre avec nos légumes aqueux. Et l'ivrognerie ! et le tabac ! et l'ignorance ! et les dévouements ! – Tout cela est-il assez loin de la pensée de la sagesse de l'Orient, la patrie primitive ? Pourquoi un monde moderne, si de pareils poisons s'inventent !

Les gens d'Église diront : C'est compris. Mais vous voulez parler de l'Eden. Rien pour vous dans l'histoire des peuples orientaux. – C'est vrai ; c'est à l'Eden que je songeais ! Qu'est-ce que c'est pour mon rêve, cette pureté des races antiques !

Les philosophes : le monde n'a pas d'âge. L'humanité se déplace, simplement. Vous êtes en Occident, mais libre d'habiter dans votre Orient, quelque ancien qu'il vous le faille, – et d'y habiter bien. Ne soyez pas un vaincu. Philosophes, vous êtes de votre Occident.

Mon esprit, prends garde. Pas de partis de salut violents. Exerce-toi ! – Ah ! la science ne va pas assez vite pour nous !

– Mais je m'aperçois que mon esprit dort.

S'il était éveillé toujours à partir de ce moment, nous serions bientôt à la vérité, qui peut-être nous entoure avec ses anges pleurant !... – S'il avait été éveillé jusqu'à ce moment-ci, c'est que je n'aurais pas cédé aux instincts délétères, à une époque immémoriale !... – S'il avait toujours été bien éveillé, je voguerais en pleine sagesse !...

Ô pureté ! pureté !

C'est cette minute d'éveil qui m'a donné la vision de la pureté ! –Par l'esprit on va à Dieu!

Déchirante infortune !

O imposible

Ah! aquela vida da miña nenez, camiño sempre aberto, sobrenaturalmente sobrio, máis desprendido que o mellor dos mendigos, orgulloso de non ter nin patria, nin amigos, vaia parvada. – E só hogano me decato!

Fixen ben en desprezar eses miñaxoias que non perderían a ocasión dunha caricia, parasitos do aseo e da saúde das nosas mulleres, agora que elas se amosan tan pouco acordes con nós.

Razón tiña en todos os desdéns: pois que me evado!

Eu evádome!

E explícome.

Onte mesmo suspiraba: "Ceos! xa somos abondos os condenados aquí abaixo! E eu que levo tanto tempo con esa tropa! Coñézoos todos. Sempre nos recoñecemos; dámonos noxo. A compaixón non vai con nós. Pero somos educados; as nosas relacións co mundo son moi razoables". Talvez abraiante? O mundo! os negociantes, os coitados! –Non estamos deshonrados. –Pero os elixidos, como nos recibirían? Ora ben, hai persoas insociables e felices, os falsos elixidos, xa que precisamos ardimento ou humildade para os abordar. Estes son os únicos electos. E non son dos que bendín!

Arestora que me vexo con dous dedos de razón –e pouco ha durar! –percibo que os meus males veñen de non terme decatado hai xa tempo de que estamos no Occidente. As tremesiñas occidentais! Non é que a luz me pareza falseada, exhausta a forma, extraviado o movemento... Ben! Eis que o meu espírito arela encargarse a eito de todos os adiantos crueis que padeceu o espírito desde a fin do Oriente. Así o quere o meu espírito!

...Alá van os meus dous dedos de razón! –O espírito é autoridade, quere que eu estea no Occidente. Mester sería acalalo para concluír tal como eu quería.

Mandaba ao diaño as palmas dos mártires, os lampos da arte, a vangloria dos inventores, a ardencia dos salteadores; retornaba ao Oriente e á sabedoría primeira e eterna. Semella que é un soño de groseira indolencia!

Con todo, apenas ansiaba o pracer de escapar dos sufrimentos modernos. Non tiña en conta a sabenza bastarda do Corán. –Pero, non hai un suplicio real en que, desde esta declaración da ciencia –o cristianismo– o home se engane a si mesmo, probe

evidencias, se xacte do pracer de repetir tales probas, e que non saiba vivir doutro modo? Tortura sutil, aparvada; manancial das miñas divagacións espirituais. Poida que a natureza se aburrise! O señor Prudhomme[31] naceu con Cristo.

Non será porque cultivamos a néboa! Comemos a febre cos nosos legumes acuosos. E a ebriedade! e o tabaco! e a ignorancia! e a abnegación! –Está todo iso lonxe dabondo do pensamento da sabedoría do Oriente, a patria primixenia? Por que un mundo moderno, se inventamos tamaños velenos!

A xente de Igrexa dirá: comprendido. Porén ti queres falar do Edén. Nada hai para ti na historia dos pobos orientais. –É certo; eu matinaba no Edén! Que supón para o meu soño esa pureza das razas antigas!

Os filósofos: O mundo non ten idade. A humanidade desprázase, simplemente. Estás no Occidente, pero es libre para vivires no teu Oriente, todo o antigo que ti o precises, –e vivir ben. Non te sintas vencido. Filósofos, pertencedes ao voso Occidente.

Espírito meu, moita cautela. Nada de decisións violentas de salvación. Exercítate! –Ah, a ciencia non vai o bastante rápida para nosoutros!

Pero percibo que o meu espírito adormece.

Se de agora en adiante el estivese sempre espelido, decontado estariamos na verdade, que quizais nos estea a roldar cos seus anxos chorosos!... –Se el tivese estado vixiante ata este momento, eu non tería cedido aos deleterios instintos, nunha época inmemorial!... –Se el decontino estivese abondo esperto, vogaría eu na total sabedoría!...

Oh pureza! pureza!

Ese minuto de alerta deume a visión da pureza! –Polo espírito chégase a Deus!

Lacerante infortunio!

L'Éclair

Le travail humain ! c'est l'explosion qui éclaire mon abîme de temps en temps.

31 Alusión á obra de Henri Monnier, *Mémoires de Joseph Prudhomme*. "Monsieur Prudhomme" é un personaxe - caricatura do "espírito burgués" da Francia do século XIX; isto é, un "bon vivant": gordurento, apampado, conformista, badueiro, sentenciudo ("É a miña opinión e eu compártoa"); e "muso" de poetas, dramaturgos e debuxantes de bandas deseñadas.

“Rien n’est vanité ; à la science, et en avant !” crie l’Ecclésiaste moderne, c’est-à-dire Tout *le monde*. Et pourtant les cadavres des méchants et des fainéants tombent sur le cœur des autres... Ah ! vite, vite un peu ; là-bas, par-delà la nuit, ces récompenses futures, éternelles... les échappons-nous ?...

–Qu’y puis-je ? Je connais le travail ; et la science est trop lente. Que la prière galope et que la lumière gronde... je le vois bien. C’est trop simple, et il fait trop chaud ; on se passera de moi. J’ai mon devoir, j’en serai fier à la façon de plusieurs, en le mettant de côté.

Ma vie est usée. Allons ! feignons, fainéantons, ô pitié ! Et nous existerons en nous amusant, en rêvant amours monstres et univers fantastiques, en nous plaignant et en querellant les apparences du monde, saltimbanque, mendiant, artiste, bandit, – prêtre ! Sur mon lit d’hôpital, l’odeur de l’encens m’est revenue si puissante ; gardien des aromates sacrés, confesseur, martyr...

Je reconnais là ma sale éducation d’enfance. Puis quoi !... Aller mes vingt ans, si les autres vont vingt ans...

Non ! non ! à présent je me révolte contre la mort ! Le travail paraît trop léger à mon orgueil : ma trahison au monde serait un supplice trop court. Au dernier moment, j’attaquerais à droite, à gauche...

Alors, – oh ! – chère pauvre âme, l’éternité serait-elle pas perdue pour nous !

O alustro

O traballo humano! Velaquí a explosión que de tempo en tempo esclarece o meu abismo.

“Nada é vaidade; a pola ciencia, e adiante!”, berra o Eclesiastés moderno; isto é, *Todo o mundo*. E iso que os cadáveres dos facinorosos e dos nugalláns caen sobre o corazón dos outros...Ah! pronto, prontiño; aló lonxe, máis alá da noite, as recompensas futuras, eternas...deixámolas que escapen?...

–Que podo eu facer? Coñezo o traballo; e a ciencia é lenta dabondo. Que a pregaria galope e que a luz abouxe... véxoo ben. É sinxelo de máis, e vai demasiada calor; prescindirán de min. Teño un deber, e estarei orgulloso, como fan moitos, deixándoo a un lado.

A miña vida está desgastada. Vamos! finxamos, folguemos, oh piedade! E existiremos a nos divertir, soñando amores monstros e universos fantásticos, a nos laiar e criticar as aparencias do mundo, saltimbanqui, mendigo, artista, bandido, –crego! Na miña cama de hospital, o olor do incenso retornou a min tan penetrante; gardián dos aromas sagrados, confesor, mártir...

Niso recoñezo a sucia educación da miña nenez. E logo que!... Vivir os meus vinte anos, se os outros viven os seus vinte anos...

Non! Non! Agora me rebelo contra a morte! O traballo aparenta lixeiro de máis para o meu orgullo: traizoar o mundo sería un suplicio curto en demasía. No intre final, atacaría á dereita, á esquerda...

Entón, –oh!– pobre alma querida, a eternidade non estaría perdida para nós!

Matin

N'eus-je pas une fois une jeunesse aimable, héroïque, fabuleuse, à écrire sur des feuilles d'or, – trop de chance ! Par quel crime, par quelle erreur, ai-je mérité ma faiblesse actuelle ? Vous qui prétendez que des bêtes poussent des sanglots de chagrin, que des malades désespèrent, que des morts rêvent mal, tâchez de raconter ma chute et mon sommeil. Moi, je ne puis pas plus m'expliquer que le mendiant avec ses continuels *Pater et Ave Maria. Je ne sais plus parler !*

Pourtant, aujourd'hui, je crois avoir fini la relation de mon enfer. C'était bien l'enfer ; l'ancien, celui dont le fils de l'homme ouvrit les portes.

Du même désert, à la même nuit, toujours mes yeux las se réveillent à l'étoile d'argent, toujours, sans que s'émeuvent les Rois de la vie, les trois mages, le cœur, l'âme, l'esprit. Quand irons-nous, par-delà les grèves et les monts, saluer la naissance du travail nouveau, la sagesse nouvelle, la fuite des tyrans et des démons, la fin de la superstition, adorer – les premiers ! – Noël sur la terre !

Le chant des cieux, la marche des peuples ! Esclaves ne maudissons pas la vie.

Mañá

Non tiven eu *unha vez* unha xuventude amable, heroica, fabulosa, como para a escribir en follas de ouro? –demasiada sorte! A que crime, a que erro achacar a miña febleza actual? Vós, que pretendedes que as bestas exhalen salaios de dor, que os doentes desesperen, que os mortos soñen mal, procurade contar a miña caída e mais o meu sono. Eu non podo explicarme mellor ca o mendigo cos seus continuos *Pater e Ave Maria. Xa non sei falar*![32]

Hoxe, no entanto, coido ter rematado o relato do meu inferno. Sen dúbida era o inferno; o antigo, aquel cuxas portas o fillo do home abriu.

Dende o mesmo deserto, nesta mesma noite, os meus ollos cansados seguen a se espertar á estrela de prata, sempre, sen que se entenrezan os Reis da vida, os tres magos, o corazón, a alma, o espírito. Cando imos ir, alén de praias e montes, saudar o nacemento do novo traballo, da nova sabenza, a fuxida dos tiranos e dos demos, a fin da superstición, para adorar –os primeiros!– o Nadal na terra![33]

O cántico dos ceos, a marcha dos pobos! Escravos, non maldizamos a vida.

Adieu

L'automne déjà ! – Mais pourquoi regretter un éternel soleil, si nous sommes engagés à la découverte de la clarté divine, – loin des gens qui meurent sur les saisons.

L'automne. Notre barque élevée dans les brumes immobiles tourne vers le port de la misère, la cité énorme au ciel taché de feu et de boue. Ah ! les haillons pourris, le pain trempé de pluie, l'ivresse, les mille amours qui m'ont crucifié ! Elle ne finira donc point cette goule reine de millions d'âmes et de corps morts *et qui seront jugés* ! Je me revois la peau rongée par la boue et la peste, des vers plein les cheveux et les aisselles et encore de plus gros vers dans le cœur, étendu parmi les inconnus sans âge, sans sentiment... J'aurais pu y mourir... L'affreuse évocation ! J'exècre la misère.

Et je redoute l'hiver parce que c'est la saison du comfort !

32 Igual que a Virxe tola xa non podía falar, igual que o damnado era privado das facultades descritivas polo Demoño, o noso poeta, despois dunha "vida usada" ("L'Éclair"), atopa "usada" a súa palabra.

33 Nesta "mañá" de "travail nouveau", de "sagesse nouvelle"..., podemos acaso ver unha invocación ao Socialismo nun Nadal laico?

– Quelquefois je vois au ciel des plages sans fin couvertes de blanches nations en joie. Un grand vaisseau d'or, au-dessus de moi, agite ses pavillons multicolores sous les brises du matin. J'ai créé toutes les fêtes, tous les triomphes, tous les drames. J'ai essayé d'inventer de nouvelles fleurs, de nouveaux astres, de nouvelles chairs, de nouvelles langues. J'ai cru acquérir des pouvoirs surnaturels. Eh bien ! je dois enterrer mon imagination et mes souvenirs ! Une belle gloire d'artiste et de conteur emportée !

Moi ! moi qui me suis dit mage ou ange, dispensé de toute morale, je suis rendu au sol, avec un devoir à chercher, et la réalité rugueuse à étreindre ! Paysan !

Suis-je trompé, la charité serait-elle sœur de la mort, pour moi ?

Enfin, je demanderai pardon pour m'être nourri de mensonge. Et allons.

Mais pas une main amie ! et où puiser le secours ?

_____

Oui, l'heure nouvelle est au moins très sévère.

Car je puis dire que la victoire m'est acquise : les grincements de dents, les sifflements de feu, les soupirs empestés se modèrent. Tous les souvenirs immondes s'effacent. Mes derniers regrets détalent, – des jalousies pour les mendiants, les brigands, les amis de la mort, les arriérés de toutes sortes. – Damnés, si je me vengeais !

Il faut être absolument moderne.

Point de cantiques : tenir le pas gagné. Dure nuit ! le sang séché fume sur ma face, et je n'ai rien derrière moi, que cet horrible arbrisseau !... Le combat spirituel est aussi brutal que la bataille d'hommes ; mais la vision de la justice est le plaisir de Dieu seul.

Cependant c'est la veille. Recevons tous les influx de vigueur et de tendresse réelle. Et à l'aurore, armés d'une ardente patience, nous entrerons aux splendides villes.

Que parlais-je de main amie ! un bel avantage, c'est que je puis rire des vieilles amours mensongères, et frapper de honte ces couples menteurs, – j'ai vu l'enfer des femmes là-bas ; – et il me sera loisible de *posséder la vérité dans une âme et un corps*.

Avril-août, 1873.

Adeus[34]

Eis o outono! –Pero por que ter saudade dun eterno sol, se estamos comprometidos na revelación da claridade divina, –lonxe das xentes que morren coas estacións.

O outono. A nosa barca arborada nas brumas inmóbiles vira cara ao porto da miseria, a enorme cidade cun ceo lixado de lume e de lama. Ah! os farrapos podres, o pan embebido de chuvia, a embriaguez, os mil amores que me crucificaron! E logo non ha rematar esta lamia[35] raíña de millóns de almas e de corpos mortos e que serán xulgados! Volvo verme a pel corroída pola lama e a peste, de vermes inzados o pelo e as axilas, e vermes aínda máis grosos no corazón, esparexido entre descoñecidos sen idade, sen sentimento... Nesas puiden morrer... Estarrecente evocación! Aborrezo a miseria!

E temo o inverno por ser a estación do conforto!

–Vexo por veces no ceo praias sen fin cubertas de brancas nacións xubilosas. Un gran navío de ouro, por riba de min, axita os seus pavillóns multicolores ás brisas da mañá. Creei todas as festas, todos os triunfos, todos os dramas. Tentei de inventar novas flores, novos astros, novas carnes, novas linguas. Crin ter adquirido poderes sobrenaturais. Pois ben! teño de soterrar a miña imaxinación e as miñas lembranzas! Bonita gloria de artista e de narrador malograda!

Eu! eu que me tiven por mago ou anxo, dispensado de toda moral, fun devolto ao chan, cun deber que procurar, e forzado a apertar a esgrevia realidade. Aldeán!

Estou trabucado? sería a caridade a irmá da morte, para min?

En fin, pedirei perdón por me ter alimentado da mentira. E sigamos.

Mais nin unha man amiga! e de onde tirar a axuda?

———————

Si, a nova hora é, cando menos, moi severa.

Porque podo dicir que alcancei a vitoria: o rinchar de dentes, o asubío do lume, os saloucos fedorentos, amainan. Todas as acordanzas inmundas esvaen. As miñas

34 Adeus á literatura? Adeus á alquimia do verso? Adeus a Verlaine?...

35 O francés “goule”, en galego “lamia”, fai referencia a un monstro ou demo da mitoloxía grega e oriental, representado con cabeza de muller e corpo de serpe, e que chuchaba o sangue dos meniños por ter envexa das súas nais. Non temos nós, tamén, un “quitasangue” infantil nas nosas orixes lendarias?

últimas coitas desaparecen, –envexas dos esmoleiros, malfeitores, amigos da morte, os atrasados de todas as condicións. –Condenados, se eu me vingara!

Hai que ser absolutamente moderno.[36]

Nada de cánticos: manter o terreo gañado. Dura noite! o sangue reseco fumega na miña faciana, e tras miña non teño nada, bardante ese arbusto arrepiante!... O combate espiritual é tan brutal como a batalla dos homes; pero a visión da xustiza é pracer só de Deus.

Emporiso é a vixilia. Recibamos todos os influxos de vigor e de tenrura real. E coa aurora, armados de ardente paciencia, entraremos nas vilas espléndidas.

Por que falaba de man amiga! Unha boa vantaxe é que son quen de me rir dos vellos amores troleiros, e colmar de vergoña esas parellas que menten, –vin o inferno destas mulleres alá abaixo; –e hame ser permitido *posuír a verdade nunha alma e un corpo*.[37]

Abril-agosto de 1873.

ALGUNHAS PUNTUALIZACIÓNS

1.- O POEMA EN PROSA

O poema en prosa posúe características que o distinguen dos demais xéneros literarios en prosa: brevidade, autonomía, densidade formal e significativa (a palabra, as figuras, o ritmo e a sonoridade), vocación lírica... O proceso consiste nunha poetización, unha destilación da prosa; de aí o emprego do asíndeto e da parataxe, dos puntos suspensivos, da paréntese, do guión, da exclamación, o punto e aparte, parágrafo breve ou "alinéa" (tipo "versículo": ex. "Départ", "Dévotion"..., das *Iluminacións*), a anáfora, o paralelismo e a repetición léxica e sintáctica (de grupos preferentemente nominais), co fin de evitar a expansión da frase, e acercar o poema en prosa ao ritmo e á sonoridade do verso. O exemplo canónico en Rimbaud sería o poema "Barbare", das Iluminacións.

Seu iniciador pasa por ser Aloysius Bertrand ("Gaspard de la nuit") e continúa con Gérard de Nerval ("Les chansons du Valois"); pero é sobre todo Baudelaire quen recolle

36 Modernidade que renace das cinsas da superstición.

37 A verdade *nunha* alma e *nun* corpo, nunha soa individualidade, un todo sen a separación que suxire a relixión.

e perfecciona o xénero nos seus “Petits poèmes en prose”. Con Arthur Rimbaud, a poesía en prosa queda consagrada cara ao futuro, e abre as portas ao versolibrismo que el inaugura (“Marine” e, sobre todo, “Mouvement”, das *Iluminacións*).

2.- A POÉTICA DO GUIÓN

Acabamos de dicilo. O guión ou “tiret” é parte esencial do poema en prosa, e esencialmente en Rimbaud. Na “Estadía” comunica unha impresión de oralidade: escande os berros do condenado, separa as distintas voces do diálogo consigo mesmo, acouta as voltas atrás do texto, separa as repeticións paralelísticas, que subliñan ou matizan ideas anteriores. Esta repetición periódica, paralelismo acentuado, ou recorrencia sintáctica do ritmo poético do texto, vai crear como unha ilusión mimética do verso, etapa que precede a chegada do verso libre, mediante o paso da disposición horizontal á vertical.

Estas repeticións periódicas e paralelísticas rematan xeralmente con signo de puntuación feble: coma, punto e coma, paréntese e coma, guión, guión e coma, ... Un fenómeno moi repetido é o uso da exclamación (que ás veces aparece no lugar da interrogación, feito que en galego sorprende menos pola entoación interrogativa descendente) e da interxección, entre guións ou non, pero que aparece, con signo de exclamación ou non, e seguida de maiúscula ou non, e aparentemente sen razón que xustifique a opción. Respectamos a ortografía rimbaldiá, igual que sempre é respectada no francés actual.

3.- A VERSIFICACIÓN EN RIMBAUD

Na tradición francesa, o verso está sometido a regras estritas canto ao número de sílabas, á cesura, á rima, maiúscula inicial, etc. Rimbaud vai empregarse a fondo na renovación radical destas normas poéticas, tanto na métrica coma na rima, á procura de novas formas de expresión. Indicar xa que todas as modificacións que opera nos seus poemas, tanto nas variantes de 1870-71 coma nas de 1872-73 constátase sempre a tendencia a unha maior liberdade formal (moi acentuada neste último período), que podemos ver coma unha auténtica refundación da poesía versificada, e que achega a poética rimbaldiá aos gustos e usos de hoxe en día.

En *Alquimia do verbo*, Rimbaud fala de “romances” ao referirse aos poemas da primavera de 1872, pezas simples, populares, para seren cantadas, e cita “Chanson de la plus haute tour” como exemplo. Froito da colaboración con Paul Verlaine, influenciados pola música, o refrán popular, e a ópera. Aquí temos que incluír, ademais, “A Eternidade”, “Fame”, Oh témporas, oh castelos”... con características similares, e que teñen varias versións.

Canto á rima, Rimbaud vai cambiar profundamente o tipo de rima tradicional, (sistematizada por Théodore de Banville: *Petit Traité de poésie française*, 1872), tanto na densidade fónica coma na organización da mesma. A grandes trazos, podemos falar de catro anos e de catro modos de abordar a cuestión da rima en Rimbaud. En 1870, fai un uso máis ben despreocupado da mesma, se nos atemos aos criterios tidos por normais: emprego esaxerado da "rima pobre" (diferentes timbres vocálicos, singular/plural...; con todo, vai amosar unha grande inventiva, por exemplo utilizando combinacións paronímicas (colorié :: arriéré)…, rima en –té dos femininos abstractos, rimas insólitas con palabras distanciadas gramaticalmente (à côté :: sauté), rimas gramaticais (sobre de sufixos ou desinencias verbais), rima-calambur (c'est assez :: cétacé), etc. En 1871, asistimos ao uso dunha rima correcta e mesmo esplendorosa ("rime riche"). No ano 1872, e sobre todo no 1873, temos unha rima cada vez máis asonantada, e moi pouco utilizada (ao que corresponde o poema "Ô saisons", ou "Chanson de la plus haute tour" (con rima feble); "L'Éternité", "Fêtes de la faim", "Le loup criait sous les feuilles (con transgresións ostensibles da rima); e finalmente, "Larme" (profunda alteración, ou mesmo poderiamos afirmar que destrución do sistema e natureza da rima, se ben hai que notar a presenza de novas e arriscadas homofonías internas, ou rimas en eco internas que desbordan o propio verso: **oise**aux/vilage**oise**s/n**oise**tiers/b**oi**s/b**oi**re/v**oi**x…; bru**yère**/t**iers** /t**iè**de/ couv**ert**/s**uer**)… Innovacións que van paralelas á transformación do verso, pero inda máis lonxe, e onde a irregularidade devén norma.

Asistimos mesmo ao que se chamou "rima consonántica", que non é tanto de semellanza de son, coma de semellanza de grafía: en "A Eternidade" aparece a rima en élans/selon; eternelle/seule; mêlée/soleil; ardeur/devoir. Neste caso, a pregunta obrigada é se se debe a un xogo consciente do poeta ou á súa ignorancia no dominio da fonética. Cremos, porque desexamos crer, que se debe á primeira razón.

4.- RITMO DA PROSA

O ritmo non é máis cá inserción do discurso no tempo. E vén dado pola duración dos segmentos do enunciado; isto é, a extensión e a segmentación das frases, a cadencia, e o acento tónico. A frase é, pois, a base do ritmo, e cada prosa ten o seu, perceptible no xogo de regularidades e irregularidades que a conforman.

Hai coincidencia en ver na prosa poética de Rimbaud un ritmo moi marcado, rápido, convulso, enérxico, breve, intenso, elíptico, polisémico, hermético. Talvez produto dunha vasta e dubidosa reflexión, dun monólogo dialogado consigo mesmo e co lector. Como o consegue? Pois, a grandes trazos, diríamos que por:

-O uso xeneralizado da sintaxe nominal: frases nominais, enumeracións, aposicións, construcións con participio, imperativo…

-A multiplicación dos acentos nas palabras chave, eliminando as partes neutras da frase.

-A concisión, pola supresión de todo o accesorio e redundante da frase, ata o punto de pór en perigo a propia lisibilidade do texto.

-A tendencia a rematar a frase con palabras curtas, abruptamente, en contra da retórica clásica da frase redonda e crecente; procedemento que tensiona e afirma o discurso.

-A repetición de módulos rítmicos de igual tamaño. Ritmo quizabes procedente do alexandrino ou do decasílabo, de estrutura binaria?

-Emprego de estruturas propias da linguaxe oral, ben que estilizadas, mesturadas con trazos de estilo depurado, o que lle outorga vivacidade e naturalidade á lectura. Salientamos aquí o recurso á exclamación, á interrogación (moi a miúdo substituída pola exclamación), á elipse, á sintaxe nominal, ao uso do presente, da primeira persoa do plural, da reiteración, dos deícticos, da supresión da partícula negativa "ne", dos xiros populares, da ruptura na construción da frase, da interxección (na "Estadía" atopamos nada menos que 132 formas interxectivas, que dramatizan a expresión pero vólvena máis escura, por canto só a través da intuición pode un achegarse ao sentido de seu, ou sentidos: de admiración, de sorpresa, de medo, de dúbida, enfado, rexeitamento...).

5.- A ARTE DE RIMBAUD

"Demandons aux poètes du nouveau, idées et formes", escribiu Rimbaud. "Les inventions d'inconnu réclament des formes nouvelles", dixo Rimbaud. Eis o itinerario. Sabemos por Georges L. Leclerc, conde de Buffon, que "le style c'est l'homme même". Pero, existe un estilo Rimbaud? No apartado do ritmo, cualificámolo con suficiencia adxectival. Posuidor dunha "lingua ardente", dunha "intelixencia vivaz", dun "carácter impulsivo, rebelde e imperioso", Rimbaud escribiu como viviu e o que viviu e soñou. Rachou coas cadeas do Romanticismo e do Parnasianismo, que eran a tradición. E inaugurou o futuro. Foi capaz de facer do enigma vital arte viva. Foxe do "nomeamento", para apertar a "evocación", único fin "suxestivo" da gran Poesía.

A poesía de Rimbaud, "l'homme aux semelles de vent", non é doada, e pois só el posúe a chave da tradución. Pero, que nos dá a entender en *Unha estadía no inferno*? El mesmo responde por nós: "J'ai voulu dire ce que ça dit, littéralement et dans tous les sens!". A verdade, si, pero salferida de ambigüidade, complexa e múltiple. Non menos podía esperarse deste destemido... "trafiquant d'âmes".

Amigo e sabido lector, a poesía é iso: complexidade, perplexidade. Sabemos por Sartre que en poesía, o que perde gaña; e que o artista auténtico elixe perder ata morrer para gañar. Quizais tamén o auténtico lector ten que ser consciente, como o foi o noso poeta, de que "la vie est la farce à mener par tous... Voici la punition". Na lectura rimbaldiá repousa, talvez, o maior castigo; isto é, o de ver que o misterio se agranda en cada frase, en cado liña. Pero tamén o supremo gozo de sentirmos de preto o vaidoso hálito da xenialidade. Porque a pesar de todo, a pesar de Rimbaud, a poesía (coma o amor) "est à réinventer"... en cada lectura.

6.- BIBLIOBIOGRAFÍA

Para un traballo desta índole, renunciamos a facer explícita a bibliografía concreta e detallada, que pospomos para mellor ocasión. Remitimos aos amantes lectores a facer clic en Google para que nos asolague a listaxe de miles de nomes e títulos ao respecto. Entre eles, os utilizados por nós, e que aparecen nas notas a esta tradución.

O lector máis desnortado sabe, ademais, que non se pode entender un texto como *Unha estadía no inferno* sen mergullarnos na vida abraiante e azarosa do poeta. Porque este libro non é máis cá súa propia vida, feita poesía, e escrita cando inda andaba nos seus vinte anos.

Barbantia, ano VI

"Achegádevos a esta praia"!

Alberto Piñeiro

"Hai dúas cousas infinitas: o Universo e a estupidez humana. E do Universo non estou seguro."

Albert Einstein.

Eu puntualizaría: "…a estupidez dalgúns seres humanos..." Sempre quixen corrixir a Einstein. Supoño que no tocante ás súas opinións sobre o principio de covarianza, o movemento libre inercial ou a invarianza local de Lorentz me resultaría máis difícil.

Alberto Piñeiro.

Naht euch dem Strande!
Naht euch dem Lande,
wo in den Armen
glühender Liebe
selig Erwarmen
still' eure Triebe!

Achegádevos a esta praia! / Achegádevos a esta terra, / onde nos brazos / dun amor ardente / o enfeitizado ardor / calmará os vosos desexos!

A Philharmonia Orchestra, dirixida por Giuseppe Sinopoli, vén de interpretar, nunha gravación que data do ano 1988, a Obertura de *Tannhäuser und der Sängerkrieg auf Wartburg*, de Richard Wagner. Composición (a Obertura) que presenta unha secuencia ABAB, na que por A entendemos o tema da peregrinación, introducido por trompas, fagots e clarinetes, e onde B reflicte o tema do heroe. Os que escoitamos en CD esta ópera tantas veces, podemos sentir dende as primeiras notas os pasos dos peregrinos que han cantar o sublime coro do acto terceiro. Porén, a segunda sección da Obertura recondúcenos ao inicio da acción, onde xorde o Venusberg anunciando bacanais habitadas por sátiros, ninfas e sereas. Advertimos daquela o *leitmotiv* do himno que Tannhäuser verterá nos oídos de Venus ao comezo do primeiro acto. É despois cando un breve murmurio de ecos dá paso ao canto obsceno das sereas, que así o vou denominar por xurdir dende fóra da escena; resultando para o público, xa que logo, invisible a presenza das temibles criaturas, que deseguida nos exhortan, case en silencio, a ir ás súas praias: *"Naht euch dem Strande!"*.

É verdade. Os lectores do *Anuario de Estudos do Barbanza* son intelixentes. De seguro que xa se decataron de que tampouco hoxe, despois de ducias de audicións do *Tannhäuser* de Wagner, vou ser quen de ausentarme do drama e da música para convertelos en lenzo ou pano de fondo sobre o que narrar a última (que, dende logo, non derradeira) singradura de Barbantia. Lémbranos Diego Fischerman no ensaio *La música del siglo XX* que "a última palabra de Franz Liszt, antes de morrer, foi "*Tristán*"." Eu creo que a miña verba final será "Tannhäuser", ou pode que para entón a febleza do corpo e da voz me impidan pronunciala, e me conforme con suspirar "Lande", a verba mol coa que remata o coro das sereas: "Terra"; minutos antes de que Venus me pregunte: "*Geliebter, sag, wo weilt dein Sinn?*", que en galego traducimos por "Meu amor, dime, en que pensas?" Algo ao que, obviamente, xa non responderei.

Disto estou definitivamente convencido: a música ambiental non existe. Porque se é ambiental, non é música; e se é música, non pode ser ambiental, senón protagonista poética. "A música converte todo oínte en poeta", lemos a Vladimir Jankélévitch en *La musique et l´ineffable*, máis de cen páxinas antes de que comente que "a meirande parte dos homes pídenlle á música a leve melopea que precisan para acompañaren as súas asociacións de ideas, rimaren as súas fantasías e entreteren as súas reflexións. A música xa non lles serve para envolver o drama na atmosfera lírica da ópera; para eles converteuse –como di Satie ironicamente- en simple música decorativa, melodiosos efectos sonoros que cumpren o rol de fondo nos xantares e nas conver-

sas: non *declamación acompañada*, nin, como sinala Albéric Magnard, *traxedia en música*, senón fondo musical para os homes de negocios." Ou para os redactores de crónicas, podemos engadir.

Ach! Was vernehm´ ich? Welche törige Klage!

Bist du so bald der holden Wunder müde,

die meine Liebe dir bereitet? Oder wie?

Könnot´ ein Gott zu sein so sehr dich reu´n?

Creo que non lamentaría ser un deus –penso namentres continúa soando o CD-. A pesar da inmortalidade. Claro que non estou na situación de Tannhäuser; quero dicir, no interior do Venusberg, en Eisenach, na cova onde xace Venus, coa miña testa repousando no colo da deusa. Pode que nese contexto compartise os desexos do heroe de contemplar o vizo nos eidos e escoitar o reiseñor que anuncia a primavera. De saber da existencia dos días e meses. De ver a luz do Sol e o resplandor das estrelas. De erguerme e afastarme do corpo inmortal que me ama e exclamar:

Zu viel! Zu viel!

O, daß ich nun erwachte!

Si, "é demasiado! É demasiado! Oxalá rematase este soño!", quizais diría tamén eu. Sería como querer espertar e saber que endexamais o hei lograr. Sería como descubrir que non existe a *verdade*, que o Universo non se expande e non andamos "sobre nubes de electróns", negando a Eugene Chudnovski, e mentindo no amor a Venus.

Dir töne Lob! Die Wunder sei'n gepriesen,

die deine Macht mir Glücklichem erschuf!

Die Wonnen süß, die deiner Huld entsprießen,

erheb´ mein Lied in lautem Jubelruf!

Como non teño arpa, ás veces desenfundo a guitarra e acompaño estes versos de xeito moi lamentable, a dúas voces co tenor: "*Para ti os meus encomios! / Gloria aos prodixios que o teu poder obrou sobre min! / Que o meu canto poderoso e gozoso / enuncie as dozuras que depositaches en min!*". Tan pronto comezan a xurdir as notas do instrumento, vénme á mente un irónico refrán do cantautor Silvio Rodríguez, que de certo se debeu inspirar máis en Tannhäuser que en Venus para cantar: "*Te quiero, mi amor, / no me dejes solo; / no puedo estar sin ti, / mira que yo lloro*." E non podo evitar mudar a letra da ópera de Wagner pola do vate cubano. Que que diría Nietzsche ao respecto? Que onde ficou a "música absoluta"? Non creo. De todas formas, Nietzsche aplicaba ese concepto ao *Tristán*, non ao *Tannhäuser*. Ademais, o encabalgamento irónico dunha canción de Silvio sobre o himno wagneriano afástame un chisco dos plantexamentos teóricos do compositor de Leipzig, daquela pregunta que formulou e el mesmo se encargou de contestar en 1878: "*Was ist deutsch*?" ("*Que é o alemán?*"). Naturalmente, resulta moito máis sinxelo responder a esa cuestión política que esteticamente, algo que non se esquecerían de facer no futuro os seus pérfidos acólitos.

Aus deinem Reiche muß ich fliehn!

O Königin, Göttin! Laß mich ziehn!

Ao escoitar estes lamentos de Tannhäuser, resulta inevitable pensar nas similitudes coa pasaxe da *Odisea* na que o heroe homérico lle pide a Calipso que o deixe volver a Ítaca, arredándose para sempre da illa de Oxixia, na que a ninfa o cativou durante sete anos, ata que o Laertíada decide que é tempo de regresar con Penélope, malia que esa decisión lle custe rexeitar a inmortalidade a carón da filla de Atlas e Pléione. Trala intercesión de Atenea ante Zeus, Calipso aceptará o regreso a Ítaca de Odiseo, pero aniñando no seu corazón verbas moi similares ás que flúen da boca de Venus: "*Treuloser! Weh, was lässest du mich hören?*" ("*Ouh! Traidor! Que é iso que acabo de oír?*") Velaquí a resposta: o desexo do heroe de seguir habitando no tempo. De ser quen de morrer.

Drum muß aus deinem Reich ich fliehn!
O Königin, Göttin! Laß mich ziehn!

A insistencia de Tannhäuser frutifica, e vese recompensada coa aquiescencia dorida da deusa: "*Pois marcha, tolo, marcha! Non vou impedircho, traidor! Es libre, marcha!*", entoa negando a felicidade aos mortais, despois de que soaran por terceira vez na representación os acordes do *leitmotiv* do protagonista, desta vez incrementada pola orquestra a súa complexidade cromática, que xa non lembra tanto o refrán da canción de Silvio *Debo partirme en dos*, como, nalgunhas liñas instrumentais, as poderosas páxinas de *Die Walküre* (*A Valquiria*), esas ás que alude o personaxe interpretado por Woody Allen en *Manhattan Murder Mystery* (*Misterioso asasinato en Manhattan*) cando di que non atura escoitar a música de Wagner porque lle entran gañas de ocupar Polonia. O mesmo que, seguramente, tamén lle sucedía a Lukács, tal e como recolle George Steiner en *Errata*: "Movido polo seu medo a Wagner, Lukács preguntaba se un só compás de Mozart se prestaba ao abuso político, se podía expresar a maldade inherente. Ao que, cando en certa ocasión me referín a este desafío, Roger Sessions, o máis serio dos compositores, contestou sentando ao piano e interpretando a ameazante aria da Raíña da Noite d´*A frauta máxica*. Engadindo de inmediato, porén: "Non, Lukács ten razón"."

Dicía Platón na *República* que a música "apodérase do máis recóndito da alma", pero nin sequera Platón podía imaxinar ata que punto se cumpre a súa afirmación ao escoitar a música de Wagner. Trátase dun arroubo máis inexplicable aínda para aqueles que nos achegamos ao xénero operístico fascinados polos coros, as arias e o dinamismo escénico das composicións de Verdi, que despois nos mergullamos en Mozart, Rossini, Puccini e Donizetti, descubrimos máis tarde a Chaikovski, Bizet, Massenet, Gounod, Bellini, Dvořák, Giordano, Mascagni, Gluck, Borodín, Rimski-Kórsakov, Prokófiev ou Mussorgski, pero que mercamos a tetraloxía *Der Ring des Nibelungen* (*O anel do nibelungo*) ou *Tannhäuser* de Wagner por simple curiosidade ou pedantería intelectual, do mesmo xeito que adiquirimos a *Landschaft mit entfernten Verwandten* (*Paisaxe con parentes distantes*) de Goebbels –Heiner- ou o *Helikopter-Streichquartett* (*Cuarteto para cordas e helicóptero*) de Stockhausen, sen a máis mínima intención de escoitalos. Pero quen non debe admitir que estaba errado e lamentablemente igno-

raba, cando repite co coro a canción dos peregrinos, mesmo que a mensaxe verbal resulte indiferente para un ateo.

Zu dir wall ich, mein Jesus Christ,
der du des Pilgers Hoffnung bist!
Gelobt sei, Jungfrau süß und rein!
der Wallfahrt wolle günstig sein!

Camiño cara a ti, meu Señor Xesús Cristo, / es a esperanza dos peregrinos! / Bendita sexas, Virxe branca e pura! / Agasalla co teu sorriso estes peregrinos! Sen dúbida, é poesía, mais poesía que non está nos versos, senón na música. Música cuxo texto é o mundo, diranos Schopenhauer en *Pensamento, palabras e música*, pouco despois de parodiar a Leibniz coa sentenza: "*Musica est exercitium metaphysices occultum nescientis se philosophari animi*" ("A música é un exercicio incosciente de metafísica no que a mente non sabe que está filosofando"). Na *Estética* (*Vollesungen über die Ästhetik*), Hegel afirma que a música se distingue das demais artes porque está "demasiado preto do mundo libre da alma, que é o seu elemento, para non ter o dereito de colocarse máis ou menos por enriba do asunto dado e do pensamento mesmo que constitúe o seu fondo." A "música absoluta", recalamos nas ideas espalladas por Carl Dahlhaus –que non fai senón recompilar e meditar sobre os escritos de Nietzsche, Wagner e Schopenhauer- consiste, para min, máis incluso que nunha das grandes sinfonías de Beethoven, no wagneriano "arte musical absoluto". "O *Tristán* de Wagner é, na estética de Nietzsche, *música absoluta*" (Carl Dahlhaus, *A idea da música absoluta*). Exactamente o mesmo que eu escoito en *Tannhäuser*.

Freudig begrüßen wir die edle Halle,
wo Kunst und Frieden immer nur verweil,
wo lange noch der (frohe) Ruf erschalle:
Thüringens Fürsten, Landgraf Hermann,
Heil!

Con pracer saudamos esta nobre sala, / onde habitan a arte e a paz, / onde sempre resoará o grito de: / Salve, príncipe de Turinxia, landgrave Hermann!. Canta o coro na cuarta escena do segundo acto. Coñezo os motivos do himno, así como o contexto e a localización: "O landgrave e Elisabeth saen ao balcón, para saudaren a chegada dos convidados. Catro paxes van anunciándoos segundo chegan. Entran cabaleiros e condes, acompañados por damas e polos seus respectivos séquitos, que permanecen no fondo da escena. O landgrave e Elisabeth reciben os convidados." Pero só me importa a música. E nos muros do despacho no que me dispoño a comezar o resumo das actividades de Barbantia, afóganse as palabras para deixar que sexa o "fío musical" o único protagonista, filtrándose polos escasos ocos dos andeis para incendiar as páxinas de centos de libros, moitos dos cales son fontes nas que bebe esta introdución, que se centra na música non por atoparmos no *Anuario* dous traballos que falan da historia dos coros boirenses e que recompilan partituras inéditas –que tamén-, senón porque Barbantia ten aínda pendente outro encontro ou catálogo de creadores no que non falen só poetas, pintores, fotógrafos ou investigadores, senón músicos. Coa súa música. Poetas do son. Creadores de luz sobre o lenzo do silencio.

Gar viel und schön ward hier in dieser Halle

von euch, ihr lieben Sänger, schon gesungen.

Decote temos escoitado a forza dos trobadores nesta sala. E abofé que a seguiremos sentindo, como sucedeu coa xoia *As voces da musa*, editada en 2009, e en varias presentacións de libros nas que a música ocupou un espazo non accesorio. Así seguirá ocorrendo tamén no porvir. Co arroupo de cada un dos máis de douscentos setenta membros dunha entidade que conta xa con seis anos de existencia.

Mais eses serán episodios que han formar parte doutros volumes do *Anuario* de Barbantia, probablemente redactados por novos e desexamos numerosos cronistas. Pero aínda que iso non fose así, cómpre subliñar que o traballo realizado énchenos de satisfacción, pois fomos quen, neste tempo, de erguer unha obra que quedará en pé para as xeracións vindeiras, unha obra que se agranda cada vez que asistimos á presentación dunha novela, un ensaio ou un poemario; cada vez que nos acaroamos na apertura dunha exposición; cada vez que gozamos coas notas dunha partitura inesquecible:

Hier unser Schwert!

Velaquí están as nosas espadas. E estas son as armas coas que seguiremos loitando: a creación, o debate, a pluralidade, o intercambio, a arte, o saber, a cultura. Contra os nosos inimigos de sempre: a ignorancia, a incomprensión, a estulticia, a incultura, o feísmo, a indiferenza. Convencidos de que só así lograremos habitar un país mellor.

Beglückt darf nun dich, o Heimat, ich schauen,

und grüßen froh deine lieblichen Auen.

Con ledicia atópote de novo, miña patria, / e con gozo saúdo os verdes eidos. Onde poidamos cantar todos xuntos un himno no que ningunha voz sexa calada, un coro que afonde no máis profundo da alma humana, e que xamais poida ser borrado da face da terra.

Durch Sühn und Buß hab ich versöhnt

den Herren, dem mein Herze frönt,

der meine Reu mit Segen krönt,

den Herren, dem mein Lied ertönt!

Der Gnade Heil ist dem Büßer beschieden,

er geht einst ein in der Seligen Frieden;

vor Höll und Tod ist ihm nicht bang,

drum preis ich Gott mein Lebelang.

Halleluja! Halleluja in Ewigkeit!

Ofrezo ao Señor a miña penitencia, / a el réndese o meu corazón, / el bendiciume, / e a el elevo o meu canto!

A beizón da salvación concedíchesslla ao penitente, / que así entrará no país dos Benaventurados; / e xa non temerá a morte nin o inferno; / polo resto dos meus días gabarei a Deus. / Aleluia! Aleluia por sempre!

VENRES 30 DE OUTUBRO DE 2009

O primeiro peirao no que recalamos, nesta crónica do acaecido na última singradura de Barbantia, é a Casa de Cultura de Lousame, en Portobravo. Alí nos xuntamos á hora habitual de desembarco –20:30- amigos e fieis seguidores dunha das máis salientables integrantes da narrativa galega contemporánea, Rosa Aneiros, a quen vimos acompañada polo escritor Agustín Agra; por Fran Alonso, representante de Edicións Xerais de Galicia; por Santiago Freire, alcalde de Lousame; e por Teresa Villaverde, concelleira de cultura e xefa territorial da Consellería de Educación da Xunta de Galicia.

Portada de *Sol de Inverno*, de Rosa Aneiros, Premio Xerais de Novela 2009. Foto: Simón Balvís

O libro que presentamos é *Sol de Inverno*, que vén de ser galardoado co Premio Xerais de Novela 2009. No escenario, os encomios á narración de Rosa son unánimes. Dende o representante da editorial ao amigo Agustín, pasando polo alcalde e rematando na persoa da concelleira de cultura, todos coinciden en salientar a mestría coa que a autora enfiou as palabras, pero se cadra é Teresa Villaverde quen con máis expresividade resalta as calidades da novela, da que sinala, despois de sincerarse e afirmar que aínda non a rematou, que se trata "dun deses textos que prenden no lector e non es capaz de deixalo". Da boca de Teresa xorden, multiplicándose, os parabéns á autora; verbas que no discurso dalgún outro político poderiamos crer predeseñadas, pero que agromadas da honestidade da concelleira lousamesa non resultan sospeitosas. E namentres Rosa Aneiros agradece a intervención da tamén socia de Barbantia, minutos antes de que a escritora e xornalista premie os asistentes coa lectura dun fragmento, teño un intre para botarlle de novo unha ollada á contraportada da novela, onde fica impreso o argumento:

> Sol de Inverno *é unha novela comprometida, densa e cun pouso de lirismo que debuxa o periplo vital dunha personaxe: Inverno. A protagonista habita diversos escenarios que nos conducen desde a perdida aldea de Antes a Barcelona, para relatarnos a crueldade da Guerra; e logo ás circunstancias da fuxida a Francia; ao emblemático barco Ipanema; ao longo exilio cubano; á revolución castrista; e mesmo á viaxe ao París do maio do 68. Será en Cuba onde atopamos o pouso da emigración e dos descendentes dos cimarróns, da memoria infinita da tata Luzdivina*

e do cheiro das follas de tabaco do bisavó Andrés, un escenario clave para entender a singradura dunha protagonista que turra por volver a Antes. Sol de Inverno *constrúe un mundo simbólico e máxico polo que deambulan seres entrañables para crear un relato de pulso vagoroso, que reborda nun potente río de historias. A memoria do exilio, as súas voces e as súas feridas, que Inverno debe lamber unha e outra vez, marcan o pulso desta novela que destaca pola rebeldía dos personaxes na defensa dos ideais e da xustiza.*

Liñas que remato xusto a tempo de escoitar a lectura que fai a autora do comezo dun dos capítulos:

17

Argelès-sur-mer, tan só unha praia de xurro deitada no Mediterráneo. Alí non había aínda infraestruturas. Lembra, Inverno, ti estiveches alí. Non o soñaches, non cho contaron, non o liches nas memorias terroríficas escritas posteriormente polos confinados. Ti estiveches alí. Sentiches a aridez da area, as bategadas do mistral e os xuramentos dos terrible senegaleses que custodiaban o valado de arames que circundaba o areal. E, enriba do xabre, milleiros de homes arreconchegados uns contra os outros para vencer o frío áspero de febreiro. E logo a choiva iracunda e o aire xélido e a fame e a friaxe. A medida que chegaba a noite, os homes, mesmo os máis escépticos, imploraban a un deus, calquera que for, para poder espertar vivos ao día seguinte. Cada noite a area servía de cadaleito a homes e nenos que morrían conxelados, namentres ducias de estertores testemuñaban a saída do sol. Algún xuraba que preferiría ter morto no campo de batalla a vivir aqueles días de aldraxe. Os máis, gardaban os folgos para non gastar enerxía senón no estritamente necesario. Había quen xa estaba a sumarse aos recrutamentos dos sublevados e outros que organizaban a vida cotiá para facilitar a convivencia. Pero era tarefa ardua. A propia area converteuse en cama e latrina e, con tanta xente, resultaba difícil establecer unha mínima orde. Se ben se acordou que un dos seus extremos se destinase a depósito de fecais, non era difícil cavar unha cama no xabre e amencer cuberto de excrementos. Quen lles dera un pouco de palla ou unha manta e algo máis que comer! O peor, dicía Rafael, eran as horas mortas. As horas en que ollaban o mar e ían descubrindo entre a alegría e a dor, os vellos coñecidos da fronte. E non sabían se rir ou chorar ante a súa penosa situación, enguedellada por tanta arela esmagada. Ai, Francia, Francia. Rafael non perdera o ánimo de todo e aínda se atrevía a facer chanzas sobre o tamaño e a negrura dos soldados senegaleses. Xurouvos que cada día preguntaba por papá a canto coñecido atopaba pero aínda non lograra saber nada. O último que o vira fora en Figueres, dacabalo dun carro de combate e acompañado dun rapaz rubio con aspecto estranxeiro. Aquel era Ian, que dúbida tiña. Rafael insistiuvos en que marchásedes de alí

canto antes pero mamá non quixo. Aquela noticia sobre papá abríralle un tímido suco de alegría no rostro e decidiu que habiades agardalo un día máis. Que disque tiña unha intuición e santa Mariña habíavos valer. Así que, aquela noite, ficastes en Argelès-sur-mer cabo de Rafael.

Lémbrao, Inverno, lémbrao porque aquel veleno que levabas incrustado no peito pola morte de Fiz multiplicouse ata o mesmo infinito durante aquelas horas en que Rebeca sentiu o lume xélido da morte no seu rostro. Lembra, Inverno, poucas veces odiaches tanto.

A escritora e socia de Barbantia, Rosa Aneiros, compartiu cos barbanceses, en Portobravo, a saída do prelo da súa última achega. Foto: Simón Balvís

Tan pronto acaba Rosa a lectura do episodio 17 da súa novela, o son de palmas dos asistentes silencia a tempestade no salón de actos da Casa da Cultura de Lousame, prendidos tanto polo relato como polo sorriso que ilumina o rostro da escritora. É o intre de conversar coa ela, solicitarlle a dedicatoria dun exemplar e compartir en amizade uns petiscos, protexidos do xélido frío do inverno, que semella quixo adiantar o reloxo, e azouta tralas paredes de cristal que ondean co vento.

VENRES 6 DE NOVEMBRO

Xusto unha semana despois de mergullármonos no *Sol de Inverno* de Rosa Aneiros, arribamos á Pobra do Caramiñal para cumprir coa homenaxe ao sempre presente Anxo A. Rei Ballesteros, inesquecible amigo e autor de referencia na literatura galega do século XX, iniciador da narrativa posfranquista, pensador, filósofo "das silveiras", dramaturgo, ensaísta, tradutor e gran conversador. Co fin de honralo, deseñamos catro xornadas de conferencias, presentacións de libros, proxeccións, e unha exposición do compañeiro Manuel Teira, esparexidas ao longo das fins de semana de novembro. Todo un mes de actividades para render tributo a un home do que Xosé Ricardo Losada, secretario de Barbantia, escribirá nas lapelas do *Anuario 2009*, que sairía do prelo o día 27:

Anxo Rei Ballesteros era, por riba de todo, un sabio. Un sabio grego. Pero non un sabio grego ao estilo de Platón, Aristóteles nin, moito menos, como el chegou a degorar, de Heidegger. Anxo era un sabio cínico, un Dióxenes. Un sabio que decide vivir ás marxes da sociedade, provocando, alterando a orde, recordándonos con extravagancias (extravagancias con causa) o burgueses que somos, a comodidade na que vivimos, as trampas que abrazamos con gusto

No centro da escena, en segundo plano, Carlos Fernández, co-autor con Anxo Rei do ensaio *Urda e mundo*. Foto: Simón Balvís

masoquista, os soños que tiramos pola borda e que, no fondo, non queriamos tirar. Filosofía e literatura como formas de vida. Liberdade radical de pensamento, obra e expresión. Desvergonza. Ataque ás tradicións. Autoafirmación individual fronte a unha sociedade alienante. Continua transgresión. Cidadanía do mundo. Esa era a súa sabedoría.

O serán do primeiro venres do mes de Santos tivemos novamente temporal no Barbanza. A ventada da escuridade tirara algunhas tellas no Museo "Valle-Inclán", que era desta volta o noso acubillo, e por debaixo da porta filtrábase a auga da choiva que, mesturada con follas caídas, xabre e papeis, ameazaba con provocar máis dun esvarón aos valentes que foramos citados para atender a Carlos Fernández, profesor de Filosofía e historiador, quen viña ofrecer unha conferencia sobre o seu amigo escritor, co-autor do ensaio *Urda e mundo*, Anxo Rei, baixo o título "O home que disparaba contra os reloxos". O seu discurso estivo ateigado de reflexións sobre o ser e o tempo, sobre o amor, o erotismo, a arte e a literatura. Cando ía máis de media hora de intervención, os preto de cincuenta asistentes escoitámoslle contar:

Anxo non era un vangardista ao pé da letra, pois aprende de Agustín García Calvo e de Heráclito de Éfeso que un escritor se achega tanto máis á orixe canto máis lle presta a voz ao logos *común que nos fala e nos pensa e tanto máis se afasta dela canto máis fala a esclerotizada lingua da Realidade, por moi "orixinal" que sexa a súa máscara.*

Antes vangardista que nacionalista, cando decide escribir en galego reconverte o seu vangardismo nunha reivindicación da temporalidade propia da Galicia tradicional. Así, a pretensión de abolir o tempo no tempo, de procurar a continuidade no Ser a través da embriaguez, do erotismo e, en xeral, do exceso, se ben non desaparece da súa vida e da súa obra, deixa paso a unha celebración

do kairos *ou temporalidade comunitaria (o tempo da seitura, o tempo da colleita…), na que cada cousa ten o seu tempo e hai un tempo para cada cousa.*

E continuou citando un extracto do *Tempo e vinganza* de Rei Ballesteros, para ver autorizadas (no senso de *auctoritatem conferre*) as súas verbas:

"No decorrer do ano hai un tempo propio para que maduren as cereixas e outro para vendimar o viño; como tamén o hai para celebra ro Antroido e o Nadal. É en determinada época do ano, nunha época concreta, cando florecen as maceiras e non, abstractamente, indiferentemente, en calquera outra."

Tras isto, rematou afirmando:

É entón cando [Anxo] escribe Tempo e vinganza*, magnífico ensaio sobre un Hamlet lido en clave de contraposición entre tempo moderno e tempo tradicional, como factor explicativo das decisións existenciais que tecen a urda da traxedia de Shakespeare. E xa no final da súa vida, aínda lle queda tempo para asinar, xunto con quen isto lles narra,* Urda e mundo*, un ensaio sobre Rof Carballo, no que interpreta o vencello que une o neno coa nai como unha estrutura en parte intemporal que se repite en cada xeración da xinea familiar, permitindo que agrome a propia individualidade sobre o fondo común que nos constitúe.*

Deste xeito, pasadas as dez da noite, puxemos colofón á primeira das catro xornadas de homenaxe a Anxo A. Rei Ballesteros, non sen antes comprometérmonos a asistir á segunda, que tería lugar no mesmo espazo no serán do venres 13.

VENRES 13 DE NOVEMBRO

Se este fose un país normal, eu, podes estar segura de que non che sería nada galeguista. Con ser galego chegábame dabondo. O que pasa é que non é un país normal.

Anxo A. Rei Ballesteros, *Loaira*.

Semella que tampouco hoxe os silfos han descansar. E na praia do Areal amoréanse as algas traídas nos embates das ondas. Como hai sete días, as embarcacións deportivas baten unhas con outras nos pantaláns. Non chove miúdo. Nin xamais choverá. Camiño da Torre Bermúdez, mergullo no programa de hoxe, que vai comezar decontado coa intervención da escritora e profesora de Literatura Galega na USC Dolores Vilavedra. Loli, que así a chamamos os que sentimos ledicia de poder contar coa súa amizade, exporanos "Apuntes para unha contextualización de *Dos anxos e dos mortos* na narrativa galega contemporánea." Gusto de escoitala. Fun alumno seu cando estudaba Filoloxía. Ao cruzar o limiar da porta do Museo, procuro axiña un lugar dianteiro onde sentar, atender e secarme. Dende a miña cadeira, a perspectiva do escenario é perfecta: en primeiro plano, Antón Riveiro Coello, que dá a benvida ao nutrido público; á súa beira, Víctor Freixanes, que acode en representación de Galaxia, pois

nesta mesma xornada sae do prelo *A noite do moucho*, novela póstuma que nos deixou Anxo Rei. Finalmente, á dereita de Loli, fóra da imaxe, Encarna González, a concelleira de cultura d´A Pobra do Caramiñal, pendente do teléfono móbil.

Antón Riveiro, Víctor Freixanes e Dolores Vilavedra interviron na primeira parte da segunda xornada de homenaxe a Anxo A. Rei Ballesteros. Foto: Simón Balvís

Moitas son as pasaxes de interese que, da intervención da escritora, poderiamos verter neste resumo, mais como exemplo sirvan as liñas do inicio dunha clase mestra digna dun dos membros máis recoñecidos da crítica literaria actual na Galiza:

> *Cando hoxe nos achegamos aos manuais, panorámicas, e demais canles vertebradoras da nosa historiografía literaria, non deixa de resultar chamativo o valor emblemático que se lle outorga a unha obra primeiriza, dun precoz autor que cando a publicou era un absoluto descoñecido. Estou a falar de* Dos anxos e dos mortos *de Anxo A. Rei Ballesteros, publicada en 1977 por Edicións Castrelos, e redactada cando o escritor contaba pouco máis de vinte anos.*
>
> *Por exemplo, xa en 1981, nun artigo panorámico sobre "A narrativa galega dende 1975 ata hoxe", Anxo Tarrío opinaba que a novela facía concebir "razonábeis esperanzas cara ó futuro da nosa narrativa" e consideraba o seu autor "unha promesa indiscutíbel da nosa narrativa". Pero realmente a actual valoración de* Dos anxos *prodúcese a partir da reedición da novela en Galaxia no ano 1991, coa que sen dúbida estaba a preparar o terreo para a publicación ao ano seguinte de* Loaira*, pois era preciso dar a coñecer o escritor entre as novas xeracións de lectores que foran entrando en contacto coa literatura galega na década dos 80 e para as que era case un descoñecido. A reaparición no mercado editorial do texto, e do autor, coincide cun momento de grande preocupación periodizadora e taxonómica, orixinada pola constatación da gran expansión experimentada pola produción literaria galega e a conseguinte necesidade de ordenala e canonizala: parecía evidente que* Dos anxos e dos mortos *tiña que situarse no novo mapa literario, e podía facelo nunha posición privilexiada. A década dos 90 será logo a da consagración de obra e autor, en parte grazas a opinións como a de Víctor Freixanes, quen consideraba a novela como "o anuncio, case que inconsciente, dun novo xeito de narrar".*

Serio e meditativo, agardando a súa quenda na orde de intervencións, Víctor Freixanes presta atención ás palabras de Loli ao tempo que toma apuntamentos sobre diversos aspectos da conferencia, cuxo remate, recibido con varios segundos de aplausos dende as butacas, enlaza sen dilación coa presentación do texto póstumo *A noite do moucho*, do que o director de Galaxia comenta, dando inicio ao seu discurso: "Coa publicación desta novela, Galaxia inaugura a Biblioteca Rei Ballesteros; biblioteca de autor que amosa o propósito da editorial de outorgarlle a Anxo un lugar cimeiro no canon da literatura galega contemporánea." Intención manifesta, asemade, por mor da edición dun número extraordinario da revista Grial, cuxas páxinas degrae Freixanes amosando ao auditorio a portada do protagonista exclusivo, Anxo A. Rei Ballesteros.

A lúa fora perdendo devagar, no seu ascenso, aquela primeira roibén ensanguiñada e fórase virando de ouro pálido. A poucos metros por diante do alboio, de cascallo e sen asfaltar, escorría esbrancuxada a pista. Nin un can. Totalmente deserta a aquelas horas. Ningún camión, ningún coche, ningunha moto, ningún ruído estraño, nada; nin o gargarexo manso dalgún motor na lonxedade. Por que non aproveitaba eses momentos delairados para petar na porta e –sen levantar demasiado a voz- chamar por Emilio para que lle saíse a abrir? Pero, non, aínda non. Había algo… Aínda non se daba decidido. O feito de teren estado alí os falanxistas… Xa sabía que podía ser casualidade –estaba seguro de que o era- pero… pero a el dáballe mal cheiro. Como a calquera, aínda que non fose el, a calquera seguramente llo daría. A calquera que estivese afiliado á CNT e que, amais diso, soubese, non só, o que o seu cuñado lle acababa de facer, senón tamén que os fachas o… andábano buscando, que lle andaban á… Queríano matar.

Fragmento d´*A noite do moucho*.

A lectura esfiada, durante as verbas de Freixanes, dalgunhas liñas da novela, incítanme a adquirila no intermedio do café-descanso que se anuncia no programa. Como de costume, o primeiro que fago tan pronto merco un exemplar é botarlle unha ollada á contraportada, onde tras unha pregunta transcendental se nos desvela a trama:

É o momento da morte cando se descobre a verdade sobre un mesmo? En A noite do moucho *un vello cóntalles a uns mozos a historia de Aurelio, que intenta fuxir dunha morte segura, a mans duns falanxistas, pouco despois da sublevación militar de 1936. Nesta novela, publicada postumamente, Anxo A. Rei Ballesteros (Boqueixón, 1952 - A Coruña, 2008) aborda desde a ficción, coa inmediatez da narración oral, algunhas das preocupacións principias da súa singular e inesquecible obra literaria. A idea da identidade como máscara, o tempo e a linguaxe como xeitos de expresión da incerteza da realidade.*

Sen tempo de ler máis que a nota dos editores, a cita de Cioran que introduce o texto ("Non será a luz unha alucinación da noite?") e as primeiras liñas do "Portal", mergúllome de novo no silencio do re-

A Casa de Raquel Soler acolleu a exposición coas obras realizadas polo artista pobrense Manuel Teira. Foto: Simón Balvís

bumbio do *intermezzo* para buscar a presenza de Antonio Piñeiro e Manuel Teira. O primeiro, director da Colección Bourel, tecedor de libros, amigo e compañeiro; o segundo, fraternal artista plástico e autor dos gravados que engalanan *O resto é silencio*, volume artesán que recolle tres relatos da Anxo Rei: *Passport*, *Fantasmas* e *Querido Brais*. Outra pequena alfaia que engadir á colaboración entre Bourel e Barbantia, conformada, desta vez, por cento cincuenta exemplares seriados, numerados e asinados, nunha edición limitada e única onde Anxo pón a luz, Teira a cor e Piñeiro a materia.

Deseguida os localizo conversando con Laíño, Riveiro e AgraFoxo. Non creo que con boa educación, interrómpolles o diálogo e chamo á parte os co-autores. Coméntolles que todo ficou listo na Casa de Raquel Soler, edificio cultural pobrense ao que debemos camiñar baixo o trebón, porque das súas paredes penden os cadros da exposición que Manuel Teira realizou para honrar o tan prezado amigo seu. No interior da Casa, espallados sobre unha mesa de madeira de carballo, repousan os exemplares d´*O resto é silencio* que se han utilizar na presentación, ficando os demais, polo de agora, dentro de bolsas de papel. Ao entrarmos na sala central, iluminada polo acrílico, deteño a vista un intre no retrato de Anxo Rei que vai presidir a cerimonia de apertura. Debaixo del e ás súas marxes, sitúanse os representantes políticos locais, así como Riveiro, Piñeiro e Teira.

Nidiamente emocionado, o pintor d´A Pobra relata anécdotas fermosas do finado que chegan ao corazón dos presentes, antes de cederlle a palabra ao responsable da Colección Bourel, para que faga esexese do libro artesán e explique as calidades materiais e o contido literario. Despois, ten verbas de gratitude e gabanza para Manuel Teira, do que sinala: “A

idea inicial é que realizara tres debuxos, nin sequera falamos de cadros; mais foise animando e velaquí o resultado final." Unha magnífica e moi traballada exposición que vivimos con agarimo todos os que a contemplamos, e que gardarán no máis íntimo os que colguen algunha das obras nos muros das súas vivendas, tal e como sucederá aos que nos conformamos con ennobrecer os andeis cos gravados orixinais d´*O resto é silencio*.

Deixara o coche na eira –o depósito cheo de gasolina- aparcado no alpendre. Levaba xa alí tres días (el dixera que pensaba voltar axiña, tan pronto como arranxase as cousas co seu apoderado en Barcelona; pero aínda non regresara) baixo a ombraxe miserenta do pendello, algo vivo, que mesmo parecía vivo: un animal calado e quieto a esperar o dono ou unha amante, mellor, unha tipa, unha fulana de luxo das que el usaba (das que apareceran con el, colgadas do seu brazo, solermeiras, nas fotos esas que trouxo e que non para de as amosar a todos), algo vivo á súa disposición, a agardar por el, no alpendre. Onte á noite comprobárao: o depósito estaba cheo e as chaves tiradas enriba da cómoda, na habitación. E, ben, que, que esperaba. Vamos, non me digas que tamén tes medo, agora: un conas, un covarde, o acolloado da casa…

Fragmento de *Querido Brais*, relato pertencente a *O resto é silencio*.

VENRES 20 DE NOVEMBRO

Na terceira xornada de homenaxe a Anxo amenceran as ondas prometendo tregua. E a pouca auga que mollaba o chan dos xardíns de Valle procedía das follas, tamén escasas, que quedaban

No centro da imaxe, o homenaxeado; ao seu carón, dous amigos: Manuel Teira e Antonio Piñeiro, autores do libro artesán *O resto é silencio*. Foto: Simón Balvís

por caer das pólas das árbores case espidas, varridas polo sur e a sarabia nas semanas precedentes. Cando o roibén do outono acababa de dar paso a unha noite silandeira, fixen entrada no salón de actos do Museo para contemplar ledo a presenza numerosa de público mozo, estudantes a meirande parte do IES d´A Pobra do Caramiñal, colaborador con Barbantia no tributo ao noso escritor. Un mestre do centro, Andrés Esteban, promovera entre o alumnado a elaboración dun documental sobre aquel con quen tanto compartira, e que no transcorrer do acto, despois da conferencia do actor, dramaturgo, director teatral e tradutor galego Manuel Lourenzo, titulada "Teatro como exploración", se proxectaría na pantalla dun salón de actos no que non ficaba un asento sen ocupar. A participación de Lourenzo pechaba a quenda das intervencións temáticas sobre a obra do autor que o venres 6 iniciara Carlos Fernández, centrándose no pensamento e no ensaio; continuara o día 13 Dolores Vilavedra, atendendo a faceta narrativa; e remataba arestora o popular actor, fito no aspecto teatral. Moitos podían ser os parágrafos do seu discurso que, por cultos, didácticos e amenos, vertésemos aquí, de non sernos preciso procurar facer antoloxía de palabras e teñamos, xa que logo, que conformármonos cun episodio do principio:

Manuel Lourenzo acudiu á Pobra para falar da creación teatral de Ballesteros. Foto: Simón Balvís

Non debera resultar difícil, dada a súa parquedade, analizar a obra teatral de Anxo Rei Ballesteros. Limítase, no coñecido, a unha comedia, Xogos de damas*, estreada en 1987 e publicada no ano seguinte; a unhas breves intervencións dramatúrxicas na obra* Quartett*, de Heiner Müller traducida por Manuel Lourenzo para Teatro do Atlántico, en 1988; á tradución e posta en escena da obra de Jean Cocteau* A voz humana *(*La voix humaine*), en 1991, e, finalmente, ao voluminoso ensaio sobre o* Hamlet *de Shakespeare, titulado* Tempo e vinganza*, publicado no 2003. Digo que tan sucinta obra non resultaría difícil de estudar, se non fose que o autor verteu nela, como no resto da súa produción, narrativa ou ensaística, todos os episodios que revelan a humana carreira como unha aventura excepcional, única en cada ser, que nos aboca á dúbida, á negación, á identificación, á desvinculación, á aceleración, á catástrofe; que nos obriga á desautorización do tempo acelerado, o que degrada a nosa orixe, e a vestir, para sobrevivirmos, a máscara da loucura, que é xusto o que lle acontece ao príncipe dinamarqués, modelo icónico desta desobediencia aproveitada para "desenmascarar a realidade e afirmar a irresponsabilidade,*

Os alumnos do IES d´A Pobra do Caramiñal escenificaron unha magnífica proxección do documental que realizaron sobre o noso amigo escritor. Foto: Simón Balvís

a inocencia, a pureza da orixe…" O futuro de Hamlet truncouse coa morte do pai. O futuro da humanidade, truncouse coa dúbida metódica?

Foi despois, trala intervención de Manuel Lourenzo, cando a escuridade se fixo dona do salón de actos. Daquela, entre a penumbra que silenciaba os aplausos dos asistentes, xurdiu a voz potente e anunciadora de Andrés Esteban, cuxa figura se encamiñou cara á tenue luz do escenario como se se tratase da transmigración dunha ánima. Ao chegar ao seu destino no centro da escena, conversou varios minutos coa memoria de Ballesteros. A continuación, foron agromando das tebras diversas voces de alumnos que resumían o argumento do documental, que deseguida ía ser proxectado sobre as paredes de mármore do Museo. Cando remataron o exordio, malia que non se sabía o resultado do traballo, só coa estética da súa presentación xa se gañaran os parabéns do público.

Durante máis de corenta minutos disfrutamos coas imaxes do escritorio minimalista de Anxo, enfrontado á luz dunha fiestra; cos seus paseos polo peirao, observando as gaivotas e o mar; cos diálogos nos que aparecían algúns amigos predilectos; coas lembranzas e o sorriso de María Xesús; coas reflexións sobre Hamlet, o tempo e a vinganza; e, como non, coas páxinas dos seus libros, peneiradas e felizmente absorbidas por uns rapaces que aquela noite conquistaron, de seguro, o espírito teatral, e tamén o humano, de Anxo Rei, estiver onde estiver.

Xacando, case sen decatármonos, pasaran máis de dúas horas dende o inicio da terceira xornada, pero aínda quedaba o epílogo: unha mesa redonda na que, moderados por Xesús Laíño, participarían Manolo Castelao, Jorge Sacido, Alberto

De esquerda á dereita: Manolo Castelao, Manuel Teira, Xesús Laíño e os irmáns Alberto e Jorge Sacido. Foto: Simón Balvís

Sacido, Manuel Teira e Andrés Esteban. Outros (admiradores, amigos, compañeiros, escritores), como Carlos Santiago, non puideran asistir, pero habían deixar a súa pegada con agradecidas verbas para seren publicadas no *Anuario 2009*:

O compromiso de Anxo Rei Ballesteros coa escrita foi compromiso en corpo e alma co misterio da vida e coa tarefa de dar expresión ao prohibido, aquén e alén dese espectáculo mediático que con pouco decoro adoitamos chamar Historia, tan ben armada sempre de razón e necesidades incontrovertíbeis, mais pouco dada a se deixar fender pola pena e a descubrir as súas impudencias e obscenidades, moito menos a súa futilidade.

Foi o Anxo, con todo o rigor, un outsider, un home que soubo vivir e escribir na linde mesma da orde social, alí onde a tensión entre o posíbel e o imposíbel determina o lugar dun vello e conflitivo exercicio, a liberdade. Un deses seres extraordinarios dos que a nosa cultura non anda precisamente sobrada. Un sabio.

Carlos Santiago, extracto do final d´*O eloxio do outsider*, publicado no *V Anuario de Estudos do Barbanza*.

María Xesús Armada, ao remate da xornada, conversando cos autores do documental sobre Anxo. Foto: Simón Balvís

VENRES 27 DE NOVEMBRO

Que luz virxinal e purísima. Que… Que luz había. Mesmo daba algo de mágoa ter que ensombrecela co propio corpo.

Anxo A. Rei Ballesteros,
dende *A noite do moucho*.

O día que Anxo Rei Ballesteros finou, o 29 de outubro de 2008, eu estaba lendo un dos seus libros. Non era casualidade. Había algunhas semanas que Xesús Laíño, durante un café compartido con Antón Riveiro, Xerardo AgraFoxo e o cronista desta historia, despois de preguntármoslle como evolucionaba o noso amigo, e de que contestase cunha triste alusión á pérfida palabra: "quimio", mencionara os encontrados debates que o breve ensaio *A flor da boca* seguía suscitando na rede, entre reintegracionistas, normativistas do GOC (Galego Oficial Contemporáneo) e non normativistas. Lembrei entón que, ateigado de po nalgún caixón do despacho, eu conservaba unha copia do texto, dende que na celebración da I Semana da Cultura Galega Actual, no outono de 2003, se distribuíra entre o público reunido na Casa da Cultura "Ramón Martínez López" para facelo centro de discusión, no discorrer da penúltima xornada de relatorios, debates e exposicións.

O falante galego de hoxe –escolarizado e normativizado- xa non se actualiza, inadvertida espontaneidade subconsciente ou preconsciente, no seu dicir. Fala unha lingua parcialmente expropiada e da que non conseguiu aínda, na maioría dos casos, reapropiarse plenamente. Resulta como se a instancia punitiva e moral do Super-ego, con toda a súa carga inculpadora, rematara apoderándose da fala. Falar galego –falar galego normativamente o Goc.- xa non é (ou aínda non é) a expresión do propio ser, senón a forzada manifestación dun endebedamento ou dun deber: intentar falar como é debido, sen faltas nen erros ortográficos. Paga-la débeda.

O Goc. é, sen embargo, o tributo que o galego ten que pagar a cambio da súa posible (non segura) supervivencia histórica. É máis un idioma estrañadamente sabido –estudiado na universidade ou no instituto- ca entrañadamente vivido. Pero un saber sen vida –sabencia sen sabor, esencia sen aroma- é un saber insípido e estéril: a boca *xa non crea palabras, como con tanta frecuencia adoitaban facer (e aínda adoitan) os mariñeiros e labregos das aldeas de Galicia; os escritores xa non inventan vocábulos derivados a partir dos existentes, senón que, con voluntariosa disciplina, o moderno falante* concienciado *limítase a repetir unha palabra previamente* pensada *e escrita na súa mente, un idioma xordomudo convertido en representación da súa propia ausencia, en esquemática idea normativa de si mesmo: en autoconsciente e atormentada reflexión e en pálido reflexo do que foi. Ou, máis ben, do que* debería *ter sido: un idioma pre-fabricado e* ideal.

Fragmento do ensaio *A flor da boca*.

As súas expresións, o seu verbo auscultado ata o miolo do lexema, o seu afán por erguer dende a orixe unha palabra

O auditorio do Museo Valle-Inclán ateigouse de público na presentación do *Anuario de Estudos do Barbanza 2009* e do breve ensaio *A flor da boca*. Foto: Simón Balvís

e fincala en pedestal, facíanme acordar o xeito de pensar e escribir do primeiro Heidegger, pero con abondosas achegas de colleita propia e, ende ben, sen a artificiosidade moitas veces intanxible, tan difícil de asumir e comprender plenamente, do filósofo de Messkirch; do que o célebre crítico George Steiner, aludindo á súa forma de entender a linguaxe, dicía en *Martin Heidegger*:

> *Heidegger, cuxas primeiras obras tratan do vocabulario e das correspondentes categorías lóxicas e ontolóxicas de Duns Escoto e dos estudosos medievais (textos reunidos nos* Frühe Schriften*, 1972), foi, cecais, o filósofo que máis ten profundizado na "condición lingüística" do pensamento e da existencia humanos. Pero o seu enfoque de tal condición é híbrido e excéntrico a un tempo. En* Sein und Zeit *dáse unha compulsión deliberada do discurso común, non-técnico: unha determinación que causa unha presión e ata unha irritación típicas, a determinación de levar as raíces do home e do ser do home no mundo, a traveso de precisar, de condensar as palabras simples en núcleos orixinarios de verdade. Xa dende* Sein und Zeit*, Heidegger utiliza o instrumento da etimoloxía. A palabra común, a antiga* vulgata*, serve precisamente porque contén (segundo Heidegger) a carga meirande de percepción humana orixinal e verdadeira. Xa que logo, as palabras antigas e comúns son as máis ricas de sentido. Somos nós quen esquecemos a súa agudeza fundamental e o seu testemuño existencial. Con intensa ponderación e cunha investigación máis ben vehemente, o pensador pode obrigar a etimoloxía e a historia da palabra a renderen a súa formidable cantidade de luminosidade e enerxía.*

A importancia da orixe da palabra coa que porta o pensador alemán os seus escritos fundaméntase en que considera que "falar é artellar *significativamente* a comprensibilidade do *ser no mundo*", segundo lemos en *Sein und Zeit*, catro parágrafos despois de que se nos diga que "o *estado de* ex-*presada* da fala é a linguaxe", e que "esta totalidade de verbas, que é aquilo no que a fala ten un peculiar ser *mundano*, resulta así un ente intramundano que atopamos diante como algo *á man*. A linguaxe pode esmiuzarse en verbas como cousas *ante os ollos*. A fala é linguaxe existenciaria."

Falar é, para Heidegger, moito máis que o hölderlinián "dende que somos un diálogo", pois na linguaxe maniféstase a presenza do *ser*, e no ensaio *A flor da boca*, Anxo Rei Ballesteros estende tamén o concepto do *ser* ao de *comunidade* ou *ser común*, cando afirma que "falar non só consiste, creo eu, na realización dun intercambio de palabras entre distintos suxeitos, senón, tamén, e dun modo moi principal, en expresarse e en actualizarse poeticamente no Dicir Común (que case nunca soe ser nin historicamente dominante nin maioritario). Un dicir que, precisamente por ser poético, é indistinguible dun facer, dun acto creador, non simple representación dunha *realidade* ou *obxectividade* externa –supostamente exterior á lingua- e consabida. O Dicir Común, a esencia poética dese dicir non só non contribúe a consolidar a suxeición dos suxeitos, senón todo o contrario: propicia o desuxeitamento e denuncia así, consecuentemente, a mentira histórica de todo *suxeito* e de toda obxectividade: de toda realidade."

Porque Anxo Rei Ballesteros era un heideggerián confeso e recoñecido, pero non un heideggerián que plaxiase as páxinas e asumise –submiso- as teses do controvertido filósofo, senón, máis ben, unha especie de pescador ou mariñeiro que navegaba sobre as ondas do mar de Heidegger na procura dos tesouros que lle interesaban daquel océano; para empregalos na súa realidade, no seu mundo; no *mundo* do seu *ser no mundo*:

> Pudenda origo*: como se se envergoñase das súas humildes orixes, das súas raigames populares, o goc. parece querer esquecer* non o seu pasado histórico *senón as súas raíces: a súa base analfabeta e vernacular: a súa esencia xenuína, o seu cheiro.*
>
> *O termo "vernáculo" procede dunha raíz indoxermánica que implicaba seica, a idea de "raigame" e de "morada". O contrario da fala vernacular serían as linguas estatais ou imperiais; linguas afastadas da súa orixe creadora e subconsciente; e gobernadas, xa que logo, (o Nebrija de turno) por unha normativa escrita que, aprendida nas escolas, ("a letra con sangue entra") pretende se-la única e a mesma (nada de* diferencialismos*) para tódalas rexións do Imperio.*
>
> *Eu non pretendo recomenda-lo uso de hiperenxebrismos desvariados. Nada máis lonxe do meu propósito. Pero tampouco esquecer aquilo que a propia etimoloxía da palabra "idioma" está implícitamente a recordarnos. Un idioma é unha* idiotez *(no senso grego da palabra* idiota*); a diferencia irreductible e o* idiotismo

que determinada comunidade manifesta con respecto á mítica linguaxe pre-balélica. E, daquela, a súa esencia –a poética esencia dun idioma- consistiría nunha diferencia sen concepto, nunha diferencia productiva e sen consciencia de si mesma: unha singularidade intraducible.

Así é *A flor da boca*: un texto que, inzado de incursións etimolóxicas, de alusións heideggeriás, hegeliás, hölderliniás, jourdainiás e cioraniás, baixa do éter brumoso e teorético, de máis decote inalcanzable, para enxoitar o resío da noite co seu alento e ficar prendido á beira do camiño que andamos. Un texto culto, nidio e debatible que xa a partir daquel serán de outono de 2003 considerei un libro, malia que non había saír do prelo ata seis anos despois, coincidindo co cabodano do pasamento do autor, durante a homenaxe que Barbantia lle tributaba n´A Pobra do Caramiñal.

Portada do *Anuario 2009*, que fai o quinto número da serie

Nesa mesma xornada do 27 de novembro de 2009, volveu falarnos Anxo, mais non só na negra tinta d´*A flor da boca*, senón tamén nas páxinas do *Anuario*, que desta vez quixemos converter en monográfico recompilatorio de relatos, ensaios, crónicas, críticas, comentarios e incluso pregóns do noso amigo escritor. Sabemos certo que non puidemos incluílos todos –editados e inéditos, a excepción, claro, das publicacións extensas, obras de teatro e novelas-, pero si unha boa parte, de maneira que cando desexemos escoitalo ou conversar con el, só teñamos que abrir un libro e ler *Mar orxiástico*, *Dieste*, *Alfonso Sucasas*, *Homero poeta mudit*, *Torrente Ballester: el cuerpo y la palabra*, *A imaxe e a traza*, *Teatro de Mari Gaila e a súa "Noite das Tríbades"*, *Aión é un neno que xoga*, *O Deus que fere desde lonxe*, *Eramos novos*, *O lector secuestrado*, *Eis o Antroido*, *O Camiño Francés: carta a Marcel Leroy*, *A dificultade de falar* e *A voz humana*, que Anxo traduciu do orixinal francés de Jean Cocteau. Iniciando o volume, o limiar de Xosé Ricardo Losada. Completándoo, as conferencias e textos de lembranza que aportaron os intervenientes nas xornadas: Carlos Fernández, Dolores Vilavedra, Manuel Lourenzo e Manuel Teira. Finalmente, como en anos anteriores, o escrutinio das publicacións de autores barbanceses, obra de Román Arén e Xoán Pastor, e a relación de socios da entidade, que pecha as duascentas trinta e oito páxinas do *Anuario de Estudos do Barbanza 2009*.

De peneirar os contidos da publicación encargouse o coordinador e revisor lingüístico, Manuel Cartea, que sentaba no centro do escenario acompañado

Xesús Santos, en nome do grupo de teatro "Airiños", Xosé Ramón España e Xosé Luís Axeitos foron premiados cos "sirenos" de bronce. Foto: Simón Balvís

polos responsables políticos: o alcalde Isaac Maceiras, a concelleira Encarna González, e a responsable de cultura da deputación, Caridad González; así como polo socio co-fundador de Barbantia Xesús Laíño e mais quen agora lles narra o acontecido. Entre o público, sentado na primeira fila, tamén acudiu un representante da empresa Serinfra S. A., co-patrocinadora do evento, así como algúns alcaldes e concelleiros barbanceses. Varias ducias de socios e non socios completaban o ateigado aforo do salón de actos. Todos parecían entretidos coa presentación de ámbolos dous libros, pero agardaban, especialmente, o momento en que fixésemos entrega dos Premios Barbantia da Cultura 2009, que desta volta recaeran en Xosé Ramón España, Premio á Traxectoria Cultural no Barbanza; o grupo de teatro "Airiños" de Asados, Premio á Iniciativa Cultural; e Xosé Luís Axeitos, Premio Barbantia da Cultura Galega. Como epílogo a un día excepcional, os gaiteiros boirenses de "Arume" interpretarían varias pezas tradicionais, namentres os galardoados observaban risoños os detalles dos *sirenos* de bronce que sostiñan nas mans, despois de daren mostras de agradecemento nas súas respectivas intervencións, acordárense daqueles nos

A responsable da área de cultura da Deputación da Coruña, Caridad González, entregando ao mestre España o Premio Barbantia á Traxectoria Cultural no Barbanza. Foto: Simón Balvís

A ledicia reflictida no rostro dos membros do grupo de teatro "Airiños", polo recoñecemento ao labor dunha formación con setenta e sete anos de historia. Foto: Simón Balvís

que atopan arroupo e sostén, e animaren a Barbantia a seguir traballando a prol da cultura do país.

VENRES 29 DE XANEIRO DE 2010

Despois do descanso das Festas Saturnais, pasarían dous meses ata que volvésemos xuntarno arredor dun libro. Sería no peirao do auditorio de Rianxo, o derradeiro venres de xaneiro, co gallo dos Actos Castelao, na compaña dunha das plumas máis prolíficas da narrativa galega actual: Suso de Toro. *Sete palabras* titulábase a novela, editada por Xerais. Manuel Bragado, director da editorial, achábase tamén presente, nunha escena que, sutilmente revolta polas preguntas de non fácil resposta que Xosé Ricardo lle formulaba ao autor, acabaría co magnífico espectáculo do concerto de música tradicional-vangardista protagonizado polo Gaiteiro (si, con maiúsculas) PePe Romero, sorprendente e excepcional, que cativou o agradecido público coa súa actuación, onde as gaitas do mestre e de Xurxo Maño soaron a cuarteto na compaña do piano de Aida Calo e da pandeireta de Gabriel Noya, e o popular se mesturou co innovador e moderno. Incluso agora, varios meses despois, ao abrir as páxinas de *Sete palabras* co fin de redactar esta crónica, creo poder oír os ecos da partitura de *Arría a xarda*, un dos temas interpretados por este enorme artista aquela noite feliz de inverno, ao remol dunha novela:

Insomnio en Toro

Todo comezou en Toro. Así é como terías que contar iso, cunha frase clara e rotunda: "Todo comezou en Toro." Soa como a comezo dun conto. Lembraches claramente aquel amañecer, lembras perfectamente

a luz fría daquela madrugada logo dunha noite de insomnio.

Entón xa o teu pai estaba mal, tivera uns meses antes os infartos que o deixaron case sen vista e sen memoria. Iso estaba aí, probabelmente se non fose por iso nunca che ocorrería o de Toro, sabes ben que as cousas están relacionadas todas. Probabelmente foi preciso que o teu pai perdese a memoria, que se cerrase esa porta para que ti sentises a necesidade de traspasala e ver o que había alí dentro. Diso se tratou.

Suso de Toro volveu citarse con Barbantia en xaneiro de 2009, por mor de presentar a súa última novela, *Sete palabras*. Foto: Alberto Piñeiro

Todo comezou nunha viaxe coa túa familia, detiverádesvos a facer noite na cidade de Toro, xa escurecera e hospedástesvos no Hostal Doña Elvira, xunto a un arco na entrada mesma da cidade. Tiñades de parar a durmir no camiño e foi a túa compañeira quen propuxo parardes en Toro. "Ao cabo o voso apelido vén de aí", dixera ela.

"O voso apelido." Esa precisión, ese voso *que separa a quen o di. O apelido, esa fronteira entre os dous proxenitores, informa dese fío oculto dos xenes transmitidos, trátase do que un pai lles lega aos seus fillos. Trátase do que é legado. E que lles lega a nai? A nai ademais dos seus xenes dá máis cousas, que cousas indicíbeis transmite ao fillo que modela dentro e logo pare? Esa é una desas cousas que xa nunca saberás. Ela así subliñou esa parte do teu destino que te fai distinto e tamén semellante aos teus irmáns e unido aos teus fillos.* Voso*, ti e mais eles, tamén o seu apelido viña de alí, tamén a eles lles atinxía aquel lugar na orixe do apelido.*

Ti xa comentaras algunha vez que che había gustar coñecer esa cidade, mais nunca deras un paso para facelo. Era una desas cousas que deixas que che dean voltas dentro, xordas, tardándoche a decisión de facelas de vez. A idea de ir a Toro víñache dun lugar ambiguo e umbrío no teu interior, unha zona de sombras que estaba aí sempre a latexar.

Só unhas semanas despois da presentación de *Sete palabras*, coñeceriamos pola prensa a decisión do narrador compostelán de que esa fora a súa derradeira achega literaria. Unha nova mal acaída para os que seguíramos a prolixa traxectoria do autor de títulos tan significados como *Polaroid*, *Land Rover*, *Tic-*

tac, *Calzados Lola*, *Non volvas*, *Trece badaladas* ou *Home sen nome*; por non citar a súa obra xornalística e de ensaio: *Eterno retorno*, *O país da brétema*, *Nunca máis Galiza á intemperie* ou *Madera de Zapatero*, entre outros textos. Unha mágoa da que non eramos aínda conscientes os que puidemos compartir con el, a súa dona e PePe Romero unha cea lixeira tralo acto que abría o pano á actividade de Barbantia no ano 2010.

VENRES 26 DE FEBREIRO

Xa sei que o teño significado en crónicas precedentes, pero volvo incidir unha vez máis: de todas, tantas e tan impagables, a meirande achega persoal que depositou en min a Asociación Cultural Barbantia foi –é- a amizade de ducias, centos de persoas coas que antes non tiña –ou apenas tiña- relación. Un deses seres especiais é María Xesús Blanco, profesora de primaria, socia e escritora novel á que coñecín hai algúns anos non sei moi ben como –probablemente a través de Carlos Mosteiro, Mariano Muñiz ou algún outro compañeiro-, quizais á conclusión dalgún acto da entidade. O certo é que foi unha sorte de milagre *encontrala*, xa non só porque compartamos afeccións e confesións literarias, nin tampouco porque estea sempre disposta a cumprir co papel de entrevistadora, tertuliana ou crítica en calquera presentación que lle propoña, senón, sobre todo, porque non lembro un só día en que a atopase nalgures e os seus beizos non debuxasen un arco da vella –dende que leo o neuropsicólogo Richard Gregory, instalouse en min a idea de que "a cor créase no cerebro e proxéctase, psicoloxicamente, sobre o obxecto (…) Todo está no cerebro e non no mundo exterior"-. Un arco da vella. Un sorriso. Pero non un sorriso *estético* –no senso etimolóxico da *aisthetiké* grega: "aquilo que se percibe polos sentidos"-, senón un sorriso que agroma do máis arcano do espírito. Por cada un deses sorrisos, grazas, María Xesús. E grazas tamén por contactar con Xosé Monteagudo e convidalo a presentar no Barbanza *Un tipo listo*, Premio García Barros 2009 (Editorial Galaxia), no acto desenvolvido na librería Ler d´A Pobra do Caramiñal a derradeira fin de semana do pasado febreiro; que contou, así mesmo, coas intervencións, nunha máis que interesante mesa redonda, de Xerardo AgraFoxo, Xosé Ricardo Losada e Antón Riveiro Coello –amais, claro está, do autor da novela, da que me van permitir a escolla dunha pasaxe, no remate deste capítulo-:

Portada d´*Un tipo listo*, Premio García Barros 2009. Foto: Simón Balvís

A librería Ler d´A Pobra, ateigada de libros e público, na presentación da novela de Xosé Monteagudo. Foto: Simón Balvís

Unha das tarefas máis ingratas que unha persoa ha de afrontar normalmente cara á metade da súa vida é a de recibir o legado dos seus proxenitores. Mergullarse no caudal privado dos bens, que materializan as necesidades e ilusións de quen xa non está, supón un exercicio impúdico que ten o seu aquel de rapina. Pero tomar consciencia de que un se converte nesa altura en primordial salvagarda da memoria de quen o concibiu constitúe unha responsabilidade moito máis agoniante. Se a distancia entre meu pai e mais eu na última etapa da súa vida o recluíra nun segundo nivel dos meus pensamentos cotiáns, a súa repentina desaparición xunto coas revelacións que ía tendo sobre o caso, volveu proxectalo a un primeiro plano.

Naquelas semanas a miña mente encheuse de recordos. Mesmo as lembranzas máis remotas e menos desexadas regresaron, como volven á superficie os cadáveres dos afogados despois dun tempo. Nos momentos máis imprevistos, mentres xantaba no restaurante, na sala da casa fronte ao televisor ou ao deitarme pola noite, non facía máis que especular sobre os motivos e as intencións que meu pai puxera en todo o seu comportamento. A natural indulxencia que a morte deita sobre os actos dos falecidos empezou a restarlle gravidade a moitas das nosas desavinzas e a relación pasada comezou a outorgarlle retrospectivamente a Manolo os trazos dun home estrito pero xeneroso. Que adolescente cun pouco de espírito non se rebela contra as ideas de seu pai?, e que pai non trata de reafirmar a súa autoridade ante el en tales circunstancias? Iso era o que me preguntaba para exculpar o noso mutuo asa-

ñamento. Baixo esa perspectiva, as súas palabras máis fuscas, gravadas a lume na miña memoria, diluíanse nun mar de benevolencia.

VENRES 26 DE MARZO

Coñecín a Milagros Torrado hai xa case unha década. Non abundarei en pormenores porque as circunstancias do encontro son indignas de narrárense nun Anuario de Barbantia. O que tampouco vou obviar, emporiso, é a mención da primeira impresión que tiven dela –e sigo tendo, incrementada e mellorada por mor do factor empírico-. Deseguida souben que se trataba dun paradigma do mellor da mocidade galega, esa mesma á que se adoita caracterizar como indolente, vaga, insolidaria ou caprichosa. Nada máis antagónico. Milagros devecía por preguntar, aprender, coñecer e actuar. Atusmaba cada misterio, cada dúbida, cada silencio, para despois lear as interrogantes e xunguilas na conversa, sempre iluminada co seu rostro fermoso e lizgairo, que irrompía no espazo coma unha raiola no cimbro dunha galerna. Nunca escureceu as súas orixes, o seu apego á terra nin as súas crenzas, tanto metafísicas como ideolóxicas. Sempre camiñou de fronte, coa cabeza alta, sen reparar en gastos de afabilidade con ninguén. A ruindade endexamais ancorou nela. Nin a soberbia. Nin moito menos a incultura. Fíxose socia de Barbantia o día en que a decidimos fundar. Daquela cursaba aínda os primeiros anos de Filoloxía Inglesa na USC. Pero xa entón o seu proído por descubrir e comprender non se cinguía ás materias troncais, obrigatorias e optativas da licenciatura que escollera, pois gustaba de establecer un vínculo entre esta e os elementos etnográficos do seu berce: a Galiza. Foi así como, pasado o tempo, se acabaría mergullando na fascinoloxía, cotexando a presenza do estudo do mal de ollo nas Illas Británicas coa súa implantación no noso país. O resultado desas pescudas –que teñen continuidade na actualidade- sairía do prelo o derradeiro venres de marzo de 2010, no formato dunha nova achega da serie Keltia, editada por Toxosoutos, baixo o título *O fenómeno cultural da fascinoloxía. As Illas Británicas e Galiza*. Aquel serán de primavera en que nos reunimos para presentar o volume, nunha máis que repleta Estación Leñaverde de Boiro, confeso que sentín un gozo difícil de expresar. Por Milagros. Pola súa teima. Polo seu talento. Mais tamén por Lourdes. Pola mirada orgullosa e cristalina da nai, esculcando dende o fondo do salón a cativa, que falaba sorridente para o público dende o

A Estación Leñaverde de Boiro foi o escenario da presentación da primeira achega literaria de Milagros Torrado. Foto: Simón Balvís

centro do escenario. E por Bautista, seu pai, do que non vou dicir que a observaba dende o Ceo, senón mellor dende o interior dela, dende o corazón, porque se de algo se sente orgullosa Milagros Torrado é da *raigame* e da xenética que conforman o seu ser, o cal, adobiado coa educación proporcionada por mestres como Fernando Alonso Romero, catedrático de Historia e Cultura Inglesas na Facultade de Filoloxía da USC, que a acompañaba na escena daquel 26 de marzo, medrou academicamente ata converterse nunha das barbancesas con máis porvir nos eidos do estudo da etnografía e da filoloxía. Mais para os escépticos do que digo –se os hai-, abramos unha fiestra ás conclusións da súa *opera prima*, antes de dar continuación ao relato dos seguintes episodios:

> *Como puidemos ver, o mal de ollo segue a estar presente nas culturas que nos rodean aínda que non nos decatemos. Ao longo destas liñas comprobamos ademais que se establecen vínculos entre os costumes irlandeses, escoceses, galegos e ingleses, que son outro indicio das previas relacións entre estes pobos, especialmente as marítimas e as relixiosas.*
>
> *O uso de técnicas semellantes para combater os efectos do mal de ollo son mostra de que as influencias de uns pobos e outros aínda non se esvaeceron no recordo dos nosos maiores. É agora o noso cometido lograr que non cheguen a desaparecer no mundo moderno, abafado pola tecnoloxía que apenas deixa opción ao misticismo e ao saber popular. Hoxe en día, os altos mandos dos barcos estudan o mar nas aulas, os agricultores fan ciclos formativos libro en man e moitos outros oficios son aprendidos no papel e non na*

A autora, asinando exemplares d´*O fenómeno cultural da fascinoloxía*. Foto: Simón Balvís

práctica real. Non deixemos que as tradicións pasen tamén a ser de papel e se esquezan na memoria colectiva. Sempre haberá algún mariñeiro que mamara do mar e algún agricultor que leve a terra nas súas unllas; que haxa tamén, pois, sempre alguén que saiba do mal de ollo.

Que así sexa. E que haxa tamén, sempre, directores de publicacións que conten co interese e a dedicación de David González Couso, que sentou a carón da protagonista no acto de presentación do libro, logo de ter lido o manuscrito orixinal había apenas seis meses. Con el, con Fernando Alonso Romero, co alcalde Xosé Deira, e cos demais amigos asistentes, compartimos uns petiscos á calor da xente e das palabras nunha tarde-noite en que Barbantia agromou un dos seus froitos máis valiosos, un novo froito da Xeración Barbantia.

VENRES 30 DE ABRIL

A finais de abril, a singradura de Barbantia arribou ás costas do Castro. Alí, na máis recente das parroquias boirenses, tras percorrer un treito da pista que parte xusto na encrucillada da entrada a Cariño, procuramos teito na Abadía de San Enrique, que se ergue a escasos metros da igrexa de Santa María, co cemiterio, leiras sementadas, viñas e algúns carballos de pano de fondo. No interior, os xerentes, sabendo da nosa inminente chegada, reservárannos un espazo para que puidésemos presentar *A rosa do viño. Cultura do viño en Galicia*, do profesor de Historia Contemporánea Xavier Castro. Ademais del, comprometeran a súa presenza Gonzalo Trasbach, socio e xornalista de La Voz de Galicia; Xosé Manuel González Vilas, vicepresidente da Asociación Galega da Viticultura; e Xosé Manuel Soutullo, director de produción da Editorial Galaxia. Entre os asistentes figuraban varios viticultores da Denominación de Orixe Terras de Barbanza e Iria, así como outros adegueiros galegos pertencentes a diversas áreas vitivinícolas. O encargado de dar inicio ao acto foi Xosé Manuel González Vilas, enxeñeiro agrónomo e adegueiro, amais de vicepresidente da AGV, do que o redactor deste caderno gardaba un moi grato recordo des que coordinara con el un curso de cata no Pazo de Mugártegui, en Pontevedra, no pasado mes de xaneiro. Á súa intervención seguiríalle unha instrutiva conversa entre Gonzalo Trasbach e o autor do libro, que fiou o seu discurso dun xeito tan ameno como didáctico, respondeu con concreción e claridade a todas e cada unha das preguntas, e rematou pedindo desculpas aos produtores barbanceses Antonio Saborido e Francis-

A Abadía de San Enrique, na parroquia d´O Castro, foi o lugar escollido para beber n´*A rosa do viño*. Foto: Simón Balvís

co Crusat, sentados entre o público nas primeiras filas, por non tratar na obra dos viños do Barbanza; unha eiva, dixo, "que deberá ser corrixida en traballos posteriores". A pesar desa falla, *A rosa do viño* vén encher satisfactoriamente un espazo ata agora baleiro na investigación histórica contemporánea, incorporando ao relato enogastronómico a memoria viva e popular da cultura do viño na Galiza. Un libro no que atoparemos, amais dunha narración moi documentada, unha guía enolóxica e culinaria certamente ben escrita, na que podemos degustar máis de catrocentas páxinas que nos axudarán a comer e beber mellor, así como a maridar correctamente os brancos, tintos e rosados coa comida:

Existe unha gramática dos taninos que pode parecer complexa a primeira vista. Tomando o criterio dos máis reputados enólogos e gastrónomos como libro de bitácora, advertimos que os pratos salgados descompaxinan cos viños de augusta estrutura tánica, como o cabernet sauvignon*. Unidos provocarían un acorde cun exceso de runfadeira. Os taninos graxos do* merlot *ou da garnacha, nomeadamente cando se acubillan en viños mozos, concordan perfectamente coas carnes (así como tamén cos prebes escuros cremosos). Noutras palabras: as sensacións tánicas que suscita o viño medran en combinación coas comidas salgadas e minguan cos alimentos que conteñen unha ampla proporción de proteínas e graxas.*

En opinión de Cristina Alcalá, un entrecot pouco feito degústase moi satisfactoriamente cun cabernet sauvignon *de certa tanicidade. Cristino Álvarez estima que o estufado de vaca harmoniza ben cun tinto do Ribeiro ou de Valdeorras. E segundo*

O autor, Xavier Castro, cativou o público durante a súa exposición dos contidos do volume. Foto: Simón Balvís

as suxestións de Carmen Parada, os tintos de Valdeorras e o Ribeiro resultan moi axeitados para as carnes, en tanto que o viño tinto de Monterrei (Verín) acompaña cumpridamente a carne de porco. A maior abastanza, un espadeiro de perilla, que é mel*, segundo proclamaban os húmidos beizos populares, ou* recendente*, e que* latexa e brila *[…]* cun rosario de escumas sanguiñentas*, como gustaba de enaltecelo Cabanillas, considerábase axeitado para as carnes. Ben para a feirante carne ao caldeiro (carne cocida e sazonada con aceite de oliva e pemento) ou ben para os antano cobizados polos en pepitoria (convén lembrarse daquel bulímico Carpanta dos tebeos), que non podían faltar nos banquetes e festexos. Segundo Cristino Álvarez, o galo de curral harmoniza ben cun tinto de Amandi. Nas barbacoas ou churrascadas de pouco valen os viños tintos sutís, pois o cheiro da grella se sobrepón a calquera outro recendo. Wiesenthal recomenda neste transo bos viños mediterráneos elaborados con garnacha, cariñena ("mazuelo"), monastrell, etc.*

Resulta polémica a tese de que o viño tinto máis anello se debe reservar para o remate da comida. Os viños autenticamente anellos desempeñan un papel augusto, aínda que senil, diante dun bisté facilón ou dunha carne asada de turxencia mol, aderezada cun prebe de setas (ideal para estes viños anellos, xa que o arume dos fungos neutraliza o seu inevitable fumet*); pero afrontan con torpeza –por mor dos achaques da idade (febleza de acidez, mingua de tanino)- a maridaxe con carnes rexas e bravas, coma o cordeiro, o xabaril ou a caza. E tampouco fan boa alianza os anellos cos prebes moi condimentados e levantiscos. Deste xeito, se se pretende facer o debido honor do que é merecente un tinto venerable e abacial, é mester absterse de servilo para acompañar os pratos fortes dun menú.*

Como non podía ser doutra maneira, aquela presentación remataría coa cata de varios viños galegos, entre os que se atopaba o Xirpín do crucense Antonio Saborido, un branco elaborado con uva raposo, característica do Barbanza, cuxas frescura e aroma coido que aínda perciben os meus sentidos. A atmosfera zumegaba ledicia, e ao tempo en que os actores e o público comiamos xamón, queixo, empanada e tortilla, e bebiamos bo viño, a voz da cantante Débora Silva poñía o colofón a unha xornada na que… como diría… algúns acabamos cun certo chispín… quero dicir… Xirpín. Mais, conste que se algo bebemos foi por participar da cultura enolóxica, claro, non polo puro pracer de beber… Somos xente seria.

VENRES 28 DE MAIO

Había máis de dous anos que non desembarcabamos en Outes. Quizais por iso resulta tan reconfortante volver pasear baixo a sombra dos castiñeiros que goren os meus pensamentos, minutos antes de entrar na Casa da Cultura para acompañar a Marcos Calveiro na presentación de *Settecento*, a súa última novela. Con ela entre as mans, presto oídos ao rechouchío dos paxaros que pousan

nas pólas das árbores e establezo semellanzas entre o seu canto e os violíns do primeiro movemento, *allegro*, d´*As Catro Estacións* de Vivaldi. As notas que aniñan os piadores fanme lembrar que todas as sinfonías do mundo están presentes na natureza, incluso as máis complexas. Tamén as máis sutís. E mentres escoito o concerto que pende do vizo das follas no souto, debullo o argumento do libro que edita Xerais:

> *O badaleo de todos os* campaniles *de Venecia resoa en canles e pazos da Serenísima República unha mañá do ano 1739 e, coma nun teatro barroco, álzase o pano deste melodrama para música no que todos os personaxes semellan agochar sentimentos e intencións tras unha branca máscara de Entroido. Baixo a atenta ollada dun alado león de mármore, Antonio Vivaldi prepara a estrea da súa nova ópera, quizais a súa derradeira oportunidade de acadar o éxito de antano, mentres procura por un stradivarius perdido que moitos anos máis tarde escoitaremos nos oficios da catedral de Santiago. É, no celme harmónico deste prodixioso instrumento e nas habelenciosas mans do seu intérprete, onde fica o segredo dunha historia de culpa e redención, de amor e desexo, de loita e resignación, de fulgor e decadencia. Quizabes distintas notas para unha melodía arreo repetida na partitura das nosas vidas.* Settecento *é un intrigante e vertixinoso relato que confirma a Marcos Calveiro como un dos novelistas primeiros do noso tempo.*

No treito que camiño ata as butacas dianteiras do salón de actos, teño ocasión de botarlle unha ollada a algunhas páxinas da novela, e comprobo, sorprendido, que esta consta de catro tempos: *allegro veneciano*, *adagio compostelán*, *presto veneciano* e *finale vienés*. Outra cuestión da que axiña me decato é que todos os episodios dos movementos primeiro e terceiro comezan co mesmo termo: Venecia. As palabras semellan instrumentos que o lector deba tanxer. E non quero dicir parvadas, pero mesmo xuraría que son notas musicais as que agroman da breve lectura que fago das primeiras liñas do texto, namentres os protagonistas van ocupando os seus respectivos lugares no escenario:

I

> *Venecia é unha fraga. Unha fraga húmida e vizosa. Durante séculos, os seus alicerces construíronse coas árbores carrexadas dende as carballeiras das esgrevias ribeiras de Istria e os piñeirais das terras altas de Belluno, á sombra dos negros rochedos dos Dolomitas. Sobre milleiros de espeques e puntais desta madeira, chantados nos cento dezasete illotes do inmenso esteiro lamacento que formaban as augas lixeiras do Brenta, o Piave e o Sile, os vénetos trazaron calellas, pontes, escaleiras e campos. E alzaron pazos, igrexas, escolas e hospicios, de fachadas almofadadas ou recebadas con morteiro cinsento ou vermello, e incluso con ouro e pedras preciosas. E enfeitáronos con molduras, grilandas, frisos, volutas, glifos e grecas de mármore, de pórfido e de alabastro, compoñendo unha extraordinaria so-*

nata de infinitos arcos, ventás, frontóns, obeliscos e fornelas.

De vez, as cinco campás do esvelto campanile *de San Marcos, a Marangona, a Maleficio, a Nona, a Trottiera e a dos Pregadi, tocan a rebato, que a República amenceu con* acque alte *e a voraz lagoa cubriu con case unha cuarta de auga a praza do evanxelista, patrón da cidade. Ás cinco escollidas, axiña as seguen as súas compañeiras de todos os campanarios da Serenísima, da igrexa de San Pantaleone ao santuario de San Pietro, agás a de San Giorgio, que semella que colleu frío e amenceu rouca, malia os coidados e aloumiños do seu vello campaneiro, que nos días de moita xeada a envurulla cunha bufanda de la meiriña e lle dá fregas con untura de mel no seu arrefriado pingallón de bronce. E así, con ese alarmante badalear, os seis* sestieri *da cidade, Cannaregio, Castello, Dorsoduro, San Marco, Santa Croce e San Polo espertan de súpeto, neste día de outono, un pouco máis cedo do habitual, que a xolda de onte nestes seis barrios foi das boas, pois se celebrou o comezo do seu célebre Entroido.*

Cinco personaxes enchen a escena. De esquerda a dereita, sentan María Xesús Blanco; Marcos Calveiro; Carlos López Crespo, alcalde de Outes; Xerardo AgraFoxo e Xoán Mariño, presidente da Asociación Terra de Outes. É este, precisamente, quen introduce o acto, cun discurso no que enxalza o labor de Barbantia, mais tamén a importancia do turismo e a potenciación do rural como remedios ante a fuga de emigrantes ao estranxeiro, na procura de traballo. Séguelle na quenda de intervencións María Xesús, que describe con precisión as traxectorias

O alcalde de Outes, Carlos López Crespo, presidiu a escena na presentación dos dous últimos libros de Marcos Calveiro. Foto: Simón Balvís

profesional e literaria do autor da novela, ao que coñece de preto, por terse feito amiga del no transcorrer dun obradoiro literario. O centro da mesa ocúpao o alcalde, achegado e agarimoso nas verbas que dirixe a Marcos e a María Xesús; verbas que pecharán a escena, despois de que Xerardo AgraFoxo entre en debate co autor ao respecto de varios elementos tanto literarios como históricos presentes na súa obra. Un dos motivos sobre os que pregunta Xerardo é o cicelado léxico que utiliza Calveiro, que responde aportando unha curiosa concomitancia: "O meu avó vendía vacas, e antes de levalas ao mercado de Santiago pasaba días peiteándoas e lavándoas para que estiveran presentables. Era unha cuestión de profesionalidade que eu traslado á literatura escribindo con moito coidado e utilizando unha ducia de dicionarios. As palabras son o meu oficio, por iso teño que ser coidadoso con elas."

O avó de Marcos Calveiro vendía vacas; o seu neto, escribe novelas. E unha vez veu ao Barbanza, non nos conformamos con presentarlle unha, senón que tamén quixemos peneirar *O pintor do sombreiro de malvas*, texto baseado noutro personaxe histórico moi relevante na historia da arte, Vicent van Gogh, tal como ocorre con Antonio Vivaldi en relación a *Settecento*. Dúas obras, dous libros, que ocupan xa os seus espazos no acugulado andel de presentacións de Barbantia.

MARTES 15 DE XUÑO

Paseniño foise achegando o verán, e con el, o arelado descanso na singradura da asociación. Mais aínda quedaban dous compromisos por atender. Case a seguir dos idus de xuño, ancoramos na primeira planta do Centro Social de Boiro. Alí agardábanos John Thompson con *As novelas da memoria. Trauma e representación da historia na Galiza contemporánea*. Aqueles que non coñecían o texto, deron mostras de asombro ao saber que o autor do ensaio era un profesor norteamericano pertencente ao Departamento de Linguas Modernas da Universidade do Estado de Montana. Como era posible que un estranxeiro, concretamente un *ianqui*, se interesase pola presenza da República, da Guerra Civil e da ditadura na literatura galega? Como era posible que decidise escribir un libro con esa temática na moribunda lingua de Castelao e Rosalía? E o máis abraiante: Como era posible que non só soubese narrar en galego, senón que tamén ousase falalo? Quizais naquel abafante serán de xuño, o único que botei en falta na sala foi o conselleiro de Cultura da Xunta de Galicia. Se cadra, se estivese alí connosco e escoitase a John Thompson debater sobre literatura e historia de Galiza, en galego, con Carlos Callón, Xesús Laíño e o profesor do IES Número 1 de Ribeira Xan Hermida, se decatase de que a cultura galega non só non está ensimesmada, senón que hai persoas, incluso fóra das fronteiras do Reino de España, que ven nela un obxecto de estudo, que a respectan e que a senten moito máis do que el parece poder comprender.

No tocante á valoración do traballo, no entanto *As novelas da memoria* é unha obra extensa, onde se mesturan parágrafos moi atinados con outros máis discutibles, non resulta plausible ofrecer conclusións categóricas. Con todo, o re-

Ao remate do acto no que tivemos como invitado ao profesor John Thompson, produciuse un intenso debate, enriquecedor e intelixente, entre algúns asistentes e os protagonistas da escena. Foto: Simón Balvís

sultado da súa lectura foi, dende logo e en xeral, positivo –cómpre dicir que me sucara o texto semanas antes da presentación-, e non só pola lingua na que está redactado, senón pola abondosa documentación, polo oco que cobre a temática na literatura galega e, finalmente, por tratarse dunha achega proveniente de alén da Galiza, aportando, xa que logo, unha visión externa da que acotío adoecemos.

Como mostra parcial do que nel se di, fixemos a nosa atención, a xeito de exemplo, nas primeiras liñas do capítulo titulado "Colaxes e *meta-intertextualidade* en *Agosto do 36* e *Pensa nao*", de maneira que nos fagamos idea tanto da bagaxe intelectual do autor como do seu estilo na análise histórico-literaria:

> *As novelas galegas que son obxecto de estudo neste libro gardan poucas semellanzas –xa se explicitou- coa literatura e a arte posmodernas, sobre todo no que se refire á diminución de afecto e á desmemoria. Porén, as dúas novelas que imos analizar neste subapartado,* Agosto do 36 *de Fernández Ferreiro e* Pensa nao *de Anxo Angueira, si comparten coa arte posmoderna o uso da colaxe (a reciclaxe de repertorios), aínda que ao contrario das colaxes que borran a linearidade temporal nas novelas posmodernas, a reutilización de material nestas novelas incrementa a súa historicidade. Antes de analizarmos estas obras, imos afondar nos riscos principais da arte posmoderna.*
>
> *Nas obras de arte posmodernas (incluíndo a pintura, a arquitectura, o cinema, a literatura, etc.) domina –en sincronía coas facetas da sociedade posmoderna que xa vimos- unha énfase nas formas e unha despreo-*

cupación polos contidos. O elitismo modernista é refugado, dando lugar a mesturas de cultura alta e baixa. Xa non se acepta que a arte sexa privilexio dunha minoría senón que toda produción artística é destinada ás masas. Agora ben, cómpre clarificar que esta mudanza non implica necesariamente unha democratización da arte posto que tanto a produción como o consumo desta están moi influídos polas multinacionais que se apropiaron en gran medida da arte actual. Ao incluír as masas na recepción da arte, o sistema neoliberal (posmoderno) dispón de máis control sobre elas. Harvey sinala que a publicidade –a arte oficial do capitalismo- e a arte se mesturaron de xeito que a primeira fornece estratexias para a segunda e a segunda fornece estratexias para a primeira. A arte posmoderna, en definitiva, mercantilizouse e, se na época modernista os artistas adoitaban rexeitar esta comercialización das súas obras, no período actual aceptan plenamente este fenómeno.

A espacialización da sociedade posmoderna revélase na arte a través da ausencia de historia (ou memoria) e o uso de colaxes de diversos estilos empregadas previamente. Un dos preceptos que prevalecen neste período sostén que a innovación artística non é posíbel porque xa todo foi inventado. O modernismo, segundo esta visión, foi o último período no que os artistas puideron producir obras orixinais, e o que lles queda aos artistas arestora, xa que logo, é reutilizar vellos repertorios. A morte do autor da que falamos antes é tamén consecuencia da idea da imposibilidade de crear novas visións. Máis que producir, os artistas agora reproducen*, como amosa Harvey a través da comparación que leva a cabo entre o cadro,* Venus*, de Manet e os cadros posmodernos de Rauschenberg. Mentres o primeiro pintor forxou un novo estilo, creando unha obra rachadora co tradicionalismo, o segundo apaña fragmentos dos cadros de Velázquez e Rubens e mestúraos nun pastiche de fotografías que conteñen elementos inconexos como camións, chaves e helicópteros. Alén de reunir fragmentos xa usados, a arte posmoderna, como podemos apreciar neste exemplo dos cadros de Rauschenberg, frivoliza a arte dos grandes mestres. Desta maneira, poderíase comprender este tipo de arte máis como unha crítica sobre a arte que unha obra de arte en si mesma. En calquera caso, na arte posmoderna tende a haber superficialidade e unha diminución de afecto.*

VENRES 25 DE XUÑO

MANDEO, inorde, ó son da noite!

As ondas do río devalaban lenes

levando as barcas soltas pro infindo do mar i a noite.

Sobor das barcas:

as mulleres! o viño! as viandas!

As ondas do río devalaban lenes

levando as barcas soltas pro infindo do mar i a noite.

Comemos e bebemos pra ledicia.

As ondas do río devalaban lenes

levando as barcas soltas pro infindo do mar i a noite.

O viño e as viandas érguenme á lua chea.

As ondas do río devalaban lenes

levando as barcas soltas pro infindo do mar i a noite.

Cando o viño roxo que non perde a coor no cor

xa non abondaba a nosa sede

chegámolos beizos a vasos máis fondos.

As ondas do río devalaban lenes

levando as barcas soltas pro infindo do mar i a noite.

A medida que o tempo pasaba, alongábame da morte.

As ondas do río devalaban lenes

levando as barcas soltas pro infindo do mar i a noite.

No milagre longo

coidei seguir sempre nas barcas devalando.

Uxío Novoneyra, *Elegías del Caurel y otros poemas*.

E así, case sen decatármonos, trala ventureira viaxe polas páxinas d´*As novelas da memoria*, chegamos ao último peirao antes de que a forza de Sirius alagase o mundo e cubrise os eidos dos froitos do desexo. Enrubescía un serán de finais de xuño no que o Mundial de fútbol o acaparaba todo. Porén, decidimos igualmente fondear na boirense Casa da Cultura "Ramón Martínez López", xusto á hora na que a selección española xogaba un decisivo partido contra Chile. No interior da escuridade do salón de actos agardábannos dous amigos: Esperanza Mariño e Amancio Liñares. A primeira, autora do *"Dicionario" Uxío Novoneyra*; o segundo,

No derradeiro acto antes do descanso estival, adiantamos a presentación d´*A Voz de Barbantia*, ao tempo que nos acaroamos en Boiro para ler as páxinas do *"Dicionario" Uxío Novoneyra*. Foto: Simón Balvís

director de tresCtres Editores, encargado de sacar do prelo o título. Ambos os dous estaban unidos ao Barbanza tanto por vínculos afectivos e familiares como polas súas traxectorias profesionais, pois durante algúns anos impartiran clase no instituto de secundaria agora nomeado "Praia Barraña"; daquela, Instituto de Bachillerato Mixto de Boiro.

Era a segunda ocasión en que Esperanza asinaba un volume da serie dos "Dicionarios" que edita tresCtres. A anterior supuxera o número 7 da colección, e estivera dedicado á poeta María Mariño, protagonista do Día das Letras Galegas no ano 2007. Desta volta, o elixido fora Uxío Novoneyra, en cuxa vida e obra Esperanza Mariño xa se internara un chisco na confección da publicación precedente, pois non é descoñecida a relación que xungue a obra da escritora nada en Noia co poeta do Courel. Quizais ese achegamento previo lle facilitou as cousas á nosa amiga, tamén socia de Barbantia, pero iso non debe minguar o valor que cómpre outorgarlle ao traballo acaído, no que, amais dunha moi extensa bibliografía, é preciso subliñar o material gráfico aportado, moi plausible en canto aos retratos –só e acompañado- inseridos do autor d´*Os Eidos*. Numerosos son tamén os textos que se inclúen. Elementos todos eles leados cun estilo didáctico pero de lectura amena e agradecida, tal e como comprobamos dende os parágrafos do inicio:

> *Que significa para Uxío Novoneyra a poesía? Nada menos que o labor de conexión co pasado e transmisión ao futuro, en resumo, a máis elevada misión do ser humano. Bardante os primeiros intentos da adolescencia, pronto a poesía se vai converter en monolingüe por libre elección, dado o compromiso cun país e coa "fala en que máis se dixo* adeus*". Nese deber con Galiza, a* patria-lingua*, a cuestión lingüística adquire grande importancia posto que vén sendo a única forma audible de supervivencia dunhas xentes e dunha cultura única. Tamén o inmenso esmero aplicado na elección das verbas, un auténtico labor artesanal, orixinou que se declarase "prisioneiro da lingua".*
>
> *Nesa procura por un mundo mellor a esperanza, reflectida no brillo da mirada ou "ollos que erbellan", implica a certeza dunha saída, sempre, porque non ceder nunca no entusiasmo significa combater de antemán a derrota: a teimosía mesma dos soños fará que se cumpran.*

De axudarlle a Esperanza a degraer as páxinas do "Dicionario" encargouse o tamén benquerido Amancio, que tivo tempo, dende o centro do escenario e improvisando a intervención, de botar man dun exemplar do recompilatorio A Voz de Barbantia, cuxa segunda entrega –que inclúe os números que comprenden do 26 ao 50- decidimos presentar ao público no mesmo acto, malia que non se repartiría co xornal ata o mes de setembro. Sorprendido polo achado, o director de tresCtres fixo gabanza da publicación, despois de observar con certo aglaio a cantidade e calidade dos colaboradores, en breves mais concentradas olladas a algunhas das seccións das que consta o suplemento. De entre todas elas, resaltou o valor de ofrecérmoslles aos narradores noveis (e a outros con máis experiencia) un espazo onde publicaren os seus re-

latos. Unha plataforma que, como o seu nome indica, está continuamente "En obras", e por onde nos últimos seis anos pasaron máis de cincuenta rapaces e rapazas, homes e mulleres afeccionados á escrita. Algúns deles, ende ben, viron xa publicado algún libro despois de participaren no apartado do que me atreverei, no remate deste capítulo, a facer *imitatio* do "Catálogo das naves" do libro segundo da *Ilíada* de Homero, para relatar os nomes, apelidos e procedencia dos colaboradores do segundo acto do "En obras" d´A voz de Barbantia, nun non menos nobre "Catálogo dos novos –creadores-": Paula Bravo Peleteiro, nada en Pontevedra, do IES Número 1 de Ribeira; Andrea García Noal, nada en Boiro, do IES "Praia Barraña"; Renata Calo Lapido, nada en Boiro, do IES "Praia Barraña"; María do Mar Roo Sánchez, veciña de Bealo, ama de casa; Ángel M. Abalo, veciño de Escarabote, inspector de buques; Jessica Fernández Garcés, nada en Ribeira, do IES Número 1; Estevo Silva Piñeiro, nado en Boiro, gañador en 2007 do festival Cinema Acción; Fidel Prego Reino, nado en Bretal, do IES Número 1; Xosé Alberto Figueiro Resúa, veciño de Boiro, licenciado en Ciencias Empresariais; Ánxela Vidal Triñanes, nada en Boiro, do IES "Praia Barraña"; Isabel González Suárez, nada en Boiro, do IES "Praia Barraña"; José Ramón Laíño Blanco, nado en Boiro, do IES "Praia Barraña"; Inés Noya Santos, nada en Boiro, do IES "Espiñeira"; Sara Silva Vázquez, nada en Boiro, do IES "Praia Barraña"; Sara Hermo Nieto, nada en Boiro, do IES "Praia Barraña"; María Tubío Hermo, nada en Boiro, do IES "Praia Barraña"; Patricia Torrado Queiruga, nada en Nebra, estudante de Filosofía; Andrea González Mariño, nada en Ribeira, do IES Número 1; Lorena Riveiro Rodríguez, nada en Madrid, estudante de Xornalismo; Noelia Lojo Yánez, nada en Boiro, do IES "Praia Barraña"; Fátima Núñez Pérez, nada en Boiro, do IES "Praia Barraña"; e Rocío Vidal Olveira, nada en Ribeira, do IES Número 1.

VENRES 24 DE SETEMBRO

Pero ademais de converterse nun escaparate onde os novos narradores puidesen colgar os seus fardeis de palabras, o suplemento cultural A Voz de Barbantia axudou a todos os barbanceses, nos últimos seis anos, a coñecer mellor "A Historia"; a comprender "A voz da terra"; a lembrar "Os escritores"; a ler "Palabras na paisaxe"; a dispor de máis libros no "Andel"; a estudar "As letras da arte"; a percorrer "O fío de Ariadna"; e a pensar nos "Acasos". Seccións todas coordinadas ou supervisadas por Manuel Cartea, que, no prólogo que abre o segundo recompilatorio d´A Voz de Barbantia, escribe:

> *O mérito é de todos, escritores, lectores e editores. Non esquecemos, por suposto, o apoio desinteresado das diversas institucións que nos arroupan cada último venres de mes, saída do Suplemento Cultural. E do público, puntual seareiro, que sabe e nos segue co seu alento achegado.*
>
> *Dicía xa ben o noso presidente Antón Riveiro, no primeiro Compilatorio: isto é un "proxecto mancomunado… e centro de ideas, aberto, de carácter independente", cun gran "capital humano e altruísta de escritores" que, en feliz símil, segue á procura*

dese inmenso tesouro agochado que é a nosa cultura, a descubrir paseniño nesta feraz e fermosa Barbanza, onde a simbiose de terra e de mar é quen de arrolar Castelaos e Diestes e Manuel Antonios no que abarca un niño de pomba. Algo terá (...)

Este Suplemento é unha fiestra, non certamente baldeira, cara á esperanza nun mundo máis xusto e mellor. "Non hai amor sen coñecemento do amado" –dinos da Vinci-, humana, cultural e ambientalmente. E a arte ten moito que dicir neste empeño por acadar novos territorios de coñecemento, de beleza, de liberdade e de xustiza. Nisto seguimos.

Como tamén seguimos *convidando* a persoeiros ilustres da cultura da bisbarra para que encabecen, mes a mes, as páxinas dun suplemento no que o interese que o delegado de La Voz no Barbanza, Moncho Ares, manifestou dende o principio, resultou fundamental para que o proxecto lograse arribar a bo porto.

O tempo "é algo que nos mata, o tirano de Shakespeare. Mata o amor e mátao todo. É o grande asasino e o grande creador. Como mortais vémolo como ameza, como a morte. Proust dicía que de pequeno perdía o tempo, pero de adulto, cando escribía, comprendeu que era cando o ganaba. Era a semente do futuro". Anxo Rei Ballesteros foi o Convidado do terceiro número d´A Voz de Barbantia; e Román Arén (Suso Laíño), o autor da entrevista da que forman parte estas verbas que inspiran a reflexión deste limiar.

O tempo, "grande creador", é o que nos transmite este segundo recompilatorio d´A Voz de Barbantia. Cinco anos xuntos que equivalen a 50 suplementos, 200 páxinas, máis de

De esquerda a dereita: Antón Riveiro, José Luís Torres, Xesús Laíño e Moncho Ares, na segunda presentación, en Ribeira, d´*A Voz de Barbantia*. Foto: Simón Balvís

dúas mil creacións, entre a escrita, que nos fan gañar tempo; e a gráfica, na que o tempo se detén para que Anxo Rei e Pepe Agrelo sigan estando connosco, do mesmo xeito que todos os que publicamos traballos nesta aventura que tivo punto de partida un venres 28 de xaneiro do 2005 e non ten data de caducidade.

Moncho Ares, segundo limiar do 2º recompilatorio *A Voz de Barbantia*.

Son, xa que logo, moitos os nomes que deberiamos sinalar para cumprir con todos os que axudaron, dalgún xeito, á edición do suplemento que a partir de agora aparece, recompilado, nos quioscos e librarías do Barbanza; e malia que a mención de tantos colaboradores me incremente de maneira pouco xustificable os caracteres asignados, velaquí a listaxe completa de cantos asinaron algún artigo, algunha caricatura, enquisa ou entrevista n´A Voz de Barbantia, incluídos os primeiros vinte e cinco autores de relatos para "En obras", así como aqueles que foron protagonistas da sección "O Convidado", tanto no primeiro –publicado en 2007- como no segundo recompilatorio, re-presentado trala canícula o venres 24 de setembro, no Auditorio de Ribeira, con presenza institucional do alcalde, José Luís Torres Colomer; do delegado de La Voz de Galicia, Moncho Ares; do presidente de Barbantia, Antón Riveiro Coello; e de Xesús Laíño, que substitúe ao desculpado ausente Manuel Cartea, coordinador do suplemento:

Xosé Luís Axeitos, Xosé Ramón Barreiro Fernández, Antón Rodríguez Gallardo, Francisco Herbón Rodríguez, Alberto Piñeiro, Xoán Pastor Santamaría, Milagros Torrado Cespón, Xosé Otero Espasadín, Pedro García Vidal, Fran Blanco

O público gozou coa actuación de "Tocho" e Enrique Paisal, dous ex-compoñentes do grupo Los Tamara, que musicaron a velada. Foto: Simón Balvís

Alcaide, Fernando R. Lavandeira, Xosé Ricardo Losada, Iria Lago García, Ana Romaní, Daniel Bravo Cores, Mª Mercedes Sánchez Romero, Rodrigo Rey López, Antón Avilés de Taramancos, Xerardo AgraFoxo, Xosé Francisco Pais López, Xoán X. Mariño, David Pérez Iglesias, Román Arén, Anxo Rei Ballesteros, X. Pérez Besada, X. M. Pérez Lustres, Teresa Villaba Torres, Xosé Luís Méndez Ferrín, María Xesús Blanco, Gonzalo Trasbach, Carlos Mosteiro, Francisco Calo Lourido, Manuel Mariño del Río, Carme Amar Martínez, Luís Teira Parada, Ramón Carredano, Manuel Dourado Deira, Celestino García Romero, María Luísa Pérez Muñiz, Santiago Suárez, Xan Bautista M. Lemiña, María Loureiro Piñeiro, Mónica Rivas, Rosa Enríquez, Xesús Santos Suárez, Suso Rañó Vilanova, Rebeca Mariño, Ramón X. Santos Rodríguez, Santiago Páramo Aller, Xastre, Rodrigo Romaní, Vicente Fernández, Ramón Blanco Fernández, Francisco X. Fernández Naval, Aldara Fernández Núñez, Moncho B. Fernández, Manuel do Río Rodríguez, Santiago Nieto, Xoán Francisco García Suárez, Diego Antonio Cernadas y Castro, Maite Sobradelo Creo, Rocío García Castro, Isabel Santos, María Santos Redondo, Agustín Agra, Manuel García Sendón, Suso de Toro, Xosé Antón González Maceiras, Alfonso González Asenjo, Concha Martínez, Francisco Vázquez Chantada, Ramón Beltrán Carballeira, Alfonso Blanco Quintela, Carmen Senande, Francisco Abeijón Núñez, E. M. Doforno, Xosé Manuel Triñanes, Ramón Fábregas Valcarce, Carlos Rodríguez Rellán, Santiago Hernández de la Fuente, Íria Gestoso Ríos, Xoán Fernández, Ángeles Paz Rial, Lorena Barrera, Ana Redondo Loxo, Eduardo Blanco Amor, Anxo Angueira, Pepe Cal, Antón Riveiro Coello, Luísa Blanco Caramés, Xulio Gutiérrez Roger, J. M. Vázquez, Concha Allut Vidal, Antonio González Millán, Beatriz Lustres, Xabier López Marqués, Lola Arxóns, Eva Veiga, Xulián Hermo Suárez, Silvia García Mirón, Antonio Piñeiro, Manuel Cartea, Aurora Marco, Marisa Triñanes López, Nel Vidal Barral, Dolores Villaverde, Adolfo Muíños, Xesús Costa Rodil, Mónica Places, María Isabel Pelayo, Antón Xosé Brión Ríos, Suso Paradela, María Rosa Lojo, Adriana Fernández Caamaño, Antía Castaño Varela, Xosé Ramón España, Juan N. Suárez Lijó, Samuel Perrino Martínez, Olalla Tuñas, Alfonso Costa Beiro, Flor Rodríguez, Fernando Cabeza Quiles, Ana Urbieta Balado, Xerardo Cobas Crusat, María José González, José Manuel Pena, Soledad Penalta, Sonia Fernández, Francisco Vázquez Chantada, Carlos Bussieres Ferreira, Fuco González Sánchez, Clara Barge, Xosé Agrelo Hermo, Felisa Tubío, A. M. Torrado Briand, Manuela Sofía Lestón, Eugenio Millán Muñiz, María Mariño, Olalla Grueiro Argiz, Mariña Pérez Rei, Marta López Tejerina, Samuel Rodríguez Lago, Paula Tubío Rodríguez, Manuel Ayaso, Ximena Capilla, Víctor Barbeito Pose, Laureano Figueira, Luís Blanco Vila, Moncho Ares, Ana Isabel Tembra, Maxi Olariaga, Manuel Teira Luaces, Encarna Pego Paz, Oliveira Casal, Beatriz Bugallo, Cándido Dacosta, Pepe Romero Miguéns, Daniela Martínez Somoza, M. Vilas, María Álvarez, Cornelia Ces, Xosé M. Rivas, Esperanza Mariño Davila, Santiago Agrelo Martínez, Mariano Muñiz, Nacho C. Beiro, María Mercedes Rodríguez Ruibal, Xosé Comoxo, Rosa García Pose, Sandra Piñeiro García, Fidel Vidal Pérez, Leonor Faya Algueira, Rodrigo Eiras González, Paola García Paz, María

Teresa Lorenzo Outeiral, María Rosa Paz Piñeiro, Xosé Luís Veiras Manteiga, Lorena Louro Ramilo, Vituca Vidal Teira, José Antonio Ventoso Mariño, Iago Núñez, Celia Mayán Dosil, Gerardo Triñanes, Laura Longueira Vázquez, María Luísa López Otero, Anxo Campos, Carmen Vázquez Dieste, Nicoleta Ispas, Camilla Brandao, Laura Gutiérrez Pelayo, María Xesús Armada, Diego Lema Iglesias, Xulio Catalán, Juan Muñiz, Siro, Matalobos, Alba Triñanes López, Pinto & Chinto, Esther Rodríguez Ferreirós, Belén Rendo Carneiro, Leandro, Iván Hermo, María Núñez e Pilar Canicoba.

VENRES 1 DE OUTUBRO

Veño de ver *Driving Miss Daisy* (*Paseando a Miss Daisy*), longametraxe do ano 1989 dirixida por Bruce Beresford e protagonizada por Morgan Freeman e Jessica Tandy. Como habedes imaxinar, non foi no cine, senón a través dunha canle temática da televisión dixital. Nada máis lonxe o seu argumento do que narra o ensaio sobre o que decontado imos debater na galería Sargadelos de Boiro –*Un longo e tortuoso camiño. Adaptación, crise e cambio no BNG (1971-2009)*, de Xosé Ramón Quintana-, no abrente do sétimo curso de Barbantia. Pero non podo deixar de pensar no filme. Entre os temas da banda sonora atópase a "Canción á Lúa" ("Měsíčku na nebi hlubokém") de Rusalka, orixinal da ópera do mesmo nome, composta por Antonín Dvořák sobre o libreto de Jaroslav Kvapil. Non sei se coñecedes a aria; se aínda non a escoitastes, considerade este breve *intermezzo* unha recomendación musical. É fermosa. Non son obxectivo, seino, nin pretendo selo –nin sequera o lograría incluso pretendéndoo-. Dun xeito especial, a "Canción á Lúa" da nereida Rusalka forma parte da banda sonora da miña vida. Esta era a música que soaba de fondo no primeiro bico que dei a unha rapaza –de acordo, xa escoitaba música clásica sendo menor de idade, malia que nunca llelo confesei aos meus amigos; se algún deles le estas liñas, saberao arestora por primeira vez; claro que agora xa non me importa que o saiban ou non-. Era, tamén, a ambientación musical cotiá dos meus traballos universitarios. Debido á xa mencionada imposibilidade de escribir algo decente ao tempo que soa unha ópera ou outra composición complexa na súa completude, resolvía reproducir unha e outra vez a aria, case sempre na versión da soprano Lucia Popp, acompañada pola Orquestra da Radio de Munich, baixo a batuta de Stefan Soltesz. Despois de catro ou cinco audicións, baixaba o volume a niveis apenas perceptibles e comezaba a afrontar o papel en branco. E por inverosímil que pareza, a voz poeta musicada da nereida tamén iluminaba o ar silente naquel afastado serán de estío en que cubrín a miña ficha de afiliación ao BNG –máis que de casualidades, falemos de obstinación-.

Měsíčku no nebi hlubokém,
světlo tvé daleko vidí,
po světě bloudíš širokém,
díváš se v příbytky lidí.
Měsíčku, postůj chvíli,
řekni mi, kde je můj milý!
Řekni mu, stříbrný měsíčku,
mé že jej objímá rámě,
aby si alespoň chviličku
vzpomenul ve snění no mne.
Zasvit mu do daleka,

řekni mu, kdo tu naň čeká!
O mně-li duše lidská sní,
af se tou vzpomínkou vzbudí!
Měsíčku, nezhasni, nezhasni!

Lúa, que coa túa luz iluminas todo / dende as profundidades do Ceo / e sucas a superficie da Terra / bañando coa túa ollada o lar dos homes. / Lúa, fica queda un momento / e dime onde se atopa o meu amor! / Dille, Lúa de prata, / que son os meus brazos os que o estreitan / para que se lembre de min, / cando menos un intre. / Procúrao polo mundo enteiro / e dille que o agardo aquí! / E se son eu con quen soña a súa alma, / que este pensamento o esperte. / Lúa, non marches, non marches!

Se algún día me entrevistasen no programa da BBC "Discos da illa deserta" (onde o convidado da entrevista debe escoller oito discos que levaría con el a unha illa deserta), sen dúbida a "Canción á Lúa" de *Rusalka* figuraría entre os elixidos, quizais acompañando o *Concerto para violín e orquestra nº 2* de Sergei Prokofiev, a ser posible nunha versión con Maxim Vengerov como solista; o *Concerto para piano e orquestra nº 5* de Ludwig van Beethoven –nisto peco de falta de orixinalidade-; os *Romances sen palabras* (*Lieder ohne Worte*) de Felix Mendelssohn-Bartholdy, interpretados por algún ou algunha pianista da "Xeración Barbantia"; o *Rigoletto* de Giuseppe Verdi, nunha gravación na que Luciano Pavarotti sexa o Duque de Mantua; o *Requiem* de Gabriel Fauré; un disco de Dream Theater titulado *Scenes from a Memory*; e as obras completas de Richard Wagner. Como creo que nunca me entrevistarán na BBC, verto aquí a miña escolla. Para que conste.

Pero se non fosen discos, senón libros –oito, mágoa cruel-, os que puidese levar comigo ao solitario exilio da illa, coido que *Un longo e tortuoso camiño. Adaptación, crise e cambio no BNG (1971-2009)* sería un dos títulos escollidos, seguramente facendo compaña á *Odisea* de Homero; a *Divina Commedia* de Dante; *Les Fleurs du mal* de Charles Baudelaire –preferentemente na exquisita tradución ao galego de Gonzalo Navaza-; a edición artesá d´*As voces da Musa*; algo –moito- de Fernando Pessoa; todo o teatro de William Shakespeare; e unha antoloxía da poesía galega, dende o medievo ata a actualidade. Non aludo a ningunha obra filosófica na listaxe porque me levaría, se quixese vir, a Anxo Rei Ballesteros. A súa sabedoría supliría de sobra as numerosas ausencias literarias.

Alguén preguntará que por que ouso mencionar *Un longo e tortuoso camiño* a carón da *Odisea* ou das traxedias de Shakespeare –odisea, traxedia,… resulta tentador establecer parangóns…-. Simplemente, por contar cunha temática que toca de cheo a miña intrahistoria; non, nin que dicir ten, debido a ningún afán canonizador do que debe perdurar no tempo, a ningún pretensioso "canon occidental" ao estilo de Harold Bloom –en calquera caso, o meu sería un "canon" máis ben "accidental"-, senón á humilde, tanxencial e pasiva presenza deste cronista nalgúns dos capítulos narrados no ensaio de Xosé Ramón Quintana. Episodios que, para ben ou para mal, forman xa parte da historia contemporánea da Galiza.

Chegado este punto, debo recoñecer que ao inicio da singradura da Asociación Cultural Barbantia non me atrevería a alu-

dir á miña militancia política nun caderno de bitácora; pero agora que non existen dúbidas sobre a pluralidade da tripulación, que esta se enriquece con representantes de todas as ideoloxías –con socios que son concelleiros do PPdG, como Teresa Villaverde, Cornelia Ces ou Javier Chouza; do PSdeG-PSOE, como Mariano Muñiz, o alcalde de Porto do Son Xoán Pastor ou o de Rianxo Pedro Piñeiro; e do BNG, como Luís Teira, Dores Torrado ou Adolfo Muíños- e se instalou na sociedade da terra dos Praestamarci a certeza de que hai cousas que están por enriba do sistema de partidos –v.gr. a Cultura-, non me asolagan os prexuízos, sinto orgullo de Barbantia e arelo facer miñas, relembrándoas, as palabras de Manuel Cartea, cando no limiar ao segundo recompilatorio d´*A Voz de Barbantia*, escribía: "Somos a imaxe que temos, apartidista pero non apolítica. E nada do eido social e artístico nos é alleo. Por iso defendemos a liberdade, pero tamén a xustiza. Por iso magnificamos tanto a ética como a estética. De aí que a corrupción nos sexa intolerable, e que as agresións criminais contra natureza e xénero humano non poidan xamais prescribir."

En todo isto se dilata o meu pensamento no ínterim no que agardo, escoitando en MPEG-2 Audio Layer III (MP3) a "Canción á Lúa" de Antonín Dvořák, o comezo do acto que nos reúne hoxe, venres 1 de outubro, na galería Sargadelos de Boiro. Pouco a pouco, despois dos saúdos protocolarios previos tanto entre eles como co público asistente, os protagonistas van ocupando as súas cadeiras no escenario: Dores Torrado, responsable comarcal do BNG; Xan Hermida, profesor do IES Nº 1 de Ribeira; Jesús Lojo, director da galería Sargadelos no Barbanza; e o autor d´*Un longo e tortuoso camiño. Adaptación, crise e cambio no BNG*

A galería Sargadelos do Barbanza colaborou por vez primeira con Barbantia co-organizando a presentación d´*Un longo e tortuoso camiño*, de Xosé Ramón Quintana. Foto: Simón Balvís

(1971-2009), Xosé Ramón Quintana, profesor de Historia Contemporánea na Universidade de Vigo. Malia que permanezo atento a todas as intervencións, durante os máis de cento vinte minutos que dura a escena teño tempo de pousar os ollos en varios parágrafos do libro; refírome, sobre todo, a aqueles cuxas páxinas marcara cunha dobrez na esquina cando os lera por primeira vez, hai agora tres semanas:

I

DO TARDOFRANQUISMO Á TRANSICIÓN Á DEMOCRACIA.

OS FUNDAMENTOS ORIXINARIOS DA FRONTE PATRIÓTICA

1971-1982

O Bloque Nacionalista Galego (BNG) constitúese como tal en 1982, como ben é sabido. Pero non nacía por xeración espontánea. Por detrás del había toda una traxectoria previa do nacionalismo galego que convén ter en conta para mellor aquilatar a súa concepción e a súa orientación inicial. Cando menos, hai que se remontar uns dez ou once anos atrás, pois é neles cando se alicerzan as bases teórico-políticas do que había de ser una fronte patriótica*. Coñecer a entidade de tales bases permitirá posteriormente ir vendo como se foi concretando un proxecto político que iría sufrindo sucesivas modulacións e mudanzas en función dun escenario político cambiante. (…)*

FUNDACIÓN E ANOS INCERTOS

Dos diferentes grupos que acudiron á reunión fundacional, que baixo o lema Por un frente amplo de unidade nacionalista *se celebrou no Frontón de Riazor (A Coruña) durante os días 26 e 27 de setembro de 1982, integráronse na nova organización a UPG e os afiliados da extinta ANPG, o PSG e un indeterminado número de independentes. Entre estes destacaba a figura de Xosé Manuel Beiras, recuperado para a vida política activa despois dunha ausencia de cinco anos e cuxo liderado nos anos seguintes había deixar una forte pegada no BNG. (…)*

COALICIÓN DOMINANTE, CRECEMENTO ELECTORAL E PROXECTO COMÚN

A década dos noventa (1989-2001) é una época dourada e de expansión para o BNG. No plano intraorganizativo consolídase una "coalición dominante" nacida da entente –ás veces tácita, ás veces expresa- entre a UPG e Xosé Manuel Beiras (apoiado subordinadamente polos beiristas*), na que, en palabras deste último, "á hora de tomar determinadas decisións [era] necesario ceder, dun lado e doutro, para evitar que a corda se rompese". Produciríase, en consecuencia, un reparto de roles. A Beiras adxudícaselle unha función de liderado case carismático e de representación externa da nova cara do nacionalismo a partir da idea implícita de que un líder e unha boa marca son tanto ou máis valiosos que a propia organización, mentres que a UPG continuaría a actuar en todo momento como a columna vertebral da organización, controlándoa con man de ferro, quer con luva de seda, quer sen ela. (…)*

A RESOLUCIÓN TRAUMÁTICA: IMPOSIBLE BICEFALIA E IMPERATIVOS DE LIDERADO

Na nova configuración das relacións de forzas internas no BNG, unha das chaves fundamentais para a (in)estabilidade era o novo encadramento de Beiras na organización. Para este é creada a figura do presidente do Consello Nacional, que, en teoría, había de compartir protagonismo co novo portavoz nacional e candidato á Presidencia. Beiras pretendía "pilotar" desde tal posto o proceso de transición interna cun reparto de papeis análogo ao do PNV: el sería unha especie de Arzalluz e Quintana unha sorte de protexido. Mais Anxo Quintana tiña a necesidade apremante de consolidar o seu precario liderado, desprenderse de bicefalias e ter a suficiente autonomía de acción para profundar no proxecto centrista e nacionalista moderado iniciado por Beiras. (…)

O RESULTADO DAS ELECCIÓNS: RETROCESO E DESAFECCIÓN

O resultado das eleccións autonómicas de 1 de marzo supuxo para o BNG non só a perda de 41.242 votos e unha baixada do 2,6 por cento, senón tamén un escano menos, o que imposibilitaba a revalidación do goberno bipartito e implicaba que o PP se facía de novo co poder na Xunta de Galicia. O PSdeG-PSOE tamén obtiña malos resultados e baixaba 31.115 votos e o 2,2 por cento, pero ao estar máis homoxeneamente repartidas as perdas non cedía deputado ningún. Certamente, a suma de votos das dúas forzas que conformaran o bipartito superaba en 5.773 votos os do PPdG, pero isto é irrelevante a efectos electorais e políticos. Non houbo unha gran volatilidade ou cambio de opción de voto nestas eleccións (do 5,1 por cento do censo fronte ao 7,2 de 2005), pero abondou para mudar o resultado das eleccións.

Así, seguindo a orde cronolóxica dos acontecementos, vai trazando o profesor Quintana a historia do Bloque Nacionalista Galego, dende os xermolos ata a actualidade, con abondosa achega bibliográfica e documental, en máis de catrocentas páxinas de testemuños, datos e reflexións sobre a política galega, que rematan coas liñas que deseguida transcribo, liquidando deste xeito o último episodio dunha nova singradura de Barbantia, á que aínda lle queda moito por vogar, e moitas praias e peiraos –presentacións de libros, exposicións, coloquios, encontros, homenaxes– nos que ancorar:

Todo parece indicar que, para sobrevivir como organización política e non caer na marxinalidade de antano, e para chegar algún día a gobernar democraticamente os destinos de Galicia, o BNG debería desenvolver e profundar nunha estratexia de adaptación coherente *que, entre outros aspectos, establecese dispositivos de cooperación interna baseados na confianza, que levasen a unha renovación eficaz das súas estruturas, equipo dirixente e candidaturas, e a unha apertura real da organización en permanente osmose coa sociedade; que moldease un proxecto político canalizado*

nun novo discurso máis acorde coa evolución plural da sociedade galega; e que consensuase un liderado estable, prolongado e socialmente atractivo. Sexa como for, do que non hai dúbida é de que ten por diante un longo e tortuoso camiño por percorrer.

Publicacións no Barbanza

Román Arén e X. Pastor Rodríguez

O presente repertorio bibliográfico anota libros, folletos, separatas, revistas e algúns artigos, sen esquecer as reedicións e algunhas notas culturais. Todos os traballos son de autores do Barbanza ou moi vinculados á bisbarra, ou recollen publicacións relacionadas con temas e personaxes nosos. O repertorio abrangue dende outubro de 2008 a outubro de 2009, aínda que inclúe algunha publicación esquecida nos anteriores repertorios.

I. POESÍA

AGRELO ARXÓNS, Lois: *"Suor. Cansado. Cicatrices…"*, *Alameda*, nº 37, xuño 2010, p. 45.

CARREIRA POL, Isabel: *"A ría de Noia"*, *Casa da Gramática*, nº 34, Noia, decembro 2009, p. 18.

CARTEA, Eme: *"Redeiras ao sol de inverno"*, *La Voz de Galicia*, *A Voz de Barbantia*, nº 54, 30-04-2010, L10. Poema en prosa.

CES CAROU, Lucía: *"Ás veces tento pensar"*, *Casa da Gramática*, nº 34, Noia, decembro 2009, p. 17.

DÁVILA, Adela: *"Versos de outono"*, *Casa da Gramática*, nº 34, Noia, decembro 2009, pp. 9-10.

DOMÍNGUEZ REY, Antonio (ed.): *El otro medio siglo. Antología Incompleta de Poesía Iberoamericana*, A Coruña, Espiral Maior, Auliga, 2009. Inclúe a Avilés de Taramancos.

FABEIRO GÓMEZ, Manuel: *Quechemare da saudade*, Noia, Concello de Noia, 2010. Estudo introdutorio de Xabier Castro.

LOPES, Manuel: *Antítese nativa*, Premio Suso Vaamonde 2008, 2010.

MANUEL ANTONIO: *O mellor de… Manuel Antonio (1900-1930)*, A Coruña, La Voz de Galicia, 2010, 141 p. Escolma e comentarios de Xosé Carlos Caneiro. Inclúe tamén prosa.

MARQUÉS, Xabier L.: *"A singradura dos amboíños"*, *La Voz de Galicia*, *A Voz de Barbantia*, nº 53, 26-03-2010, L10. Poesía en prosa.

NIETO PAZOS, Lucía: *"Aventuras"*, *Casa da Gramática*, nº 34, Noia, decembro 2009, p. 23.

NOVONEYRA, Uxío: *"Oración fúnubre a Antón Avilés de Taramancos"*, en *Antoloxía poética*, Vigo, Galaxia, 2010, ed. de Arturo Casas. O poema editárase antes en *Luzes de Galiza* (1993) e no volume *Lingua Loaira* de Olga Novo en 2004.

NOVONEYRA, Uxío: *A casa! o val! a patria homilde! Celebración de Uxío Novoneyra (1930-1999)*, Santiago, Xunta de Galicia, Centro Ramón Piñeiro, Cadernos Ramón Piñeiro, XIV, 2010. Ed. de Iris e Luis Cochón. Contén o inédito *"Recital de Noia. Homenaxe a Antón Avilés de Taramancos"* do vinte e un de marzo de 1997, pp. 148-149.

O'DONNELL, Mary (ed.): *To the Winds Ours Sails*, Irlanda, Salmon Poetry, 2010. Inclúe cinco poemas de Ana Romaní, catro traducidos ao inglés e un ao gaélico.

POI, Tonhito de: *"O 25 de xullo é Nadal"*, *Galicia Hoxe*, 25-07-2010, p. 14.

RAMOS, Ismael: *"Poema"*, *Casa da Gramática*, nº 34, Noia, decembro 2009, pp. 13-14.

ROMANÍ, Ana: *"Camiñan descalzas polas rochas"*, en VV.AA.: *Camiñan descalzas polas rochas. Autoras polos dereitos humanos das mulleres*, Lugo, TrisTram / Amnistía Internacional, 2010.

ROMERO, Gerardo: *"Poema ó amigo Eladio Ceres", Terra de Outes*, nº 8, (2009).

TORO SANTOS, Antonio Raúl (ed.): *"Breogan's Lighthouse: An Anthology of Galicien Literature"*, Francis Boatle, 2010. Contén tamén prosa e inclúe autores do Barbanza.

TORRES SANTAMARÍA, Luciano: *"Poemas"*, *Casa da Gramática*, nº 34, Noia, decembro 2009, p. 19.

VV.AA.: *Poetas con Rosalía V*, Padrón, Fundación Rosalía de Castro, 2010, 50 p., Ils. de Fidel Vidal. Prólogo de Helena Villar Janeiro. Contén o poema de Ana Romaní *"Baixo esta voz o vidro…"* e o poema de Eva Veiga *"A Rosalía"*.

VEIGA, Eva: *"Poemas"*, *Alameda*, nº 35, novembro de 2009, p. 81.

VIDAL GARCÍA, Francisco (Portosín, 1947): *Xentes e lembranzas*, Madrid, Sial, 2010.

II. NARRATIVA

